CÁTEDRA

Revista eumesa de estudios

Pontedeume *Nº 16*

PRESENTACIÓN

Un ano máis fago gustoso a presentación dun novo número, o XVI, da nosa Revista eumesa de estudios. Cátedra.

Se botamos unha simple ollada ao índice e vemos os 17 traballos, que nos presenta este novo volume, e as diferentes temáticas investigadas polos seus autores, e se a todo isto engadimos a publicación do traballo premiado no XI Premio de Investigación Concello de Pontedeume en temas etnográficos, darémonos conta da importancia que esta publicación ten na investigación sobre a nosa vila e comarca.

Pero este número de Cátedra aínda resulta máis especial ao querer, o seu Consello de Redacción, renderlle unha pequena homenaxe ao noso poeta Ramiro Fonte, que nos deixou o pasado outubro de 2008, cun artigo do seu amigo e tamén poeta eumés Ignacio Chao, sobre un dos seus últimos poemarios Xardín do pasatempo.

Por todo o anterior quero felicitar coma sempre o Consello de Redacción e a todos os investigadores deste novo exemplar de Cátedra.

Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde de Pontedeume

CENTENARIO DO ASOCIACIONISMO MARIÑEIRO EUMES

Xavier Brisset Martín

Durante o pasado mes de decembro 2008 mostrouse na Casa da Cultura a exposición "ONDAS DE IRMANDADE"[1], celebrando o centenario da constitución de "La Hermandad Marítima", primeira das asociación mariñeira de Pontedeume[2]. Nos seguintes catorce anos creáronse outras catro, incluíndo o "Pósito de Pescadores", que será o único que sobreviva á guerra civil. Tal diversidade asociativa da idea do vigor que, hai cen anos, tiña o sector pesqueiro no Baixo Eume.

Estas asociacións, nos seus datos fundamentais, foron presentadas por Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco no nº 11 desta revista "Cátedra"[3], ademais, toda a documentación que se conserva sobre elas no Arquivo do Reino de Galicia, foi duplicada, encadernada e depositada na Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume e na Confraría "Virgen del Carmen", onde están a disposición de calquera investigador ou veciño interesado. Por esas circunstancias, máis que incidir na literalidade desa documentación, vou aproveitar estas páxinas para enmarcar as biografías daquela xeración de eumeses, valente e creativa, que participou activamente na evolución tecnolóxica que levou a pesca tradicional ata a pesca industrial.

Coñecemos os nomes dos 24 eumeses presentes na asemblea constituinte de "La Hermandad" e anque ignoramos súas idades no 1908, podemos presumir que dadas as

1. "ONDAS DE IRMANDADE" Comisario: Xavier Brisset Martín; Dirección artística: Lucía Dancausa Martín; Documentación: Cristina Velarte Pérez; Realización: 8 mares;
   Patrocinio: Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos; Participaron cunha representación dos seus monumentais traballos: Lolo Placer, Tito Rios, Xosé Paz Fernández e "Faltriqueiras", Colaboraron: Confraría "Virgen del Carmen", Concello de Pontedeume, Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume, Arquivo do Reino de Galicia, Foto Ríos e Juan Manuel Rubio Lozano, Luis Alonso Álvarez, Carme Fernández Casanova, Manuela Sardiña Feal, Fondo de documentación do Eume, Federación de Confrarías de Pescadores e numerosos mariscadores e mariñeiros, en activo e xubilados.

2. Pola súa parte o Ateneo Eumés organizou unha mesa redonda, tamén patrocinada pola Consellería de Pesca, na que participaron Jesús Giraldez e Dionisio Pereira, expertos na evolución tecnolóxica e no asociacionismo na beiramar galega. Nese acto, celebrado o 12 de decembro, presentouse o documental "Ondas de irmandade" realizado por 8 mares.

3. E. P. de S. e A. G. B. "A pesca artesanal en Pontedeume nos dous primeiros tercios do século XX", *Cátedra*, 11, Pontedeume 2004.

características do acto, poucos terían menos de 25 anos ou máis de 50. Por tanto, anque algún se nos escape destas estremas, podemos aventurar que os máis deles naceron entre 1858 e 1883. O que nos levaría a considerar que 60 – 70 anos despois, no outro lado da vida, algúns chegarían a coñecer os anos da fame da posguerra. Esa foi a xeración dos nosos protagonistas. Naceron un pouco antes, durante ou un pouco despois da I República (1873) e faleceron un pouco antes, durante ou un pouco despois da II (1931-36).

Anque estes marcos biográficos se cadra non din moito, pensemos que supoñen que na infancia viviron a última das Guerras Carlistas (1873–75), na mocidade participaron, ou andaron moi cerca de participar, no "Desastre do 98" (1895-98), na madurez viron marchar aos fillos á Guerra de Marrocos (1909–27) e na vellez aos netos á Guerra Civil (1936-39). Se engadimos a todo eso as contemporáneas I e II Guerras Mundiais (1914-18) e (1939-45), non sei se quedo un pouco corto cualificando á xeración que nos ocupa como especialmente desafortunada, pois dun ou doutro xeito, ese rosario interminábel de desgracias colectivas dalgunha maneira tiveron que afectarlles.

Tamén podemos visualizar as mudanzas que viviu a vila nese período. Moi pouco antes de que naceran nosos protagonistas rematábase a construcción da estrada que pola Alameda e Vilar chegaba a Campolongo, sacando o tráfico Ferrol-Betanzos da rúa Empedrado e do Souto da Vila. Se cadra algún deles está na coñecida fotografía da ponte de madeira chea de xente (1863) que é unha das máis antigas que se conserva de Pontedeume. Pouco despois estrearían a ponte de pedra tal como hoxe existe (1870). Pasando o tempo, cando xa andaban enredados en temas asociativos, viviron a construcción do peirao entre o edificio do cárcere e a ponte, mellora fundamental para os intereses mariñeiros. Mesmo a tan tardía chegada do ferrocarril, símbolo da revolución industrial, mentres eles participaban na revolución tecnolóxica na pesca. Por fin, nos seus últimos anos viron como mariñeiros represaliados, castigados se cadra por seren militantes de sindicatos de clase, carretaban o escombro do derrubado Pazo dos Andrade para ampliar o peirao na zona da Casqueira, da fábrica de curtidos.

Ese foi o contexto vivencial dos nosos Bernardo, Francisco, Constantino, Edmundo, Gabriel, Celestino.... e das súas mulleres. Daquelas persoas que un día de 1908 se xuntaron para mirar de mellorar as condicións de vida dos cincocentos eumeses que vivían do mar e as súas familias.

CONTEXTO LEGAL E POLITICO

No Sexenio Revolucionario (1868-74), período no que se enmarca a I República, recoñecese constitucionalmente o dereito de asociación, que anque sufrirá retrocesos, será

por fin regulado en 1887 coa Ley de Asociaciones[4], que permitía, por primeira vez en España, exercitar o dereito de asociarse libremente seguindo intereses políticos, de gremios, socorros mutuos, artísticos, de recreo...

Os directivos de cada asociación quedaban obrigados a presentar ao Gobernador Civil os estatutos que debían perseguir un fin lícito. Tamén comprometíanse a enviarlle anualmente as actas das asembleas e o estado de contas[5].

A primeira asociación creada en Pontedeume foi o "Círculo Figueroa" en 1891. Vencellada directamente ao partido conservador e ao seu líder Juan Bautista Armada y Losada, Marqués de Figueroa, (Madrid 1861- Carral 1932). Ese mesmo ano Armada preséntase ás eleccións e acada acta de deputado polo partido xudicial de Pontedeume (cada partido xudicial elexía un deputado). Nos seguintes dezaoito anos, elección tras elección, sempre como único candidato, sen oposición, renovará esa representación ao tempo que, á sombra de Maura, ocupa postos de grande responsabilidade como ministro de Gracia y Justicia (1907-09).

Neste último cargo terá que vivir o comezo da Guerra de Marrocos, a Semana Trágica de Barcelona e o fusilamento de Francisco Ferrer, cabeza visible de "Escuela Moderna" e cabeza de turco da sublevación revolucionaria catalana. Todo en tres entolecidos meses (de mediados de xullo a mediados de outubro 1909) que acabaron coa dimisión do presidente Maura e do seu goberno conservador, entre eles o noso invicto deputado que pasou á condición de ex-ministro.

Curiosamente unha das súas últimas actuacións, como titular de Gracia y Justicia, foi nomear Director General de Registros y del Notariado a outro destacado dirixente conservador coruñés, o director do xornal "El Noroeste" José Lombardero Franco (A Coruña 1864–París 1912), feito que terá repercusións directas e inmediatas no noso partido xudicial.

Lombardero non puido disfrutar moito do cargo, pois unha vez caído seu protector, tivo que presentar a dimisión ante o novo ministro, que agora correspondía do partido liberal, seguindo o orden de alternancia no poder pactado entre conservadores e liberais. En total foi Director General 30 días xustos. Pero debíalle unha ao Marqués e logo apareceu ocasión de devolvérllela.

Aos poucos meses, nas eleccións de 1910, por fin hai loita electoral. O avogado ferrolán Rodrigo Sanz López (Ferrol 1872-Santiago 1939), apoiado polo "Centro

4. Gaceta de Madrid nº 193 de 12 julio 1887.

5. Esa documentación foi gardada no Goberno Civil. Pasando os anos acabou no Arquivo do Reino de Galicia. Alí conservase e fixeron as fotocopias que permitiron este traballo divulgativo.

Solidario" de Pontedeume e a "Federación de sociedades agrarias", preséntalle fronte ao Marqués que pretendía repetir por décima vez. Os solidarios levaban tres anos traballando arreo, facendo mitins, creando asociacións agrarias e mesmo colaboraron na organización de "La Hermandad Marítima". Son especialmente fortes en varios concellos do partido xudicial, Fene, A Capela, Monfero, Vilarmaior... Os votantes (sufraxio universal só masculino) por primeira vez teñen opción para escoller : o dirixente solidario ou o exministro de Gracia y Justicia. A extraordinaria capacidade de convocatoria e organizativa dos partidarios de Rodrigo Sanz, presaxia un resultado sumamente disputado. O que debe contrariar sobremanera a Juan Armada y Losada que sorprendentemente, sete días antes dos comicios, da a espantada e cambia súa candidatura en Pontedeume por outra, moito máis doada, nun distrito con victoria segura na cidade de A Coruña, enviando a loi-

—¿E ti por quén votaches, ho?
—¡Eu! ¿é por quén había de votar senon por *D. Rodrigo Soa y Zeta*?
—¿Ocorrente algo?
—¡Non! ¡qué me habían de dar! ¿mércase acaso ó voto?
—Pois á min déronmeme un recibiño c'a candidatura de *D. José Labardero*, é con él fun á taberna d'o tío Pepe, donde m'o trocaron por un neto de viño é unha libreta.
—¡Vaya, ho! ¿E non val máis á tua voluntade?...

"Ecos do Eume", 15 de maio 1919

tar a Pontedeume... a José Lombardero Franco. Este préstase a facer o traballo sucio de compra de votos que será aireado pola prensa do partido liberal e mesmo por "Ecos del Eume" como unha vergoñenta manobra do caciquismo.

Penso que esta sucesión de feitos demostra como algúns políticos da época confundían seus intereses particulares cos intereses do estado.

Tras da inútil reclamación dos solidarios, os conservadores mantiveron o dominio no distrito e Lombardero representou a Pontedeume no Congreso, ata que pouco despois falece en París.

A citada Ley de Asociaciones de 1887, vixente ata o golpe de estado de 1936, será complementada con outra en 1906[6], especificamente adicada ao movemento societario agrario, relacionando seus obxectivos e outorgándolles certas exencións tributarias. Dezaoito anos despois[7] os Pósitos de Pescadores tamén acadarán esas mesmas vantaxes.

Referente aos Pósitos de Pescadores, Marítimos ou Marítimo-Terrestres, que os había con esas tres denominacións, foron impulsados por toda a beiramar do estado español por Alfredo Saralegui Casellas (Ferrol 1883-Madrid 1961), que dende a "Caja Central de Crédito Marítimo"[8], creada no 1919, fixo viables proxectos solidarios e de mellora de clase. Tal como sucedeu en Pontedeume coa súa escola, Cooperativa de Consumo, embarcacións de propiedade colectiva, local social...

A implantación dos Pósitos foi meteórica, insistindo en mellorar as condicións das poboacións mariñeiras sen preguntar pola cor política dos dirixentes locais. De feito houbo Pósitos controlados pola esquerda, pola dereita ou que acolleron a todos.

Atendendo a esa inxente labor de acción social desenvolta por Saralegui, no ano 1930 cambiase a denominación de "Caja Central" por "Instituto Social de la Marina"[9], que pervive ata hoxe.

Este é o contexto legal no que se desenvolve o societarismo mariñeiro, suficientemente maduro para non ser modificado substancialmente durante a II República, pero que en setembro do 1936 será posto fora da lei polo goberno de Burgos.

6. Gaceta de Madrid nº 30 de 30 enero 1906. Lei do Ministerio de Fomento.

7. Gaceta de Madrid nº 249 de 6 septiembre 1922. Real Decreto do Ministerio de Marina.

8. Gaceta de Madrid nº 285 de 12 octubre 1919. Real Decreto del Ministerio de Marina.

9. Gaceta de Madrid nº 59 de 28 febrero 1930. Real Decreto del Ministerio de Marina.



Peirao

Dende as eleccións de 16 de febreiro de 1936, individual ou colectivamente, formar parte do Frente Popular ou colaborar na oposición feita ás forzas que cooperan *al movimiento nacional*, era motivo de incautación de cuantos bienes muebles, inmuebles, efectos y documentos pertenceran a quen realizara semellante *actividade ilícita*. O decreto 108[10], foi citado repetidamente, xa nos tempos da democracia, cando o estado tivo que devolver canto incautara aos lexítimos propietarios.

Abolido o dereito de asociación libre, reprimida calquera oposición, un novo decreto[11], no 1941, obriga as asociacións superviventes a presentar urxentemente toda súa documentación ante o Ministerio da Gobernación, que solicita á Guardia Civil, informe individual dos compoñentes das directivas sobre súa adhesión al régimen y comportamiento durante la *cruzada nacional*.

Como consecuencia ata asociacións completamente apolíticas como as de "seguros do gando" parroquiais, pasarán ao limbo legal por non dicir á clandestinidade. Durante décadas moitas seguiron funcionando de "palabra", esquecéndose co tempo que un día tiveran estatutos e papeis legais.

Tamén no 1941 reorganízase por lei[12] o Instituto Social de la Marina. Que terá como fin, entre outros,

> *"Afirmar entre todos los productores del mar los principios políticos, económicos, morales y religiosos del Estado Nacional-Sindicalista, asegurando la subordinación, unidad y disciplina necesarios para que la economía marítima sirva a la política nacional".*

No mar só sobreviviron os pósitos, agora dirixidos polas Falanges del mar, presentadas no teatro Rosalía de Castro de A Coruña o 24 de maio de 1942. O acto que foi radiado, estaba decorado coas bandeiras de 13 pósitos, entre elas a de Pontedeume. Pretendían "fomentar el mejoramiento del nivel de vida intelectual, social, económico y moral de los hombres del mar". Da extensa información publicada en "La Voz de Galicia"[13] entresaco os seguintes parágrafos:

> *"Somos los mismos que en las calles nos enfrentábamos a vosotros. Los que tenían el valor de ir a buscaros a vuestros centros y tal vez a provocaros,*

10. Boletín oficial de la junta de defensa nacional de España, nº 22 do 16 setembro 1936.

11. B.O.E. nº 37. Decreto de 25 de enero de 1941.

12. B.O.E. nº 306 de 2 de noviembre de 1941

13. *La Voz de Galicia* de 26 de maio de 1942.

los que recibían los golpes brutales que vosotros nos prodigabais. Esos mismos falangistas os hablan." (Camarada Salas Pombo).

"Hacer llegar a vuestros corazones la voz de la Falange para que uniendo vuestro esfuerzo y voluntad de servicio con la jerarquía del Movimiento, prestar a la Patria y al Caudillo el máximo rendimiento de la clase marinera" "el encuadramiento en el Partido de la clase marinera mediante una verdadera selección individual para lograr que los tripulantes de nuestros barcos sean un exponente de la Patria y mantengan el anhelo falangista""se nos dirá que esto es muy difícil porque tal vez los hombres del mar no están espiritualmente preparados para recibir la educación nacional sindicalista... convertirlos en españoles verdaderos" (Camarada Jenaro Riestra).

Por fin, no 1943, unha nova orden[14] que se aplicará a todas as entidades que viven baixo o amparo do Instituto Social de la Marina, da forma definitiva ao *acoplamiento de los trabajadores del mar en la Organización Sindical*. Ven sendo a refundación das Confrarías de Pescadores pero impoñéndolles a ideoloxía do chamado *Nuevo Estado*.

"Con la genérica calificación de Cofradías de Pescadores... sea su integración en la Comunidad Nacional-Sindicalista, les corresponderá de modo exclusivo, dentro de su jurisdicción, la representación y disciplina de todos los productores del mar, así ordenados en milicia, de conformidad con las Leyes de Unidad y Organización Sindical y a tenor de las normas que regulen concretamente su entronque en el sindicalismo nacional, que recogerán las bases aquí ordenadas".

Por estes tempos da posguerra xa poucos dos presentes na constitución de "La Hermandad Marítima" estarían para contalo. Unhas vidas que comezaron coa ilusión de disfrutar de novas liberdades, que eles utilizaron con sensatez, cordura e respeto, remataban nun escuro túnel. A partir de entón, por demasiados anos, foi aplicada, sistematicamente, unha política de amnesia onde foron criminalizadas as practicas individuais ou colectivas que colocaran, durante décadas, ao asociacionismo no estado español entre iguais cos seus veciños europeos.

Como todas as épocas, o período entre Repúblicas da historia de España estivo preñado de éxitos, fracasos, dúbidas e contradiccións. Como todos os colectivos, os centos de mariñeiros eumeses que se asociaron nalgunha das opcións que tiveron ata os tempos

14. B.O.E. nº 102 de 12 abril 1943. Orden.



Da exposición "Ondas de Irmandade"

da guerra civil, terían cousas que contar das que estarían orgullosos e outras que houberan desexado facer mellor. Este traballo e a exposición "Ondas de irmandade" pretenden recordar con agarimo aos Jacinto, Cipriano, Ubaldo, Ramón, Rodrigo, Leonardo... e tantos outros mariñeiros galegos que deron os primeiros pasos asociacionistas, por ter conquistado un dereito e ser exemplo de civismo e solidariedade.

SIGULARIDADES SOCIETARIAS EUMESAS

Para rematar podo citar que "La Hermandad Marítima" foi das poucas asociacións mariñeiras impulsada por "Solidaridad Gallega", agrupación política creada seguindo o exitoso modelo de "Solidaritat", que conseguiu vencer en Cataluña nas eleccións de 1906, rompendo o monopolio dos partidos turnistas, Conservadores e Liberais. Estes dous partidos pactaran un sistema de sucederse constantemente entre eles, detentando o poder sucesivamente, sen permitir a entrada de ningunha terceira opción. Apoiados na estructura caciquil dominante en todas e cada unha das provincias do estado, conseguían que o dereito de voto fora simplemente un formulismo sen contido, pois na meirande parte das circunscricións non se presentaba máis que un candidato para o que ían todos os votos. Chamábanlle o sistema do "encasillado" cando as direccións de ambos partidos negociaban que deputado gañaría en cada partido xudicial e cantos terían en total. Hoxe pactaban a maioría para os conservadores e cumprindo respectuosamente o pacto, nas seguintes eleccións (daquela un promedio de dous anos), tocaba a maioría para os liberais. Durante máis de vinte anos o sistema funcionou sen fisuras no rural, tolerando certa presencia de republicanos nos concellos urbanos.

Solidaridad Gallega aglutinou a todas as opcións excluídas do poder, e presentouse na feira de Betanzos nun gran mitin celebrado o 6 de outubro de 1907. O rexionalista Lugrís, o carlista Mella, o ex presidente de I República Salmerón... sentaron as bases do movemento solidario que se estendería por toda a comarca de Pontedeume. A fins de 1908, xa estaba operativa unha asociación agraria en cada un dos concellos do partido. Neses tempos tamén crean "La Hermandad Marítima" e no 1909, coa sinatura de corenta eumeses, fúndase o "Centro Solidario" de Pontedeume que asumirá todo o protagonismo na coordinación da "Federación de Sociedades agrarias de los partidos judiciales de Ferrol y Puentedeume".

En temas do mar o "Centro Solidario" conseguirá que a "Federación agraria" se posicione nun tema absolutamente mariñeiro como o "conflicto da ardora", vivido intensamente en Pontedeume con manifestacións a favor ou contra da utilización, no interior da ría, dos novos artes de pesca introducidos neses anos. O que por outro lado demostra a estreita conexión entre o mundo do mar e o agrario.



Da exposición "Ondas de Irmandade"

A forza de Solidaridad estaba en sumar as pequenas opcións. Esa heteroxeneidade tamén era súa debilidade. No 1911 dáse por liquidado o experimento, herdando os rexionalistas boa parte do traballo organizativo realizado na nosa comarca.

Outro aspecto a destacar do asociacionismo mariñeiro eumés foron as repetidas dificultades das asociacións inspiradas polos anarquistas, "Sociedad de marineros pescadores" de 1914 e "Unión de pescadores" de 1919, para funcionar con normalidade. Inimigos irreconciliábeis do sistema caciquil imperante, serán acosados, suspendidas súas actividades e perseguidos ata a chegada a República.

Sobre o "Gremio de armadores de tarrafas y demás artes de pesca", solidaria con outras de armadores, foi creada en 1920, en plena folga do porto de A Coruña que durou 5 meses e rematou co recoñecemento, entre outras melloras, do descanso dominical con determinadas condicións.

Por último citar a desconfianza do Gobernador Civil por legalizar o Pósito eumés. Presentados os estatutos en febreiro 1921 a autoridade provincial debía aprobalos en oito días, pero dilata a contestación. Os xestores piden amparo a Saralegui e a Comandancia de la Marina, e só conseguen a legalización en decembo do 1922. ¿Obedecía a unha teima específica contra o asociacionismo mariñeiro eumés? En absoluto, existen dúas Reales Ordenes de 1920[15] e 1924[16] nas que o Ministerio da Gobernación se dirixe a todos e cada un dos Gobernadores das provincias do beiramar estatal, recordándolles que deben *apoyar y estimular la constitución, organización y fomento de los Pósitos.*

Sen dúbida as queixas debían ser numerosas para xustificar estes toques de atención xerais. O que leva a pensar por un lado, nas prácticas contra o estado de dereito habituais nos poderes provinciais, capaces de bloquear un asociacionismo perfectamente legal, e por outro na necesidade que observaba o goberno central de dotar, ao mundo do mar, dunhas entidades que favoreceran a mellora dunhas condicións de vida que debían ser realmente lamentables e polo tanto potencialmente conflictivas.

15. Gaceta de Madrid nº 206 de 24 julio 1920.

16. Gaceta de Madrid nº 249 de 6 septiembre 1924.

PONTEDEUME (A CORUÑA): APROXIMACIÓN A SU ARQUITECTURA DE LOS AÑOS CUARENTA Y CINCUENTA DEL SIGLO XX

Mónica Vázquez Astorga*

INTRODUCCIÓN

Este estudio se refiere a la comarca gallega de Eume (comprendida por los municipios de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume y As Pontes de García Rodríguez), situada en el cuadrante noroccidental gallego, asomándose al mar por la ría de Ares en pleno Golfo Ártabro, pero desenvolviéndose de cara al interior[1]. Y, en concreto, analiza la arquitectura proyectada y construida en la década de los cuarenta y cincuenta del siglo XX en Pontedeume (A Coruña), a partir de la documentación hallada sobre este tema en su Archivo Municipal. Esta arquitectura de la primera posguerra se define esencialmente en edificios residenciales (financiados por una clientela privada) y en obras públicas, que fueron promovidos en unos años de expansión y transformación urbana. En relación con esto, cabe mencionar el proceso de urbanización de la praza do Conde de esta ciudad (emprendido a principios de siglo y prolongado hasta la década de los cuarenta), al que va asociado la mayor parte de la actividad constructiva de esta época.

*Profesora del Departamento de Historia del Arte de la Universidad de Zaragoza. Ha investigado sobre pintura española moderna y contemporánea en los museos y colecciones de Liguria (Italia) y en la actualidad trabaja en arte y cultura contemporáneos. Correo electrónico: mvazquez@unizar.es

Este artículo se ha llevado a cabo con una ayuda del Programa Europa XXI de Estancias de Investigación (2008), patrocinado por la Diputación General de Aragón y por la Caja de Ahorros de la Inmaculada. Número de referencia de la ayuda concedida: CH13/08.

1. SORALUCE BLOND, José Ramón y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé (directores), *Arquitecturas da provincia da Coruña, Comarca de Eume*, vol. IX, A Coruña, Excma. Deputación Provincial da Coruña, 1997, p. 17.

Antes de pasar a su estudio, trazaremos un breve recorrido por el panorama arquitectónico de la primera mitad del siglo XX en Galicia, con el objetivo de determinar el contexto en el que debe ser considerada.

LA ARQUITECTURA DE LA PRIMERA MITAD DEL SIGLO XX EN GALICIA

La lenta evolución estilística que ha caracterizado a la historia de la arquitectura, sufrió, en las primeras décadas del siglo XX, una aceleración con constantes cambios formales[2].

Después de un período de dominio de las formas tradicionales de los estilos históricos o de los estilos regionales, comienzan a tomar cuerpo, hacia mediados de la década de los veinte, nuevas ideas, y aparecen los primeros ejemplos de una arquitectura que expresa una nueva sensibilidad tendente a la modernidad. Paralelo a esa sensación de cambio se constata el sentimiento de decadencia; de ahí que el panorama arquitectónico de estos años esté presidido por el conflicto entre tradición y modernidad. En el caso de Galicia, la arquitectura en la década de los treinta, como indica Fernando Agrasar, se incorpora a la modernidad añadiendo a sus propios códigos los nuevos mensajes visuales de las vanguardias[3]. La incorporación al ideario moderno fue más bien formal y visual, sin la aproximación convencida a la base ideológica del Movimiento Moderno.

En este contexto desarrollaron su actividad constructiva en Galicia un grupo de arquitectos que significaron lo más notable de su profesión del pasado siglo. Se formaron en la última década del siglo XIX o en las dos primeras del siglo siguiente, en un ambiente dominado por el eclecticismo y por el regionalismo (inspirado en el románico, en el barroco compostelano y en la arquitectura de pazo como expresión del pasado más distintivo de Galicia). Esta formación no será óbice para que se vinculen al modernismo o se decanten, con un grado mayor o menor de compromiso, hacia el racionalismo, caso de Pedro Mariño Ortega (1865-1931), Julio Galán y González Carvajal (1875-1939), Rodolfo Ucha Piñeiro (1882-1981), Leoncio Bescansa Casares (1879-1957), Eduardo Rodríguez Losada Rebellón (1886-1973), Rafael González Villar (1887-1941), Peregrín Estellés (1891-1981) o Antonio Tenreiro (1893-1969). Sin embargo, las innovadoras propuestas llegaron a Galicia a través de un grupo de arquitectos nacidos en la primera década del siglo XX, que comenzaron sus carreras en los años veinte y fueron llegando a las ciudades galle-

2. SORALUCE BLOND, José Ramón, "Introducción", en AA. VV., *Artistas galegos. Arquitectos. Arquitectura modernista, ecléctica e rexionalista*, Vigo, Nova Galicia Edicións, S.L., 2002, p. 15.

3. GARCÍA BRAÑA, Celestino y AGRASAR QUIROGA, Fernando (eds.), *Arquitectura moderna en Asturias, Galicia y León, ortodoxia, márgenes y transgresiones*, Colegio Oficial de Arquitectos de Asturias, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, Colegio Oficial de Arquitectos de Castilla y León Este, Colegio Oficial de Arquitectos de León, 1998, p. 111.

gas desde los dos únicos centros de formación en aquel momento: Madrid y Barcelona, desde los que se difunde la nueva arquitectura[4]. En este sentido, cabe destacar a Santiago Rey Pedreira (1902-1978), Eloy Maquieira (1902-1944), José María Banet y Díaz Varela (1903-1984), Antonio Álex Reinlein (1905-1980), José Caridad Mateo (1906-1996) y Francisco Castro Represas (1905-1997) (que continuaron el camino abierto hacia esas corrientes por arquitectos como González Villar), quienes, en realidad, dispusieron de muy contadas oportunidades para poner en práctica sus modernos planteamientos y que, tras la contienda civil, tendieron a anular cualquier trazo moderno, portador de connotaciones ideológicas. La actividad de estos arquitectos intenta "disfrazar" sus obras para poder seguir introduciendo pequeños pero importantes cambios en la arquitectura: plantas funcionales, utilización sistemática de recursos o nuevas tecnologías constructivas, dejando una apariencia, vestigios de decoración que engañaran a los revisores del régimen[5].

En relación con esto, cabe decir que así como en Galicia se constata un retraso en la asimilación de nuevos planteamientos en el campo de la arquitectura, debido, en gran medida, a su condición periférica respecto a los centros de discusión de la arquitectura moderna y a la pertenencia a una cultura con fuertes tradiciones constructivas, tipológicas y de relación con el medio[6], también llama la atención el hecho de que la vinculación al discurso moderno se mantiene hasta prácticamente finales de la década de los cuarenta (construyéndose, en estos años, algunas piezas interesantes del heterodoxo racionalismo gallego), no triunfando las formulaciones de inspiración "imperialista" hasta la de los cincuenta.

Tras la contienda civil, el lenguaje funcional de la nueva vanguardia europea sufre, como en el resto del panorama nacional, un estancamiento. En los años cuarenta se produce una vuelta a una inspiración en los estilos históricos, principalmente en el barroco, buscando revivir caducas glorias imperiales en el campo político. Habrá que esperar, en el filo de los sesenta, para que se retome el interrumpido discurso arquitectónico moderno.

LA ARQUITECTURA DE LA PRIMERA POSGUERRA EN PONTEDEUME

Antecedentes

Como hemos indicado anteriormente, estas páginas pretenden ser una aproximación al estudio de la arquitectura proyectada y construida en Pontedeume en los años cua-

4. AGRASAR QUIROGA, Fernando, *Vanguardia y tradición*. *La arquitectura de la primera modernidad en Galicia,* A Coruña, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2003, p. 47.

5. MONTANER, Joseph María y MUXÍ, Zaida, "Introducción", en AA. VV., *Artistas galegos. Arquitectos. Do racionalismo´a modernidade*, Vigo, Nova Galicia Edicións, S.L., 2002, p. 16.

6. GARCÍA BRAÑA, Celestino y AGRASAR QUIROGA, Fernando (eds.), *Op. cit.*, p. 105

Figura 1. Edificio de viviendas emplazado en rúa do Picho, 42, esquina con rúa da Fontenova, 2, Pontedeume.

renta y cincuenta del siglo XX, partiendo de la información obtenida de la consulta de su Archivo Municipal[7]. Pero, esto no es óbice para mencionar obras anteriores a estas fechas, que consideramos representativas de su patrimonio arquitectónico, entre las que cabría destacar las siguientes: dos inmuebles de viviendas y el edificio destinado a *Coliseo García Novoa.*

En primer lugar, cabe aludir al edificio de viviendas emplazado en rúa do Picho, 42, esquina con rúa da Fontenova, 2, del que no hemos encontrado ninguna referencia documental (figura 1). Este inmueble consta de planta baja y tres alzadas (y con un recrecido, posiblemente, de época posterior). En su frente principal y, sobre la puerta de acce-

7. En este punto, quiero expresar mi agradecimiento al Excmo. Concello de Pontedeume y, de manera especial, a Alexandre Caínzos Corbeira por haberme amablemente facilitado la consulta de su Archivo Municipal.

Figura 2. Edificio sito en praza do Conde, 10, Pontedeume.

so, figura la fecha de 1913. Sus fachadas destacan por el rico repertorio ornamental aplicado a las molduras de los vanos, a los antepechos de los balcones (a base de motivos florales simétricos) y al remate de la puerta de entrada con un original diseño deudor del *Art Nouveau*. En este edificio, el lenguaje modernista convive con modismos finiseculares, siendo uno de los ejemplos más representativos de esa tendencia en la villa. La asimilación de este ideario arquitectónico nos remite a la actividad desarrollada, en estos mismos años, por los arquitectos Rodolfo Ucha Piñeiro y Julio Galán y González Carvajal en localidades próximas a Pontedeume como Ferrol y A Coruña.

El segundo inmueble a mencionar es el edificio residencial promovido por el notario Ramiro Prego Punín en el centro neurálgico de la villa como es la praza do Conde, 10, junto al desaparecido palacio de los Andrade, del que hoy sólo resta su torreón (figura 2). Este cliente deseaba construir en el solar de su propiedad una casa conforme al proyecto redactado por el arquitecto coruñés Eduardo Rodríguez Losada en mayo de 1927 (figura 3)[8]. La elección de este emplazamiento hay que ponerla en relación con la importancia que este espacio urbano adquiere en la década de los años veinte, momento en el que se plantea su ampliación y urbanización[9]. En esta plaza había un lavadero público que, con la urbanización de este sector y con la construcción de la carretera de la Estación, fue nece-

8. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes relativos a bienes municipales, 1910-1971 (Caja 717).

9. Sobre este tema de la urbanización de la praza do Conde, véase CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, C*alles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, morfología y actividad en el espacio público (1270-1970)*, Concello de Pontedeume, 2007, pp. 83-85.



Figura 3. Planta baja del edificio emplazado en praza do Conde, 10, Pontedeume, proyectado por el arquitecto Eduardo Rodríguez Losada, 1927.

sario buscarle una nueva ubicación, cuestión que se plantea en 1910, siendo el lugar elegido el espacio contiguo al torreón. En 1927, como señala Carlos de Castro, se vende a Prego Punín una parcela sobrante de la vía pública en esta plaza a condición de que fuesen a su costa los gastos que originase el traslado de la puerta de entrada al lavadero[10].

10. CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, *Op. cit.,* p. 163.

El edificio concebido por Rodríguez Losada consta de sótano, planta baja (para uso profesional) y planta alta (destinada a vivienda del propietario). Este inmueble se adapta al trazado de la carretera de la Estación, generando un frente semicircular al que abren las principales piezas del mismo. Todos los espacios domésticos reciben iluminación y ventilación directa, a través, principalmente, de los dos patios interiores dispuestos en planta. En la memoria de este proyecto se hace constar que la fachada del Oeste lleva una ventana en el piso principal para mirar hacia el lavadero público. Y que la cornisa que corona la casa vuela sobre el terreno anexo a dicho lavadero, en la parte que enfrenta con él, no sólo por la conveniencia que la luz podía reportar, sino también por exigirlo la estética del inmueble situado en la entrada de la villa y en sitio muy visible. Al exterior, la planta baja se halla recorrida por vanos adintelados y la alta por balcones con antepecho recto, entre los que se intercalan pilastras con capiteles corintios. Este alzado se halla presidido en el centro por un ventanal con dos columnas dóricas, coronado por una galería de madera articulada por cuatro pilastras corintias. Una peculiaridad constructiva es el contraste de texturas entre la mampostería del zócalo y el enlucido de la fachada. Este edificio acusa, en la línea de la producción arquitectónica de Rodríguez Losada de estos años, la asimilación de un eclecticismo académico, fundamentado en estilos del pasado como el renacimiento, incluyendo también algún elemento vernáculo como puede ser la galería de madera del piso superior.

El tercer edificio a destacar es el histórico *Coliseo García Novoa*, ubicado en rúa San Agustín, 20 (frente al convento de los agustinos) (figura 4). Fue uno de los locales

Figura 4. Fachada principal del antiguo *Coliseo García Novoa*, rúa San Agustín, 20, Pontedeume.

más importantes en la historia de la exhibición cinematográfica en Pontedeume. Su construcción se inscribe en el contexto de bonanza económica vivido por la ciudad y de afianzamiento del mundo cinematográfico. Fue encargado en 1928 por Luis García Novoa, un notable liberal de la villa procedente de una familia de la burguesía local, al arquitecto coruñés Leoncio Bescansa Casares, inaugurándose en febrero de 1929[11]. Desarrolló su actividad durante casi cincuenta años y en la década de los ochenta fue convertido en discoteca[12]. Su tipología arquitectónica deriva de la que se conoce como teatros a la italiana, con una capacidad de 270 butacas. Su fachada principal presenta, en planta baja y en el centro, tres arcos de medio punto, a modo de pórtico, a través del cual se efectúa el acceso, y, en planta alta, una galería corrida con columnas enlazadas mediante antepechos decorados con motivos simétricos. La línea de cornisa se halla coronada por una balaustrada sobre la que hay cuatro águilas que agarran unos medallones en los que aparece escrito el nombre del edificio y su fecha de construcción. Los paramentos se encuentran pintados en azul, mientras que los elementos estructurales resaltan en blanco, confiriendo al inmueble valores plásticos. En este edificio, Bescansa ensaya una estética ecléctico-academicista, fundamentada en la revisión del renacimiento y del barroco. Su experiencia en este tipo de edificaciones le llevó a realizar otros proyectos en este campo, como el formulado en 1943 para la instalación del *cine París* (avenida de Castelao, 97) en la localidad coruñesa de Muros (figura 5)[13], en el que opta por una mayor sobriedad decorativa.

La arquitectura de los años cuarenta y cincuenta en Pontedeume: definición y características

Tras finalizar la contienda civil se abre el período de la posguerra que abarca hasta 1953 (fecha en la que se firma el Concordato con la Santa Sede y, acto seguido, se produce el pacto con los Estados Unidos)[14]. En la década de los cuarenta, la cultura española, como señala Francisco Calvo Serraller, era una cultura de reconstrucción y supervivencia, la que corresponde a un país física y moralmente arrasado, a un país *sicut tabula rasa*[15]. La cultura y el arte de estos años se caracterizaron por un férreo control ideológico y por un gusto conservador.

11. Este mismo arquitecto acometió años más tarde reformas en este local.

12. Para más información sobre este local cinematográfico, véase LÓPEZ PAZOS, Manuel y F. VIDAL, Nicolás, "Unha ollada sobre o cine en Pontedeume", *Cátedra*, núm. 5, Concello de Pontedeume, 1998, pp. 187-199.

13. El antiguo *cine París* de Muros integra el Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico Artístico de Muros, redactado por la Oficina de Planeamiento de Santiago de Compostela (2008), y es objeto de un proyecto de rehabilitación acometido por Manuel González, Laura Gordillo, Daniel López y Aranzazu Paz (Aula de Renovación Urbana y Rehabilitación, 2006).

14. ABELLA, Rafael, *La vida cotidiana bajo el régimen de Franco*, Madrid, Temas de Hoy, 1996, p. 170.

15. CALVO SERRALLER, Francisco, *Del futuro al pasado. Vanguardia y tradición en el arte español contemporáneo*, Madrid, Alianza Forma, 1990, p. 85.

Figura 5. Vista parcial del antiguo *cine París*, avenida de Castelao, 97, Muros.

Como hemos indicado anteriormente, en esta época se registra en Pontedeume (así como en otros núcleos urbanos gallegos) un crecimiento económico y una expansión urbana que se traduce, entre otros modos, con un incremento de la actividad constructiva. De esta situación da cuenta la información localizada en su Archivo Municipal, que se refiere, principalmente, a inmuebles promovidos por iniciativa privada, aunque también se han encontrado algunos ejemplos de edificios públicos financiados en estos años. Por este motivo, procederemos, en primer lugar, a analizar esa arquitectura residencial para pasar después a los edificios de uso público.

Edificios de viviendas

Los edificios de viviendas acometidos durante los años cuarenta y cincuenta fueron, en su mayoría, proyectados en el centro histórico de Pontedeume, por arquitectos de renombre de la época como Antonio Tenreiro, Peregrín Estellés o Rodolfo Ucha (o por los descendientes de éstos), aunque el profesional de mayor producción en la villa fue Antonio Tenreiro Rodríguez, que concurría a la misma con frecuencia, así como su hijo Antonio Tenreiro Brochón.



Figura 6. Planta del primer y segundo piso del edificio de viviendas de la calle de la Inmaculada, nº 1, Pontedeume, proyectado por el arquitecto Antonio Tenreiro, 1954.

Se trata de viviendas promovidas por una clientela privada de clase media dedicada a tareas agropecuarias o pesqueras. Son inmuebles entre medianeras, con tres o cuatro pisos en altura, conforme a lo que las Ordenanzas Municipales prescribían a este respecto. Presentan una distribución interior que continúa los esquemas tradicionales, con las dependencias en torno a un núcleo central de escaleras. Las piezas importantes de la

vivienda (sala de estar, comedor o dormitorio) abren a la fachada principal y las estancias posteriores reciben iluminación a través de un patio (figura 6). Los materiales utilizados en la construcción son, por lo general, hormigón en masa para los muros y fachadas, ladrillo para los tabiques y cubierta de teja sobre entramado de madera. Para la carpintería de puertas y ventanas se emplea la madera de castaño. Al exterior recurren al mirador, elemento que articula compositivamente la fachada.

De hecho, a partir de este momento, el mirador (volado sobre planta baja) va a configurar la imagen arquitectónica de la villa[16], apareciendo tanto en las obras de nueva construcción como en las reformas llevadas a cabo en las fachadas de las viviendas, con el fin de acomodarlas a las exigencias de la vida y de los gustos de la época. Son numerosos los ejemplos que podemos citar a este respecto, pero, entre otros, cabe mencionar la reforma propuesta en el inmueble de rúa Real, 3, por Antonio Tenreiro en 1949, con la incorporación de este elemento compositivo[17], y los edificios de nueva planta proyectados en unos solares en la zona Oeste de la praza do Conde por Peregrín Estellés en 1941 (figura 7) y por Antonio Tenreiro en 1942[18]. En estos edificios, de planta baja y dos alzadas, la fachada principal presenta un mirador, volado sobre la planta baja, que recorre en vertical un lateral de la misma para enlazar con balcones de antepecho curvo. Estos recursos formales dejan constancia de la temperada continuidad del vocabulario de la modernidad arquitectónica durante la posguerra.

Esta solución compositiva se mantiene en la arquitectura de los años cincuenta, siendo testimonio de ello el edificio construido en el número 1 de la calle de la Inmaculada por Antonio Tenreiro, según proyecto de noviembre de 1954[19], o la reforma efectuada en la fachada de la casa emplazada en el número 23 de la calle San Agustín, por Rodolfo Ucha Donate en marzo de 1955[20].

Este tipo de vivienda adoptado en el centro urbano de Pontedeume fue imitado en lugares próximos a la villa, optándose, en la mayoría de las ocasiones, por edificaciones sencillas de planta baja y una alzada, en cuyo exterior también se recurre al mirador o al

16. El mirador no sólo conforma una importante tipología de huecos en la arquitectura gallega de esta época sino que también se encuentra presente en la arquitectura proyectada y construida en otras zonas de nuestra geografía. Así, la arquitectura zaragozana de estos años recurre con frecuencia al mirador como recurso compositivo.

17. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1930-1965 (Caja 682).

18. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1923-1946 (Caja 574).
En relación con el proyecto de urbanización de la praza do Conde, cabe indicar que, en sesión municipal de 30 de septiembre de 1944, se retoma el tema, olvidado desde 1941, de la enajenación en pública subasta de los solares en la zona Oeste de esta plaza, que quedó sin tener efecto por falta de licitadores, por lo que se acordó proceder a la venta en pública subasta. La venta de los solares de los terrenos expropiados en el ámbito del palaciego comienza en 1912 y se prolonga hasta 1945. Para más información sobre este tema, véase CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, *Op. cit.*, p. 85.

19. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1930-1965 (Caja 682).

20. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1930-1965 (Caja 682).



Figura 7. Fachada principal del edificio de viviendas proyectado por el arquitecto Peregrín Estellés en praza do Conde, Pontedeume, 1941.

balcón como elemento compositivo. En este sentido, cabe citar las casas proyectadas por Antonio Tenreiro en Chao, en mayo de 1942, y en Campolongo, en la margen derecha de la carretera de Betanzos a Ferrol, en agosto de 1943 (figura 8)[21]; o por Rodolfo Ucha en Sisto, en mayo de 1947[22]. En estas construcciones se emplea la mampostería para la

21. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1923-1946 (Caja 574).

22. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1947-1950 (Caja 575).



Figura 8. Casa en Campolongo, Pontedeume, proyectada por el arquitecto Antonio Tenreiro, 1943.

Figura 9. Fachada principal de la casa proyectada por el arquitecto Antonio Tenreiro en Barro, Pontedeume, 1943.

cimentación, muros y fachadas, la madera para la carpintería interior y exterior, y la tradicional cubierta de teja. Asimismo, en las inmediaciones de Pontedeume también se localiza un modelo de edificio residencial promovido por la burguesía local, en el que se acentúan las propuestas regionalistas (inspiradas principalmente en el barroco y en la arquitectura de pazo). A este respecto, cabe citar el inmueble construido en Barro, conforme al proyecto suscrito por Antonio Tenreiro en octubre de 1943 (figura 9)[23]. Se trata de una casa

23. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de obras particulares, 1923-1946 (Caja 574).

compuesta por planta baja (dedicada a industria) y un piso (para vivienda del propietario). Los materiales empleados en su construcción fueron el hormigón armado en las cimentaciones, muro y fachada de la planta baja, el ladrillo en el resto del edificio y la madera para el entramado y la carpintería interior y exterior; aunando, por tanto, materiales y técnicas constructivas tradicionales y modernos. Este hecho pone de manifiesto cómo en este momento se barajan distintos planteamientos, vinculados con la tradición y con la modernidad, aunque si bien estos últimos se intentan "disfrazar" en las construcciones del momento.

Por último, cabe decir que este tipo de edificio residencial de planta baja y dos o tres pisos va a ser también adoptado por estos arquitectos o por otros profesionales de la época, como Leoncio Bescansa, en localidades coruñesas como Riveira[24] o Palmeira.

Edificios públicos

En los años objeto de este estudio se acometieron pocos pero significativos edificios públicos, que se han convertido en imagen de la villa. En concreto, hemos localizado los proyectos de las siguientes obras: Mercado Municipal y Centro Primario de Higiene.

El primero citado corresponde a la construcción de un Mercado Municipal en praza do Conde (figura 10). Su historia constructiva, como recoge Carlos de Castro, se remonta a la fecha de marzo de 1926, cuando la Corporación Municipal, al mismo tiempo que estaba pensando en hacer desaparecer el antiguo mercado de pescado, propone la edificación de uno nuevo. Poco tiempo después, en 1935, el proyecto de urbanización de la praza

Figura 10. Vista del Mercado Municipal de Pontedeume.

24. A este respecto, cabe citar los edificios proyectados en Riveira por el arquitecto Antonio Tenreiro en avenida del General Franco, en 1947 (Archivo Municipal de Riveira, Caja 45), y por el arquitecto Leoncio Bescansa en esta misma avenida, en 1945 (Archivo Municipal de Riveira, Caja 46).

do Conde contempla la realización de un mercado municipal, que no comienza a concretarse hasta después de pasadas las primeras dificultades de la posguerra[25]. Tras varias subastas fallidas para adjudicar las obras, en sesión del 15 de julio de 1942, la Corporación decide ejecutarlo por etapas, conforme al proyecto redactado por el arquitecto Antonio Tenreiro en 1941[26], que se demora hasta 1951. Las obras debieron comenzar en 1952, desconociéndose su finalización, aunque lo cierto es que en 1960 se hace una ordenación del mismo, quedando conformado en 19 puestos[27]. Estando en construcción, en junio de 1953, Antonio Tenreiro suscribe un proyecto de ampliación consistente en la prolongación de su fachada lateral derecha, y, en 1967, se formula una nueva ampliación del mismo, debida al arquitecto Rodolfo Ucha Donate[28].

El solar elegido para su emplazamiento ocupa parte del espacio en el que se situaba el antiguo palacio de los Andrade, demolido en 1935. Presenta una estructura abierta con cuerpo central y dos laterales, unidos al anterior, y un porche que circunda tres de sus frentes de 2,50 m de ancho. En el cuerpo central, colocado en el eje perpendicular de la nave, se abre la entrada principal al recinto, trazada mediante un arco de medio punto de grandes dimensiones, que se halla coronado por una cornisa de formas coloniales. Los materiales empleados en su construcción fueron los siguientes: mampostería ordinaria con mortero de cemento en la cimentación, mampostería ordinaria con mortero de cemento para los muros y armadura de cerchas de madera de castaño y listones de pino y cubierta de teja.

En opinión de José Ramón Soraluce, el remate mixtilíneo de la cornisa del arco de acceso recuerda al estilo colonial, también conocido, entre otras acepciones, como neocolonial. El neocolonialismo del mercado de Pontedeume habría que entenderlo como el reflejo final de la influencia indiana en Galicia[29]. Asimismo, para este autor, el arquitecto Tenreiro conocía el Mercado La Recova de Tenerife (diseñado por el arquitecto José Enrique Marrero en estilo neocolonial), que presenta paralelismos con el de Pontedeume, y añade que el mundo neocolonial en Tenreiro es el reflejo indirecto de la tradición arquitectónica insular canaria, mucho más ligada al mundo colonial americano que la gallega[30].

25. CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, *Op. cit.*, p. 155.

26. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de edificios públicos, 1936-1971 (Caja 698).

Este proyecto se halla firmado por Antonio Tenreiro, pero es posible que en el mismo interviniera el arquitecto Peregrín Estellés, con el que formaba equipo profesional. Asimismo, cabe recordar que Antonio Tenreiro había ya realizado proyectos dentro de esta tipología arquitectónica, como es el caso del Mercado de San Agustín en A Coruña, proyectado en colaboración con el arquitecto Santiago Rey Pedreira, en 1932.

27. CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, *Op. cit.,* p. 156.

28. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de edificios públicos, 1936-1971 (Caja 698).

29. SORALUCE BLOND, José Ramón, "La búsqueda de un estilo: la tradición interpretada", en AGRASAR QUIROGA, Fernando (ed.), *Antonio Tenreiro, 1893-1972. Obra arquitectónica*, A Coruña, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2007, p. 82.

30. SORALUCE BLOND, José Ramón, *Op. cit.,* 2007, p. 83.

Este edificio municipal debe entenderse dentro del contexto de la época, en el que los arquitectos para no levantar sospechas de falta de afección al régimen recurren en sus proyectos a formulaciones deudoras del estilo imperial neoherreriano o a soluciones historicistas. Sólo así se entienden una serie de obras de referencias regionalistas o derivadas de los estilos del pasado (especialmente del barroco), en unos arquitectos como Tenreiro, que fueron los responsables de la introducción de la nueva arquitectura en las ciudades gallegas en las que fijan su residencia o centran su actividad constructiva.

Otro inmueble público acometido en estos años fue el edificio destinado a Centro Primario de Higiene (1945), debido al arquitecto Antonio Vicéns Moltó[31]. Se trata de una edificación sencilla, con una planta, en la línea de las construcciones de esta tipología realizadas en el resto de nuestra geografía.

Como ha podido comprobarse, en los edificios de posguerra se mantienen las composiciones académicas y regionalistas, que conviven, en determinadas ocasiones, con una temperada modernidad, reflejo todo ello de la ambigüedad estilística que dominó el panorama arquitectónico y cultural gallego del momento.

A MODO DE EPÍLOGO

La intensa actividad constructiva emprendida en las décadas de los cuarenta y cincuenta del siglo pasado, principalmente a nivel privado, pone de manifiesto el desarrollo y crecimiento físico de Pontedeume, que se convierte en uno de los municipios con mayor protagonismo urbano de la comarca eumesa.

Con este estudio hemos querido contribuir al conocimiento de la importante producción arquitectónica de un grupo de profesionales activos en estos años en las ciudades gallegas y, especialmente, al estudio de su legado a la arquitectura de la comarca de Eume.

BIBLIOGRAFÍA

AA. VV., *Artistas galegos. Arquitectos. Arquitectura modernista, ecléctica e rexionalista*, Vigo, Nova Galicia Edicións, S.L., 2002.

AA. VV., *Artistas galegos. Arquitectos. Do racionalismo´a modernidade*, Vigo, Nova Galicia Edicións, S.L., 2002.

AA. VV., *Artistas galegos. Arquitectos. Do modernidade ó século XXI*, Vigo, Nova Galicia Edicións, S.L., 2003.

31. Archivo Municipal de Pontedeume, expedientes de edificios públicos, 1936-1971 (Caja 698).

AA. VV., *A Galicia moderna*, 1916-1936, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, Centro Galego de Arte Contemporánea, 2005.

ABELLA, Rafael, *La vida cotidiana bajo el régimen de Franco*, Madrid, Temas de Hoy, 1996.

AGRASAR QUIROGA, Fernando, *Vanguardia y tradición. La arquitectura de la primera modernidad en Galicia*, A Coruña, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2003.

AGRASAR QUIROGA, Fernando (ed.), *Antonio Tenreiro, 1893-1972. Obra arquitectónica*, A Coruña, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, 2007.

BALDELLOU, Miguel Ángel, *Arquitectura moderna en Galicia*, Madrid, Electa, 1995.

BALTAR TOJO, Rafael, *Arquitectura y preexistencias. Una referencia gallega*, A Coruña, Edicións do Castro, 1991.

CALVO SERRALLER, Francisco, *Del futuro al pasado. Vanguardia y tradición en el arte español contemporáneo,* Madrid, Alianza Forma, 1990.

CARDESÍN, José Mª., "Historia urbana de la villa de Pontedeume (1840-1998): presentación de un proyecto de investigación", *Cátedra*, núm. 6, Concello de Pontedeume, 1999, pp. 97-113.

CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, "Sobre os nomes das rúas, prazas e xardíns de Pontedeume", *Cátedra*, núm. 12, Concello de Pontedeume, 2005, pp. 101-170.

CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de, *Calles, Plazas y Jardines de Pontedeume. Denominación, morfología y actividad en el espacio público (1270-1970)*, Concello de Pontedeume, 2007.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio, *Historia de Pontedeume y su comarca*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, 1995 (4ª ed.).

GARCÍA BRAÑA, Celestino y AGRASAR QUIROGA, Fernando (eds.), *Arquitectura moderna en Asturias, Galicia y León, ortodoxia, márgenes y transgresiones*, Colegio Oficial de Arquitectos de Asturias, Colegio Oficial de Arquitectos de Galicia, Colegio Oficial de Arquitectos de Castilla y León Este, Colegio Oficial de Arquitectos de León, 1998.

LÓPEZ PAZOS, Manuel y F. VIDAL, Nicolás, "Unha ollada sobre o cine en Pontedeume", *Cátedra*, núm. 5, Concello de Pontedeume, 1998, pp. 187-199.

SEARA MORALES, I., "De la arquitectura racionalista a la arquitectura de la autarquía", en *Galicia, Arte*, Tomo XV, A Coruña, Hércules de Ediciones, S.A., 1993, pp. 330-343.

SORALUCE BLOND, José Ramón y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Xosé (directores), *Arquitecturas da provincia da Coruña, Comarca de Eume,* vol. IX, A Coruña, Excma. Deputación Provincial da Coruña, 1997.

URRUTIA, Ángel, *Arquitectura española siglo XX*, Madrid, Manuales Arte Cátedra, 1997.

SAN ROSENDO E CAAVEIRO, ENTRE O MITO E A REALIDADE

José Ramón Hernández Figueiredo
Instituto Teolóxico Compostelán

INTRODUCIÓN

Os estereotipos negativos, tanto antes coma agora, estreitan a capacidade de comprensión de determinados fenómenos ou momentos históricos. Tal sucede en moita da historiografía sobre a Idade Media en xeral, e do século X en particular. Chamouse aquela época "idade de ferro do pontificado" e, dalgún xeito, da Igrexa. Algúns autores pensan que a sociedade dependía totalmente dunha Igrexa feudal, que perdera o seu fervor inicial e o pensamento da época patrística, e non había nada especial que salientar no campo da cultura, daquel tempo, en calquera das súas manifestacións.

Este xuízo, coas súas matizacións, a nivel xeral pode ser discutíbel. Non obstante, no noroeste hispánico, na antiga Gallaecia romana non é admisíbel. No século X dáse un auténtico renacemento espiritual, cultural, político e económico de Galicia e atopámonos cunha serie de figuras que brillan con gran luz en toda a Igrexa: San Froilán en Lugo; Santo Atilano en Zamora e, como faro indiscutíbel, San Rosendo[1].

Paga a pena aproximarse un pouco máis a esta época medieval, á que debemos máis do que nos é dado sospeitar, e que certamente chegou a conformar o ser da cultura galega até os nosos días. A sociedade galega ofrece unha imaxe de solidez e crecemento no século X[2]. Evidénciase en primeiro termo nas actitudes da realeza leonesa que busca conxeniar e prevalecer no rexurdido solar galaico: Ordoño II (914-924), quen casa coa galega Elvira, filla do conde Gatón, repoboador de Astorga, esfórzase en consolidar con expedicións militares a Galicia bracarense, favorece o crecemento da cidade de Compostela e fomenta a repoboación monástica mozárabe sobre todo en Samos.

1. GARCÍA ORO, J. - REGAL LEDO, M. - LÓPEZ RIVAS, A., *Historia da Igrexa galega*, Vigo 1994, pp. 31-48.

2. PORTELA, E. - PALLARES, Mª. C., "Edad Media: La Iglesia de la historia", en *Las religiones en la historia de Galicia*, ed. M. V. García Quintela, SANTIAGO DE COMPOSTELA 1996, pp. 91-131.

Ramiro II (931-951), antigo conde de Portugal, realiza o seu xogo político sobre a base dos seus condes galegos, sobre todo Gutierre Osorio e Sisnando Menéndez, familiares de San Rosendo, e consegue coa súa axuda someter a inqueda fidalguía indíxena que se opón aos seus designios; e os reis Ordoño III (951-955) e Ordoño IV (958-960) enchen o decenio máis conflitivo da vida galega, mobilizando os seus nobres aliados Pelayo González, Rodrigo Gutiérrez, Osorio Gutiérrez, Froila e Sedegias Gundesindez, e en particular, os parentes directos de San Rosendo, os esposos Mummadomna Díaz e Hermenegildo González cos seus fillos Gonzalo, Diego Menéndez, Jimeno Díaz e Adosinda Gutiérrez, irmá de San Rosendo, fronte a unha fidalguía rexional que pon e quita soberanos co peso da súa soa presenza; Ramiro III (961-985) que ao intentar unha viraxe política co apoio da nobreza leonesa vese enfrontado ao galego Gonzalo Menéndez e remata suplantado por Bermudo II (981-999), o candidato de Gonzalo, proclamado rei en Compostela, o 5 de outubro de 982, que devolve á actividade real o selo galego en todas as súas manifestacións.

A Galicia do século X é eminentemente señorial en todas as súas zonas. Na zona asturicense proseguen o seu labor colonizador os herdeiros do conde Gatón, emparentados agora coa realeza e cos Menéndez, ascendentes inmediatos de San Rosendo[3]. Á súa sombra crecen por todos os cantos de Galicia as igrexas e mosteiros, en particular as alistadas na nova sé de Compostela. Na zona lucense prevalecen os Fernández, fautores máis destacados da repoboación lucense do bispo Odoario, baixo as ordes de Ordoño II, promotores dunha constelación de mosteiros que ten o seu centro en Ferreira de Pallares. A familia de San Rosendo, os Menéndez, agora enlazados cos Bitote, de Deza, prevalecen na zona portucalense e convértense nesta área nos grandes organizadores do espazo e das institucións eclesiásticas. A eles e aos seus auxiliares, como o conde de Porto, Vímara Pérez, débese o pulo do Condado Portucalense polo que se refire ao asentamento territorial da alta nobreza cortesá e ao permanente desafío político cara á Coroa leonesa. Cara a 942, cando San Rosendo inaugura o seu mosteiro de Celanova rodeado de 32 destes magnates galegos, a aristocracia do norte e do sur do Miño opera como un estado maior capaz de manobra política en todo o ámbito peninsular, incluídos os reinos árabes. Quen pode dubidar neste momento da autoridade e prestixio aglutinador de San Rosendo? É pai e artífice dunha nova forma de concibir o ser e o hábitat galego tanto no aspecto político coma económico e, por suposto, relixioso.

Dende unha perspectiva, practicamente monástica, a Igrexa de Galicia dá estabilidade e orde a este tenso tecido da axitada vida galega do século X. Ten moi clara a conciencia da súa tradición romano-visigoda que impón a permanencia da metrópole bracarense, mesmo cando os seus titulares se teñen que refuxiar en Lugo. As fuxidas de bispos,

3. Cfr. SÁEZ SÁNCHEZ, E., "Los ascendientes de San Rosendo. Notas para el estudio de la monarquía astur-leonesa durante los siglos, IX e X", en *Hispania* VIII (1948), pp. 1-136.

monxes e presbíteros aos refuxios da Galicia lucense son só parénteses forzosas, en espera de que a vida eclesiástica volva ás súas canles de sempre. O proceso de consolidación demóstrase agora na creación dos distritos territoriais maiores, equivalentes aos futuros arciprestados, que aínda levan o nome antigo de parroquias[4]. Nestes espazos eclesiásticos configúrase a pertenza das xentes que teñen por punto de referencia unha igrexa con pía bautismal e que pola súa sucesiva admisión ao bautismo e á eucaristía son chamados fillos da Igrexa. Dentro do seu radio están os campesiños, cada vez máis vinculados ao señorío: pequenos grupos de inxenuos ou de condición libre, labradores propietarios, multitude de servos ou libertos en semiliberdade que o reciben todo polo prezo do seu traballo[5].

Na vida monacal domina o panorama a figura de San Rosendo de Celanova. Bispo de Mondoñedo e organizador da vida relixiosa no seu espazo, comprende que se mantén equidistante das formas antigas, claramente caducadas, como a dos abades-bispos da antiga Dumio, que el non quere restaurar en terras mindonienses como das novas e non arraigadas no espazo galaico, como a regra beneditina que coñece e cita tanto cando se trata de organizar o mosteiro de Lourenzá (969) como ao emprender a súa grande empresa monástica en Celanova, dende 942 en diante. Coa mesma lucidez San Rosendo respecta as pautas monásticas existentes en Galicia, representadas maioritariamente polos mosteiros frutuosianos e a súa organización pactual e federativa, pero non a introduce nas súas grandes fundacións[6].

San Rosendo é un aristócrata[7] e pensa que a vida monástica pode ter tamén trazos solemnes e públicos, moi diferentes dos semieremíticos e ascéticos de San Frutuoso. Celanova é un cenáculo de liñaxe no que todo se fai con solemnidade e con seguridade. Corresponde a un momento en que o monacato carolino centroeuropeo se configura como un poder temporal e espiritual capaz de asegurar non só a autarquía económica senón tamén a tradición cultural. É o alento que San Rosendo intenta levar sen imposicións aos innumerábeis mosteiros galegos que necesitan de rexeneración para saír da órbita particular e familiar en que naceron, para formar unha rede compacta ao carón da Coroa e do Pontificado[8].

4. P. DAVID, *Etudes historiques surl a Galice et le Portugal du VII au XII siècle*, París 1947; e as novas achegas da monografía de RIVAS FERNÁNDEZ, J. C., *Antigüedad del episcopado auriense*, Ourense 2003.

5. CARRIL CARRIL, M. C., Edad Media, en *Gran Enciclopedia Galega* IX (1974), pp. 214-219.

6. ANDRADE CERNADAS, J. M., *El monacato benedictino y la sociedad de Galicia medieval (siglos X al XIII),* Sada - A Coruña 1997, pp. 25-46.

7. PALLARES, Mª. C. - PORTELA, E., "Elementos para el análisis de la aristocracia alto-medieval de Galicia: parentesco y patrimonio", en *Studia Historica* V (1987), pp. 17-32.

8. LINAGE CONDE, A. - FACI, J. - RIVERA, J. F. - OLIVER, A., "Organización eclesiástica de la España cristiana", en *Historia de la Iglesia en España, II-1º: La Iglesia y la España de los siglos VIII al XIV*, ed. J. Fernández Conde, Madrid 1982, pp. 168-170.

San Rosendo só parece apuntar este camiño. Tocaralle abrilo a Cluny e ao Císter que non tardan en chegar polo novo Camiño de Santiago a Galicia. A visión móstrase atinada porque o mesmo século X presencia o pobre espectáculo de moitos mosteiros familiares galaicos que son obxecto de transaccións hereditarias e se extinguen temporalmente tendo que compartir a sorte da estirpe que os plantou. En Caaveiro e Celanova deixou San Rosendo o seu selo e o seu modelo monacal: apertura acolledora cara ao mundo mozárabe que achegaba tradición e cultura hispano-romana adaptada aos tempos e códices de regras nos que figura como gran novidade a regra beneditina cos respectivos comentarios e a dotación capaz de garantir a autonomía e a independencia de cada cenobio, o cal era camiño e meta para o futuro[9].

O liderado social, ou máis ben, o papel hexemónico da familia de San Rosendo manifesta a súa vertente eclesiástica na colonización monástica e pastoral. O santoral ve ingresar numerosos santos xurdidos deste ambiente, aínda que non todos recoñecidos no *Martiroloxio Romano:* San Rosendo, o noso protagonista; Santa Ilduara, a súa nai; Santa Adosinda, a súa irmá; San Franquila, primeiro abade de Celanova; Santo Osorio Gutiérrez, o *Conde Santo* e fundador de San Salvador de Vilanova de Lourenzá; Santa Senorina, sobriña do Santo.

Pois ben, antes de analizar o argumento do meu relatorio, quero facer constar dous aspectos que coido importantes:

En primeiro lugar, que calquera obra humana é sempre colectiva, xa que se basea implicitamente no traballo doutros, e a miúdo, tamén, explicitamente porque solicita a axuda de xente competente. Como di moi ben Sabatino López, "tamén un anano pode abranguer coa vista un vasto panorama se se atopa sentado a ombros dos xigantes que o precederon"[10].

En segundo lugar, motiva a nosa conferencia o feito da celebración en Mondoñedo e Ourense da efemérides do MC aniversario do seu nacemento e a escasa divulgación do Santo fóra do ámbito académico. Por iso, esta sede cultural é unha ágora apropiada para a difusión e o coñecemento xeral, dende un mínimo de rigor e carácter científico necesario, da vida e obra de San Rosendo. O certo é que lle gustaba dicir ao sabio historiador santiagués López Ferreiro que a biografía de San Rosendo "debía ser coñecida por todo bo galego", exhortación que sería conveniente que non se vise limitada de ningún modo e se estendese a todo aquel que ame a verdade histórica e as grandezas do noso pasado.

9. MATTOSO, J., "A introduçao da Regra de S. Bento na Península Ibérica", en *Bracara Augusta* XXX (1976), pp. 5-19.

10. SABATINO LÓPEZ, R., *El nacimiento de Europa (siglos V-XIV)*, Colección Destinos do Mundo, tradución de J. Godo Costa, Barcelona 1965, p. X.

SAN ROSENDO, BISPO DE MONDOÑEDO

As virtudes van facendo acto de presenza naquel mozo. Armado coa forza da castidade, protexido cunha humildade sincera, fortalecido pola paciencia, elevado pola caridade máis aló do que pode dicirse, mereceu alcanzar o cume das ordes sagradas. Así creceu a súa sona até acadar a cota do episcopado. Segundo o seu biógrafo, o monxe Ordoño, esta elección fíxose cando contaba con 18 anos, o que concorda co tempo que exerceu os demais cargos até a súa morte acontecida aos 70 anos: un total de 32 anos no bispado e 20 na abadía.

Aos 18 anos era admirado polas súas virtudes cívico-morais. Sendo aínda novo e antes de cumprirse a idade canónica, 30 anos, é nomeado prelado da Diocese de Mondoñedo. A consagración resulta sorprendente porque os canons exixían que o bispo tivese unha idade mínima de 30 anos. De todos os xeitos, a noticia resulta fidedigna a xulgar pola documentación conservada. O motivo principal deste nomeamento hai que buscalo na súa estreita vinculación co seu parente e predecesor Sabarico II, ao que tiña un grande afecto. É consagrado naquel mesmo ano ou a comezos do seguinte, tan pronto como a igrexa mosteiro de Dumio quedou viúva e o rabaño sen o seu amado pastor[11].

O episcopado de Sabarico II comprende, segundo o P. Flórez, dende o ano 907 até o 925. O principal mérito deste bispo de Mondoñedo foi o ensino dos primeiros rudimentos das letras ao seu sobriño. Tamén intervén na confirmación de doazóns feitas á Igrexa do Apóstolo polo rei de Galicia Ordoño II, na delimitación dos termos das concesións feitas por Afonso III ao mosteiro e sé de San Martiño de Dumio. Así mesmo aparece na confirmación das posesións do mosteiro de San Martiño Pinario xunto ao bispo de Santiago Sismundo, participa nun concilio para tratar o restabelecemento das sedes de Tui e Lamego e restaura ou favorece igrexas como Santa María dos Monxes, ou mosteiros como Eslonza, San Pedro de Montes, San Cosme e San Damián, Santo Estevo de Ribas de Sil[12].

Pódese fixar, pois, a morte de Sabarico entre o 9 de marzo de 925 e o 25 de maio de 927, data en que se nomea por primeira vez como bispo a San Rosendo. E, dende logo, non hai inconveniente en pensar con Flórez que falecería en 18 de novembro, día de San Román, baseándose nas exequias mandadas facer na súa memoria por San Rosendo, naquela xornada, aos monxes de Celanova[13]. Queda descartada a posibilidade que formula Flórez de que o sucesor de Sabarico II fose un tal Recaredo, baseándose nunha escritura cuxa autenticidade é máis que discutíbel.

11. MAYÁN FERNÁNDEZ, F., *Obispos de Mondoñedo. San Rosendo*, Mondoñedo 1964, p. 16.

12. FLÓREZ, E., *España Sagrada. Teatro geographico-historico de la Iglesia de España,* Madrid 1763, t. XVIII, pp. 67-72.

13. ANDRADE CERNADAS, J. M., *O Tombo de Celanova: estudio introdutoria, edición e índices (ss. IX-XIII),* Santiago de Compostela 1995, ff. 2v-4r.

Como o Santo se criara na igrexa de Mondoñedo, e era tan visíbel a súa virtude, literatura e madureza dende a primeira idade, foi electo por bispo da mesma Igrexa, e non da dumiense xunto a Braga, como Morais e outros escribiron, xa que non había alí sé dende moito antes, xa que no ano 877 o rei Afonso III de León transferira a antiga sede de Dumio a Mondoñedo e concedera aquela igrexa e propiedades á nova igrexa mindoniense[14].

Describir o cadro do seu episcopado en Dumio, coñecendo a esmerada preparación en tempo adolescente, parece cousa inútil, pois con facilidade se adiviña, xa que como di Yepes: "o que en idade tan temperá, para outros fora verde, nel estaba moi madura e sazonada". O cardeal Jacinto afirma no breve da súa beatificación que "era verdadeiramente Bispo, pois foi consolo dos aflixidos, sustento dos famentos, ollo dos cegos e pés dos coxos e único socorro dos necesitados"[15]...

Poucas veces se daría o caso dunha elección tan sincera e tan espontánea. Mais o elixido procuraba deixala sen efecto por considerarse indigno por falta de idade e de merecementos persoais. Xa contraera íntimos desposorios coa soidade. Arrepiado coa inesperada nova que viña a desconcertar toda a súa felicidade, opuxo resolta negativa á aduladora proposta, sentindo a súa alma como oprimida por negra nube de tristura e desconsolo. Imaxinábase como unha débil nave exposta aos azares e perigos do alborotado mar do mundo, azoutada por vendavais e trebóns, perdida sen rumbo entre a revolta ondada E non só tería que arribar el a porto, senón que debía ser a salvación ou a ruína dun pobo confiado á súa inexperta pilotaxe.

A oposición de San Rosendo non facía máis que avivar o empeño e os desexos dos electores, que non obstante, non tiveran podido vencer a resistencia do Santo, se a este non se dignase advertirlle o Señor que era a súa vontade que aceptase. O labor que esperaba ao Santo á fronte da diocese mindoniense era inmenso: refacer igrexas, organizar a vida monástica e formar o clero, instaurar obras de caridade e instruír un pobo analfabeto, e cuns restos moi lánguidos de cristianismo[16].

Vales florecentes, fértiles chairas, serras escarpadas e abruptas, gándaras bravías e montes incultos, sentiron a man paternal e suave daquel home consagrado a Deus que nos demais vía a un irmán e no medio xeográfico, por hostil que fose, só unha ocasión propicia para santificar a súa vida abrindo, co traballo e a pregaria, novas fontes de riqueza. Aos clérigos debía ensino e exemplo, ao pobo predicación e saudábeis advertencias, aos

14. SÁEZ SÁNCHEZ, E., "Notas al Episcopologio Mindoniense del siglo X", en *Hispania* XXII (1946), pp. 20-26; 67-70.

15. DE YEPES, A., *Coronica de la Orden de San Benito*, Valladolid 1617, t. V, ff. 14 e ss

16. MAYÁN FERNÁNDEZ, F., *Historia de Mondoñedo. Desde sus orígenes hasta 1833, en que dejó de ser capital de Provincia,* Mondoñedo 1994, p. 5.

pobres sustento, aos peregrinos albergue, aos orfos e viúvas amparo e consolo. O culto divino era a súa principal preocupación. O seu ideal era que chegase a reflectir no posíbel a maxestade da divindade a quen se tributaba. A excelsa idea de Deus que tiñan os homes daquelas idades, en Rosendo axigantábase polas súas confidencias no retiro da noite. Todo lle parecía pequeno e indigno para Deus.

Neste sentido enténdese que funde varias igrexas e mosteiros, que repare e reedifique outros, como os de Louredo no Miño, e o de Sorga, que protexa e enriqueza con munificencia a aqueles máis necesitados[17]. Asiste á consagración do mosteiro de San Lourenzo de Carboeiro, invitado pola súa tía a condesa de Deza, dona Teresa. Relaciónaselle co de Portomarín e aparece confirmando a doazón de Gugina Eriz a Santa María de Ferreira. Recibe nun concilio celebrado no 23 de decembro de 927 o encargo da reparación do célebre mosteiro de Santa María de Loio, intitulándose *Sancti Martini Dumiensis monasterii episcopus*. É esta a primeira mención que se fai da súa sé, que non era outra que a de Mondoñedo, a onde fora trasladada a de San Martiño de Dumio[18].

Tamén intervén como pacificador no arranxo entre o bispo lucense Ero e a abadía de Samos. Pasara este mosteiro por varias vicisitudes, e xa no ano 922 recibiran o pai de San Rosendo e o seu tío Arias, do rei Ordoño II, comisión para restauralo. Cara ao ano 940 xurdiron algunhas graves diferenzas entre o bispo de Lugo e o prepósito Adelfio, que gobernaba provisionalmente o mosteiro. Comisionado San Rosendo para resolver esta cuestión, convocou unha xunta de magnates no lugar de Nogueira, e nela instituíu abade de Samos ao prepósito Adelfio[19].

Agora ben, San Xoán de Caaveiro e San Salvador de Celanova convértense en dúas referencias obrigadas ao falar da reforma monástica emprendida baixo o seu goberno.

SAN XOÁN DE CAAVEIRO

Será en Caaveiro onde comece a marcarse a harmonía, que na complexidade do carácter de San Rosendo resalta máis marabillosa, en forza do seu mesmo contraste, ao casar tan fermosamente o elevado xenio contemplativo co da enerxía práctica, a contemplación coa actividade, o cal constitúese nunha das máis singulares calidades da silueta do noso ínclito biografiado.

17. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *El monasteiro de San Juan de Caaveiro. Historia y Arte*, A Coruña: Deputación Provincial, 1999, p. 20.

18. GÓMEZ MORENO, M., *Iglesias mozárabes. Arte española de los siglos IX-XI*, Madrid 1919, p. 240, nota 4.

19. FLÓREZ, E., *España Sagrada*, o.c., t. XL, pp. 399-402.

O lugar e a súa etimoloxía

Máis alá de Pontedeume, e ao dicir máis alá referímonos ao norte e ao leste, pois cara ao oeste está o mar, no medio dunha paisaxe bastante agreste, onde os montes non son moi altos, pero si abruptos, cheos de arboredo, de barrancos, de toxeiras e de maleza, eríxese o mosteiro de Caaveiro. Hai, poñamos, uns mil anos debía de ser igual, ou peor. Porque, á fin e ao cabo, o aumento de poboación, a civilización, as vías de comunicación, recortaron esas soidades máis ou menos selváticas, que entón debían de ser moito máis densas.

De calquera modo, aquela paraxe rural, abandonada polo urbanismo romano, cumpre co ideal do monacato medieval. A ascética monástica requiría a soidade, máis aínda, a virxindade da natureza nas súas expresións máis primitivas e descarnadas. No Eume medio, o ril máis abrupto das serras da Capela, o panorama é impoñente. Así o describe Montero Aróstegui:

> *"Só se percibe un rápido fondal, cal se fose unha greta aberta naquelas montañas; pero as escarpas cortadas que as circundan están case cubertas dende o cume até o pé das árbores frondosas e louzás, cunha vexetación tan precoz, que forma un raro contraste coa aspereza que o terreo presenta até o cumio, ...despois que se acaba de baixar, percíbese un cadro sorprendente, ...un elevada pena, rodeado e bañado polo Eume e por outro regato, nomeado Sesín, non ten máis entrada que unha lingüeta de terra ou istmo pola parte noroeste. Os demais lados da pena, quebrados case perpendicularmente, forman barrancos profundos e impoñentes"*[20].

En resumo, un angosto e profundo anfiteatro de montes abarrancados, unha pena fortaleza na confluencia de dous regatos montañeses, todo enmarcado pola puxanza bravía do monte baixo galego. En aquel lugar naceu Caaveiro.

E xorde como primeira cuestión a do nome. Pero aquí non queda lugar a dúbidas. Os documentos son definitivos: Calavario, escrito nalgunhas ocasións con "k", Kalavario, e algunha vez con "ch", Chalavario. É digna de consignarse a constancia con que se mantén esta forma na documentación do mosteiro, en contraste con outras modificacións, procedentes sempre de fóra, así no testamento de dona Urraca Fernández chámaselle Calaveyro; e nunha bula de Anastasio IV, Calaveria. De aquí saíu o moderno Caaveiro, segundo Couceiro Freijomil por intermedio dun primitivo galaico Calabeyro ou Calabeiro. Pola nosa parte, temos que dicir que nos documentos que manexamos non hai

20. MONTERO E ARÓSTEGUI, J., *Historia y descripción de la ciudad y departamento naval del Ferrol*, Madrid 1859, p. 654.

rastro destas formas intermedias; e no primeiro documento romance aparece xa como Caaveyro. En cambio, a voz Calaveyro aparece, como acabamos de ver, pero non nun documento latino, senón nun romance.

Sobre a etimoloxía hai dúas opinións: Saralegui e outros atopan a súa orixe no latín Calvariae como semellanza, rubricada polo fervor cristián dos primeiros monxes, co outeiro do Gólgotha. Fronte a estes sostén un parecer distinto Ángel del Castillo, seguido por Couceiro: "A voz Calavario é, á súa vez, metátese de Cavalario, derivada do termo latino cava, equivalente a gabia, que vale tanto como oco, cóncavo, afondado"[21]. Sen querer decidir, cremos que, como se viu, na toponimia do lugar poden apoiarse ambas as dúas etimoloxías.

Orixe de Caaveiro

É difícil facer a historia de Caaveiro. Difícil, por falta de base documental abundante. Existe un tombo e, á parte, unha serie de pergamiños, xeralmente copias dos propios documentos do Tombo, existentes un e outros no Arquivo Histórico Nacional de Madrid[22], e que foron utilizados en diferentes traballos e teses de doutoramento. Pero todo este acervo documental refírese sobre todo ao movemento de posesións territoriais que afectaban ao mosteiro, doazóns, adquisicións, vendas, foros, e algúns privilexios reais ou das potestades eclesiásticas; e só con isto non é doado naturalmente facer unha historia completa. Por outra banda, a bibliografía non é tampouco moi abundante. Unicamente un puñado de datos, espallados aquí e alá en obras xerais: Flórez, Argáiz, La Fuente, López Ferreiro, Murguía, Montero Aróstegui, Saralegui, Couceiro Freijomil, e poucos máis.

Polo demais, e non obstante os encomios de case todos os autores citados, a importancia do noso mosteiro debeu de ser un pouco de segunda orde. Casas moi potentes facíanlle sombra: dunha parte, a opulenta abadía de San Martiño na desembocadura do Xuvia, grande foco de feudalismo eclesiástico no noroeste de Galicia; doutro lado, a esfera poderosa de Sobrado, que até aquí chegaba. Máis tarde, ás súas mesmas portas como quen di, xorde Monfero, xa para sempre o rival constante e implacábel orixe de interminábeis enfrontamentos e preitos. Cando Monfero se incorporou á comunidade cisterciense de Sobrado, a situación de Caaveiro debeu de aparecer aínda máis pechada. Entre os cluniacenses de Xuvia, e o Císter de Monfero e Sobrado, a comunidade de Caaveiro, simples cóengos regulares de Santo Agostiño, houbo de sentir a falta dunha orde poderosa que a avalase.

21. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puentedeume y su comarca*, Santiago 1944, p. 54.

22. Cfr. FERNÁNDEZ DE VIANA E VIEITES, J. I. - GONZÁLEZ BALASCH, M. T., *El monasteiro de San Juan de Caaveiro: Tumbo,* A Coruña: Deputación Provincial, 1999, pp. 105 e ss.; Ide., "Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro", en *Cátedra IX* (2002).

En canto á orixe histórica, queda desautorizada a teoría de Aróstegui. Manexando con enxeñosidade certas conxecturas e detalles (como a pretendida cruz sanxoanista das molduras da Colexiata), deixa no aire a insinuación, que nel se adiviña convencemento de descubridor, de se a súa fundación non estaría ligada aos cabaleiros hospitalarios de san Xoán. Con todos os respectos para o historiador de Ferrol, parécenos que entón a Historia, e máis particularmente a Historia de Galicia, escribíase máis coa fantasía que cunha investigación concienciuda; e a aparición da gloriosa orde militar, compañeira e rival do Temple, nestas afastadas bisbarras galegas, sería dende logo un dato de grande importancia, se non fose que, como xa sinalou Salaregui, cando se funda a Orde do Hospital en Xerusalén en 1104, xa Caaveiro levaba máis dun século de existencia.

Non; hai que buscar cousas máis sinxelas e naturais. López Ferreiro dános os trazos fundamentais do movemento eremítico na Alta Idade Media galega: pequenos grupos de cristiáns afervoados polo sentido impetuoso da piedade naqueles séculos medios, buscaban no illamento xeográfico a ascese contemplativa da vida cristiá; e agrupábanse en torno a un clérigo, nunha incipiente comunidade: unhas cantas chozas e unha humilde ermida. Talvez foi esta a orixe de Caaveiro[23].

San Rosendo e Caaveiro

Sexa como fose, a súa aparición na Historia está ligada a unha gran personalidade: San Rosendo. Seguramente sen a crenza duns comezos ligados á figura destacada de San Rosendo, o pequeno mosteiro de Caaveiro merecese menos atención por parte dos historiadores. Segundo a tradición, se ten a San Rosendo como fundador do mosteiro de Caaveiro, onde viviu antes de retirarse a Celanova e antes de ser elixido bispo da sede compostelá. Todos os autores, de acordo con esta tradición constante, son unánimes na paternidade fundadora do santo.

O padre Yepes, Argaiz, La Cueva, Flórez e López Ferreiro seguen e admiten o contido da tradición e atribúen a fundación do mosteiro de Caaveiro a San Rosendo. Quero referir aquí o que di ao respecto o P. Benito de la Cueva:

> *"Muchos Monasterios fundó San Rosendo en Portugal, y en Galicia[24], siendo obispo de Dumio, y Mondoñedo. Pero del de San Juan de Caveyro solamte tenemos noticia. Este Mon° está sito en el Arzobispado de Santiago*

23. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., "El monasterio de San Juan de Caaveiro: estado de la cuestión, fuentes, historia y problemas", en *Cátedra* III (1996), pp. 21-26.

24. Esaxeración igualmente motivada polo xénero haxiográfico sen contraste documental ningún. Cfr. HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, J. R., *San Rosendo. Obispo de Mondoñedo, fundador de Celanova y pacificador de Galicia,* Madrid: BAC, 2007, pp. 111-131.

cerca del Ferrol en una aspereza de Breñas, y Montes tan asperos que apenas se puede andar a cavallo por ella. La soledad del sitio da a entender que san. Ross^do^ edificó este Mon^o^. en el, para Monges de S^n^ Benito, que siempre se ocupan en orazion, y contemplazion conforme a su Regla. A este monasterio venia el Santo de quando en quando; tomava en el refresco espiritual, y bolvia con nuevas fuerzas al govierno de su Obispado.

En este Monasterio haze san Ross^do^ cada dia muchos y grandes milagros; a mi me ha hecho ponderar como en Zelanova, donde está su santo Cuerpo, no haze en estos tiempos, que vemos, algun milagro, y en San Ju^o^ de Caveyro continua sus maravillas antiguas? San Gregorio el Magno responde a esto, en el libro 2 de los dial. cap 38 que los santos hazen maravillas, donde son venerados, para conservar la fe de sus devotos y para aumentarla; y no hazen milagros, donde estan sus reliquias; porque alli no son menester para eso[25]*. Conservanse en este Mon^o^ algunas prendas de San Ross^do^ como son la casulla, y caliz, con que el Santo dezia Misa, y muchas reliquias de santos, que dio a este Convento; la casulla es de estraña hechura en forma de capuz sin capilla; para dezir Misa con ella hera menester, que al Sacerdote, despues de vestido, le levantasen, lo que caya sobre los hombros. Vease Ambrosio de Morales 2 p lib 16 cap 36*[26]*. D^n^. Mauro Ferrer de Castela en la Historia de Santiago lib 4^o^ cap. 12 dize que S^n^ Rossdo fundó este Mon^o^ para Canonigos reglares de San (p. 40) Agustín y que el mismo Santo fue Prior en el, antes de ser obispo. El año pasado de 873 mostré que este Autor se engañava en dezir que San Rosendo hubiese sido Prior de Caveyro antes de ser Ob^po^; aora provaré tambien que se engaña, en afirmar que este Mon°. se fundó para Canonigos; porque a todo lo que alcanzo, el Santo le fundó para Monges de S^n^ Benito, como arriba dige. San R^o^. fue muy devoto de Nro. Patriarca San Benito*[27]*, criose con sus Monges en Lorban, mientras fue Obispo en Dumio, y en Mondoñedo guardó su santa regla; porque los Cavildos de estas Y glesias heran Monges Benittos, que la guardavan; en todos los Monasterios, que edificó asi para hombres, como p^a^ mugeres, establezio la santa regla; pues claro está que hizo lo mismo en Caveyro. En el Ynventario de Monasterios, que estubie-*

25. GREGORIO MAGNO, SAN, *Diálogos*, lib. II, cap. XXXVIII. Cfr. DE MORALES Y OLIVA, A., *Los cinco libros postreros de la corónica general de España que continuaba...*, Córdoba 1586, t. II, lib. XVI, cap. LX, p. 156.

26. Ademais desta cita do propio La Cueva en tempos máis recentes subliña as relacións entre San Rosendo e Caaveiro e fala destas supostas reliquias súas, LÓPEZ CARBALLEIRA, A., *Místicos gallegos. San Rosendo (siglo X),* Santiago: Impr. del Seminario, 1909, pp. 83 y ss., 198-199. Actualmente casula e cáliz se gardan na igrexa da Capela.

27. Xa se dixo que é moi difícil de aceptar o beneditinismo de San Rosendo, aínda que elementos da súa regra influísen nalgunha das regras monásticas seguidas nestes momentos.

ron sugetos a Zelanova hallo á San Juan de Caveyro; y aunqe entre ellos hubo algunos de Canonigos, y clerigos; pero este fue de Monges, como lo dize alli por estas palabras: Monastm. S Joanis de Caveyro, q~ primum credr a S. Pe. et Dnô. nrô. Ro. aedificatum, et monachis datum. Confieso que este Mon°. aora es de Canonigos, o clerigos; pero de ay no se puede inferir, que en sus principios lo fuese; pues grandes Monasterios han padezido estas mudanzas, y otras mayores, como lo veremos en esta Historia"[28].

Non obstante, outros autores máis contemporáneos cren que a vida monacal en Caaveiro é anterior a San Rosendo, e que o que a el se debe é a nova estruturación do mosteiro, no que reuniu varios ermitáns e monxes que facían vida penitente naquel afastado lugar, escollido por el para vivir illado do mundo, antes de retirarse definitivamente á nova fundación de Celanova[29].

Afianza a forza da tradición que vincula a San Rosendo ao primitivo mosteiro de Caaveiro o documento no que se contén a doazón que San Rosendo, co bispo Ero, os abades Rodrigo e Anagildo e o clérigo Sisnando, fixeron ao mosteiro de Caaveiro o 15 de marzo de 936. É como unha carta fundacional polo total de facendas, libros, aparellos e gandos que os doadores entregaron aos monxes que entón estaban en Caaveiro. Interesante o contido da doazón, por ela sábese que o mosteiro na primeira metade do século X estaba adicado a San Xoán Bautista, sendo o seu abade o monxe Exum, a quen acompañaban os monxes Velasco, Frugulfo, e Astrupidio, ademais doutros irmáns que tamén se mencionan no documento[30].

Doan para o sustento e vestido dos monxes que alí moraban e a partir deste momento habían de morar, observando a Regra de San Bieito, a igrexa, ornamentos sagrados, libros e todo o necesario para o culto e para o sostemento da vida regular. As casas que se construíran para vivenda dos monxes e todo o territorio no que estaban os lugares, igrexas e herdades enumeradas no documento, adquiridas polos doadores, unhas por compra e outras por herdanza. Faise un aparte cos bens doados por San Rosendo, a quen chaman o noso bispo, e outro coas compras e permutas feitas polo conde Afonso e outros clérigos e señores para unificar os bens doados ao mosteiro, os termos da cal cotan e marcan os señores que fan a doazón[31].

28. DE LA CUEVA, B., *Celanova Ilustrada y Anales de San Rosendo*, ed. J. R. Hernández Figueiredo et alii, Ourense: Duen de Bux, 2007, pp. 39-40 [del códice].

29. PORTA DA ACIÑEIRA, A., "Aportación al estudio del Monasteiro de Caaveiro", en *Estudios Mindonienses* II (1986), pp. 225-258.

30. Así o afirma o medievalista GARCÍA ÁLVAREZ, M. R., tal como se recolle no Museo Etnolóxico DE RIBADAVIA, *Depósito* Rubén García Álvarez, caixa 12/03.

31. Esta circunstancia xa foi sinalada por FREIRE CAMANIEL, J., *El monacato gallego en la Edad Media*, A Coruña, 1998, t. I, p. 201, nota 34.

Entre os que asinan o documento da doazón aparece a sinatura de quen subscribe en nome dos anacoretas que había na demarcación do mosteiro. Di: *In nomee anacoretas in his ruris manus meas roboraui.* Prescindamos do barbarismo do decadente latín. Agora ben, o que está claro é que en Caaveiro, baseándonos na sinatura do documento, había ermitáns que vivían nos seus retiros, pero relacionados e dependentes do mosteiro, que contaba co abade Exum na data da doazón. Os anacoretas eran monxes que, ansiosos de vida máis retirada, illábanse co consentimento do abade do mosteiro, ao cal acudían en determinados días de festa. San Bieito menciona no capítulo primeiro da súa Regra os monxes ermitáns, como creo que serían os anacoretas que asinan na carta fundacional do mosteiro de Caaveiro.

Ao ler a doazón que San Rosendo fixo a Caaveiro, un dáse conta de que xa entón quería realizar neste cenobio o que despois había de levar ao cabo con tan soberana magnificencia en Celanova. Esbozaba por esta data na súa mente a grande idea que máis tarde desenvolvería en plenitude no lugar de Villare. Caaveiro estivo a un paso de obter a enorme importancia que na historia da nosa patria tivo Celanova. Casas, terreos, enxoval litúrxico, libros sacros e libros de estudo como as obras dos santos padres, códices valiosos, vidas de santos, tratados místicos e a regra de San Bieito, constitúen o seu regalo para o servizo do templo[32].

Caaveiro é un elemento imprescindíbel na vida do santo, e xa o seu antigo biógrafo latino, o monxe Estevo de Celanova, fala do seu retiro no mosteiro, *in Mosteiro Caberi contemplatione vacaret*. A voz xeral dos autores sinala este carácter de refuxio do espírito, que ten Caaveiro, para o dinamismo fundador e organizador, relixioso e político do gran bispo galego. Flórez di mesmo que "se retiraba a exercicios espirituais"[33]. O entusiasmo de López Carballeira suxire algo máis:

> *"A Caaveiro debe San Rosendo todo canto é. Non só estivo alí, como apuntan, cal dato de simple curiosidade e erudición, todos os seus biógrafos e cronistas: alí moldeouse o seu admirábel carácter; alí formouse o grande home; alí fóronlle impresos os trazos todos da súa fisionomía interna; alí o seu temperamento, apto e disposto por natureza, quedou moldeado plenamente, e a súa xigantesca personalidade marcada para sempre"*[34].

Certa tradición incorpora mesmo Caaveiro á vida do Santo en data temperá: uns fano prior do mosteiro na súa plena xuventude como Castellá Ferrer, outros o consideran

32. AHN, *Clero: Tombo de Caaveiro,* códice 1439B, ff. 2-3; cfr. A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago 1899, t. II, pp. 122-125.

33. FLÓREZ, E., *España Sagrada,* o.c., t. XVIII, pp. 78, 382.

34. LÓPEZ CARBALLEIRA, A., *San Rosendo* (siglo X), o.c., p. 28.

abade deste despois de residir alí en calidade de monxe, tal como refire Couceiro. En cambio, Morais e Yepes din que a devandita fundación ten lugar sendo bispo de Mondoñedo; pero Argaiz afirma taxativamente que "non foi senón sendo persoa particular, que como era tan rico podía moi ben facelo, e aínda isto sería coa sombra dos seus pais"[35]. Dende logo, atopamos un tanto estraño este abadengo tan precoz e máis aínda a suposición dun período anterior de simple monxe.

En Caaveiro houbo, pois, algo máis que a sombra protectora do gran Santo, houbo a súa presenza tanxíbel. Dentro da ermida das Neves, na freguesía de Soaserra, conservábase hai algúns anos unha alba que se dicía que pertencera a San Rosendo, ademais dunha interesante inscrición relacionada co Santo. En Caaveiro gardáronse por moito tempo nun retablo-relicario varios obxectos que tamén se lle atribúen[36]. López Ferreiro dinos que "son tan vivos os recordos que en Caaveiro se conservan do glorioso santo, que se diría que alí residira sempre, até o seu último momento"[37].

Concluíndo, San Rosendo como bispo reedifica e fai doazóns ao mosteiro de San Xoán de Caaveiro - A Capela, A Coruña -, onde adoitaba retirarse a orar. Alí gustáballe pasar frecuentes tempadas entregadas a piadosas prácticas, afundido entre aquelas sublimes asperezas e fragosidades, que o atraían irresistibelmente. Aquel lugar recóndito encerraba para el un arcano, tanto máis fascinador, canto máis oculto. Talvez o inescrutábel arcano do seu porvir. Dende entón foi o deserto a súa constante ilusión. A duras penas se separaba daquel regazo moito máis brando e doce que o mesmo regazo materno. No seo da soidade atopou realmente San Rosendo un gran tesouro, como o atopan cantos teñen a dita de alcanzar os seus favores. Era, certamente, a soidade, imitación do paraíso.

A importancia da nova fundación foi recoñecida polos reis e señores que ao longo da súa historia a favoreceron con franquías, doazóns e privilexios. Así, por esta mesma época de San Rosendo, intervén na vida do mosteiro outro personaxe importante: trátase dun titulado rei de Galicia, certo don Bermudo, de non moi clara identificación[38], que no 934, segundo Vaamonde Lores, que publica o documento, concede ao mosteiro a súa casa, "meam domum", da vila de Vermúi, coa totalidade da vila, incluída as súas dúas igrexas de Santiago e San Xurxo. Este detalle de "meam domum", é dicir, dunha residencia na vila de Vermúi, tan dentro da esfera de Caaveiro, puidese ser sinal de relacións estreitas entre o

35. DE ARGAIZ, G., *La soledad laureada por San Benito y sus hijos,* Madrid 1615.

36. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA, *Fondo Xeral, Caaveiro*, libro 345, caixa 494, f. 34.

37. LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la S. A. M. Iglesia de Santiago de Compostela, o.c.,* t. II, p. 365.

38. Segundo a data que dá Vaamonde Lores, 934, é difícil localizar a este don Bermudo, a non ser que se tratase dun pretendente ao trono galego naqueles confusos tempos da sucesión de Ordoño II, por exemplo, un fillo descoñecido deste rei, e rival de Ramiro II. Pero se lemos a data como da era vulgar, sen facer o desconto, podería talvez ser aquel Don Bermudo que a nobreza galega oporá pouco despois a Ramiro III. De todos os xeitos, a situación de Galicia dentro do Imperio leonés, como territorio amplamente autónomo, ás veces con categoría de reino, é moi digna de estudo.

mencionado príncipe e o mosteiro. No documento, que confirma entre outros San Rosendo, volve aparecer a xa citada comunidade do abade Exum e os monxes Velasco, Frugulfo e Astrupidio, aumentada agora con seis novos secuaces, Sisnando, Hermenegildo, Ero, Vímara, Anagildo e Jeremías; a todos eles se lles dá o nome de cóengos.

Hoxe, en día, este documento é descartado pola crítica histórica por consideralo falso. Xunto a este diploma e á confirmación da doazón de San Rosendo xa referida e que aparece sumada a outras doazóns, figuran no Tombo de Caaveiro outros tres documentos. Son todos eles copias do século XIII, que foron mandadas realizar posibelmente polo prior Martín Rodríguez (1220-1259) e escritas segundo os autores que se teñen ocupado de transcribir o tombo, por un escribán principal. Presentan graves problemas de datación, porque apenas se corresponden co período durante o que San Rosendo ocupa a sé mindoniense, entre 925 e 942. Só dous deles se enmarcan dentro deste prazo de tempo. En definitiva, trataríase dunha serie de documentos, entre eles varias doazóns do bispo San Rosendo, cuxos orixinais non chegaron até nós, sendo anteriores ao ano 936[39].

DESPOIS DE SAN ROSENDO ATÉ OS NOSOS DÍAS

Neste momento a historia de Caaveiro sofre unha verdadeira eclipse, até que comeza o século XII. É extraordinario este hiato, que ocupa máis de cento cincuenta anos; tanto máis, canto durante estes anos a vida histórica da rexión debeu de ser bastante axitada: primeiro, os asaltos piratas normandos, coas reaccións vigorosas de Ramiro de León e o conde Gonzalo; máis tarde, a ofensiva terrorífica de Almanzor, que despois de deixar en cinzas Compostela, chega nas súas últimas proxeccións até as terras de San Cosme de Maianca, nas proximidades da Coruña.

Co século XI, desaparecidos os normandos, eliminando o poder do Califato, e saltando con Fernando I e Afonso VI a fronteira do Douro ao Texo, a situación para as bisbarras interiores comezou a despexarse. Pero nas costas perdura a ameaza sempre proveniente do mar. Agora son os corsarios musulmáns de Portugal, que someten a un duro asedio de correrías as rías e os esteiros galegos. É que acaso nalgunha destas catástrofes, que forzosamente rozaron moi de preto o mosteiro, sufriu contratempo o arquivo e a documentación? Todo é posíbel, aínda que non pasa de ser unha conxectura sen ningunha proba que a avale.

Máis adiante, en xullo de 1147, o rei Afonso VII doou ao mosteiro de Caaveiro, na persoa do seu abade Pedro, tres igrexas reguengas que o rei posuía en terra de Prucios, que eran Santa María de Doronia, Santa María de Centronia e Santiago de Boeure, con todos

39. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *San Rosendo, fundador de mosteiros. O caso de San Xoán de Caaveiro, en Rudesindus. A terra e o templo.* Catálogo da Exposición, Catedral de Mondoñedo, 8 de maio -9 de xuño, 2007, Xunta de Galicia - Xacobeo, 2007, pp. 295-315.

os seus dereitos e herdades. Este documento foi outorgado nas beiras do Guadalquivir, cando o rei facía a guerra contra os mouros, atopando entre os que formaban a comitiva real un monxe de Caaveiro, chamado Pelagio Johannis. Anos máis tarde, outubro de 1164, Fernando II doou ao mesmo mosteiro a igrexa de Santa María de *Ripa Eume*, así como a vila de Bermúi con todas as súas herdades e posesións, engadindo o privilexio de couto, polo que eximía os vasalos ou veciños da mencionada vila de toda xurisdición que non fose a do abade de Caaveiro, estabelecendo que non pagasen ningunha clase de tributo ou foro a outro señor, que non fose o superior do mosteiro[40].

O mosteiro beneditino transformouse na Casa de Cóengos Regulares de Santo Agostiño, sen que se poida concretar en que ano se fixo a erección da comunidade de cóengos que veu suplir aos beneditinos. Por un mandato ditado polo rei Fernando III, o 13 de novembro de 1238, este doa ao mosteiro de Caaveiro a igrexa de Santo Estevo de Herenes co seu couto[41]. Polo texto vese que no terceiro decenio do século XIII Caaveiro era gobernado por un abade, o que fai supoñer que aínda seguía como mosteiro beneditino. Anos máis tarde, en setembro de 1286, Sancho IV confirma a doazón referida de Fernando II, por pedimento de Froila Pérez, cóengo do mosteiro de San Xoán de Caaveiro. A proba que facilita este documento é concluínte, pois menciona non aos monxes senón aos cóengos como moradores do mosteiro de Caaveiro. Polo tanto, pódese afirmar que na segunda metade do século XIII Caaveiro pertencía aos cóengos regulares de Santo Agostiño.

A importancia que paulatinamente adquiriu o mosteiro foi grande, de aquí que non estrañen as inquietudes que lle produciron os señores da Casa de Andrade, que en distintas ocasións se apoderaron dos bens do mosteiro[42]. Coñécense os textos de distintas provisións reais, nas que se ordena aos señores das bisbarras de Monfero, *Ripa do Eume* e Betanzos, que deixen en liberdade os vasalos da igrexa de Caaveiro e se absteñan de esixirlles tributos e foros opostos aos privilexios de que gozaban os que vivían dentro do couto xurisdicional do mosteiro e real igrexa colexiata. No primeiro decenio do século XVII, o mosteiro ou cóengos de Caaveiro tiñan o dereito de presentación en 17 freguesías, das 30 que integraban o arciprestado de Bezoucos, ao que pertencía a igrexa de Caaveiro. Estes dereitos foron causa de máis dun preito, pois os cóengos de Caaveiro se aferraban ao dereito de exención da xurisdición do bispo.

No XVIII, Caaveiro perdeu o carácter de colexiata[43]... Proxectouse o seu traslado a Ferrol, traslado que non chegou a realizarse, aínda que foi aprobado pola Real orde do

40. Cfr. LÓPEZ SANGIL, J., "Historia del monasteiro de Santa María de Monfero", en *Estudios Mindonienses* XIV (1998).

41. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *El mosteiro de San Juan de Caaveiro. Historia y Arte, o.c.*, pp. 35-40.

42. *Ibíd.*, pp. 45-49.

43. CORREA ARIAS, J. F., "Caaveiro e a crise do Antigo Réxime", en *Cátedra* III (1996), pp. 190 e ss.

30 de xaneiro de 1788, e con iso xa non a proveron os cargos nin as dignidades do cabido da colexiata. Cos últimos cóengos fóronse moitos anos de historia e o elemento humano que daba vida a unhas pedras preñadas de arte e de recordos. O cóengo Miguel Mon, a última autoridade con carácter de prior de Caaveiro, morreu en 1806. A desaparición da vida monacal de Caaveiro trouxo a conseguinte ruína do que alí había. Por lei de 1841 todos os seus bens foron incorporados ao clero secular, despois que o Estado se apropiara das rendas e propiedades que pertenceran á comunidade de cóengos regulares nos días da desamortización (1836). Con isto os seus bens foron postos en venda, pasando a propiedade de señores particulares, e non tardou en chegar o éxodo das imaxes, ornamentos, reliquias e pezas artísticas que había na igrexa mosteiro[44].

As reliquias de San Rosendo foron levadas á catedral compostelá, e ás igrexas de Capela e Soaserra varias imaxes e campás da torre da igrexa, quedando en Caaveiro o silencio, o abandono e a triste soidade. A finais do século XIX un veciño de Pontedeume, D. Pío García Espiñenta, impúxose a ardua tarefa da restauración da actual igrexa de Caaveiro, baixo a dirección do cóengo compostelán D. Antonio López Ferreiro. As obras déronse por rematadas no mes de agosto de 1896, coa solemne inauguración do templo, que tivo lugar o día 30. As recensións do acto din que celebrou a función eucarística o franciscano Padre Castellanos, achegándose a recibir a comuñón, entre os fieis que o fixeron, un ancián de oitenta anos, fillo dunha familia que, como colonos, habitaba nas dependencias da antiga colexiata. E, D. Pío García, restaurador do conxunto, foi sepultado preto do altar maior da igrexa restaurada[45].

A TRADICIÓN POPULAR

Se non dispoñemos de soporte documental que probe que San Rosendo fundou Caaveiro, ou que neste mosteiro foi prior ou abade, no estado actual dos nosos coñecementos non podemos desestimar totalmente que existise algún tipo de relación entre este mosteiro e o santo fundador. Esta relación ben puidese ser do tipo da que xa apuntou López Ferreiro seguindo autores anteriores, que beben da tradición: "de tempo en tempo retirábase a algún mosteiro para recoller o seu espírito na soidade e no silencio e volver despois con novas forzas ao exercicios do cargo pastoral. Un dos sitios que con predilección buscaba San Rosendo era o convento de Caaveiro"[46].

Non sabemos da antigüidade da tradición que une a San Rosendo coa fundación de Caaveiro ou que fala de Caaveiro como lugar de retiro. *Na Vita Rudesindi* escrita por

44. DE SA BRAVO, H., *Caaveiro, monasterio de, en Grande Enciclopedia Galega* (1973), pp. 99-103.

45. Cfr. LUGILDE ARIAS, C., "Don Pío García Espiñenta e ou breve renacer de Caaveiro", en *Cátedra* III (1996).

46. LÓPEZ FERREIRO, A., *Biografía de San Rosendo,* Mondoñedo 1907, p. 18.

Ordoño de Celanova, que Díaz e Díaz, Pardo Gómez e Vilariño Pintos supoñen anterior ao 1172, só se di que San Rosendo fundou algúns mosteiros. Na versión posterior ou *Facta et Miracula Sancti Rudesindi*, considerada copia de século XVI, si menciona o feito da fundación e o retiro, tal como xa se referiu máis arriba. De tales noticias fanse eco Ambrosio de Morales, Yepes, Argaiz, La Cueva e Flórez, converténdoa nunha categoría histórica.

Sexa como for, se o obxectivo da tradición foi unir o mosteiro co Santo, conseguírono con creces. Os habitantes viron en San Rosendo unha especie de fundador e así o expresan sempre que poden. Nas constitucións mandadas copiar polo prior José de Vergara, en 1671, nun libro de fábrica, escríbese: "Otras Constituciones están en este archivo sacadas y hordenadas de la regla Primera de nuestro padre San Agustín y dada a los canonigos regulares, la cual se obserba y guarda desde su primera fundaçion y desde el tiempo de S. Rosendo antes del año del Señor de quinientos y quatro y en este año era abbas y Prior Pero de Velasco, compañero suio"[47].

A relación de San Rosendo con Caaveiro transmitiuse oralmente. En 1769, Antonio Arias Somoza, arcediago da catedral mindoniense, visita o mosteiro de San Xoán de Caaveiro co mandato de informar sobre o seu estado[48]. Aproveitando a ocasión, o visitador quixo esclarecer as orixes do mosteiro. A tradición dicía que nos arredores había unha serie de covas ou ermidas onde xa dende había moito tempo se recollían anacoretas e ermitáns, unha capela dedicada a Santa Cristina[49] e un hospital para pobres e peregrinos. Para comprobar a veracidade destas noticias, convoca unha serie de anciáns da bisbarra, aos que fai declarar por separado baixo xuramento. Os anciáns afirmaron que eran certas as noticias transmitidas pola tradición, de modo especial a existencia da referida capela de Santa Cristina e o hospital.

Por outra banda, Caaveiro alimentou a lenda do Santo de modo que a fama do ilustre monxe se foi estendendo por toda España a través da tradición popular. Vexamos algúns exemplos. As doazóns de San Rosendo cimentaron a importancia do cenobio de Caaveiro, e proba diso testemúñao a conciencia popular por medio dos seguintes versos: "O Mosteiro de Caaveiro, / mointo lle ten que agradecer; / a San Rosendo séu fillo; / que lle déu bens e poder". Como San Rosendo é un personaxe tan querido polo pobo, enténdese que este contribuíra ao engrandecemento da súa memoria con algunha que outra lenda como a que segue.

47. DE CASTRO ÁLVAREZ, C., *Igrexas románicas da Comarca do Eume*, Pontedeume 1997, p. 111, nota 269.

48. FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, A., "Novos datos sobre Caaveiro: un levantamento do enxeñeiro dezaoitesco Francisco Solinis e unha descrición da colexiata", en *Cátedra* XII (2005), pp. 171-184.

49. Esta capela tamén era mencionada polos cóengos no informe que en 1761 lle mandan á Real Cámara.

Cóntase que San Rosendo tivo durante a súa estancia en Caaveiro un movemento de impaciencia ante unha daquelas xistras tan correntes no inverno galego, e que en aquelas paraxes son bastante impoñentes, ao comentar: "Que escuro está o ceo!". Ao momento cae na conta de que a frase é un insulto á obra de Deus. Impoñéndose o seu espírito de humildade e acatamento absoluto á obra de Deus, castígase, botando ao Eume o seu anel abacial, á vez que prega ao Señor que cando chegue o perdón do seu pecado llo devolva. Sete anos máis tarde, cando frei Pucheros está a preparar un reo do Eume - nalgunhas partes din unha troita -, atopa no seu estómago o anel do Santo. Faillo saber a este e Rosendo comprende que a súa soberbia meteorolóxica foi condonada[50].

A tradición popular cántao así: "Un día de trebón, / San Rosendo tivo medo; / perdeu a chave dá casa / e ou anelo do seu dedo. // A San Rosendo en Caaveiro, / caélle ou anelo no río; / tróuxollo un peixe grande / prendidiño no séu vico"[51].

Outros varían o relato, e substitúen o anel abacial pola pequena chave do ferrollo do áspero cilicio que a cinguiu. Carballeira recolle a lenda da chave:

"Un día de gran tempestade, ao asomarse á ventá da súa cela exclamou: Que escuro está o ceo! Recriminándose ao punto a súa conciencia pola impremeditada frase, que puidese entrañar censura á Providencia, cinguiu o áspero cilicio, pechouno cunha chave pequena e botou a chave ao río. Até recuperala pesaría sobre el aquel pecado"[52].

E, por último, refiro unha vida en versos do santo, a semellanza dos Gozos litúrxicos. Esta é unha mostra do cancioneiro popular que se foi forxando a partir da tradición viva e memoria sacra que se conserva aínda hoxe do bispo Rosendo[53]. Eis os seguintes versos:

I

San Xoán de Caaveiro
ten a porta cario mar,
e Santigo da Capela
tena cario vendaval.

II

San Rosendo anda que anda,
andando chegóu ou mar;
corre meu santiño, corre,
corre sen che cansar.

50. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Historia de Puentedeume,* Santiago 1944, p. 62.

51. RODRÍGUEZ FRÁIZ, A., *Terra, homes e tempos, San Rosendo e Caaveiro. Pequeno cancioneiriño do Santo, en III Colóquio Galaico-Minhoto*, Viana do Castelo 1994, pp. 197-199.

52. LÓPEZ CARBALLEIRA, A., *San Rosendo (siglo X), o.c.*, pp. 89-90.

53. *Ibíd*., pp. 200-201.

III
A Caaveiro San Rosendo,
vogando chegou polo mar,
baga meu santiño, voga
voga sen che cansar.

IV
En Caaveiro San Rosendo
chamóute Deus para Vilar;
Ali xurdéu Celanova
milagre de amor e paz.

V
En Vilar quixo Deus
que fundases Celanova.
Lémbrate de Caaveiro,
a túa primeira obra.

VI
De Caaveiro a Mondoñedo,
de Celanova a Santiago;
camiñando vai Rosendo
descalciño polo barro.

VII
Ou Mosteiro de Caaveiro
moito lle pode agradecer,
a San Rosendo séu fillo;
que lle déu bens e poder.

VIII
San Xoán de Caaveiro
e San Salvador de Celanova;
son os bens de San Rosendo,
ou millor da súa obra.

IX
San Rosendo de Caaveiro,
foi bó Santo e bó guerreiro;
bó frade de San Bento,
e Bispo de Mondoñedo.

X
San Rosendo en Caaveiro
fixo pontes e fixo casas,
ferreirías e batáns,
tamén canles para ás augas.

XI
En Caaveiro San Rosendo
pensóu erguer Celanova;
¿Para que te fuchos, meu Santo
desta tan doada cova?

XII
Polas ribeiras do Eume,
San Rosendo anda a pescar;
pra que coman os frades
peixiños que veñen do mar.

XIII
Unha noite de trebón,
San Rosendo tivo medo;
perdéu a chave dá casa
e ou anelo do séu dedo.

XIV
Unha noite de tormenta
perdéu San Rosendo ou anelo;
moitos aniños despois
tróuxollo non bico un reo.

XV

A San Rosendo en Caaveiro
caéulle ou anelo aou rio;
tróuxollo un peixe grande
prendidiño no séu bico.

XVI

Nosa Señora das Neves,
está na serra da Capela;
para ollar os mariñeiros
como andan pola aréa.

XVII

Nosa Señora dá Capela,
está ledizosa na chan;
ollando pros séus filliños,
como traballan no val.

XVIII

Nosa Señora dás Neves,
ten uns zapatiños brancos;
que os dóu San Rosendo
para riolar polos campos.

O SIMBÓLICO E O IMAXINARIO DO MUNDO SEÑORIAL. OS ANDRADE

José Francisco Correa Arias

INTRODUCIÓN

Todos os aspectos das mentalidades teñen algo que ver co imaxinario; non obstante, aquelas facetas da actuación humana que están máis en contacto coa espiritualidade e coa abstracción creativa, así como aqueles comportamentos baseados nesas abstraccións, entran de cheo no eido do imaxinario. Referímonos ás obras artísticas, tanto plásticas como literarias, ao mundo das vivencias relixiosas e á caza, como unha forma de lecer ou de aprendizaxe, así como de afrontar a morte, por citar algunhas destas manifestacións. Loxicamente estamos a falar dun dos aspectos que máis profundamente calaron na mentalidade de nobres e cabaleiros. Se dicimos que os valores de *lealdade* e *valentía* son máis respectados entre o mundo dos cabaleiros e da nobreza mediana que na alta nobreza, os aspectos relixiosos, a caza, o patrocinio artístico e as formas de encarar a morte son aspectos nos que os individuos de condición fidalga coinciden, nas cuestións básicas, e rivalizan por superarse; e, como non, os Andrade, cabaleiros convertidos por mor da guerra civil castelá en nobres con estados propios, por suposto, participan desta rivalidade, empeñados en presentar a súa liñaxe como de grandes cabaleiros, de liñaxe prestixiosa, defensores da fe cristiá e extraordinarios cazadores. Neste labor, por encima de todos os seus herdeiros, sobresae Fernán Pérez de Andrade o Boo, promotor de igrexas e importantes obras de uso civil e militar, patrocinador de creacións literarias, exemplo paradigmático de gran cazador e impulsor de obras benéficas, incluso difusor da fe cristiá.

Por outra parte, a nobreza de finais da Idade Media afástase radicalmente do ascetismo que, en maior ou menor grao, impregnaba a mentalidade da nobreza anterior. Desprendida das categorías mentais e dos principios ideolóxicos que deron lugar á mentalidade cabaleiresca, adquiren unha relevancia especial os elementos formais que complementan e adornan a *honra* das liñaxes, palabra clave que encobre unha ideoloxía nobiliaria pregoada e potenciada por un verdadeiro aparato de elementos, máis ou menos simbólicos, que pola súa propia natureza formarían parte do aparato mental e imaxinario. O

proceso está propiciado polo feito de que, entre finais do século XIV e principios do século XV, as grandes familias nobiliarias, as dos *ricos homes,* se extinguisen case na súa totalidade para dar paso a unha nova nobreza, moitas das cuxas liñaxes carecen da *dignidade* das antigas ramas da nobreza vella.

Esta nova nobreza, en consonancia cos cambios sociais e de mentalidade, outórgalle máis importancia aos aspectos mundanos como a riqueza, o refinamento, a fama, o poder e todo o que afecte ao *ego* individual das persoas e das liñaxes ás que pertencen. En realidade a idea de liñaxe cristaliza precisamente nesta época como resultado do esforzo por perpetuar a memoria dos individuos que formaron ou forman nun momento determinado unha familia de nobres. Por iso, estes nobres, moitos deles sen grandes historias familiares que avalen a súa actual grandeza, representada polo seu volume patrimonial e/ou pola súa proximidade ao rei, outorgan un espazo de relevancia especial aos elementos simbólicos; isto é, a todas aquelas manifestacións artísticas, literarias, relixiosas e, en xeral, suntuarias, que por si mesmas simbolizan a grandeza das familias e/ou individuos que as promoven e contribúen a presentalas en sociedade adornadas de calidades superiores, pregoando e perpetuando o seu nome e a súa sona para os séculos que han de vir.

Convertidos en grandes señores, donos e dominadores de aldeas, vilas e cidades, polo tanto dispoñendo de importantes recursos económicos, a nova nobreza desprega toda a súa rutilante actividade para amosar diante dunha sociedade asoballada o seu triunfo social e político, o seu poder de disuasión e a súa proximidade ao rei e a Deus. Nas vilas sobresaen os grandes pazos señoriais, onde os señores celebran festas rechamantes; nos outeiros vixían os alcaides de torres, fortalezas e castelos, para que ninguén esqueza que o señor está preparado para afrontar calquera continxencia; nas igrexas e mosteiros os grandes catafalcos mortuorios, as igrexas mesmas, pregoan a santidade e grandeza da casa nobiliaria, da liñaxe que tan grandes cabaleiros subministrou á cristiandade, cuxos descendentes, os sucesivos titulares do señorío, son depositarios da súa dignidade, da *honra* por tales obras loada e engrandecida a perpetuidade.

Para magnificar esa superioridade invisten cantidades inmensas en obras nas que colocan os seus símbolos, os seus estandartes. Como Fernán Pérez o Boo, quen substitúe a falta de antepasados memorábeis por un persistente labor de mecenas, para deixar memoria da súa persoa e dos seus feitos, capaces por si mesmos de subministrarlle *honra* á súa liñaxe, como, por outra parte, se citaba expresamente nos privilexios de 1371 e 1373 que o converten en gran señor: "*... porque vos e los de vuestro linage valgades mas e seades mas honrrados...*[1]*"*.

1. 1371, decembro, 19, Burgos, AH Salazar, M. 48, fol 78v-70v . Ed. *Galicia. Revista Universal de este reino,* T II, nº 16, Coruña 1862 (AHMC). Ed. Benito BICETTO. *Historia....* VI, 368-370.Rex. Rex. GARCÍA, J. C, "Castilla y León durante los reinados de Pedro I, Enrique II, Juan I y Enrique III", en *Historia General de España*, t. 40, Madrid, 1983. Rexesto documental sobre Pedro I, número 302. Ed. J GARCÍA ORO. *D. Fernando de Andrade....* 204/5

Por iso imos dedicar este traballo aos aspectos que poden ser contemplados desde a dobre perspectiva do real e do imaxinario, como elementos intimamente ligados entre si, expresivos da mentalidade individual de cada protagonista, da mentalidade colectiva da familia e do grupo social ao que pertencen.

1. OS SÍMBOLOS DO PODER SEÑORIAL

Como familia de cabaleiros, desde as súas orixes, nos confusos tempos do século XII, a familia Andrade componse de *milites* dedicados ao oficio da guerra, o oficio militar, o medio que lles permite, mediante a súa permanencia no *estado* dos guerreiros *vivir en hábito militar* e manter por longo tempo a condición de fidalgos así como usar nos documentos o título de *domnus.* O seu ingreso nas ordes de cabalería, por outra parte, permítelles compartir ese título coa gran nobreza, coa nobreza dos señores á que eles acceden nas derradeiras décadas do século XIV.

Pero os novos señores, coma os Andrade, que agora non teñen que vender a forza do seu brazo e o uso da espada a outros señores para manter o seu *status* de cabaleiros ó adquirir *estados* propios, precisan conectaren a súa actual grandeza coa antigüidade dunha liñaxe, representada pola longa ringleira de cabaleiros e manifestada nos seus símbolos heráldicos.

Á súa vez estes símbolos, como a propia liñaxe dos Andrade, percorren un longo proceso evolutivo, paralelo tamén ás grandes transformacións que se producen na sociedade medieval. A historia da heráldica e a historia dos Andrade son fenómenos paralelos, cando menos durante a Idade Media. Por outra parte, dos elementos formais que amosan a grandeza dunha casa de nobres, os símbolos heráldicos son os que mellor entendían as xentes da Idade Media, dada a súa reiteración no uso continuado polo mesmo guerreiro ou polos seus continuadores e descendentes, identificando as glorias dos seus donos cos símbolos que os representan.

A heráldica fai a súa aparición no século XII, xusto cando documentamos os primeiros *milites* dos Andrade. A súa orixe está relacionada coas xustas e torneos nos que os cabaleiros representan nos seus escudos formas xeométricas, figurativas ou lendarias que converten nos seus símbolos de identificación co fin de que os espectadores puideran distinguir e diferenciar a cada un dos participantes[2]. Ao ser o escudo o compoñente do equipo dun guerreiro que tiña máis campo, é o espazo ideal para proxectar sobre el, normalmente en cores vivas, os símbolos citados. Desta maneira os cabaleiros poden facil-

2. MASÍA DE LA CUERDA Y PITA, Luís F., *Heráldica española,* Madrid, 1990, p. 23.

mente ser recoñecidos no combate, tanto se este ten un fin lúdico como se é no campo de batalla, dando así orixe ao *escudo de armas*.

Ao principio estas armas eran persoais, pero máis tarde foron utilizadas tamén polos fillos dos cabaleiros e polos seus descendentes, converténdose en armas hereditarias, identificadoras dunha liñaxe. De todos os xeitos, ao longo do tempo seguiron existindo escudos persoais e escudos de liñaxe. O paso seguinte é adornar as fachadas dos seus pazos, dos seus castelos ou de calquera outra obra emprendida polo cabaleiro correspondente co seu escudo, sendo así que a evolución dunha liñaxe se pode seguir en gran parte polos elementos novos que os distintos titulares achegan e introducen no seu escudos de armas, inmortalizando en pedra as súas proezas[3]. Como Fernando de Andrade, que incorpora ao escudo de armas da súa familia os atributos condais e as 18 bandeiras que capturou aos franceses en Semenara e que aínda hoxe adornan o seu sepulcro.

1.1 Os símbolos heráldicos dos Andrade

Fernán Pérez de Andrade, o primeiro Andrade con *estados* propios, o primeiro señor de vilas e cidades, anque de antiquísima familia, se xulgamos polo que se observa nos lugares onde deixou a pegada dos seus emblemas heráldicos, usou tres escudos diferentes: o escudo familiar dos Andrade, o escudo familiar co engadido da banda de Castela e o seu propio como señor de Pontedeume.

Tal e como vemos nos edificios onde os Andrade plasmaron o escudo familiar da súa casa e liñaxe, este consistía nun campo de sinople cunhas bordas en prata, co lema en letras de sable: *ave maría gratia plena,* lema mariano que algúns autores asocian coa orde dos templarios, por ser os cabaleiros desta orde moi devotos da Virxe[4]. De todo isto, o que sabemos é que dos templarios os Andrade adquiriron unha importante facenda, pero supoñemos que foi en épocas posteriores á desaparición desta orde militar[5]. A este escudo familiar, Rui Freire de Andrade, o primeiro Andrade membro da orde da *Banda* de Castela -do que non temos datos nin iconográficos nin documentais para aseguralo-, ou o seu fillo Fernán Pérez o Boo, tamén membro da citada orde, engadiron unha banda de ouro estendida de esquerda a dereita, e rematada en bocas de dragante[6]. O mais probábel

3. MASÍA DE LA CUERDA Y PITA, Luís F., Ibid., pp. 24/25

4. RAG, Fondo Martínez Salazar, caixa, 106, número 14, notas do propio Salazar. Sobre as características do escudo da casa de Andrade, cómpre ver: CRESPO POZO, J., *Blasones y linajes de Galicia,* .II, Santiago, 1962, pp. 75 á 79.

5. San Francisco de Betanzos, o convento que manda edificar Fernán Pérez o Boo, está nunha antiga propiedade dos templarios. A meirande parte das súas propiedades en Santa María de Miño tamén pertenceran aos templarios, como o amosa a indagación que ordena realizar o Boo o 7 de xullo de 1396 para identificalas e ser cedidas ao convento de Santa Catarina (ARG, Fondo Vaamonde Lores, 4(6), nº 6). Tamén serán titulares, como xa vimos, da importante bailía de Burgo de Faro, ás portas da Coruña, que era dos templarios.

6. J. CRESPO POZO, Ibid., p. 76

é que fora precisamente o pai do Boo, Rui Freire, o que incorporara a banda ao escudo porque fora investido cabaleiro da mesma orde en 1332, moito antes que o seu fillo, como xa sabemos.

Non obstante, Fernán Pérez utiliza as dúas variantes do escudo, con banda e sen ela. Estas dúas variantes vémolas en San Francisco de Betanzos, reproducidas nos muros laterais da ábsida, nos relevos que desenvolven o tema cinexético iniciado nos laterais da sarcófago deste prócer. En cambio, nos lados menores do cenotafio, só figura o escudo con banda; o escudo que corresponde á cabeceira do sarcófago está sostido por dous anxos, tocados co bordón franciscano, mentres que o escudo situado na parte que corresponde aos pés ocupa todo o campo.

Escudos do castelo de Nogueirosa

Nos escudos da ábsida aparecen os dous modelos de escudo familiar, os dous sosteñen zoomorfos: o do lado da epístola, o escudo con banda, un xabaril en relevo, e o do lado do evanxeo, o escudo familiar sen banda, un lebreiro, no que poderiamos interpretar como unha asociación entre a iconografía heráldica e a iconografía cinexética.

Os modelos de escudos que describimos máis arriba repítense noutros moitos monumentos, como os castelos de Nogueirosa, Naraío ou Vilalba.

No castelo de Nogueirosa, nos muros dos torreóns que protexen a entrada, a cada un dos lados, temos os dous modelos de escudo, con banda e sen banda. Vémolos tamén nos sepulcros de Nuño Freire, Fernán o Mozo e Diego Fernández, en Monfero, con lixeiras variantes.

No museo arqueolóxico da Coruña consérvanse dous escudos; un procedente do convento de Santa Catarina de Montefaro, con banda; o outro, procedente da ponte de Sigüeiro sostendo un can lebreiro e, como na cabaceira do sepulcro de Fernán Pérez, o Boo, acompañado de dous anxos. Unha novidade deste escudo consiste en que dá a impre-

sión de ser un escudo dobre, inscrito no campo doutro máis amplo, os dous sen banda pero iguais, o que podería aludir a que a obra da ponte fose realizada por dous señores diferentes desta familia.

Non obstante, atopamos un terceiro escudo usado tamén por Fernán Pérez como señor da vila eumesa, á que hoxe representa. O citado escudo está incrustado no muro esquerdo do vestíbulo de entrada ao edificio do Concello, despois de ser descuberto cando se procedeu a derrubar o antigo pazo[7]. O escudo contén os símbolos da vila eumesa: a ponte e o castelo, que xa tiña antes de ser entregada ao de Andrade, pero, entre a ponte e o castelo, Fernán Pérez, introduce os seus animais *totémicos*, o oso e o xabaril, deixando así claro que el é o señor e dono da vila, afirmando a súa xurisdición sobre ela e os seus habitantes.

Unha vez máis, vemos entón a asociación entre símbolos heráldicos e símbolos cinexéticos, fundamentalmente osos e xabarís, vinculación que tamén afecta a outros animais relacionados coa caza como son os cans lebreiros e os falcóns, estes só nos relevos do seu sarcófago.

Fernán Pérez, como cabaleiro valente, escolle dúas das figuras de animais salvaxes que abundaban na súa comarca para convertelos en símbolos do seu poder de señor xurisdicional, a modo de animais totémicos que protexen a súa posición dominante. En resumo, teríamos entón que desde Fernán Pérez o Boo os Andrade utilizan tres escudos: o escudo familiar sen banda, o escudo con banda e o escudo de señores de Pontedeume. Os seus sucesores seguiron utilizando os mesmos escudos, con variantes na colocación da banda, como a que vemos no monumento funerario de Nuño Freire, en Monfero, que está colocada de dereita a esquerda.

O que parece ser exclusivo de Fernán Pérez o Boo é a utilización de zoomorfos, osos e xabarís, para sinalar as obras realizadas por el, como acontece nas pontes de Pontedeume, de Ferreira, de Sigüeiro, así como noutros monumentos, onde colocaba os emblemáticos animais como símbolo de posesión e xurisdición. Incluso algunhas destas pontes, como a que levantou na estrada de Betanzos a Ferrol, próxima a Miño, conservou o nome de p*onte do Porco*. Tamén colocou estes animais e outras formas zoomorfas nas igrexas que mandou levantar ou nas que realizou obras importantes[8].

7. O pazo dos Andrade na vila eumesa, debido ao seu estado de ruinoso, foi adquirido polo Concello a principios do século XX. En 1929 realízase a demolición dunha parte que ameazaba caerse, pero a demolición definitiva prodúcese durante a Guerra Civil, servindo de lugar de castigo para moitos opositores ao Novo Réxime.

8. Os escudos aos que aludimos máis arriba aparecen nas igrexas betanceiras de Santiago e Santa María, con trazas de ser edificadas no século XV,; seguramente as obras foron rematadas polos herdeiros do Boo. En todas vemos o oso, o xabaril e outras formas zoomorfas. Ademais aparecen en tres igrexas do Sor, nas igrexas conventuais de Cines e Bergondo e noutras igrexas menores.

Algúns destes zoomorfos, coma o da ponte de Ferreira, e mesmo os que aínda hoxe sinalan a entrada da ponte sobre o Eume, teñen orixe prehistórica, polo que poderiamos estendernos nos aspectos de representación alegórica destas rudas esculturas pero, dada a imposibilidade de documentar calquera interpretación deste tipo, non nos estenderemos máis neste aspecto.

Como dixemos, estes escudos, non os animais *totémicos*, foron utilizados polos descendentes do primeiro señor de Pontedeume sen grandes modificacións e, se as houbo, non chegaron até nós. O que si introduciu grandes cambios nos símbolos representativos da casa de Andrade foi don Fernando, o primeiro conde de Vilalba, do que nos quedan dous escudos *in situ,* os dous similares: un sobre a clave do arcosolio do seu sepulcro, na capela maior da igrexa parroquial de Pontedeume (o que queda da igrexa que manda construír don Fernando), e o outro, unha copia do anterior, do século XVIII[9], na fachada da mesma igrexa onde se manda enterrar: *Yten mando... que mi cuerpo sea sepultado en la Yglesia de Santiago de la mi villa de Puentedeume, en la mi capilla mayor de la dicha yglesia*...[10]. As dúas representacións do escudo do último señor Andrade, que tivo Pontedeume como referencia principal, consisten nun campo dividido en dous carteis; no lado dereito aparece o escudo dos Andrade coa súa lenda sobre a banda rematada en dragantes e, no da esquerda, os roeis dos Castro, que aluden á unión das casas de Andrade e Lemos a través de Teresa de Andrade e Fernando Ruíz de Castro. Estes motivos descansan sobre as 18 bandeiras conquistadas na batalla de Semenara, co helmo condal, en xefe, e rodeando o conxunto, formas florais heráldicas.

Existen outros dous escudos, o primeiro deles colocado fóra de contexto[11], que ás veces se atribúen a don Fernando pero que pertencen aos seus herdeiros, Castro e Andrade. O primeiro deles está no muro sur do *Torreón* que primitivamente formaba parte das murallas da vila e, posteriormente, foi unido ao pazo dos señores, formando a súa torre de homenaxe. Neste escudo labrado sobre seis pedras de cantería e dividido en catro carteis aparecen as armas dos Andrade, os roeis dos Castro, os leóns dos Enríquez e as armas dos reinos de León, Castela e Portugal.

Polo tanto, a maior parte dos elementos representados son elementos procedentes de casas coas que non estaba emparentado o conde de Vilalba, apartacións e formas figurativas necesariamente labradas con posterioridade ao pasamento do citado conde. Rodea o conxunto figurativo un colar do que colga o tesón de ouro e, na parte superior, en xefe,

9. Agás a capela maior que é da época de don Fernando, o resto, incluída a fachada, foi construído por iniciativa do arcebispo de Santiago, Bartolomé Estaban, Rajoy . O escudo foi labrado na mesma época, 1763.

10. AX.S., Consello Real, 51 -8.

11. O escudo estaba colocado na fachada do antigo pazo de Andrade en Pontedeume e, despois de pasar décadas gardado na casa do concello, foi colocado nos muros do torreón cando foi reconstruído, tapando unha das seteiras.

unha coroa condal sobre a que se apoia un anxo cunha banda nas mans nas que se pode ler: *Nolite nocere.*

En canto ao titular do escudo que hoxe enfeita a fachada principal da casa do concello cos mesmos compoñentes do escudo do torreón, agás que faltan as armas dos Andrade, se ben algún autor o atribúe a don Fernando Ruíz de Castro, o xenro de don Fernando, os trazos son posteriores, posibelmente do século XVII ou XVIII.

Loxicamente os mesmos motivos se representaban no estandarte que adornaba as tendas ou pavillóns destes señores durante as súas campañas, ou nos torneos e nas xustas, incluso nas batidas de caza nas que participaban. En todo caso, atopamos que nos emblemas heráldicos que hoxe nos quedan da casa de Andrade, o mesmo que na historia da citada familia, podemos ver a evolución destes elementos representativos que pasan dun escudo de armas sinxelo que representa á familia orixinaria a ir incorporando no seu campo as achegas dos seus matrimonios, e dos éxitos dos protagonistas nos campos de batalla, na política e/ou na diplomacia.

O escudo de armas representa simbolicamente a *honra* da liñaxe e nos escudos das distintas xeracións pode verse o engrandecemento desa *honra.* En definitiva, escudos, estandartes, animais simbólicos e/ou totémicos, constitúen os elementos imaxinarios representativos do poder duns señores que, ao mesmo tempo, propagan a súa sona e o seu poder, deixando unha profunda pegada na imaxinación dos seus vasalos e, en xeral, de todas aquelas xentes que os miraban.

1.2 Os títulos

Unha cuestión moi relacionada coa anterior, e á que xa aludimos de pasada, é a cuestión dos títulos**;** porque ao longo do século XV o rango e *honra* dunha liñaxe empeza a medirse polos títulos hereditarios, normalmente referidos a un dos seus señoríos. Ningún titular dos Andrade, agás don Fernando, tivo título nobiliario, un fenómeno só xeneralizado na época dos Trastámara, xa que até entón non tiñan carácter hereditario sendo preferentemente títulos referidos a circunscricións administrativas do reino conferidos polos monarcas.

O primeiros Andrade tiñan o título de *miles* que, nunha tradución libre, viña a significar soldado dacabalo, ou cabaleiro. Ademais reciben o título de *Domnus*[12] e, posteriormente, o de cabaleiros, título que conservarán até finais do século XV cando tiña o

12. Recíbeno desde don Fortunio Bermúdez de astro (FERNÁNDEZ DE VIANA, J.I. e GONZÁLEZ BALASCH, T., *Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro*, doc. 2), e témolo documentado en varios dos seus sucesores como Pedro Bermúdez de Andrade en 1223 (ARG, Fondo Pergamiños, nº 83), ou o fillo deste Fernán Pérez en 1246. (RAG, Pergamiños, *Fondo Martínez Salazar,* P- 2/19)

significado de nobre de mediana posición, moi relacionada esta palabra coas ordes militares e coas novas ordes de cabalería que nacen no século XIV, de carácter civil, como a orde da Banda, á que pertencían os Andrade desde a súa fundación.

A cuestión da inexistencia de títulos por parte dos Andrade, o novo cuño de grandeza da nobreza da época dos Trastámara, parece que está ligada aos numerosos problemas que os Andrade tiveron coa realeza pola súa dubidosa lealdade, deslealdades polas que, en momentos determinados, lles retiran a titularidade dos seus estados. Conta Vasco de Aponte que a finais do reinado de Henrique IV a anarquía reinante permite a varios cabaleiros galegos titularse condes: *Y luego en este tiempo, Sancho Sánchez de Ulloa híçose conde de Monterrey, y Lope Sánchez de Moscoso, su sobrino, conde de Altamira, y Pedro Álvarez de Sotomayor, Conde de Camiña.* Posteriormente, segue a contar o citado cronista que os novos condes animan a Diego de Andrade a intitularse, pero este rexeita tal posibilidade: *y dijeron a Diego de Andrade que se hiçiese conde, y no quiso, diçiendo que mas quería ser gran cavallero que no pequeño conde, quanto más que ser conde de lo suyo*[13], agregando *que mas quería ser buen cavallero que mal conde.* Incluso Aponte afirma que o rei o facía conde de Lourenzá, de onde o de Andrade era señor en réxime de vetaría, e que tamén rexeitou a oferta[14]. Non sabemos até que punto son certas as afirmacións de Aponte, sobre todo as referidas ao ofrecemento por parte do rei do título de conde de Lourenzá. Todo é posíbel no convulso reinado de Henrique IV, pero no reinado dos reis Católicos o único titulo que sabemos lle conceden a don Diego, fillo do anterior, é o do capitán real cando defende A Coruña do de Benavente en 1477[15]. Pero este título deseguida lle foi retirado, en 1479, dun xeito moi explícito e contundente, ordenando aos coruñeses categoricamente que non o teñan por tal nin lle paguen por iso[16], o que proba unha gran desconfianza por parte dos reis respecto a este señor.

Polo que se refire a outros títulos, a documentación indícanos que carecen de fundamento os que falan de Diego de Andrade como primeiro conde de Vilalba[17], incluso dan unha data, 1486, o ano no que Diego de Andrade foi desterrado a Castela polos reis Católicos[18]. Aínda querendo deixar un espazo á dúbida, debido ao carácter fragmentario da documentación que chega até nós, se fose así, Vasco de Aponte debería coñecer o cita-

13. VASCO DE APONTE, *Recuento*, p. 190

14. *Y Después lo haçia el rey conde del Valle de Lorençana, que son al pie de treçientos vassallos, y no quiso ser.* (VASCO DE APONTE, Recuento, p. 146)

15. ADA, Sección Lemos, Andrade. C. 85 -40.

16. AMC, Reais cédulas, nº 340.

17. Atribúe o título de conde a Diego de Andrade. DE VARGAS-ZÚÑIGA, A., *Títulos y Grandezas del reino,* Madrid, 1956, *La Guía de Grandezas y títulos del reino*, Madrid, 1988, p. 650 que citan a .H. Salazar, 1 -21 e 68 v, seguramente debido a unha confusión terminolóxica

18. CUBA REGUEIRA, Ana María, "El Condado de Villalba en el Antiguo Régimen", *Estudios Mindonienses*, número 14, pp. 163 e ss.). Non se achegan os documentos acreditativos desta atribución.

do título que, como acabamos de dicir, afirma non existir. O que si parece certo é a valoración que realiza Diego de Andrade sobre o título de *cabaleiro* que, como os seus antepasados, o tiñan como unha gran *honra* e que ostentaban por herdanza. Desta maneira fina sen título ningún, malia que o patrimonio acumulado procedente de Andrades e Mariñas era moi superior ao da maioría dos condes galegos.

Será don Fernando, o último señor propiamente Andrade, o primeiro que acade o título de conde, como figura no escudo do seu panteón funerario adornado coa coroa condal. Malia que Couceiro Freijomil afirme que o título de conde de Vilalba lle fora concedido na súa estancia na Corte sendo aínda adolescente[19], a documentación di que este título lle foi concedido moito máis tarde.

Os primeiros documentos nos que se alude a Fernando de Andrade como conde son da época de dona Xoana e don Filipe, cuxos parciais son o conde de Lemos e don Fernando[20]. No senso anterior, a primeira vez que vemos a Fernando de Andrade ser tratado de conde é no recibimento que fan ós novos reis, na Coruña, o 28 de abril de 1506[21], e nos actos protocolarios protagonizados polo conde de Lemos e o propio Fernando de Andrade, que era rexedor da Coruña, por pedimento de quen don Filipe e dona Xoana, os novos reis, xuran protexer e defender os privilexios da cidade, documento en que aparece citado como conde de Caserta[22]. Zurita, non obstante, cita a Don Fernando como conde de Andrade - *y el conde de Andrade les suplico les confirmassen sus priuilegios* -, título que nunca posuíu en vida xa que foi concedido ao seu herdeiro Pedro de Castro y Andrade[23].

O título de *conde de Caserta* tamén o vemos nos acordos que o de Andrade asina co conde de Lemos, como o do 27 de xaneiro e o 6 de febreiro de 1507 sobre a gobernabilidade do Reino de Galicia, xa falecido don Filipe, e temendo quedar descolocados de novo na Corte[24]. A utilización do título de *conde de Caserta* alude ao territorio do estado de Montemelón que lle doara don Fernando o Católico[25], sendo Caserta unha das súas

19. *Historia de Pontedeume e a súa comarca*, Pontedeume, 1995, p. 236.

20. AXS, Estado, Castella, 4 -66.

21. Zurita: *El Rey don Felipe y la reyna princesa, q assi la llamaba en Rey su padre....fuerô a desembarcar al puerto de la Coruña, en el Reyno de Glizia a veynte y ocho del mes de abril de 1506" (Jerónimo Zurita, Historia del reu Don Hernando el Católico: delas Empresas y Ligas de Italia*, edición de A. Canellas López(1580), Zaragoza, 1984, T I, (libros dous), Libro VI, Cap. XXVIII.

22. 1506, abril 28. Traslado na Coruña 1515, xullo 21. (AMC, Copias de cédulas reais, Nº 10). Cita estes feitos Malaquías de la Vega, *Chronologia*, f.401 v.

23. ZURITA, Jerónimo, *Historia del reu Don Hernando el Católico*, I, Lib. VI, Cap. XVIII.

24. ADA, Sección Lemos, Lemos, Caixa 85/77.

25. 25 de agosto de 1505, Segovia. Carta do rei ao Gran Capitán ordenando que lle entregue Montemelón a don Fernando de Andrade. (Ed. L.I Serrano y Pineda, Correspondencia de Fernando o Católico, RABM, número 29 (II -1913), p. 285).

poboacións, estado que vende moi cedo en 20.000 ducados, como recolle no seu testamento, polo que deixa de utilizalo.

Outros documentos da mesma época véñense referindo a don Fernando como *conde*, sen especificación ningunha; o primeiro o 1 de setembro de 1506 cando don Filipe e dona Xoana o nomean asistente en Sevilla[26]; pero hai máis documentos deste tipo anteriores aos acordos co conde de Lemos[27]; todos eles son posteriores á entrada en Castela dos novos reis, Filipe e Xoana, dos que era parcial don Fernando.

Nos meses inmediatamente posteriores ao pasamento de don Filipe, os documentos reais seguen a se referir a don Fernando como conde, sen outra especificación, até novembro de 1507 cando unha provisión da raíña Xoana ordena disolver a súa capitanía, sacarlle o título de capitán real e dos títulos restantes, agás os que teñan relación coa defensa do reino, *por quanto el dicho don Fernando de Andrada no es mi capitán ni la dicha gente que asy dize que esta en en su capitania no son de mis guardas*[28]. Nestes documentos e até o 20 de abril de 1509[29], non volve a ser tratado de conde debido ao seu afrontamento co rei Fernando, co que se reconcilia a partir deste ano. Desde 1509 até 1529 don Fernando de Andrade aparece citado nos documentos como conde, a secas.

O primeiro documento no que se lle cita como conde de Vilalba, que coñezamos, leva data do 27 de xullo de 1529[30]. A partir de entón e até o seu pasamento este é o tratamento que xeralmente se lle dá ao derradeiro señor de Pontedeume na documentación, sobre todo na que procede de institucións públicas, incluídas as do Estado[31].

Despois do pasamento do conde de Vilalba, o seu xenro, Fernando Ruiz de Castro, solicita a Carlos I que lle outorgue o título de *marqués de Sarria* e o seu fillo o de *Conde de Andrade*: *"...por tanto suplico a vuestra majestad me mande dar título de marqués de la mi villa de Sarria y al dicho mi hijo de le dar título de conde de Andrada, porque*

26. Real provisión do 14 de outubro de 1506 na que se notifica a Sevilla que reciban a don Fernando como asistente. (AXS, rxs., X -1506, f 11). Nomeamento en J. GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade*, p.269.

27. Orde de dona Xoana para que se incorpore ao seu cargo de asistente en Sevilla, o 14 de outubro de 1506.(AXS, rxs., X -1506, f. 12); memorial á raíña dona Xoana sobre os incidentes no seu señorío (ADA, Sección Lemos, Andrade, C 84/38); Requirimento da raíña dona Xoana ao gobernador de Galicia para que atenda reclamación de don Fernando do 30 de novembro de 1506.(AXS, Cámara, Memoriais, 66 e outros.

28. Real Provisión de Burgos do 7 de novembro de 1507 (AX.S,rxs, XI -1507, f. 15).

29. A.G.S, Cámara, Lib. 21, f.102 r.

30. Nunha provisión real, de don Carlos e dona Xoana, do 27 de xullo de 1529, asinada en Barcelona, confirman unha doazón feita por Fernando de Andrade ao seu parente Fernando Freijomil, *vezino e regidor de la çibdad de La Coruña*..., da casa e torre de Val de Veiga e do couto de Vinseira, acto realizado en Pontedeume o 20 de xullo de 1523; o rei e a raíña diríxense ao de Andrade como: *vos don Fernando de Andrade, conde de Villalba*... (AXS, rxs, VII - 1529. Ed. J. GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade*, pp. 400 -403)

31. ADA, Sección Lemos, C. 4 -34.

en lo hazer vuestra majestad nos hara bien e merçed..."[32], peticióǹs que serán atendidas rapidamente, o que quer dicir que ambos os dous títulos son posteriores ao pasamento do citado conde[33], o primeiro señor de Andrade *titulado.*

Aínda que tarde, o título de conde contribúe a engrandecer a liñaxe dos Andrade, sobre todo a nivel simbólico e/ou imaxinario, como se a riqueza patrimonial e a grandeza de liñaxe se viran reflectidas a nivel popular nunha palabra que, por outra parte, se incorpora aos símbolos heráldicos que adornan pazos, castelos, panteóns funerarios e mesmo os edificios dos concellos dos que son señores, aos que nos referimos máis arriba

1.3 Casas e pazos señoriais

Xa temos aludido a que a nobreza baixomedieval se afasta do ascetismo altomedieval, preocupándose polos aspectos mundanos, como a vestimenta, o confort e a vida cortesá, a imitación das cortes reais. Por iso, a nobreza deixa aos seus alcaides o control de castelos e fortalezas e constrúe pazos en vilas e cidades. Este fenómeno en parte xorde pola imitación da Corte do rei francés Carlos V(1364 -1380) e polos pazos dos seus irmáns, Luís, Xoán e Filipe, duques de Anjou, Berry e Borgoña respectivamente, que transforman os seus castelos en pazos e a horta en xardín, como lugar de lecer[34]. Como Fernán Pérez o Boo, o primeiro señor de Pontedeume, que constrúe o pazo señorial na vila citada, no lugar que aínda hoxe recibe o nome de praza do Conde.

Non hai documentación ao respecto, pero temos moitos datos alusivos a que o mandou edificar o citado Fernán Pérez. Entre estes indicios, o escudo atopado cando se procedeu a demoler os restos do pazo en 1935, de procedencia medieval, como xa apuntamos. Pero un dos indicios máis sólidos son os motivos ornamentais das fiestras do *Torreón,* último vestixio aínda en pé do citado pazo. As citadas fiestras, dun edificio que constituía a torre de homenaxe dun castelo pegado ao pazo, amosan as características *pentalfas,* como as que vemos en Betanzos, en San Francisco e en Santa María de Azougue, a primeira levantada enteiramente polo *Boo*[35] e, a segunda, cando menos en parte.

As formas ornamentais arriba citadas, usadas con profusión polo primeiro señor da casa de Andrade nas obras que promoveu, apuntan a que a obra foi levantada por el[36] aínda que non dispoñamos de referencias documentais expresas até épocas posteriores.

32. AX.S, Consello de Castela, 275. Ed.GARCÍA ORO, *Don Fernando de Andrade*, p.479.

33. Don Carlos e dona Xoana converten o condado de Sarria en marquesado a favor de don Fernando de Castro en 1543. "Colección de Documentos Históricos de Galicia", 1915, *Boletín Real academia gallega,* Doc. nº 18, pp.110/111.

34. VIEIRA DA SILVA, J. C., "Paços Medievais dos séculos XIV e XV", en: *Propaganda y Poder*, pp. 125.

35. O dato aparece citado no propio sepulcro do señor de Andrade, na igrexa de Santiago de Pontedeume.

36. A descrición e historia deste edifico realizouna don Andrés Avelino Comerma, quen afirma que o edificio aínda gardaba a

Vista xeral de Pontedeume polos anos 1920 na que aparece o *torreón* sen restaurar e o pazo dos Andrade aínda en pé, no centro da vila, ao lado do *torreón*

Si existen infinidade de documentos datados en Pontedeume tanto na época do Boo como na dos seus sucesores. Unha das citas máis expresas, datada 43 anos despois do pasamento de Fernán o Boo, alude directamente ao pazo de Pontedeume. Corresponde a un documento de 1440 asinado *dentro, ennos paaços*, cando Fernán Pérez o Mozo exerce de titor de súa sobriña dona María[37], á fronte dunha Corte na que figuraba o bacharel Vasco Rodríguez e o notario Iohan Sennor. Tamén se cita dun xeito expreso o citado pazo, dun xeito máis explícito se cabe, no testamento de don Fernando: *En la villa de la Puentedeume, dentro de los palaçios del muy ylustre señor conde don Hernando de Andrade, mi señor, ...estando el dicho Conde, mi señor, enfermo en cama*[38], o que nos fala de que era a súa residencia habitual, como a do seus antecesores. O pazo foi destruído en dúas ocasións con motivo de dous grandes incendios que asolaron a vila do Eume, nos anos 1533 e 1607, de forma que as descricións que temos del, de antes de que fora demolido entre 1935 e 1940[39], non nos informan demasiado xa que fora moi transformado.

Seguramente a súa estrutura orixinal era moi semellante ao modelo que nos presenta don Duarte (séculos XIV-XV) no seu *Leal Conselheiro*[40], consistente en catro

principios do século XX elementos do século XIV (COMERMA Y BATALLA, Andrés Avelino, "El palacio de los condes de Andrade", *Almanaque de Ferrol*, 1909). Mesmo don A. del CASTILLO, que coñeceu o pazo antes de que fora derruído, afirma que o edificio fora levantado polo Boo (*Inventario*, pp.467/468).

37. VAAMONDE LORES, *Colección de Documentos Históricos da Real Academia galega*, III, 95.

38. AXS., Consello Real, 51 -8. Copia do testamento de don Fernando..

39. COMERMA Y BATALLA, Andrés Avelino, "El palacio de los condes de Andrade", *Almanaque de Ferrol*, 1909.

40. *"...Eu conssiro no coraçon de cada huû de nos cynquo casas, assy ordenadas como costuman senhores.Prymeira, salla, em que entran todollos do seu senhorio que omyzjados nom som, e assy os estrangeiros que a ella querem vîr. Segunda, camara de paramento, ou antecamara, en que costuman estar seus moradores e alguûs outros notavees do reyno.Terceira, camarade dormyr, que os mayores e mais chegados de casa devem speciaaes pessoas pera ello perteecentes se devem apropriar.Quinta, oratorio en que..."* (DUARTE, D., *Leal Conselheiro*. Ed. Crítica e comentada por Joseph M. Piel, Lisboa, Livraria Bertrand, 1942, p 303)

cámaras e un oratorio, do que si sabemos que estaba dotado o pazo dos Andrade, a capela de San Miguel, pegada polo oeste ao pazo. Ademais das estancias habituais -sala, cámara do paramento, antecámara, cámaras de durmir- onde só os maiores e máis chegados da casa *devem aver entrada* e a trascámara ou gardarroupa, había outras dependencias complementarias como celeiros, adegas, almacéns, situados no piso térreo; tamén había dependencias destinadas aos criados e servidores do pazo, así como a hospedaxe dos nobres de visita. Elemento esencial era a cociña, ás veces afastada para evitar o incendio do pazo e que sabemos aínda conservaba o pazo de Pontedeume, sen demasiados cambios, antes de ser demolido, situada na parte noroeste do mesmo. A monumentalidade destas cociñas, e sobre todo das súas grandiosas chemineas, contribuía a darlle esplendor ao pazo[41].

Xunto coa igrexa, o pazo elevábase por encima do resto dos edificios, marabillando as xentes, non só polo seu tamaño e monumentalidade senón tamén pola delicadeza das tallas dos elementos arquitectónicos, como fiestras, piares, columnas, elementos ornamentais e fermosos tapices que adornaban as súas salas, similares ás réplicas que hoxe adornan a torre de homenaxe do castelo de Vilalba.

Agás os muros exteriores, se xulgamos polos efectos dos incendios, na súa meirande parte debía ser de madeira, sobre todo os edificios complementarios. Por iso os reis ditan disposicións para evitar que os incendios se propaguen con tanta rapidez[42], cousa que non sempre conseguiron, porque un dos problemas con que hoxe ten que loitar o historiador é precisamente a falta de documentos, moitas veces perdidos nos incendios como os que afectaron en varias ocasións ao pazo dos Andrade en Pontedeume, o mesmo que a documentación medieval da vila eumesa que comeza a fins do século XVI.

Pero ademais, os Andrade tiñan outros pazos. A vida dos señores da Idade Media, contrariamente ao que se pode pensar, era dunha permanente viaxe, tanto pola súa obriga de acompañar ao rei nas súas empresas como pola administración das súas dispersas posesións, así como polas obrigas profesionais como executor de tarefas que os monarcas lles asignaban.

Sabemos que o de Andrade tiña pazos en Betanzos así como en *San Vicenzo de Camouco*, onde Fernán Pérez o Boo asina un dos seus últimos documentos, o 1 de xullo de 1397, consistente na cesión ao convento de Sta. Catarina de Montefaro da freguesía de San Xiao de Mugardos diante do notario Domingo Fernández[43]. Esta pazo cítano al-gun-

41. VIEIRA DA SILVA, J. Custodio, "Paços Medievais dos sécilos XIV eXV", en: *Propaganda y Poder,* pp. 123.

42. 1493, outubro, 14, Barcelona. Copia da real cédula dos RR. CC. ordenando que as casas da Coruña se fagan de "cal e canto" (de parede e ladrillo) e non de madeira (AMC, Cédulas reais, nº 55. Copia de reais cédulas, nº 320).

43. ARG, Fondo Vaamonde Lores, Colección "A", 4(6) nº 3



Debuxo de A. A Comerma, Almanaque de Ferrol, 1910.

Plano 1.- Detalle do adro interior do pazo de Andrade en Pontedeume(1905) no que perduran aínda elementos góticos malia as reiteradas reconstrucións

has testemuñas do preito T/F como un dos destruídos polos irmandiño: *"...entre los quales dize el testigo que derrocaron a Fernán Pérez d´Andrade, señor de la casa de Andrade, las fortalezas de Andrade e Villalba e Nario e los palaçios de la Pontedeume y los palaçios de san Viçenço..."*[44]. A segunda residencia dos Andrade desde moi cedo debeu estar na Coruña, onde o Boo foi alcalde e xustiza maior moitos anos e onde residían con frecuencia os señores de Andrade, como vemos nun documento de 1465: "*...seyendo ajuntados en consistorio dentro das cassas do señor Fernando Pérez Dandrande i de os señores..."*[45]. Ademais dos pazos dos propios Andrade, dona María das Mariñas herda do seu pai Gómez Pérez *las casas nuevas de la cibdad de la Coruña que agora labramos*[46]. Unha destas casas que os Andrade tiñan na Coruña, o conde don Fernando déixalla á súa dona Juana con carácter vitalicio: *Yten mando que* (si) *la dicha Condesa doña Juana Leyba quisiere bebir en Galizia, mándole el uso e abitaçión de las mis casas grandes de la Coruña*[47], seguramente as mesmas que ocupaba a Real Audiencia, que don Fernando solicita, en 1540, que lle deixen libre[48].

Tamén herda dona María das Mariñas de seus pais o *pazo de Láncara*[49], hoxe coñecido como de Mariñán, e outro pazo que tiña na parroquia de Sta.María de Oleiros, aínda existente, chamado de Miraflores[50], para o que a raíña Isabel lle dá a Diego de Andrade

44. Pedro da Cancela, 70 anos, de Santiago de Franza. Ed. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Fortalezas*, I., p.103, pregunta 15, FF. 207/208.

45. Ed. GONZÁLEZ GARCÉS, M., *Historia de la Coruña*, , pp..518 e ss.

46. ARG, Fondo Vaamonde Lores, 4(1), nº 7, papel. Ed. C VAAMONDE LORES, *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes*, A Coruña, 1917.

47. Testamento e codicilos de don Fernando de Andrade.

48. Unha real provisión, datada en Madrid, ordena ao gobernador e alcaldes maiores que desaloxen a casa porque don Fernando quería habitala (AXS, Cámara-memoriais, 247).

49. VAAMONDE LORES, César, *Goméz Pérez das Mariñas y sus descendientes*, A Coruña, 1917, p 37.

50. VAAMONDE LORES, César, *Gómez Pérez das Mariñas y sus descendientes,* A Coruña, 1917, p 39.

permiso para edificar unha torre en 1477[51]. Seguramente os Andrade tiveran algún outro pazo, por exemplo en Santiago, a onde viaxaba dona Francisca de Zúñiga, segundo testemuñas dos seus numerosos preitos dos que non temos referencias documentais pero dos que nos dan noticias os motivos heráldicos que, ás veces, atopamos asociados cos doutras casas como no pazo de Barallobre, seguramente neste caso dunha liñaxe secundaria emparentada cos Andrade.

En todo caso, os pazos, os orixinais da casa de Andrade e os herdados da casa das Mariñas, eran ademais da sede de administración dos respectivos dominios señoriais, un símbolo que pregoaba coa súa monumentalidade e riqueza ornamental a grandeza e o poderío desta liñaxe.

1.4 Castelos e fortalezas

O símbolo de poder por antonomasia dun cabaleiro era a posesión de castelos e/ou fortalezas, segundo fose o seu número, o seu tamaño e a posición estratéxica que dominan. Este tipo de edificacións tiña múltiples funcionalidades. Nun principio era a residencia do cabaleiro, como Vasco de Aponte afirma de Rui Freire de Andrade: "*...que tenía fortaleza por casa...*"[52]. En segundo lugar unha fortaleza ou un castelo era un lugar de refuxio para os habitantes do lugar en épocas en que outro nobre ou un exército inimigo invadía o territorio. En realidade esa é a orixe do poder e riqueza dos titulares das fortalezas; incluso algún autor asocia a orixe do feudalismo coas funcións que os casteleiros exercían de defensa do territorio, función que co tempo converten nunha fonte de ingresos polas contraprestacións que exixen á poboación circundante, moitas veces utilizando a violencia[53].

Pero a finais do século XIV, cando as ameazas externas se dilúen e os titulares dos castelos e fortalezas pasan a residir nas vilas deixando o seu control aos alcaides[54], a función fundamental dunha fortaleza pasa a ser o control do territorio, o lugar onde se manteñen encadeados ós que se resisten ao poder do señor, ou o lugar onde se refuxian os señores bandoleiros, ou *os golfiños* protexidos polos titulares das citadas edificacións. Cambia así a natureza da función orixinaria destes baluartes do poder señorial, convertidos agora en ameaza para a poboación circundante, como afirman os veciños de Pedroso *que les fisiera prender los cuerpos e levarlos presos al dicho castillo de Batan,*(Narahío) *eso por Rodrigo Esquiso, su castillero* (de Fernán Pérez o Boo)[55].

51. ADA, Sección Lemos, Andrade, C. 3103. Cit. VASCO DE APONTE, *"Recuento..."*, p. 157.

52. VASCO DE APONTE, *"Recuento",* pp. 117/118.

53. Juan Florí, Caballeros y caballería en la Edad Media, p..67.

54. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Diversos aspectos das guerras na Galicia Medieval", III e IV Semanas Galegas de Historia: *A Guerra en Galicia. O rural e urbano de Galicia.,* Santiago, 1996, pp. 70/71.

55. AHN, Carpeta 495, nº 21.

Os castelos e as fortalezas agora son máis que nunca un instrumento do poder señorial que ameaza os seus vasalos e pon respecto aos outros señores cos que ten contenciosos, sexan de tipo territorial, político ou militar, se non é que se dan os tres casos. Como exemplos, as xa citadas guerras e campañas de destrución entre Gómez Pérez das Mariñas, estreito aliado de Henrique IV en Galicia, e Fernán Pérez o Mozo no segundo terzo do século XV. No mesmo senso, o tamaño, a localización e a calidade da edificación aumentan o valor estratéxico de castelos e fortalezas e son o máis eficaz estandarte do poderío dunha liñaxe, outra forma de propagar a grandeza dunha familia nobre, onde o imaxinario e o real son, unha vez máis, parte do mesmo fenómeno.

Antes de se converter en grandes señores, os Andrade xa se lles coñecía como cabaleiros casteláns. Vímolo a propósito de Rui Freire de Andrade, pero hai un documento máis explícito referido á posesión dun castelo por parte dos Andrade, o que outorga a encomenda de Caaveiro a Pedro Fernández de Andrade, en 1382: *E outrosy por quanto esta comenda ja dita fuy sempre dos señores do castel dandrade*[56]. O que quer dicir, segundo o prior do citado mosteiro, que os Andrade xa eran coñecidos desde tempos inmemoriais como señores de castelo.

A este castelo orixinal dos cabaleiros Andrade engadirá Fernán Pérez o Boo o de Naraío, cando o rei Pedro I lle concede a freguesía do mesmo nome en 1364[57], concesión renovada por Henrique II en 1371[58]. Dous anos antes desta última data, en 1369, o Boo iniciou a construción dun novo castelo na parroquia de Nogueirosa, nos terreos da granxa do mesmo nome, do mosteiro de Sobrado. Este castelo debeu ser rematado antes de 1377, cando Henrique II lle concede a xurisdición sobre os terreos que o rodean, documento no que se supón xa construído[59]. Finalmente en 1373, tamén Henrique II lle concede a mercé do castelo, vila e terra de Vilalba[60].

Así, en 1373, os Andrade son señores de tres vilas importantes, dúas dotadas con castelo urbano -Vilalba e Pontedeume- mais os dous castelos rochedos restantes, Nogueirosa e Naraío. A estes habería que engadir o antigo castelo, ou casa forte, de Andrade, hoxe desaparecido, en mans do irmán maior de Fernán o Boo, Juan Freire, que herda o fillo deste, Pedro Fernández, herdeiro tamén do Boo. Desta maneira, os Andrade son señores de cinco castelos antes de rematar o século XIV, o século da súa fortuna.

56. Ed. VAAMONDE LORES, C., *Ferrol y Puentedeume,* Apéndice nº 5, pp. 75/76

57. ADA, Sección Lemos, Andrade. C. 343, nº 7.R.A.H, Col, Salazar, M -48, FF. 102- 103 v, copia autógrafa.//RAG, Fondo Martínez Salazar,caixa 106/21. Transcrición manuscrita. Agás a copia de Salazar y Castro os outros documentos, con erros evidentes, inclúen Pontedeume e Vilalba.

58. RAH; AH. Salazar, M -48, f 104 r -105 r, copia. Esta concesión non cita para nada a anterior de Pedro I.

59. RAH, Colección Salazar, M -48, f.92. Extracto.

60. RAH; A.H. Salazar, M -48, f. 77 r -78 v.

Se ben o tamaño destes castelos está moi lonxe dos clásicos castelos da Meseta, o poder que levaban consigo era considerábel, tanto polo número de escudeiros e peóns que eran necesarios para a súa garda e mantemento como pola rede de dependencias que xeraba e, sobre todo, o impacto sobre a poboación circundante que debía ser inmenso, un impacto emocional e real que actuaría de forma inmediata sobre os xeitos de comportarse das citadas xentes.

Pero, ademais, os Andrade eran titulares doutros castelo e fortalezas como a das Encrobas, que Fernán Pérez o Mozo recibe de Juan Becerra, do val da Veiga, como dote da súa filla María de Moscoso ao casar co de Andrade[61]. Tamén era titular, o Mozo, do castelo de Santa María de Ois, no concello de Coirós, segundo a testemuña de don Fernando de Andrade no preito Tabera-Fonseca: "*El Patriarca çercó a la Mota d´Ois, ques una fortaleza de Hernan Perez d´Andrade, que tenía entonçes un Pedro Fernández, su padre, hijo de Fernán Pérez, abuelo deste testigo...*"[62].Por outra parte, varias testemuñas afirman que os irmandiños derrubaron a Diego de Andrade outro castelo cerca de Vilalba: "*... e ansimismo oyó dezir que la dicha hermandad derrocara muchas fortalezas en le dicho Reino de Galicia, hespeçialmente la fortaleza de Porras que hera de Diego d´Andrade...*"[63]. Posuían ademais outras fortalezas; como a de Ambroa[64], a de Merín, que era dun Andrade menor, Rodrigo Díaz de Andrade; e a de Vilamourel, en Paderne, que era dun vasalo[65]. Outras testemuñas aluden á fortaleza-pazo de Camouco, o que quer dicir que o pazo que antes citamos, como o de Pontedeume, era ao mesmo tempo fortaleza[66]. Algunha das fortalezas atribuídas aos Andrade, como a de Porras, ademais doutras que non citamos como Motrín e Broço, derrubadas polos irmandiños e atribuídas por algunhas testemuñas a Diego de Andrade, eran de Gómez Pérez das Mariñas[67], que herdaría a dona de don Diego, a partir de 1474. Ademais, o gobernador Acuña ordena derrubar varias fortalezas de Diego de Andrade, Baldoña e Muntán, porque *se agrabiaban dello los vezinos de Betanços*[68]. Aos castelos e fortalezas citados habería que engadir a de Burgo de Faro, de Juan Freire de Andrade, fillo dun Pedro Fernández de Andrade –irmán de Nuño

61. *Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza*, f.. 79 v. Ed. A. Rodríguez González, p. 211

62. *Fortalezas*, I, p. 86., FF. 191 -1 93.

63. *Fortalezas*, I, pp. 307, pregunta 3, f. 1105. Gonzalo de Arçeu, veciño de Santiago, 70 anos; pp. 415/416, pregunta 3, f..340. Ruy Méndez, veciño de Betanzos, 70 anos, Betanzos, 15 –XII -1526. Testemuña de Betanzos (I., pp. 415/416, pregunta 3, f.340).

64. *Fortalezas*, I., pp. 415/416, pregunta 3, f..340.

65. *Fortalezas*, I, pp. 415/416, pregunta 3, f..340. Rui Méndez, veciño de Betanzos, 70 anos.

66. *Fortalezas*, I., pp. 436/437, pregunta 3, f..1377. Testemuña, Rodrigo Ares, veciño e morador de San Vicente de Vilachá.

67. *Fortalezas*. I., pp. 420/421, preguntas 3 f.. 1356. Juan Ares, zapateiro, veciño de Betanzos.

68. *Fortalezas*, I., p. 145, pregunta 29, f. 306, Alonso García de Parga; tamén Alonso Mosqueira, veciño de Santa María de Vigo (I., p.429, 430 e 431, preguntas 3, , f.. 365) e Juan Ares, zapateiro, veciño de Betanzos, (I., pp. 420/421, preguntas 5,f.. 1356)

o Mao- que fora incorporada ao señorío de Gómez Pérez das Mariñas e que herda Diego de Andrade.

En resumo catro castelos importantes a nivel galego, aos que habería que engadir os herdados de Gómez Pérez das Mariñas, e unha morea de torres fortaleza, seguramente moito máis abundantes das que acabamos de citar, que poden servir para facernos unha idea bastante clara, non só do poder dos señores de Pontedeume, senón, e sobre todo, da forma en como se controlaba o territorio e se impoñía á poboación dependente un réxime baseado sobre todo na forza.

Os castelos e fortalezas eran a imaxe máis visíbel do poder do señor, un dos seus estandartes máis eficaces para ameazar calquera intento de resistencia e para pregoar o seu poder e a súa forza, unha estampa constantemente gravada día a día na memoria dos vasalos e xentes dependentes, incluso dos señores veciños. Se foron destruídos na época da Irmandade foi, na meirande parte dos casos, porque as ordes do rei obrigaron aos señores a entregalos, do contrario, a Irmandade no tería capacidade para tomar e derrocar tantos castelos en tan pouco tempo sen un aparato militar adecuado que os irmandiños non posuían, polo menos, na proporción necesaria para esta tarefa.

En todo caso, o poder que representan estes baluartes é moi real, pero o poder simbólico gravado nas mentes dos seus vasalos e servidores é moi superior, como unha muralla invisíbel que lles impide exercitar a súa liberdade.

2. A CAZA COMO EXPRESIÓN DA FUNCIÓN DEFENSORA DOS CABALEIROS

Desde os tempos das primeiras formulacións das teorías trifuncionais, ao estamento dos *bellatores* atribúese a función de protexer a sociedade cristiá mediante o uso das armas. Por iso, os distintos escanos da fidalguía correspondían aos distintos graos do grupo social dos guerreiros, dedicados de por vida á *milicia*, a vivir en habito de *cabaleiros.* Por iso a palabra *cabaleiro,* antes *miles,* é un tanto equívoca. Porque, ademais de definir un grupo dentro do estamento do guerreiros, cabaleiros son todos aqueles que seguen as regras da cabalería, dedicando a súa vida ao uso das armas. Por iso tamén, ao longo da Baixa Idade Media, nacen espectáculos relacionados coa cabalería, como os torneos, as xustas ou os xogos de táboas aos que tan afeccionada era dona Francisca de Zúñiga, a primeira muller do conde de Vilalba. Estes espectáculos nos que participaban moitos cabaleiros servían ao mesmo tempo, de actividade lúdica e de aprendizaxe a función primordial deste grupo na sociedade da época, a de guerrear.

Pero, ademais dos espectáculos citados, condenados pola Igrexa nas súa versións sanguentas, non era menos importante a caza, sen connotacións negativas desde a perspectiva relixiosa e, polo tanto, actividade e pasatempo destinado a perdurar durante séculos entre os costumes da nobreza.

2.1 Caza defensiva, de aprendizaxe militar e a caza lúdica.

En primeiro lugar, a caza era unha actividade defensiva, xa regulada por unha ordenanza da *Terra de Santiago,* de 1113[69], da *Terra de Cotobade*[70]*,* ou o código da *Terra de Santiago*, dado por Afonso X en 1252[71]. Este sentido defensivo da caza aínda se mantiña hai non moitos anos cando os cazadores pasaban polas casas para recibir a recompensa pola morte de depredadores, como lobos ou raposos, que ameazaban a a facenda das comunidades rurais.

Na Baixa Idade Media, entre 1300 e 1450, debido ao descenso das cavaduras e ao despoboamento de certos espazos causado polas grandes mortaldades do século XIV, aumentan as superficies dedicadas a bosque[72] e conseguintemente o número de feras salvaxes, como lobos, osos, xabarís, amén das especies puramente cinexéticas, sendo frecuentes en Galicia ataques aos espazos habitados[73], o que aumenta o prestixio desta actividade.

En función do anterior, os cabaleiros, os que teñen na sociedade a función de *defender* a comunidade, necesariamente deben participar deste sentido da caza, sen que sexa, como estamos a ver, unha actividade exclusiva deste grupo social. En 1326, frei Berenguel de Landoira promulga as seguinte ordenanza para perseguilos lobos: *por ende non querendo y poer remedio, ordinamos et mandamos que enna friigesia que ouuer XV firgeses ou mays poucos, se non tomaren lobo ou loba ou camada delles, ...segundo que e costume des primeyro sabado de quaresma ata o dia de San Joham de Juyo, ou non fezerem o fogio, que pageun XVIII mrs*[74]. A estas batidas de caza debían acudir nobres e plebeos. Pero, o distintivo dos nobres era a súa capacidade táctica e tecnolóxica para enfrontarse ás feras máis salvaxes, como o xabaril. Era unha forma máis de amosar a súa

69. LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y de su tierra,* Santiago, 1985, edición facsímile, (Madrid, 1975) p.160, e nota 10)

70. PORTELA, Ermelindo e PALLARES, María del Carmen, "Caza de los señores y caza de los campesiños", *De Galicia en la Edad Media, sociedad, espacio, poder.* T.2, Xunta, 1973, p.298.

71. Ibídem, p.298.

72. LE ROY LADURIE, Enmanuel, *Le paisans de Languedoc,* París, 1966, I, p. 149.// PORTELA, Ermelindo e PALLARES, Carmen, *Opus. cit.* p. 297.

73. PORTELA, Ermelindo e PALLARES, Carmen, Ibídem, pp. 297/298 e nota 6.

74. LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y de su tierra,* Santiago, 1985, edición facsímile (Madrid, 1975), pp.338/339 e nota 10.

superioridade fronte aos plebeos, neste caso respectada, até que converteron os coutos en espazos reservados para o seu exclusivo uso e goce.

Na caza defensiva, se facemos caso á documentación arriba citada, predomina a caza contra o lobo, profundamente unida na tradición popular, incluso na mentalidade nobiliaria, á idea da ameaza, incluso do mal, sendo así que liñaxes como os Moscoso incluíron o lobo como motivo heráldico, como un distintivo que acreditaba a súa condición de cazadores deste animal[75]. Pero tamén o oso e o xabaril foron obxecto deste tipo de caza como se reflicte nas organizacións comunais dos campesiños, documentadas no Sil a finais do reinado de Afonso IX[76], ou en Sobrado a finais do século XIII[77]. O mesmo *Libro de la montería* de Afonso XI afirma que abundan o oso e o porco bravo no *monte de San Estevan e Río de Palacios…es buen osso en todo tiempo, a vezes hay puerco*[78]. Loxicamente, para a caza do oso e do xabaril precísanse unhas técnicas moito máis especializadas que os fan especialmente atractivos para a nobreza, de aquí que, andando a Idade Media, en moitos lugares estas especies se reserven para a caza dos privilexiados que usan mandas enormes de cánidos e aves especializadas, como o azor, o falcón ou o gabián, cuxas niñadas se protexen, ordenando *que non tomen açor, nin a falcon, nin a gavilán yaciendo sobre huevos, nin faciendo su nido*[79].

Pero, ao mesmo tempo, a caza é unha actividade de aprendizaxe militar que deseguida se converterá nunha actividade lúdica para nobres e reis. Por iso, durante este período histórico a caza reviste unha importancia relevante para nobres e cabaleiros, reflectida na importante produción literaria que xera, como o *Libro de la Montería de Alfonso XI*[80] ou o *Miroir des deduiz de la chasse* de Gaston Phoebus[81], contemporáneo do Boo, por citar só algúns exemplos dos múltiples que circularon por Europa nesta época.

75. DE PAULA FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, Francisca, " Sobre el lobo y su presencia en Galicia", *Cuadernos de estudios Gallegos,* 54, 1963, pp. 92/93./ FRAGUAS, Antonio, " El Lobo en la tierra de Cotobade", *Boletín da comisión de monumentos de Ourense*, XV, 1446, pp. 132 -134./ TABOADA CHIVITE, Jesús, " Montería y corridas de lobos en Galicia", *Boletín Auriense*, 1971, pp. 191/192.

76. GONZÁLEZ, Julio , *Alfonso IX,* Madrid, 1944, II, p. 570.

77. PALLARES MÉNDEZ, María del Carmen, *El Monasterio de Sobrado. Un ejemplo de protagonismo monástico*, p 319/ PORTELA, Ermelindo e PALLARES, María del Carmen, *Op. cit.* T.2, p. 301 e nota 18.

78. PORTELA, Ermelindo e PALLARES, María del Carmen, "Caza de los señores y caza de los campesinos,", *De Galicia en la Edad Media, sociedad, espacio, poder,* T.2, 1973, p. 301.

79. LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y de su tierra,* Santiago, 1985, edición facsímile, Madrid, 1975, pp.378 -380 e nota 28.

80. *Libro de la montería que mando escribir el muy alto y poderoso rey Alonso de Castilla y de León, ultimo deste nombre, acreçentado por Gonçalo Argote de Molina, en la imprenta de Andrés Pescionide Sevilla,* 1340 (Ed. J. Gutierrez de la Vega, Madrid, 1877, 2 tomos. Biblioteca Universitaria de Santiago).

81. Gasten Phoebus era conde de Foix e vizconde de Bearn. (Gaston Phoebus, Miroir des deduiz de la chasse des bestes sauvaiges et des oyseaux de proye… (1387). Edición de Eduardo Velázquez e tradución de Carmelo Andrea, 1980.

Todos os grandes nobres gustan de ser considerados grandes cazadores, como o conde de Trastámara e duque de Arjona, Fadrique Enríquez de Castro, de quen di Carrilo Huete que *Era el mayor montero y cazador que obo en Castilla... avía de nómina mill y doscientos sabuesos, e doscientos alanos e lebreles, e avía veinte caçadores de neblis e gerifaltes e sacres e açores...*[82]*; ou* como Pero Niño, ao que se presenta como modelo de cabaleiros en *El Victorial* onde se di que era moi valente nos torneos[83] e na caza, narrando algúns episodios nos que se resalta a valentía fronte animais como os xabarís[84].

2.2 Os Andrade como arquetipo de cabaleiros cazadores

Entre os Andrade, a caza parece que foi unha actividade importante recollida na abundante iconografía gravada nas obras emprendidas por Fernán Pérez de Andrade o Boo. Aínda que a abundancia de animais, sobre todo porcos bravos e osos, na iconografía deixada por este gran señor medieval requiriría un estudo especial, aquí imos só constatar os aspectos relacionados coa caza.

O primeiro señor de Pontedeume quixo retratarse como un gran cazador no seu monumento funerario, situado orixinariamente na ábsida da igrexa de San Francisco de Betanzos, xunto ao da súa primeira dona, Sancha Rodríguez, case totalmente desaparecido. A caixa funeraria ou cenotafio, adornada nos seus dous lados maiores por escenas de caza tremendamente naturalistas, descansa sobre un oso e un xabaril, mentres que a lauda, ademais da figura do cabaleiro, contén sete cánidos de distinto tamaño que acompañan a estatua do cazador, dous deles sostendo os seus pés. Pero non rematan aquí as ilustracións de tema cinexético; nos lados norte e sur da ábsida, onde un día estiveron os situados os cenotafios, complétanse, en dous frisos, os do cenotafio xa citado, con novas escenas de caza. Nesta representación podemos ver aves especializadas na caza, cánidos de diferentes tamaños, peóns, cabaleiros armados -algún deles ferido- e até trebellos de caza. Completan a escenografía dous escudos sostendo un can lebreiro, o da esquerda (norte), e un xabaril o da dereita (sur), animal este que se pode ver noutros lugares da igrexa. Abundando no anterior, oso e xabaril adornan tamén a cornixa exterior do templo de San Francisco, como noutras moitas igrexas en Betanzos, Cines, Ourol, Bergondo, etc.

Pero ademais, o oso e o xabaril figuraban noutras obras emprendidas polo señor de Andrade, como as pontes de Pontedeume, Ferreira, a ponte do Porco en Miño, a de Sigüeiro, a de Xuvia, etc. Incluso o escudo, hoxe da vila de Pontedeume, que se conserva nos muros interiores do concello -que dadas as súas características, parece ser o primitivo escudo de Fernán Pérez, o Boo- contén sobre tres arcos alusivos á ponte un oso e

82. CARRILLO DE HUETE, *Crónica del Halconero de Juan II,* cap. XXXIV, p. 57.

83. GUTIÉRREZ DÍEZ DE GAMES, *El Victorial. Crónica de don Pedro Niño, conde de Buelna.* cap. XXX, p. 86.

84. GUTIÉRREZ DÍEZ DE GAMES, *El Victorial. Crónica de don Pedro Niño, conde de Buelna*. cap. XXIV, p. 75.

un xabaril que sosteñen un castelo. En fin, toda unha simboloxía que habería que estudar con máis profundidade pero que, en principio, retrata o primeiro señor de Pontedeume como un gran amante da caza, como bo cabaleiro, do que sempre se prezou.

Porque a caza, ademais de defender a comunidade das feras, educa o corpo e a alma, como xa dicían as *Partidas*[85] e insistían os tratados de caza: *en primeiro lugar, o que caza escapa dos sete pecados mortais; en segundo lugar aprende a cabalgar con maior pracer, máis ousadía e desenvoltura e coñece mellor o campo e toda clase de lugares…porque o home que no se ocupa nada máis que de permanecer onde está, fomenta o orgullo, a avaricia, a ira, a preguiza e a gula, a luxuria e a envexa, porque o maxín do home tende máis ao mal que ao ben por culpa dos tres inimigos: O diaño, o mundo e a carne*[86].

En fin, como vemos, ademais de describir as técnicas, os instrumentos e os lugares de caza, os tratados sobre este tema engaden toda unha filosofía terapéutica que relaciona a loita contra as feras coa loita contra o pecado e contra o mesmo diaño. Esta conexión aparece claramente expresada na iconografía do sepulcro de Fernán Pérez na igrexa do antigo convento dos franciscanos: a vitoria sobre a besta é un símbolo da posición social do nobre, como vencedor do pecado que deus premia co paraíso, despois do xuízo final, representado na ábsida da igrexa, fronte aos sepulcros de Fernán Pérez de Andrade e dona Sancha Rodríguez, a súa dona. Por iso as escenas de montería gravadas no sepulcro deben entenderse como unha dobre mensaxe: por unha banda presentar diante do xuízo final credenciais de bo cabaleiro e, pola outra, deixar constancia diante dos homes das súas fazañas, divulgando así o prestixio propio e a súa liñaxe, que engade á súa *honra* a sona de gran cazador.

Sobre os sucesores de Fernán Pérez no señorío dos seus *estados,* non temos moitas noticias, pero é evidente a continuidade da práctica da caza por parte dos señores Andrade. O sepulcro de Nuño Freire en Monfero ten un can lebreiro aos seus pés, o que amosa continuidade nas practicas cinexéticas. A mesma tradición, en forma de lenda, recolle unha pasaxe na que nunha destas cacerías a filla de don Nuño, Laura, foi salvada dun xabaril por un cabaleiro namorado, fronte á covardía do seu prometido, o conde de Roade[87].

85. *E por ende, los antiguos tuuieron que conuiene esto mucho a los reyes mas que a otros omes: e esto por tres razones. La primera por alongar su vida e salud e acrescentar su entendimiento, redrar de si los cuidados e los pesares, que son cosas que embargan mucho el seso...La segunda porque la caça es arte e sobiduria de gurrear e de vencer, de los que deuen los Reyes ser mucho sabidores. La tercera porque mas abondadamente la pueden mantener los Reyes que los otros omes. Pero, con todo esto, non deuen y meter tanta costa porque nengüen en lo que han cumplir…* (Partidas, 2, 20, 5).

86. PHOEBUS, Gaston, *Miroir des deduiz de la chasse,1387.* Edición de Eduardo Velázquez e tradución de Carmen Andreu, 1980.

87. DE PAULA MELLADO, Francisco, *Recuerdos de un viaje por Galicia en 1850,* PP. 36 e SS.

No mesmo senso, sabemos que Diego de Andrade era un gran amante da caza por dous preitos iniciados contra el: un por Absolón Siciliano e outro polo tamén comerciante de Betanzos, Vasco de Valernio, porque o de Andrade non lle devolvera tres azores e un can lebreiro que estes trouxeran de Irlanda e que tiña no seu poder a título de *préstamo.* Os citados preitos, ademais de asegurarnos a continuidade desta práctica por parte dos citados señores, tamén nos instrúe no valor destes animais que o demandante sitúa en 100.000 marabedís de ouro[88].

Aínda na época de don Fernando, as terras dos Andrade tiñan sona de ser ricas en animais de caza maior, como os porcos bravos, cervos e veados. Neste senso, en 1520 Carlos I ordénalle ao conde don Fernando que poña gardas nos coutos para preservar a caza: *E porque mi merced e voluntad es que se veden e guarden los venados e çiervos e toda venaçion que en ella ay; por ende vos ruego y ecargo que hagays poner e pongays guardas en la vuestra tierra e dos leguas al derredor , para que ninguno pueda ballestar, ni cazar ni matar venados ni puercos ni ninguna venaçion…"*[89]. A noticia fálanos de que as cacerías organizadas polos señores de Pontedeume acadaban gran sona, incluso entre os membros da alta nobreza e da mesma corte imperial.

3. O MÁIS ALÁ, OS RITOS E PANTEÓNS FUNERARIOS

Xa se ten explicado neste traballo que a orixe da cabalería está intimamente relacionada coas teorías da trifuncionalidade, segundo as que os cabaleiros cumprían unha parte do plan de Deus para a sociedade cristiá. Polo tanto é evidente que os cabaleiros deben ser ante todo bos cristiáns. Segundo as *Partidas*, o día da investidura, ademais de lavar o corpo e vestirse coas mellores roupas, *ha de fazer otro tanto con el alma lleuandolo a la iglesia en q ha de recibir trabajo elevando, e pidiendo merced a Dios, que le perdone sus pecados, e que le guie…En quanto esta oración fziere, ha menester estar de ynojos fincados, e todo lo al en pie: mientras lo pudiere sofrir. Ca la vigilia de los caballeros, non fue establecida para juegos, ni para otras cosas, sino para rogar a Dios…q los guardee q los enderesce…*[90]. No senso anterior, algo máis tarde, o infante don Juan Manuel chegou a comparar a investidura de cabalería coa función sacramental -*Et otrosi porque desta orden e deste estado los reyes et los grandes sennores, et este estado non pueden aver ninguno de por si, sy otro non gelo da, e por esto es commo manera de sacramento...*[91]-, amosando así a unión entre a cabalería e as crenzas.

88. AXS, rxs, VII -1489, f. 240 (Cit. F. VALES VILLAMARÍN, *Un temible enemigo de Betanzos, Diego de Andrade,* B.R.A.G, 29/30 - A Coruña, 1970 - p.319).

89. ADA, Sección Lemos, Andrade, C. 4 -5. Ver rexesto e anexo documental.

90. Partidas, 2, 21 14.

91. Don Juan Manuel, *Libro del Caballero y del escudero*, cap. XVIII, p. 257.

Como señores e cabaleiros, os nobres medievais amosan tamén a súa condición de privilexiados amosándose próximos a Deus e aos seus representantes na terra, os clérigos, procurando ao longo da súa vida realizar xenerosas doazóns para garantirse un bo posto no paraíso celestial que a Igrexa pregoa pero tamén para amosar diante dos seus súbditos a súa proximidade a Deus, como argumento clave dos seus privilexios e do seu poder. Por outra parte, moitos nobres, despois de actos contrarios ás convencións relixiosas entre os que se inclúen con frecuencia latrocinios contra as igrexas, manifestan arrepentimentos aparentemente sinxelos. Vémolo nunha doazón a Caaveiro en 1224 de Pedro Bermúdez de Andrade na que recoñece ter cometido faltas graves contra o citado mosteiro: *"ut habeamus partem in onmni bono quod fuerit in hoc monasterio usque in finem, et pro intravi ibn ipsum monastrium per forciam et feci ibi multa mala..."*[92]. Esa é a tónica xeral incluso en cabaleiros e señores con coñecida sona de violentos.

Por iso, tanto os obxectos das doazóns nobiliarias como os lugares nos que colocan os seus cenotafios teñen unha dobre lectura. Pola propia natureza do tema, o imaxinario e o real están neste caso intimamente unidos, xa que por unha parte as súas manifestacións teñen relevancia social e por outra implican uns compoñentes eminentemente imaxinarios como son a fe e as crenzas.

3.1 O rituais e a importancia social dos panteóns funerarios

O lugar e forma do enterramento foi outra das preocupacións da aristocracia desde os tempos dos Traba, que converteron o mosteiro de Xuvia no seu panteón familiar. Por outra parte, diciamos no primeiro capítulo deste traballo que a existencia dun panteón familiar era un dos primeiros elementos da identificación dunha familia aristocrática, fenómeno que as pequenas estirpes de cabaleiros trataban de imitar. Neste senso, debemos lembrar que o 30 de xaneiro de 1177 o prior de Caaveiro e o abade de Bergondo comprométense a dar solemne funeral aos descendentes de don Fortunio, ao que identificamos como o proxenitor do primeiro *miles* que leva o antropónimo de Andrade[93]. Neste senso, varios Andrade fanse enterrar en Caaveiro, que se converteu por algún tempo no seu panteón familiar, como o xa citado Pedro Bermúdez de Andrade: "*...et concedo corpus meum ad ipsum monasterium ad sepeliendum...*"[94]. O proceder de Pedro Bermúdez era habitual entre a nobreza até o século XIV, facéndose enterrar na súa inmensa maioría nos centros monásticos tradicionais: bieitos, cistercienses e de cóengos regulares, máis que nas igrexas rexentadas polo clero secular.

92. AHN, Tumbo de Caaveiro, doc. nº 52, ff. 23 -24.

93. FERNÁNDEZ DE VIANA, J. I. e GONZÁLEZ BALASCH, T., "Pergamiños soltos do mosteiro de Caaveiro", doc. 2.

94. AHN, Tumbo de Caaveiro, doc. nº 52, FF. 23 –24.

A fundación das novas ordes mendicantes, dominicanos e franciscanos, que practican a pobreza e rexeitan a opulencia das ordes tradicionais, vai modificar as preferencias da nobreza, deixando de enterrarse preferentemente nas igrexas dos freires bieitos, cistercienses e outros lugares tradicionais de culto, para facerse enterrar en conventos dos dominicanos ou franciscanos[95]. O nacemento destas novas ordes, que practican a pobreza e o rigor monacal, coincide cunha época na que o debate sobre a pobreza da Igrexa ocasiona grandes convulsións sociais que leva aos poderosos do momento a identificalas como as máis fiábeis á hora de encomendarlles a garda dos seus corpos e a salvacións das súas almas.

Así, vemos a Fernán Pérez de Andrade o Boo amosando a preocupación por este tema cando insiste que as misas encargadas ao mosteiro de Monfero pola súa alma sexan impartidas por *dos mays onestos monges q y ouver et de millor vida q achar enno dito moesteyro*[96], o que implica unha implícita desconfianza na honestidade e rigor relixioso de moitos dos que adoptan as regras monásticas. Po iso, non debe estrañarnos que os Andrade do século XIV opten por ordenar a súa sepultura en conventos das ordes mendicantes.

Rui Freire de Andrade, en presenza do prior de Caaveiro, García Fernández, que exerce de testemuña do seu testamento, non só ordena ser enterrado en Santo Domingo, senón que fai os seus testamentarios, xunto a seu fillo maior, Juan, a dous monxes dominicos do convento da Coruña: *Et fes seus conpridores seu fillo Johan Freyre Dandrade, e frey Gonçaluo Rodrigues doutor do dito moesteyro de San Domingo, et Frey Gonçaluo Sanches, prior do dito moesteiro cada hû deles en todo*[97]. Este será o camiño que escollerá Fernán Pérez o Boo, facéndose enterrar na capela maior da igrexa de San Francisco de Betanzos, levantada por el, rexeitando Monfero, do que fora encomendeiro, ao que non obstante encarga misas, como vimos.

Non coñecemos todas as disposicións testamentarias sobre a ordenación dos seus funerais por parte de Fernán Pérez o Boo máis alá das sete cláusulas que conservamos, publicadas por partes en lugares diferentes, referidas todas elas a mandas piadosas, á ratificación de mandas xa feitas e a desembargos de bens ilegalmente ocupados[98]. Por unha

95. M. Pallares Méndez e. Portela Silva afirman que o número de soterramentos nos mosteiros cistercienses diminúe ao longo do século XIV, a medida que aumentan os enterramentos dos nobres en conventos franciscanos e dominicanos (*Muerte y sociedad en la Galicia Medieval,* . SS XIII-XIV, Universidade de Santiago, 1988, p. 28.)

96. RAG, Fondo Murguía, p -1/149, pergamiño.

97. RAG, Fondo Murguía, p -1/149, pergamiño, Traslado cláusulas. A.H.N, Clero, Caaveiro, 492 -7.

98. Trátase de bens dos mosteiros de Pedroso, *San Martiño de Xubia, de San Johan de Caaveiro, Santa María de Monfero, Santa María de Meyra, de Santa María de Sobrado, de Santa María de Belbís, do mosteiro de Dormeá e de Santa María de Bergondo* (RAG, Fondo Martínez Salazar. P -2/15. Pergamiño e transcrición en papel. Ed. parcial de Antonio de la Iglesia, El Idioma gallego, II, A Coruña, p. 58, ou en: "Santa Catalina de Montefaro", *Galicia, Revista Universal de este Reino,* Vol. IV, ano V, 1864 - A.M.C -).

destas cláusulas é precisamente pola que ordena ser enterrado en San Francisco: *It. Mando enterrar meu corpo ena Ygllia de Sn Francisco de Betanzos dentro ena capela maior da dita Ygllia que eu fiz facer: et amndo que ponan y enterren minas carnes de baix do moimento que y esta fayto a caron da terra, sen algua outra Ataude*[99].



Sepulcro de Nuño Freire o Mao, en Monfero

A cláusula testamentaria que vimos de transcribir alude directamente ao cambio de estado ao que aludíamos máis arriba, dentro dunha concepción plenamente medieval, totalmente impregnada de ascetismo, que non veremos nas disposicións deste tipo, do conde don Fernando. O cabaleiro dispón que o tránsito a outra vida, a outro estado, debe afrontalo desprendéndose de todo elemento terreal, de toda equipaxe, espido, como veu ao mundo. Por ese desprendemento de todo valor mundano, entrega o seu patrimonio e señorío ao seu sobriño Pedro Fernández coa obriga de cumprir as mandas testamentarias coas que o Boo intenta aliviar o peso da súa conciencia. Desta maneira, libre de todo peso terreal, está preparado para afrontar o tránsito ao novo estado.

No senso anterior, para asegurarse o cumprimento das mandas, como a que realiza o 1 de xullo de 1397, da freguesía de San Xiao de Mugardos ao convento de Santa Catarina de Montefaro, como medida de precaución, obriga a asinar o documento a un dos seus herdeiros, Nuño Freire o Mao [100].

99. VALES VILLAMARÍN, F., "El sepulcro de Andrade, o Boo", A.B., número 2, ano 1949, p. 93.

100. ARG, Fondo Vaamonde Lores, 4(6), nº 3. Pergamiño.

Non coñecemos moito máis do seu testamento pero, como en outros documentos deste tipo e desta época, seguramente ordenaría dar de comer a uns centos de pobres o día do seu funeral así como repartir roupa e moedas a pobres e domésticos da súa casa, como era habitual. Xa o facía a comezos do século XIII Guillerme o Mariscal, modelo de cabaleiros europeos da súa época e de toda a Baixa Idade Media. Guillerme reparte todo o que ten entre pobres, institucións relixiosas e herdeiros para afrontar o tránsito ao máis alá, libre de todo peso carnal[101], lamentándose da miserábel morte do rei Henrique que faleceu só e sen patacón que repartir entre os pobres á hora do seu pasamento. Pero fai máis o Mariscal, ordena que unha vez falecido sexa vestido co hábito dos templarios, orde na que había tempo esperaba ingresar e á que tiña prometido os seus despoxos.

Esta actitude é congruente e é a que vemos en Pedro de Castro, o da Guerra, que manda no seu testamento ser enterrado en Sobrado, e que *desque chegaren conmigo a porta primeira desse moesteiro,* (Sobrado) *ante que entren conmigo dentro, que me vistan o habito e panos do mais pobre frade professo que ouver en esse moesteiro e me poñan vestido en essos panos enno leyto en que leuan os frades professos*[102]. Isto, é que diante do tránsito a outro estado de vida, Pedro de Castro, un *rico home*, opta polo cambio de estado de señor e cabaleiro laico a humilde frade, neste caso da orde cisterciense, desprendéndose de toda ostentación humana, deixando estabelecido, como fará medio século máis tarde Fernán Pérez de Andrade, *que deiten meu corpo a caron da terra, sen outro ataúde e pona sobre llo meu corpo un moymento de pedra labrado en que esta este miña figura con mina armas,* o que parece probar que era un costume moi observado entre a nobreza que, loxicamente, Fernán Pérez o Boo continúa e que poucas veces respectaban os seus herdeiros. No caso do Boo, é evidente que ordenou enterrarse co hábito franciscano como nolo indica o feito de que a figura do xacente do seu monumento funerario luza na man dereita o bordón dos franciscanos así como os hábitos dos anxos que sosteñen nun dos lados menores do sarcófago, o escudo dos Andrade.

Por outra parte, a relación do primeiro señor de Andrade cos franciscanos parece máis ben unha obsesión, xa que funda cando menos dous conventos desta orde, o de Santa Catarina de Montefaro, o mosteiro franciscano de Betanzos, e levanta a igrexa conventual de Ferrol, o que nos fala de que a decisión de cambiar o estado de cabaleiro polo hábito franciscano estaba tomada de moito antes. Segundo os desexos do Boo, o seu corpo debería enterrarse debaixo do seu monumento funerario[103], rematado dez anos antes do

101. DUBY, G., *Guillermo el Mariscal,* Madrid, 1988, pp. 20/21.

102. A.M.C, Fondo Martínez Salazar, Caixa IV, Copia en papel dun traslado de varias cláusulas relativas a doazóns ao mosteiro de Sobrado onde manda enterrarse. As cláusulas responden ao primeiro testamento de 1337 que ordena se respecten no segundo testamento de 1340. (AHN, Clero, Sobrado, carpeta 547, nº 17. Cit.A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia*, VI, p. 117, nota 1 e 123 nota 2).

103. Non parece ser así porque, cando modernamente se abriu o sarcófago por mor dunhas obras, dentro había un esqueleto dun varón (A. Erias Martínez, "Xente da Baixa Idade Media", A.B., número 14, p 190). Tampouco parece que lle fixeron

seu pasamento, xa que así o afirma a inscrición funeraria do sarcófago: *Aquí Jaz Fernan / Perez D´Andrade, Caua / leiro que fezo este moesteiro, anno do Nas*(ç)*emento / do noso sen-/ nor Ihesu Christo de Mil* (e*) T*(trezentos) *et oitenta*(et) *sete, anos*[104]. Non hai dúbida entón de que todo o conxunto responde á vontade de Fernán Pérez o Boo.

Pero hai outro aspecto que merece ser resaltado. Como dicía o testamento de Pedro de Castro, no monumento, que insistimos debía estar colocado sobre a súa tumba, debían constar *a miña figura coas miñas armas*, o que lle dá unha dimensión diferente da até aquí estudada: a dimensión social. O monumento funerario é un acto de afirmación da estirpe e do finado, no contexto dun crecente individualismo; da súa persoa poñendo en letras grandes o seu nome e a súa efixie, vestida de cabaleiro, o xacente, rodeado dos símbolos heráldicos da súa casa e dos seus propios. Todo isto quere dicir que a construción dun monumento funerario ten un sentido, sobre todo de propaganda, porque -como dixemos- os titulares dos citados monumentos mandan enterrarse no chan, polo que o monumento non ten relación cos aspectos relixiosos senón con cuestións de carácter político e social; isto é, amosar diante das xentes a grandeza do personaxe e da súa familia así como a súa sacralidade ao ser soterrado nun lugar preferente da igrexa.

Para Fernán Pérez de Andrade, ademais supón culminación do seu percorrido ascensional, do seu particular *cursus honorum*, xa que a súa persoa e a súa liñaxe a partir de agora serán lembrados para sempre no seu templo ou por medio do seu monumento.

É evidente, polo tanto, que a construción dun monumento funerario e/ou relixioso non era unha decisión gratuíta; supoñía unha creación previa, un programa determinado e unhas ideas que expresadas de forma explícita supoñían unha forma da autoridade, algo similar ao que fan os reis e grandes dignitarios que expoñen mediante os monumentos funerarios a súa dobre condición de homes mortais e gobernantes nomeados por Deus[105]. No caso de Fernán Pérez de Andrade, a imitación das tumbas reais portuguesas, que debeu coñecer ben, tivo unha influenciao determinante[106].

caso a Pedro de Castro porque, segundo López Ferreiro, cando se recoñeceu a súa sepultura no século XIX, atopouse: *además de sus restos mortales, se hallaron algunos trozos de seda, un broche de oro y unas espuelas también de oro, que quizás serían de las cogidas al rey de Marruecos Abul-Hassan en la batalla del Salado.* (LÓPEZ FERREIRO, A. , *Historia*, VI, p. 123, nota 2).

104. Tomamos a transcrición de F. Vales Villamarín, "El sepulcro de Andrade, O Boo", A. B, número 2, 1949, p. 101.

105. BARRAL I ALTET, Xavier, "Propaganda eclesiástica y poder feudal", en: *Propaganda y Poder.* Lisboa, decembro de 2001 (Congreso Peninsular de Historia de Arte, Lisboa, 5 -8 de maio de 1999), p. 95. Cit. MATTOSO, J., "O poder e a morte", *Anuario de estudios Medievais,* 25/2(1995), p. 402. NIETO SORIA, J. M., "Propaganda política y poder en la Castilla Trastámara: una perspectiva de análisis", *Anuario de Estudios Medievais,*25/2(1995), p. 489.

106. NÚÑEZ RODRÍGUEZ, Manuel, "El sepulcro de Fernán Pérez de Andrade en San Francisco de Betanzos, como expresión de una individualidade y una época"; separata da *Revista Brácara Augusta*, Vol. XXXV, fascículo 79, Braga, 1981. "Religio regis y culto al poder" en: *Propaganda y Poder.* Lisboa, decembro de 2001 (Congreso Peninsular de Historia de Arte, Lisboa, 5 -8 de Maio de 1999), pp. 9 1 -113.

A concepción do monumento funerario como unha forma de expresión de poder, como unha arte de propaganda, parece reforzarse polo feito de que nalgunha ocasión, como aconteceu coa tumba, hoxe desaparecida, de Pedro Fernández de Andrade V, en Monfero, aparecera baleira cando a abriron en 1606: *Aquí jaçe Pedro Fernandez de Andrade, fillo deste Nuno Freire de Andrade. Este sepulcro abrio año de mill seiscientos y sseis el muy reverendo padre, Fray Atanasio Velásquez... Y por allarle vacío y sin huessos, ni señal de auer sido sepultado enel persona vmana, se quito de con el de ssu lugar que es en la capilla Mayor*[107]. Non insistiremos no tema porque, seguramente, este Pedro, o mesmo que o seu homónimo avó, non foron realmente soterrados en Monfero, malia a inscrición e sepulcro que o documento citado máis arriba afirma existir no dito mosteiro, a principios do século XVII. Neste senso, xa aludimos que a lápida aparecida no adro da igrexa de Santo Estevo de Perlío coa inscrición:
(P)DRO: FERNANDEZ:DANDRADE:SEÑOR:DA CASA:SEÑOR DA CASA DANDRADE: FINO(U): ANO: MIL CC…, parece abrir un indicio de que el ou o seu avó, tamén Pedro Fernández, estiveran enterrados nese lugar, posibelmente o mesmo que lle pasou ao seu neto que non sabemos onde está; isto parece indicar que o monumento de Monfero de Pedro Fernández V, hoxe inexistente, o mesmo que os do Mozo e Diego, foran labrados para completar o panteón familiar naquel mosteiro, non para recibir o corpo dos respectivos defuntos.

Nuño Freire, ao contrario que os seus antecesores, quixo ser enterrado en Monfero, onde mandou labrar para el unha fermosa tumba, hoxe situada no altar maior da igrexa. A tumba ten certos paralelismo coa do Boo, cun cánido sostendo os seus pés, anxos turiferarios lendo aos lados da cabeceira, espada na man esquerda e, na dereita, o cordón que sostén ou puñal da misericordia e unha longa lenda:
O.J.H.S.AUEDE:PIEDADE:DA:ALMA:DE:NUNO:FREIRE:DANDRADE:DO:OS:CONSELLO:DEL:REY:QUESE:FINOUY:ANO::DE:MIL: CCCC XXXI:ANOS[108].

Tamén están na igrexa de Monfero, encaixadas no chan do brazo sur do transepto, as efixies que deberían cubrir as tumbas de Fernán Pérez o Mozo e de seu fillo Diego, con inscricións na propia tampa, moi simples, en letra moderna, o que é indicativo de que foron labradas nunha época moi posterior ao seu pasamento, como se indica no testamento de don Fernando: *"Yten digo que por quanto mi señor padre Diego de Andrade, que esté en gloria, mandó fazer en el monasterio de Monfero una sepultura para sy y otra para su padre, y por na aver aparejado donde se pudiese azer, no se hizo, mando que syno estobiere hecha antes de mi falesçímiento, que mis conplidores la agan de las piedras que yo hize traer para las sepulturas..."*..

107. AHN, Códices, L 259, folio 26 r. Memoria das persoas que están enterradas neste mosteiro e na capela da Nosa Señora da Cela.

108. A lectura ten algunha diferenzas coa de Antonio de la Iglesia (*El Idioma Gallego,* A Coruña, 1886, .II, p. 40).

Por outra parte, tampouco sabemos a causa pola que os sucesores de Fernán Pérez o Boo non seguiron a súa tendencia de se facer enterrar nun convento de mendicantes. Seguramente tivo algo que ver as difíciles relacións entre estes Andrade e Betanzos, pero tamén se podería tratar dunha máis estreita relación con Monfero; o certo é que cando menos formalmente, durante o século XV Monfero constitúe o lugar preferente do seu enterramento, foran ou non cumpridos os seus desexos neste senso.

O último representante da casa dos Andrade, o conde don Fernando, o único Andrade titulado, en moitos aspectos, acada se cabe, maior importancia social e política que seu antecesor, o Boo, pero con máis medios dos que contaba o fundador da casa. Hai unha coincidencia máis entre Fernán Pérez o Boo e Fernando de Andrade: a tendencia a personalizar os asuntos relativos ao tránsito á outra vida, ao Mais Alá. En primeiro lugar, escolle o lugar onde debe ser enterrado, rompendo coa tradición dos seus maiores de se facer enterrar en Monfero, establecendo así mesmo os rituais fúnebres: *"Yten mando que los secrefiçios devinos se çelebren en la dicha Capilla Mayor en donde yo fuere sepultado en esta manera..."*. Neste caso, trátase dunha igrexa do clero secular que el mesmo mandou levantar dentro da vila, que é capital dos seus *estado*s, marcando distancias cos seus inmediatos antecesores. Polo tanto, como o Boo, constrúe o seu propio mausoleo marcando as novas tendencias funerarias, rexeitando o convento dos agostiños que tamén el mandara fundar.

En realidade, neste aspecto, don Fernando o que fai e seguir a tradición medieval amosándose como un personaxe ecléctico, do seu tempo, pero fortemente unido a tempos pasados. Cláusulas similares atopámolas no testamento de Pedro de Castro[109] ou no de Gómez Pérez das Mariñas, o seu antepasado[110], que sen dúbida tamén figuraron nos testamentos dos seus predecesores na titularidade dos estados da casa de Andrade que hoxe non conservamos.

Pero, malia todos os esforzos por alixeirar a súa alma de equipaxe mundano, non o fai así co seu corpo, ao que dixemos que ordena soterrar na capela maior da igrexa de Pontedeume, diante do altar pero rodeado de todos aqueles símbolos que representan os grandes momentos da súa vida, servindo ao emperador, ao papa e ao rei de España. Pero, ao afán de exaltación individualista que amosa o seu sarcófago e os símbolos dos que manda ser acompañado engade o conde de Vilalba un motivo máis: o afán paradigmático e moralizante *para que mis susçesores sepan y trabaxen de ser tales*[111]; isto é, a exaltación da súa liñaxe a través da súa grandeza, como estímulo para os seus sucesores e herdeiros.

109. AHN, Clero, Sobrado, carpeta 547, nº 17.

110. *Iten mando que den de comer el dya de my enterramyento a treynta pobres en remembrança de los treynta dineros por que nuestro señor Jesucristo fue vendido.* (ARG, Fondo Vaamonde Lores, 4(1) Nº 7, Testamento de Gómez Pérez das Mariñas diante do notario Diego de Sotos. Ed. VAAMONDE LORES, C., *Gómez Perez das Mariñas y sus descendientes*, p. 22).

111. Testamento de don Fernando.

Nestes aspectos, afástase xa da tradición medieval que se amosaba nos sepulcros do Boo, ou do seu sucesor Nuño o Mao, pero non tanto na forma como no fondo. Os relevos que adornan a tumba de Fernán Pérez o Boo, en San Francisco de Betanzos, que desenvolven o tema dunha cacería, só poden ter unha interpretación relixiosa se o vemos de forma alegórica, polo que, falando estritamente, desenvolverían un tema costumista. O que cambia é a falta de sentido ascético, substituído polo afán de ostentación do ego, persoal e da liñaxe que transcende o seu contido relixioso e puramente funerario.

En consecuencia, vemos unha preocupación evidente polo Máis Alá por parte dos Andrade. Esa preocupación parece debilitarse ao longo do século XV, incluso non aparece en don Fernando até finais da súa vida. Pero tamén é evidente que a preocupación de perpetuarse a través de monumentos funerarios, individualizados, pero sempre con alusións á liñaxe, adquire un gran relevo. Incluso nos casos citados de Pedro Fernández V, Fernán Pérez o Mozo e o seu fillo Diego, desprovistos de fins funerarios, xa que, en todo caso, se foron enterrados nos seus sarcófagos, fórono moitas décadas máis tarde do seu pasamento. Iso quere dicir que moitos dos rituais sobre a morte tiñan máis de manifestación simbólica do poder do individuo e da liñaxe que doutra cousa. O poder do imaxinario amosa aquí toda a súa elocuencia.

4. UNHA CERTA FORMA DE PATROCINIO

Como vimos reiterando, a nobreza de finais da Idade Media distánciase do ascetismo medieval cara a unha mentalidade máis relaxada e acorde cos novos tempos, máis próximos a un marcado sentido do hedonismo e do deleite dos bens que a natureza lles ofrece, afastándose asemade do sentido ético e moral que debía presidir os actos destinados ao alcance tales bens. En certa forma, xa en traballos anteriores afirmábamos que os Andrade -referiámonos a Fernán Pérez o Boo, pero en realidade todos participan desa mentalidade- amosaban un marcado sentido individualista na ordenación dos seus actos, como un trazo que anticipaba o Renacemento; asemade nos referíamos a que a febril actividade construtora e, en xeral, promotora de obras de diversa índole, de enxeñería, arquitectura ou arte, amosaba a mesma ansia que a dos *condottieros* italianos, cando devolvía en forma de obras públicas ou de patrocinio de artistas o diñeiro que conseguiran co uso da espada, do veleno e/ou da traizón, que todo valía se o resultado era aceptábel.

Pero esta dobre moral non era exclusiva da nobreza senón que esta parece ser a moral de don Fernando, o Católico, cando lle doa a Luís Pimentel, conde de Benavente, A Coruña e logo anima a Diego de Andrade a defendela e agasállao por isto. O fenómeno está moi estendido durante o século XV; non só o practican o reis senón que os nobres xa o viñan facendo desde finais do século XIV. O sentido da lealdade e/ou da moralidade dos

actos e o contido ético dos mesmos só interesa se leva consigo beneficios ou éxitos individuais, cobrando empuxe o voluntarismo individualista, traducido en voracidade por acadar fama, fortuna e *honra,* a cuxos temas xa nos temos referido con certa reiteración.

Incluso algúns escritores, como Fernán Pérez de Guzmán, do clan aristocrático dos Mendoza, pero con agudo sentido do seu tempo, faise eco da falta de valores tradicionais ao afirmar nunha mordaz crítica á nobreza *que do la virtud se muda / non remane gentileza,* ou aludindo á concepción individualista da moralidade dos actos: *si de la sangre la virtud descendiese / esto bastaba a ser buena la genta,* o que supón xa un ideal humanista ao darlle máis valor aos actos individuais que á liñaxe[112].

En gran parte, este novo sistema de valores, especialmente a voracidade por acadar éxito e riqueza, está relacionado co novo contexto socioeconómico e co custo da vida ao introducir como prácticas habituais a construción de pazos, castelos, fortalezas e outras obras de carácter civil.

Ao mesmo tempo a nobreza gasta sumas importantes en produtos de luxo e en embelecer as obras levantadas con pezas artísticas e rodearse dunha Corte na que artistas e escritores acadan unha importancia nunca vista, porque a cultura se converte nun produto máis de consumo por parte da nobreza, da grande e da mediana, cada un na medida das súas posibilidades. Na Corte de Juan II, podemos atopar o poeta Juan de Mena[113] e o clan poético e literario dos Mendoza: Fernán Pérez de Guzmán, sobriño do chanceler Ayala, ao que acompaña Íñigo López de Mendoza, marqués de Santillana, o seu sobriño Gómez Manrique e o sobriño deste, Jorge Manrique. O mesmo fai Afonso V de Aragón despois da conquista de Nápoles[114].

4.1 Fernán Pérez o Boo e o patrocinio

No caso dos Andrade, soamente destacan neste aspecto Fernán Pérez de Andrade o Boo e Fernando de Andrade, o primeiro e último Andrade que foron señores de Pontedeume. Con todos os seus defectos que agrandaron os seus sucesores, a moita distancia dos seus herdeiros e sucesores inmediatos, Fernán Pérez o Boo é o máis destacado en todos os aspectos. Nin sequera o gran conde de Vilalba, dispoñendo duns recursos moi

112. PÉREZ DE GUZMÁN, F., *Coplas de vicios y virtudes,* Cit. BLANCO AGUINAGA, Carlos, *Historia Social de la Literatura Española*, I, Madrid, 1979, p. 122.

113. Juan de Mena, partidario de Xoán II e de Luna, critica abertamente os vicios da nobreza, como no *Laberinto: ¡Oh, rica nobleza, oh grand fidalguía, // oh ínclita sangre, tu, cómo sostienes // por vana codicia de mundanos bienes // tocar los humanos en tal villanía.* (Cit. BLANCO AGUINAGA, Carlos, *Historia Social de la Literatura Española,* I, Madrid, 1979, PP. 127/128).

114. No mesmo senso, o marqués de Santillana reúne no seu pazo de Guadalaxara a máis grande biblioteca de toda Castela (BLANCO AGUINAGA, Carlos, *Historia Social de la Literatura Española*, I, Madrid, 1979, p. 121).

superiores e dun fácil acceso á Corte na época de Carlos I, iguálao en case nada. Por iso, este pequeno capítulo está en gran maneira dedicado ao fundador da grandeza dos Andrade.

El foi o que engrandeceu a estirpe, o que valéndose dunha especial habilidade para adaptarse a circunstancias cambiantes soubo culminar con éxito o dificultoso camiño dun escudeiro modesto e segundón, devolvendo á sociedade unha gran parte da súa fortuna en forma de obras de arte que aínda hoxe producen sorpresa e admiración polo seu refinamento. Nel dáse o voluntarismo ao que aludíamos máis arriba, no senso de que a importancia das persoas a forxan as súas obras e non as liñaxes. Pero tamén se dá a prodigalidade cabaleiresca, no senso de repartir as mercés gañadas coa forza da súa espada ou coa súa habilidade diplomática, no seu caso, máis que entre os seus compañeiros de batalla, entre os seus vasalos. Loxicamente Fernán Pérez non era ningún filántropo, pero cando menos as súas obras eran de utilidade e supuxeron un enriquecemento da cultura galega e, polo tanto, universal. Non debemos esquecer por outra parte que o emprego de grandes cantidades de recursos, en forma de diñeiro, de alimentos e de man de obra, leva consigo a intensificación da explotación señorial, de maneira que patrocinio cultural, social ou relixioso e a reseñorialización, non son máis que aspectos distintos do mesmo fenómeno.

O primeiro señor de Pontedeume levou ao cabo unha inmensa obra construtora moi variada, nun estilo gótico de fortes reminiscencias románicas. Entre as obras levantadas por este gran señor galego de finais do século XIV destacan as obras de carácter señorial, como pazos, castelos e fortalezas; obras de carácter civil, como pontes[115]; de carácter relixioso como igrexas[116] e mosteiros, ou as destinadas a fins benéficos, como os hospitais[117]. Pero se ben todas esta obras reunían características de evidente sentido artís-

115. As pontes construídas polo de Andrade que con seguridade se lle poden atribuír na súa totalidade son: a ponte Do Porco (Miño), a de Pontedeume, de Xubia, de Ferreira (San Sadurniño), a de Sigüeiro e, probabelmente, a do Burgo; ademais doutras nas que debeu intervir. Unha tradición largamente difundida fala de que o Boo construíu 7 igrexas, sete mosteiros e sete pontes (Frac Felipe de la GÁNDARA Y ULLOA, *Armas i Triunfos.* p. 304/5). Esta tradición foi recollida e transmitida aos nosos días por Manuel Antonio de Verín y González de Hevia, nunha historia de Betanzos de 1812, inédita, hoxe no AMB, quen di: *Este Fernán Pérez fue muy privado del Rey D. Enrique, y viviendo en la ciudad de Betanzos edificó siete yglesias, y siete monasterios y siete puentes en siete rios caudalosos, y siete hospitales y en todas puso por armas un Oso y un Javalin...*"(f. 10).

116. Enteiramente San Francisco de Ferrol, San Francisco de Betanzos, as tres igrexas do Sor, a capela do Espírito Santo (Ponte do Eume), a capela de San Miguel, encostada ao pazo de Pontedeume, o convento e igrexa de Santa Catarina de Montefaro, a hermida de Santa Catarina de Chanteiro, parcialmente, Santa María de Azougue (Betanzos), e as igrexas conventuais de Bergondo e Cines, hoxe igrexas parroquiais.

117. Están documentados o hospital da ponte sobre o Eume e o hospital de San Bartolomé en Betanzos. Do de Pontedeume temos noticias no traslado dun privilexio do rei Xoán I confirmando outro privilexio de Henrique II, asinado en Segovia o 20 de marzo de 1370. O traslado é do 8 de xullo de 1475 e está realizado en Pontedeume. (..G, Fondo Vaamonde Lores, C. 4(7), nº. 16). O de Betanzos cítase nunha cláusula do testamento de Fernán Pérez: *It . Mando a o hospital de Betanzos que eu fiz restaurar y acreçentar, as mias pousadas vellas , que eu fiz gacer enna dita villa.* (Ed. Vales Villamarín, F., "El sepulcro de Andrade, O Boo", A.B. número 2, ano 1949, p. 93).

tico, onde mellor se traducen as preocupacións artístico- culturais de Fernán Pérez é na promoción de obras literarias[118] e na ornamentación dos edificios, sobre todo das igrexas.

Concretamente, reviste unha extraordinaria importancia a versión ao galego do *Roman de Troie* de Bieito de Saint Maure, a *Crónica Troiana*. Trátase dunha obra que traduce a preocupación do de Andrade por temas de carácter cabaleiresco, neste caso do ciclo troiano, realizada sobre unha versión castelá ordenada por Afonso XI[119]; por outra parte, denota a relevancia que o de Andrade daba ao feito de rodearse de homes de cultura, como eran o clérigo Fernán Martins e o seu equipo de colaboradores que participa na tradución da citada obra, como se deduce das palabras do propio clérigo ao afirmar que escribe parte da obra soamente: "*Sabbean quantos este liuro virê que eu Fernâ Martiis, clerigo e capelan de Fernâ Perez d´Andrade, escruiu este liuro desde onde sse começa esta estoria ata aqui... por mâdado do dito Fernâ Perez...*"[120]. No fragmento alúdese á autoría de Fernán Martíns, pero soamente en parte, polo que os editores modernos desta obra resaltan o feito de que o citado autor está acompañado dun equipo de colaboradores que participan nesta tarefa[121]; o que necesariamente implica que esta xente entendida en obras literarias que estaban en boga no momento formaban parte do cortexo do primeiro señor Andrade, xa nos comezos do seu señorío, porque a obra está asinada polo propio Fernán Martíns, en 1373, dous anos despois de que Fernán Pérez se convertese en señor de Pontedeume e Ferrol, e no mesmo ano no que recibe Vilalba, o que quer dicir, como apuntaba Murguía, que posibelmente houbera mais obras deste tipo, hoxe perdidas.

Outro dos aspectos nos que Fernán Pérez o Vello nos amosa a súa preocupación pola cultura, nesta caso pola arte, é a ornamentación da igrexa conventual de San Francisco de Betanzos, sobre todo, na decoración do seu sarcófago e do espazo para o que estaba pensado, a ábsida da capela maior do citado templo. O monumento resulta dunha gran orixinalidade xa que introduce a tradición do "*xacente"* até entón descoñecida en Galicia, así como outros elementos, tamén descoñecidos, como os anxos turiferarios da cuberta e o cordón franciscano do que pende o puñal da misericordia[122]. Por outra

118. Na época do Boo coñécense en Galicia lendas cabaleirescas do ciclo bretón, incluso se fala da tradución galega do *Amadís de Gaula*, composto entre 1367 e 1383 en Galicia ou Portugal por Vasco de Lobeira, dunha familia galega na que houbo varios poetas, segundo o cronista portugués Gomes Eanes de Azurara. Tamén circulan versións do francés de *Lanzarote del Lago*, da *Demanda do Santo Grial e da Crónica Turpinou*, do arcebispo de Reims (traducida do latín e que narra as conquistas de Carlomagno aos mouros, os milagres de Santiago etc). NÚÑEZ RODRÍGUEZ, *El sepulcro de Fernán Pérez,* p. 6; Vicente RISCO, *Historia de Galicia*, 4ª pp. 176 e 177)

119. MARIÑO PAZ, Ramón, *Historia da lingua galega*, Santiago de Compostela, 1998, p. 155. *//Ramón Lorenzo, Crónica Troiana*, PP. 9 á 13

120. LORENZO, Ramón, *Crónica Troiana*, Coruña 1985 p. 76

121. MARIÑO PAZ, Ramón, *Historia da lingua galega,* Santiago de Compostela, 1998, p. 122.

122. SÁNCHEZ AMEIJEIRAS, M. Rocío, "Circulación de modelos y Talleres Itinerantes. El papel de artistas y comitentes en la evolución tipolóxica de la escultura funeraria en la Galicia Medieval.", VI Congreso Santiago de Compostela, 1998, pp. 133 á 239.

parte, toda esta decoración ten un profundo sentido alegórico[123], tanto desde o punto de vista social como relixioso, presentando ao primeiro señor de Andrade como cabaleiro, cos símbolos heráldicos da súa casa e cos seus propios, como gran cazador, unha calidade inherente a de cabaleiro; pero[124] neste caso ofrécenos unha dobre dimensión, a do cabaleiro esforzado e a do cabaleiro cristiá que fai méritos para a vida eterna.

Os temas, trazados cun gran naturalismo, amosan por unha parte o influxo do comitante, o propio Andrade -o sepulcro leva data de 1388 e don Fernán falece en 1397-, e a participación dun equipo de artistas itinerantes que deixou profundas pegadas en certas comarcas da Coruña, irradiadas desde Betanzos e Santiago[125] a outras comarcas, incluso a fóra da provincia[126].

Noutros aspectos, como nos motivos decorativos que adornan as obras arquitectónicas levantadas a instancias deste Andrade, poden verse formas similares, como son o uso reiterado de formas en estrela, de cinco puntas, a *pentalfa* ou de seis puntas, *hexalfa,* que para estudosos actuais se converten en selo de autoría e autenticidade. Vémolas en San Francisco, no lado sur de Santa María de Azougue e incluso na igrexa de Santiago, as tres en Betanzos; pero tamén as vemos no *Torreón* de Pontedeume, na igrexa conventual de Bergondo e no xacente do seu monumento funerario. Todo isto, xunto ao emprego de zoomorfos dun xeito moi profuso, fálanos da intervención do propio señor de Andrade o Boo na planificación das súas obras e na existencia de cuadrillas de artesán e artistas deambulando arredor dos pazos de Fernán Pérez, así como da súa preocupación polos aspectos artísticos.

Non deberíamos dubidar entón de que este Andrade actuou como patrocinador e mecenas de obras de todo tipo e, dun xeito especial, de obras artísticas e literarias. Que a finalidade das citadas obras fora sobre todo suntuaria e non artística, non lles quita valor, axudándonos a entender o papel da arte como instrumento de propaganda, destinado a perpetuar o nome do seu impulsor, e engrandecer a súa imaxe e da súa liñaxe, pero tamén de obras de gran interese social, como as pontes e os hospitais. O imaxinario e o real de novo danse a man.

123. NÚÑEZ RODRÍGUEZ en "El Sepulcro de Fernán Pérez..," pp. 6 -14. //Campos Cazorla, "Rarezas Iconográficas en S.Francisco de Betanzos," *Boletín de la comisón Provuincial de historia y arte de Ourense*, XIV, PP. 91 a 94.

124. PALLARES MÉNDEZ, C. e PORTELA SILVA, Ermelindo, "Galicia en la Época Medieval", Serie *Galicia Histórica*, p. 275.

125. SÁNCHEZ AMEIJEIRAS, M. Rocío, *Op. cit.* pp. 133 á 239). CAAMAÑO MARÍN, J. M, *Contribución al estudio del Gótico en Galicia*, p. 134. Balsa de la Vega, "Notas arqueológicas" , B.R.A.G, V p. 245.

126. ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, "Xente da Baixa Idade Media III. Sancha Rodríguez, muller de Andrade e Nuño Freire, mestre de Christus", *Anuario Brigantiño*, nº 14, 1984, pp. 187 e ss.

4.2 Os herdeiros de Fernán Pérez

Xa sabemos que a Fernán Pérez o Boo o herdou un sobriño, Pedro Fernández IV, en ausencia de fillos varóns. Esta circunstancia, unida ao seu curto señorío, sería o que nos explica o ermo posterior á súa morte no tocante á promoción de obras como as emprendidas polo seu tío e mentor. En xeral, ningún dos herdeiros do primeiro gran señor de Andrade se aproxima á súa talla como personaxe público e, moito menos, como promotor de obras de interese social e/ou artístico. Agás os seus catafalcos funerarios, todos eles no mosteiro de Monfero, e algunha remodelación de obras xa iniciadas polo seu antecesor, non amosaron preocupación nin orixinalidade neste campo. Só don Fernando amosou algún afán neste terreo, pero, en ningún caso o podemos comparar coa actividade construtora levada ao cabo polo seu antepasado. Podemos aducir que ningún deles tiña necesidade de propagar a grandeza da súa casa, sobre todo don Fernando, que era un grande de España, pero aínda así non se explica tanta seca creadora durante tantos anos. Insistiremos nas xa aludidas posíbeis explicacións de devandita seca: por un lado estaría a pouca estatura dos personaxes que sucederon ao Boo e, polo outro, o carácter de interinidade que durante todo o século XV caracterizou o señorío dos Andrade, constantemente angustiados os seus titulares pola necesidade da ratificación dos privilexios que lle deran orixe á súa casa; en último lugar e incidindo negativamente sobre as causas citadas, estaría a escasa duración dalgúns dos señoríos.

De todos os sucesores de Fernán Pérez na xefatura da liñaxe por el fundada, ademais do xa citado, só podemos destacar neste senso as achegas do conde de Vilalba.

Despois do señorío de Diego de Andrad,e que non parece amosar preocupación ningunha por estes temas, o conde de Vilalba, don Fernando, é o mas prolífico dos sucesores do Boo, aproximándose, aínda que de lonxe, ao afán construtor e de promoción artística de Fernán o Vello.

Fernando de Andrade funda o convento dos agostiños de Pontedeume, chamado de Santa María de Gracia[127], e a igrexa parroquial da que hoxe só queda a capela maior, onde este prócer está enterrado, obra na que se mestura o gótico tardío do interior coa sobriedade de liñas de corte renacentista do exterior. Pero o que máis salienta do seu patrocinio é a colocación, posterior ao seu pasamento pero ideado na propia concepción da obra, dun fermoso retablo na citada capela, no que se mesturan táboa e lenzo con temas de epifanía e de paixón, constituíndo unha achega importantísima para a pintura galega do século XVI, de influxo flamengo.

127. ARG. Fondo Vaamonde Lores, 4(7).

Por outra parte, o conde de Vilalba tamén parece continuar a tradición de Fernán Pérez o Boo de patrocinar obras literarias na súa modalidade de crónicas e nobiliarios, tan en voga ao longo do século XV e que continúa no século seguinte. Neste senso debemos citar a obra de Vasco de Aponte[128], *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia,* unha obra de referencia obrigatoria para os temas relacionados coa nobreza baixomedieval de Galicia, como por outra parte amosamos neste traballo de investigación no que o citamos en reiteradas ocasións, malía que desgraciadamente non se conserva íntegra. Vasco de Aponte, *criado* de don Fernando -*La muger del conde don Sancho era de Zuñiga y de Haro; Della tuvo por hija a doña Francisca, muger del conde don Fernando de Andrade****, mi señor***[129]*-,* amósase como propagador da mentalidade de Fernando de Andrade no senso de que nos presenta unha serie de estirpes galegas cunha linguaxe cargada de nostalxia do mundo señorial que está desaparecendo mentres escribe a súa obra. Por outra parte non amosa simpatía ningunha pola nova orde política introducida en Galicia polos reis Católicos; cita moi pouco os gobernadores, a Real Audiencia e á mesma *Santa Irmandade*. Para el os acontecemos políticos e sociais están determinados pola acción e reacción dos señores territoriais, algo similar ao que defende o conde don Fernando cando se afronta á Audiencia de Galicia na súa teima de organizar Galicia de forma señorial, incluso reivindicando para el unha *Señoría Maior*.

Don Fernando de Andrade parece seguir as pautas de Fernán Pérez o Boo, fundando un mosteiro, construíndounha igrexa, panteón para si mesmo, e amparando escritores como Vasco de Aponte. Pero as obras por el emprendidas non parecen abranguer o abano de finalidades que abranguían as do seu antepasado, destinadas moitas delas a fins civís e /ou de interese social. No caso de don Fernando todo parece xirar arredor de si mesmo, do seu mundo señorial e, en último caso, do engrandecemento da súa liñaxe á que paradoxalmente non dá un herdeiro varón. Unha proba evidente desta especie de narcisismo engaiolante é unha das súa disposicións testamentarias na que manda *que pongan en la dicha mi capilla mayor de la yglesia de Puentedeume una bandera del Rey de España con sus armas y con su guión, y ansimismo la bandera del Emparador con sus armas y guión, y otra bandera del Papa, en su memoria que de todas tres fue elegido por Capitán general y los serbí en este ofiçio, para que mis susçesores sepan y trabaxen de ser tales que puedan usar destos ofiçios y de otros mayores si podiere ser*[130]. Isto é, gloria eterna para a súa *honra* e paradigma a imitar para os descendentes da súa liñaxe.

128. Os distintos manuscritos, dun ou doutro xeito, citan o autor da citada obra, escrito de diferentes maneiras: De Aponte, Daponte, da Ponte e De Aponte. Nós, nas notas referidas a este autor, seguimos o criterio dos editores que citamos no seu lugar. (VASCO DE APONTE, *Recuento*, p. 51).

129. *Recuento*, p.170, epígrafe 191

130. Testamento de Fernando de Andrade, doc. cit. Ver anexo 2.

É evidente que entre don Fernando e o seu antepasado, o Boo, hai algo máis dun século de diferenza, pero sabendo das ansias do conde por perpetuar o mundo señorial dos seus antepasados, cando o Estado Moderno está en pleno progreso, aínda recoñecendo a evidencia de que supera con creces os seus inmediatos antecesores, non atopamos nel a mesma prodigalidade cabaleiresca do seu antepasado, o Boo.

Loxicamente, a produción e patrocinio de todo tipo de obras por parte dos señores Andrade non ten porque ser o resultado do seu amor pola creación artística, relixiosa ou de uso civil, senón o resultado do seu afán de ser recordado e de amosar diante dos seu vasalos e dependentes, así como diante doutros señores, a grandeza da súa casa, da súa liñaxe, deixando memoria entre vivos dos seus feitos, como unha manifestación máis do individualismo baixomedieval, de exaltación do *ego* persoal do protagonista, por outra parte, destinado a alimentar a imaxinación das xentes, no dobre senso de respecto e temor.

No senso anterior, non podemos esquecer que os cabaleiros baixomedievais seguen sendo cristiáns, convencidos ademais de que os seus numerosos pecados deben ser compensados con obras de carácter piadoso, idea que a propia Igrexa propaga, como dispensadora da gloria eterna para os falecidos, para recibir prebendas e doazóns por parte de vivos[131].

Imaxinación e realidade, dous aspectos do mesmo fenómeno que se complementan perfectamente onte e hoxe. A grandeza e poder social dos señores Andrade reálzase coa produción de obras artísticas, polo seu impacto mediático, tanto se estas consisten en obras piadosas, asociadas mentalmente ao carácter *sagrado* dos seus promotores, como se son obras de carácter civil ou militar, estandartes perennes da gloria dos seus señores na mente dos contemporáneos e dos que veñan detrás, sexan nobres ou plebeos. E moito máis si se trata de obras literarias, concibidas para legar unha memoria escrita do mecenas acorde cos desexos deste.

131. Neste senso cremos que é de interese consultar o artigo de BARRAL I ALTE, Xavier,"Propaganda eclesiástica y poder Feudal", *Propaganda y Poder*. Lisboa, decembro de 2001. Congreso Peninsular de Historia de Arte, Lisboa, 5 -8 de maio de 1999.

UN DOCUMENTO INÉDITO: NUEVOS APUNTES PARA LA HISTORIA DE PONTEDEUME

Carlos de Castro Álvarez

A la memoria de Santiago Daviña Sainz

INTRODUCCIÓN

En el número nº 5 de Cátedra, correspondiente a 1998, Santiago Daviña Sainz publicó el artículo *Una descripción anónima de Pontedeume hecha en el siglo XIX*, iniciando con Cátedra una relación que se prolongaría en el tiempo[1] y que sólo su fallecimiento, acaecido en diciembre del 2007, truncó. Abogado de profesión, problemas de salud hicieron que se apartara de su actividad profesional, desarrollada en Unión Fenosa, y se dedicara a la investigación histórica, actividad que siempre le había apasionado. Esta pasión por la Historia le llevó a cofundar y ser secretario de la Asociación Cultural Estudios Históricos de Galicia, en cuyo seno realizó las últimas aportaciones[2]. Quienes lo conocimos sabemos de su generosidad, de su extraordinaria capacidad de trabajo y de su pasión por transcribir la documentación inédita. Una y otra lo llevaron, por ejemplo, a transcribir a mano voluminosos manuscritos de cientos de folios, como la *Historia de Sobrado* de fray Mauricio Carbajo o la *Historia y Descripción de La Coruña*, de Rey Escariz.

Cuando de don Celestino Sardiña me llegó el documento que transcribimos en este breve artículo, lo primero que me vino a la cabeza fue la descripción que Santiago había publicado en Cátedra, pensando que pudiera ser la misma. No lo era, pero resulta imposible no establecer comparaciones.

Estos apuntes y los que publicó Santiago traslucen la necesidad de algunos vecinos de la villa por conocer o dar a conocer el pasado de la misma, en el sentido más genuino de lo que hemos definido como historia local. En una línea parecida, aunque aunando otras motivaciones, se encuentra la reseña histórica, fechable a mediados del siglo XVIII,

1. Véase al respecto en Cátedra nº 11 los artículo publicados por Santiago Daviña.

2. Véase las 9 entregas incluidas en la Web de la Asociación de Estudios Históricos de Galicia y los artículo publicados en los 4 números de la revista *Algures*.



Apuntes para la Historia

Don Fernan Perez de Andrade llamado por
escelencia el Bo (el bueno) no menos por haberlo sido
con sus compatriotas que por descender asi de sus padres
D. Pedro Fernandez y Perez y D.a Constanza de
Moscoso y Sotomayor fundadores, florecio en los contornos
del Señor Don Alonso XI. sus hijos D. Pedro D.
Enrique y su nieto D. Juan hijo de este, cuya par-
cialidad siguio constante sirviendolo y a dicho su hijo
con esmerada lealtad.

Dicho Rey D. Enrique, la Reina D.a Juana
su muger y el Principe D. Juan le concedieron pri-
vilegios de villas de Puentedeume y Pontedeume y tam-
bien le donaron el puente de la espresada Villa de Pon-
tedeume segun cabia de madera con su dominio y pon-
tazgo. De estas donaciones tenian copia los frailes del
Convento de Frayres de Montefaro a quien despues
que lo fabrico de cantaria labrada lo cedio en el derre-
cho de portazgo y cierta fundacion de misas.

Hasta este privilegio y donacion de Puentedeume
parece estuvo esta villa en virtud del suyo del Rey
D. Alonso el sabio en franca libertad gobernandose
por si con independencia de otro señorio mas que
el del Rey en que pasaron 101 años.

En 3 de Agosto de 1379 dichos Señores Reyes y Prin-
cipe asi mismo en Burgos le donaron al lugar de Villal-
ba con todos sus terminos.

Todos estos privilegios, que antes existian en Puen-
tedeume cabeza de los mayorazgos de Andrade pasa-
ron al Archivo de Monforte de Lemos despues que
se juntaron ambas casas; por el casamiento de la
Señora D.a Teresa de Andrade Condesa de An-
drade con el Señor Don Fernando Ruiz de Cas-
tro Conde de Lemos.

Primer folio de Apuntes para la Historia de Pontedeume.

que se incluye en el *Libro Registrador de Propiedades del Concello*, publicada por Andrés López en el nº 4 de Cátedra, o la *Descripción de la Villa de Puente de Hueme*, del año 1798, escrita por dos Juan Valentín García.

En 1867 (véase apéndice documental, 2) Fernando Fulgosio publica *Crónica de la Provincia de La Coruña,* en la que se incluye una crónica o descripción de Pontedeume. Es muy posible que la pobreza e inexactitudes de descripciones de este tipo animasen a autores locales a escribir descripciones que consideraban más completas y precisas.

ASPECTOS FORMALES

El documento que transcribimos se organiza en dos pliegos de papel de 21,5 cm por 31 cm, lo que supone ocho caras. Presenta en todas ellas un deterioro, por mal del papel, en la parte superior derecha, traducible en un considerable agujero que dificulta su transcripción en esta parte. No así en el resto del documento, fácil de transcribir por su legible letra parda, de trazo vigoroso e inclinado, propia de una persona que ha practicado mucho el arte de la escritura.

AUTOR Y CRONOLOGÍA

Como la descripción que publica Santiago Daviña, desconocemos su autor. Daviña nos dice que fue un grupo de vecinos quien se la mandó a doña Emilia Pardo Bazán para ser incluida en la "Revista de Galicia", cosa que nunca sucedió. Desconocemos si esta *Revista de Galicia* es la que se comienza a publicar en Santiago en 1850. En todo caso, la descripción que ahora publicamos parece ser posterior a la construcción del puente de piedra actual y a la que publica Daviña. En efecto, el autor dice que el puente actual fue demolido en el año de 1818, evidentemente es un error que podemos corregirle al decir el citado autor que Fernán Pérez de Andrade terminó de construir el viejo en 1368 (otro error) y duró 500 años, es decir, fue demolido en el 1868; y esta fecha sí que cuadra con la realidad, pues sabemos que el puente fue construido entre 1863 y 1870. El autor añade al respecto que a los cinco años de haberse construido otro puente de 11 arcos hubo de ser reedificado; lo que nos sitúa la redacción de los apuntes con posterioridad al 1873-1874, años en lo que, efectivamente, el puente se comienza a reedificar. Llama la atención que en la descripción de Santiago nada se aluda a la desaparición del puente antiguo, presentándolo como una obra aún en pie, lo que nos lleva a fechar la descripción con anterioridad al 1863. De que los apuntes que ahora transcribimos son posteriores a la descripción de Daviña, no tenemos ninguna duda. Las reseñas que se hacen del Castillo de Andrade y del Torreón son en ambas, descripción y apuntes, prácticamente idénticas, pero en los apuntes se modifica el final, enmendando o completando lo que aparece en la trascripción. Así, en la descripción, por lo que respecta al Castillo de Andrade, se dice que la piedra de la muralla del foso del castillo sirvió para una torre de la nueva iglesia, patronato de los Señores Condes, que el arzobispo Rajoy hizo a sus expensas, añadiendo: "*y la más piedra*

se aprovecharon de ella los naturales circunvecinos y otros, sin que éstos obtuvieran para ello licencia alguna". En los apuntes que transcribimos se hace expresa alusión a la Señora Condesa de Lemos y Andrade, marquesa viuda de Aitona[3], camarera mayor de la Reina, quien concede el permiso para la reedificación. Añade que del resto de la piedra se aprovecharon los naturales, pero sin hacer mención a que no tenían licencia para ello. Lo mismo sucede al final de la reseña dedicada al Torreón. La que venimos llamando descripción termina diciendo: "*Y anteriormente sirvió de habitación para los Señores de la casa de Andrade*". Los apuntes amplían: "*y que anteriormente sirvió de habitación para los Señores de la Casa de Andrade que habitaron el Palacio contiguo siendo el ultimo D. Ginés de Castro en el año de 1631 perdiendo mucho el pueblo con que se hayan retirado á servir á la Corte, conservándose sin embargo grandes recuerdos de algunos de sus Ylustres progenitores que regalaron es sus dias á su Iglesia halajas de mucho merito*".

Respecto al autor, ya hemos dicho, por el tipo de letra, que no era un iletrado. Cita al diccionario Moreni, a Solano y al licenciado Molina[4], obra que debió de se muy conocida en los siglos XVIII y XIX. Digamos además que, por el contenido, debió de ser una persona bien informada respecto a los que durante tantos años habían detentado el señorío.

CONTENIDO

No es nuestra intención señalar los errores cometidos por el redactor de los apuntes. Son evidentes y los historiadores que los utilicen como fuente ya sabrán advertirlo. Unos apuntes similares realizados en la actualidad no pasarían de tener la categoría de "apuntes escolares". Pero, sin duda, el paso del tiempo, unido a la supuesta buena información que el autor posee sobre los señores de la villa y los datos que conoció de primera mano, confieren al documento un valor añadido. De hecho, la mayor parte del mismo, más que unos apuntes para la historia de Pontedeume, son unos apuntes para la historia de la casa de Andrade (que no es algo distinto), por más que los dos títulos que encabezan la exposición sugieran lo contrario. Del contenido, podemos destacar lo siguiente:

1. Los datos que nos ofrece sobre la reedificación del puente actual no deben de ser depreciados.
2. Es interesante la noticia que nos da de don Ginés de Castro, a quien considera

3. Se refiere en concreto a Rosa María de las Nieves de Castro y Centurión, XII condesa de Lemo, hija de Salvador Francisco de Castro, hermano de Ginés Fernando Ruiz de Castro, XI conde de Lemos. Casó Rosa María, en 1713, en primeras nupcias con Pedro de Moncada y de la Cerda, V marqués de Leire y Labrada; y en segundas, en 1724, con Guillén Ramón de Moncada, VI marqués de Aitona. Fallece en 1772.

4. Véase en Cátedra nº 15, *Escolma da nosa Historia.*

el último señor de Pontedeume que vivió en el palacio, y lo hizo hasta 1631. Recordemos que a este don Ginés es a quien se viene atribuyendo la financiación del escudo que hoy está en el torreón y que antes estaba en la fachada del palacio.

3. Queda meridianamente claro que a la plaza Real se le llamaba del Rollo, y que a la puerta de la Carnicería, que estaba al principio de la hoy calle de san Agustín, se le llamaba puerta de la Trabanca.
4. Por último, es curiosa la explicación que da sobre el origen del topónimo Eume. Según el autor, el río se llamaba primitivamente de Fume y, castellanizado, pasó a llamarse Heume. La causa de llamarse Fume derivaría de ser un río cubierto frecuentemente por nieblas.

APÉNDIDE DOCUMENTAL

1

Apuntes para la historia de Pontedeume, h.1874

Apuntes para la Historia

Don Fernan Perez de Andrade llamado por excelencia ó Bó (el bueno) no menos por haber sido con sus compatriotas que por derivarlo así de sus padres D. Pedro Fernandez de Andrade y Dª Constanza de Moscoso é ilustres predecesores, floreció en los reinados del Señor Don Alfonso XI sus hijos D. Pedro. D. Enrique y su nieto D. Juan hijo de este, cuya parcialidad siguió constante sirviéndole y á dicho hijo con estremada lealtad.

Dicho Rey D. Enrique, la Reina Da Juana su mujer y el Principe D. Juan le concedieron privilegios de la Villas de Puentedeume y Ferrol y tambien le donaron el puente de la espresada Villas de Puentedeume según estaba de madera con su dominio y yantar. De esta donación. De esta donación tenian copia los frailes del Convento de Terceros de Montefaro, á quien después que lo fabricó de cateria labrada lo cedió en el derecho de portazgo y cierta fundación de misas.

Hasta este privilegio y donación de Puentedeume parece estuvo esta villa en virtud del suyo del Rey D. Alfonso el sabio en franca libertad gobernandose por si con independencia de otro señorio mas que el del Rey en que pasaron 101 años.

En 3 de Agosto de 1373 dichos Señores Reyes y Principe así mismo en Burgos le donaron el lugar de Villalba con todos sus términos.

Todos estos privilegios, que antes existian en Puentedeume cabeza de los mayorazgos de Andrade pasaron al Archivo de Monforte de Lemos después que juntaron ambas casas, por el casamiento de la Señora Dª Teresa de Andrade Condesa de Andrade con el Señor Don Fernando Ruiz de Castro, Conde de Lemos.

En 1385 defendió de los enemigos la villa de Valencia y en 1386 tambien defendió la Coruña de el Duque de Alencastre que reconquistó y defendió, concediendole el Rey privilegio y facultad de poder batir moneda con las armas reales y las suyas propias.

En el diccionario de Moreri pueden verse los linages de la Casa de Andrade que provienen de los Godos. Y Solano en la historia de los nuevos reyes de Toledo, Libro 2º cap. 9, dice que los Señores de la Casa de Andrade descienden de los antiguos Condes de

Trastamara y de uno de los cinco caballeros Romanos que con el Conde D. Mendo yerno del Conde D. Aloitiz de Rousana empezaron á ganar de los moros el Reino de Galicia.

En el años de 1387 el mismo Fernan Perez ó Bó reedificó el Covento de observantes de San Francisco de la Ciudad de Betanzos en cuya Iglesia esta sepultado.

En 1392 trasladó y fundó el de Terceros de San Francisco desde el sitio de Chanteiro, espuesto á las invasiones de corsarios (por hallarse á la inmediación de la mar) al de Montefaro en cuya época tenian su pazo o casa de campo en la feligresia de San Vicente de Caamouco términos de la Tenencia de Santa Eulalia de Lubre (finca que después pasó al Cabildo de Santiago á consecuencia de un ruido pleito) justificando mas bien la fundacion de dicho Convento una lápida que se halla á la puerta de su Iglesia con el Escudo de armas de la Casa de Andrade y debajo en letras antiguas un letrero que dice: "Este monasterio fezo Fernan Perez de Andrade ano do Señor de 1392".

En el siguiente año fundó é hizo fabricar la capilla del santuario de Ntr[a] Señora de Chanteiro en los términos de la feligresia de San Pedro de Cerbás y tenencia citada de Lubre.

En el siguiente de 98 hizo otra donacion al Convento citado de Montefaro y entre lo que donó fue el Puerto, villa y jurisdicción de Mugardos y mandó darle la posesion, hallandose en Caamouco el Alcalde de su Villa de Pontedeume llamado Juan de Anido y dotó a dicho convento para su congrua y sustentación, varios bienes raices en la circunferencia de dicha tenencia de Lubre y Cerbás y en las feligresias de Santa Maria de Miño y su anejo San Tomé de Bemantes, manteniendose en dicho convento una comunidad crecida de mas de 30 frailes.

En fuerza de los instintos e intenciones piadosas de este Caballero dirigidas al beneficio comun hizo grandes obras en sus Estados figurando entre otros los puentes de la villa de Puentedeume, de 58 arcos, el intitulado de Porto y el de Jubia en que precisamente debió haber gastado mucho dinero.

Tambien fabricó á sus espensas y á cosa de un cuarto de legua de Puentedeume el castillo y torre de Andrade en los términos de la feligresia de San Martín de Andrade y de la de San Cosme de Noguerosa, su matriz que ambas sirve un cura de presentación de los Condes de Andrade, y lo fundó sobre un peñasco grande de cantería dominando por la parte del poniente y setemptrión á Puentedume y citada feligresia de Noguerosa con toda la playa, puente y sus circunferencias, y está en tal altura que se ve y registra desde él, el Ferrol, Graña, Coruña y otras diversas partes de mas de seis ú ocho leguas; todo él es de canteria labrada, tiene su entrada por parte de levante, y mediodía y cita-

da feligresia de San Martín de Andrade, por una puerta muy capaz, que tiene su rastrillo, con una plaza de armas que le rodea desde Oriente á Poniente y le cerca una fuerte muralla, y la torre que está sobre dicho peñasco inaccesible, se halla descubierta en su remate y puerta de entrada y ventanas, y para cuya puerta por la parte del mediodia se pasaba precisamente por un puente pequeño levadizo; pues hoy no se pasa á ella sin peligro mayor á menos que sea gente moza, que no tenga miedo y á beneficio de un brinco ó salto desde las murallas y altura que hace el peñasco por aquel sitio, se pasa á dicha puerta; tenía esta torre tres altos y un sotano debajo muy profundo que parte le rodea el peñasco labrado y rozado á pico, tenia asi mismo de que hoy aun hoy hay vestigios, un grande y muy capaz foso que le circundaba un amuralla de canteria labrada y por labrar con su puerta para la de la entrada del castillo, que hoy subsiste cuya muralla circundaba la tierra firme que no ocupa el peñasco desde Oriente á Poniente, que son tres lienzos de la citada torre y castillo; y parte de la piedra labrada de dicha muralla del foso con licencia del Exmo Conde de Lemos y Andrade sirvió para una torre de campanas que se fabricó en la Iglesia vieja de Puentedeume, que se deshizo e hizo de nuevo a sus espensas el Ilustrísimo Señor Don Bartolomé de Rajoy y Losada Arzobispo de Santiago, hijo de vecino de dicha el año de mil setecientos y sesenta con permiso de la Exma Señoara Condesa de Lemos y Andrade Marquesa viuda de Aitona y camarera mayor de la Reina Nuestra Señora; y la mas piedra se aprovecharon de ello los naturales circunvecinos, y otros, y fue lastima se desmoronase dicho cerco por sintonizarse con él mas bien el castillo.

Tambien edificó á sus espensas dicho Señor D. Fernan Perez de Andrade ó Bó el castillo de dicha villa de Puentedeume. Hállase este castillo á la orilla mar junto á la puerta que llaman del Turrón y abajo en la linea recta del Palacio de su excelencia en la plaza intitulada del Conde; antes de ahora se componía de una torre de tres altos muy alta cercada en cuadro con una muralla, que en su altura llegaba á tener algo mas de la mitad de dicha torre, y en sus cuatro esquinas sus torres valuartes ó almenas sobre salientes y rematadas de piedra de canteria y en medio de los lienzos de dichas paredes ó murallas otras almenas de menos tamaño que todo se fué desmoronando de pocos años a esta parte, á excepción de una almena que aún subsiste y aunque se han compuesto y reedificado el lienzo delantero y parte de los dos laterales á cal y canto (por no estarlo antes sino de tierra y barro), no ha sido con la demostración de dichas almenas sino de paredes seguidas, para el seguro de la vivienda, que había en dicho frente desde la muralla á la torre principal que sirvió de carcel ordinaria y habitación del Alcaide, y estaba para los presos de mayor consideración, y el terreno restante que media entre la muralla y dicha torre es foso; la primera puerta y la que entra en dicha torre se hallaban forradas y cubiertas de planchas de fierro como aun hoy se reconoce en la de la entrada...por antiguos no pudo menos de ser muy consistente.. y temible esta fortaleza; pues tenia sus cañones de bronce y de fierro habiéndose fundido de orden de su excelencia para hacer las campanas de la parroquia de la villa, y era castillo en que ponian los Señores Condes

á un caballero por alcaide, y solo a él iban arrestados los hombres facinerosos; pues para los demás reos tenia la villa carcel particular que llamaban ordinaria (como todo mas bien consta de los libros de acuerdos y otros papeles del archivo de la citada villa) y que anteriormente sirvió de habitación para los Señores de la Casa de Andrade que habitaron el Palacio contiguo siendo el ultimo D. Ginés de Castro en el año de 1631 perdiendo mucho el pueblo con que se hayan retirado á servir á la Corte, conservándose sin embargo grandes recuerdos de algunos de sus Ylustres progenitores que regalaron es sus dias á su Iglesia halajas de mucho merito.

Villa de Puentedeume

Atento al Señor D. Fernan Perez de Andrade ó Bó de quien se está tratando se le concedió por el Señor Rey D. Enrique el señorio de la villa de Puentedeume, no estará por demas tratar aquí aunque brevemente de esta villa que siendo una del antiguo reino de Galicia de mas nombre y cabeza de los estados de Andrade no será impertinente describirla aunque sumariamente.

Puentedeume en calidad de pueblo es tan antiguo que no se le descubre principio y e Rey D. Alfonso el sabio en la era de 1308 que corresponde al año de Nuestro Señor Jesucristo 1270 concedió en real privilegio a los naturales de las parroquias que menciona en términos de Pruzos y Bezoucos para formar villa y lo mas que contiene designándoles el lugar de Puentedeume para que en él la formasen.

Figura 10

Xeonllos e pescozo mantiñan as tres pezas de pel e parcheados, namentres que os ombros só tiñan unha grosa peza de pel e baixo dela a tea de algodón. Nas catas realizadas na pel do ombro desvelase que baixo a capa superior está presente outra policromía coincidente coa tonalidade rosada da segunda re-policromía da talla. Isto quere dicir que na primeira intervención de re-policromado eliminároнse nos ombros as peles orixinais (mais non os seus cravos que seguían incrustados na madeira) e no segundo re-policromado mantivéronse as mesmas peles simplemente repintándoas.

Cravos

A seguinte actuación consistiu na eliminación mecánica dos cravos utilizando un micromotor. Nalgúns casos extraíanse enteiros e noutros foi necesario desvastar o ferruxe que quedaba deles no interior da madeira. Foron finalmente uns 1200 cravos localizados en ombros, pescozo, xeonllos, muslos e cadrís[7].

Entre eles algúns de forxa, de sección e cabeza cadrada, que prexudicaban a madeira e zonas de película pictórica, O mais curioso apareceu na peza exenta do pescozo onde un enorme cravo de forxa obrigaba, en orixe, a caída da cabeza cara a dereita, pero que estaba partido a causa da oxidación.

Tamén foi necesario separar a perna dereita e eliminar os cravos que excesivamente enferruxados no garantían a adecuada suxeición do peso da perna.

Re-policromías

A eliminación das re-policromías foi unha tarefa complicada e de gran delicadeza, houbo que ter moito coidado sen insistir demasiado para non erosionar, nin abrasar a pintura.

Fíxose de maneira mecánica usando bisturí e escalpelo xa que seu grosor era tal que o uso de disolventes puidera deteriorar a policromía orixinal (Fig. 11). Esta estaba cuberta por unha espesa capa de verniz totalmente escurecido e cristalizado que facilitaba a eliminación en lascas dos estratos superiores. Estes estratos estaban formados polas tres películas pictóricas mais as súas correspondentes preparacións cun grosor que nalgunhas zonas chegaba ós tres milímetros (Fig. 12).

Especial dificultade tiveron as zonas que non presentaban superficies lisas, a talla do rostro, especialmente a barba, os orificios, orellas, a incisión do peito etc. Tamén era nestas zonas onde podíase apreciar a mellora na definición da talla, dos detalles que quedaban perdidos baixo as capas de pintura intrusas (Fig. 13).

7. 208 cravos no xeonllo esquerdo, 295 no xeonllo dereito, 176 no ombro dereito, 160 ombro esquerdo, 220 no pescozo e uns 100 nos cadrís.

Figura 11. Eliminación da policromía

Figura 12. Eliminación policromía

Unha vez eliminada a re-policromía e con una visión real da peza a tratar xa comezan os tratamentos específicos de conservación, empezando polo saneamento da madeira, eliminando a madeira deteriorada polo óxido dos cravos.

Consolidación do soporte

Os orificios de carcoma abondaban por diferentes zonas do Cristo, pero en forma de buratiños illados en xeral, agás na zona da cabeza e na parte posterior da caixa onde si existía gran perda de material máis non se apreciaba que os insectos continuaran activos.

Como prevención aplicouse un desinfectante da madeira a base de permetrinas fronte a un futuro ataque de carcoma. O efecto preventivo pode durar uns dous ou tres anos.

Para garantir a estabilidade do soporte leñoso realizouse un tratamento preventivo por medio de inxección de resina acrílica, Paraloid B-72 diluída en Xileno, en diferentes proporcións e a través de sucesivas aplicacións.

O selado dos ocos deixados polos cravos e os orificios de carcoma, así como os ocos deixados polos nós da madeira, realizouse cunha resina epoxi, Araldit, específica para madeira.

Figura 13. Eliminación policromía

Consolidación da película pictórica

A continuación consolidáronse as zonas susceptibles de desprendemento con papel xaponés e cola de coello diluída en auga. Inxectándose a cola en quente e aplicándolle calor e lixeira presión coa espátula térmica, adherindo de novo a película pictórica ó soporte. Esta é outra operación delicada, e polo tanto lenta, pero esencial para conservar ó máximo as partes da policromía que poderían perderse e que son irrecuperables.

Limpeza de vernices y repintes

A limpeza desta obra foi complicada, tendo moito coidado coa eliminación de restos de imprimacións, vernices e repintes. (Fig 14)

Figura 14. Limpeza

Nalgúns lugares a recuperación foi óptima, pero noutras foi imposible chegar a unha limpeza profunda a causa das alteracións cromáticas xa existentes.

Levada a cabo mediante a acción combinada de varios disolventes, recuperanse deste modo pequenas zonas orixinais ocultas baixo destes estratos e deixando ó descuberto novos danos así disimulados.

Os métodos analíticos utilizados para definir os tipos de materiais foron a Microscopía Óptica, a Fluorescencia Ultravioleta e a Análise da Gota.

Os restos da imprimación eran de xeso e cola natural e estaba cuberta por un verniz de resina de Colofonia detectada pola fluorescencia verdosa que produce e por seren soluble en xel de acetona e alcohol bencílico.

O verniz que cubría a pintura orixinal era de resina de Gomalaca, se presentaba en masas cristalizadas irregulares de cor parda, semiopaco, fráxil e facilmente pulverizable. Soluble en alcohol etílico.

Para retirar os repintes máis persistentes, que ocultaban partes da pintura orixinal empregouse unha mestura de DMSO + Acetato de amilo + Xyleno + Etanol (2:1:1:2) por medio de empacos deixándoos actuar nun tempo controlado.

Unha vez eliminados acatouse mediante acción mecánica - bisturí e escalpelo- a limpeza dos restos máis resistentes, xa que nalgunhas zonas a capa pictórica tiña textura rugosa o que facía que a pintura engadida e a sucidade se incrustaran dificultando a limpeza.

Figura 15. Barnizado de protección

Unha vez limpa e eliminado todo vestixio de verniz a carnación presenta un brillo característico que se corresponde cunha técnica antiga chamada *pulido alla prella*[8].

Vernizado de protección

Tras deixar que evaporaran os efluvios dos disolventes usados na limpeza vernizouse a obra, aplicando un verniz moi fluído de resina Dammar a 20 % en Esencia de Trementina que permita protexer a pintura antes de iniciar o estucado (Fig. 15).

Reposición de faltas

A peza do pescozo fixouse cun tarugo de madeira que substituíu o antigo cravo de forxa.

Repúxose a falanxe que faltaba na man esquerda utilizando resina epoxi para madeira (Fig. 16) e se colocaron novas teas de algodón no pescozo e articulacións fixándoas con cravos de cobre.

As articulacións recubríronse de novo utilizando pel de badana en xeonllos, ombros e pescozo fixándoas primeiro polos bordes cun adhesivo Beva 371 disoluta en Xileno que seladas por calor por medio de espátula quente se adapta á forma da madeira e finalmente reforzándoas con cravos (Fig. 17).

Estucado

O estucado das lagoas realizouse cun estuco natural coloreado de tipo tradicional, xa que é o máis compatible cos materiais orixinais da obra, seu comportamento e envellecemento natural son máis coñecidos e previsibles. Composto por cola animal como aglu-

8. Este tipo de acabado comezou a ser usado a partires do século XVI consistía en empregar vexiga de cordeiro humedecida en auga para pulir o óleo unha vez aplicado o que lle da un brillo característico.

Figura 16. Reintegración volumétrica

Figura 17. Reintegración peles

Figura 18. Estucado

tinante, carbonato cálcico e sulfato cálcico como inertes, e pigmentos naturais como colorantes (Fig. 18).

Pola súa composición proteínica aplicase quente polo que a masilla está máis ben líquida e facilita a súa aplicación a pincel. Una vez seca a masilla, realizouse un suave pulido cunha lixa de auga de grao fino.

Tamén se estucaron os bordes das peles aplicadas hasta proporcionar una superficie de transición á madeira que fora imperceptible.

Reintegración cromática

Dado que existen zonas de considerable envergadura a reintegrar –toda a pel engadida nas articulacións e pescozo, ademais das lagoas de pintura orixinal faltante- suscitouse o dilema de cómo recuperar os seus valores estéticos e formais.

Finalmente se decidiu por una técnica onde o retoque fora discernible a nivel visual e a nivel matérico. Empregáronse tintas planas nos fondos e o puntillismo nos detalles, mediante as cales non podemos apreciar un retoque a distancia, pero que de cerca é posible distinguila. Como material, empregáronse acuarelas e pigmentos ó verniz.

A aplicación faise seleccionando cromáticamente as cores orixinais que compoñen a obra, é dicir, buscar os compoñentes e características que establecen esa cor.

O resultado final é un efecto óptico no cal seleccionamos unha serie de cores modulados a puntos que ocasionan una vibración que dará como resultado a cor adecuada para reintegrar o orixinal. (Fig. 19 y 20)



Figura 19. Reintegración cromática

Figura 20. Reintegración cromática

Vernizado final

Para o vernizado final utilizouse un verniz a base de resina cetónica, en proporción 1:5 diluída en White Spirit. Aplicáronse dúas capas, a primeira a brocha e a última por pulverización.

Reposición de calzóns

Colocáronse os novos calzóns de dobre tea de algodón, recheos con espuma de poliéster para darlle volume e fixados con cravos á madeira como en orixe.

Sobre estes se colocaron outros calzóns extraíbles realizados en tea de fío.

MEDIDAS PREVENTIVAS

Unha vez restaurada a talla é de gran importancia manter unha serie de medidas que permitan a súa correcta conservación e deste xeito minimizar o risco de deterioro. As fundamentais son as que seguen:

- Debe extremarse o coidado na manipulación da peza.
- Eliminar periódicamente o po da pieza cun suave plumeiro.
- Moderar as fluctuacións de humidade e de temperatura. Non debe expoñerse a cambios bruscos.
- Manter o local de almacenaxe limpo, libre de po e de factores biolóxicos.
- Garantir adecuadamente niveis de ventilación e circulación do aire.
- Evitar o alcance directo da luz.



Final

BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA

GÓMEZ, M.L. *La Restauración: Examen científico aplicado a la conservación de las obras de arte*. Ed. Instituto de Patrimonio Artístico Español. Ediciones Cátedras S.A. 1998.

PÉREZ, C., VAILLANT, M., VICENTE, S. y SANTAMARÍA, R. *La Semana Santa de Requena: Sus imágenes, estado de conservación y procesos de restauración.* Ed. Ayuntamiento de Requena y Centro de Estudios Requenenses, 2000.

VAILLANT, M., DOMÉNECH, M.T. y VALENTÍN, N. *Una mirada hacia la conservación preventiva del patrimonio cultural.* Ed. Universidad Politécnica de Valencia, 2003.

DOERNER, M., *Los materiales de la pintura y su empleo en el arte*, Barcelona, Reverte, 1965.

COUSELO BOUZAS, J. *Galicia Artística: en el siglo XXIII y primer tercio del XIX.* Cuaderno de Estudios Galegos Anexo XXXIV. Santiago de Compostela,2005. pax. 313.

MARTÍNEZ JUSTICIA, M.J. *Antología de textos sobre restauración.* Universidad de Jaén, 1996.

NIREIBI HERRERA "Restauração e Conservação de uma imagem do Senhor dos Passos, observando sua função social". *IX Congreso de la Asociación Brasileña de Conservadores y Restauradores* (ABRACOR). 1997, Salvador - Bahía – Brasil

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

BRANDY, C. *Teoría de la Restauración.* Ed. Alianza Forma, México. 1996.

CENINNI, C. *El Libro del Arte* (fines del s. XV) Ed. Akal, Madrid, 1988.

ASHLEY SMITH, J. *The ethics of conservation in Care collection. Simon Knell. Ed. Routledge,* London. 1994.

Lei do Patrimonio Cultural de Galicia. Xunta de Galicia, 1998.

CALVO, A. *Conservación Y Restauración: Materiales, Técnicas Y Procedimientos: De La A A La Z*. Ediciones del Serbal, 1997.

DON BARTOLOMÉ RAJOY Y LOSADA. A OUTRA FACE DO ARCEBISPO NA DOCUMENTACIÓN PRIVADA

Francisco Rubia Alejos

Na antiga Terra de Deza, sobre propiedades que foran de directo dominio do cabido da catedral de Santiago, levanta os seus vetustos muros a casa de Solar e pazo de Don Freán, morada que durante o século XVI pertenceu á ilustre familia Taboada, pasando a finais desta centuria aos Oxea, coñecidos polo apelativo dos *infanzóns da Modorra*[1], vidos de Castro Caldelas para empuñar a *vara de Deza* de mans do conde de Lemos e administrar xustiza nos seus estados. Finalmente, e dende a primeira metade do XVII, a liña sucesoria dos Oxea recaeu en muller, e por entroncamento pasou aos Montenegro lucenses, oriúndos da Casa de Outeiro de Rei[2].

O dilatado historial coñecido desta Casa pontevedresa estivo sempre ligado á cidade do Apóstolo e á súa universidade.

Así do matrimonio celebrado -no pazo de Don Freán en 1659- entre D.ª María Josefa Oxea y Taboada (1639-1695), señora de Don Freán[3], e o licenciado en Leis D.

1. A Casa da Modorra, hoxe desaparecida, achábase na serra de San Mamede, provincia de Ourense e distaba unha legua de Castro Caldelas, outra de Leboreiro e legua e media do Burgo. ARQUIVO PAZO DE DON FREÁN. En citas sucesivas APD.

2. Para unha maior información sobre a casa e pazo de Don Freán pode consultarse en RUBIA ALEJOS, Francisco, "Blasones y linajes del pazo de Don Freán. Heráldica de la Tierra de Deza", n.º 1, 1999; "Fray Fernando Montenegro, Abad de Celanova y General de la Orden Benedictina. Notas genealógicas de su ascendencia", n.º 3, 2001; "Dibujos, plantillas y bocetos heráldicos en el archivo del pazo de Don Freán", n.º 7, 2005, obras editadas polo Seminario de Estudios e Investigación de Deza no *Anuario Descubrindo.* Tamén o traballo titulado: "El pazo de Don Freán bajo el Señorío de los Oxea", *Hidalguía: La Revista de Genealogía, Nobleza y Armas*. Instituto Salazar y Castro, n.º 328-329, Madrid, 2008.

3. Como curiosidade sinalaremos que nesta época existía o pernicioso costume, entre as novas damas casadeiras de certos estratos sociais e da Corte, de comer barro para conseguir unha romántica palidez, cuxa práctica era causante de graves fenómenos patolóxicos, existindo abundantes alusións ao tema na nosa literatura do Século de Ouro (Alarcón, Lope de Vega, Tirso de Molina, Góngora, entre outros autores principais), sendo os barros de fama máis notoria os coñecidos por búcaros de Portugal, especialmente de Extremoz, "... todos dourados; e de augas olorosas enchidas", DE ENTRAMBASAGUAS, Joaquín, *Miscelánea erudita*, C.S.I.C., Instituto Miguel de Cervantes, Madrid, 1957, p. 87 e ss.
Comer barro rompendo os prezados *búcaros* portugueses e mascando os finos fragmentos de arxila de Estremoz para conseguir unha sedutora brancura de pel, converteuse entre as mozas de clase nobre do XVII nunha actitude de extremo refinamento, "lambetada viciosa" di COBARRUBIAS, producíndolles unha forma de clorose ou anemia que na época se chamaba opilación.

Alonso Montenegro das Seixas[4] naceron dez fillos, entre os que citaremos o primoxénito, D. Antonio Benito Montenegro Oxea y Taboada (1661-1709), xuíz das xurisdicións de Deza e Carboeiro, capitán dos *cabatos* das antigas milicias de Deza e as súas agregadas[5]; e os seus irmáns, os colexiais de Fonseca, D. Xacinto e D. Carlos, que ingresaron respectivamente en 1693 e 1701, sendo o primeiro reitor en 1700, rexente de San Xerónimo e catedrático de Artes na Universidade de Santiago, e o segundo avogado da Real Audiencia, catedrático de prima de Sagrados Canons na insigne Universidade de Santiago e colexial reitor en 1705 do mesmo Colexio de Fonseca[6].

A D. Antonio Benito sucedeulle o seu fillo D. Pedro Montenegro y Mosquera (1706-1763) manténdose a relación desta casa dezá coa cidade do Apóstolo, por haber entroncado coa distinguida familia Pose de Soto, de gran raizame en Compostela, ao casar con D.ª María Ignacia Pose de Soto y Freire de Andrade[7], filla do Dr. D. Juan Antonio Pose de Soto, catedrático de Medicina da Universidade de Santiago, médico do real hospital e ministro titular do Santo Oficio da Inquisición, pai así mesmo de catro doutores cóengos[8].

A relación co mundo cultural compostelán da súa época deixou a pegada na arquitectura dezaoitesca do pazo de Don Freán[9], converténdoo nun dos escasos expoñentes no solar galaico no que se coñece os que foron os seus construtores ao se conservar entre outros documentos de fábrica o contrato de obra, polo que sabemos que a dirección e

4. Capitán do *cabato* de Deza e máis compañías agregadas, por nomeamento do conde de Lemos e Andrade. Participante na campaña de Tui en 1665 e guerra de Portugal.

5. As compañías agregadas eran: Chantada, Camba, Rodeiro, Trasdeza, Ventosa e Abeancos.
Dono das xurisdicións de Cristimil, Porreiros, San Vicente, Catasós e Mazeira; dos pazos de Don Freán, Cristimil e Transfontao e do castelo de Vilaverde na xurisdición de Trasdeza, con casas principais en Santiago e Lugo, granxas produtoras no Ribeiro e outras propiedades de considerábel renda.
Capitaneou o mando de milicianos de Deza en 1702 na defensa de Vigo durante a famosa a batalla de Rande. RUBIA ALEJOS, F. "El cabato de milicianos de Deza en el siglo XVII y albores del XVIII". *Anuario Descubrindo* n.º 8, 2006.

6. Véxase FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio, *O Colexio de Fonseca.* Consorcio de Santiago. Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, Universidade de Santiago de Compostela, 1995.
Entre os reitores de Fonseca figuran D. Xacinto Montenegro 1700-1701 e D. Carlos Montenegro 1705-1706, p. 474.
PÉREZ COSTANTI, Pablo. *Linajes galicianos*. Edición completa e ampliada de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, Ara Solis. Santiago, 1998, onde se pode consultar e ampliar información sobre os personaxes citados neste artigo.

7. Única e universal herdeira da Casa-torre e pazo de Souto na parroquia de Santiago de Sísamo, Bergantiños, e das casas de Baiordo e Xesto, propiedades transmitidas por herdanza do seu pai e dos seus catro irmáns cóengos. Véxase sobre o historial deste pazo RUBIA ALEJOS. F. "Notas genealógicas de la Casa de Torre do Souto, en Sísamo, Bergantiños. Aportaciones del archivo del pazo de Don Freán en Deza". *Boletín de Estudios de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia.* n.º 1, 2002, pp.105-116.

8. Casado con D.ª María Antonia Freire de Castro y Lamas, filla do Dr. D. Pedro Pérez de Gesto y Lamas Cornide y Folgueira, *Ministro titular do Santo Oficio da Inquisición. Médico por S. M. do Real Hospital de Santiago e dos señores ilustrísimos arcebispos e cabido da Santa Apostólica Igrexa de Santiago. Catedrático de primeira Medicina na universidade de dita cidade e receptor de número da Real Audiencia do Reino perpetuado por S. M.* APD. Testamentos.

9. D. Pedro Montenegro acometeu grandes e custosas obras nos seus pazos de Don Freán en Deza e Transfontao en Trasdeza, Pontevedra, así como no pazo do Souto en Sísamo, Bergantiños, provincia da Coruña. A obra de Don Freán considerada prototipo do barroco na zona, con patio-claustro, foi iniciada en 1724 e finalizada, en 1741, segundo ratifica o epígrafe do emblema das armas de Montenegro que campa na pilastra esquinada do patio.

supervisión estivo a cargo de Simón Rodríguez, *maestre de obras do cabido de Santiago*, figurando no mesmo Pedro García, Fernando de Casas e frei Fernando Velasco para xulgala in situ en caso de non poder facelo o arquitecto principal.

Asentada a vinculación desta Casa con Santiago de Compostela e a súa incipiente relación co mundo universitario, pasaremos a mostrar un documento inédito pertencente ao seu arquivo nobiliario no que se recollen interesantes aspectos biográficos do arcebispo compostelán D. Bartolomé Rajoy y Losada, fillo notábel[10] da vila de Pontedeume, en que se verten noticias e axuizamentos sobre o prelado novidosos, e nalgúns casos opostos aos até agora divulgados por eruditos historiadores e biógrafos, documento que sae á luz como achega ao coñecemento da súa cara humana[11] -posibelmente o máis descoñecido- posto que outras destacadas facetas da súa vida, como a de mecenas e construtor, foron xa convenientemente abordadas[12], complementando deste modo a súa documentación biográfica.

O ilustre e admirado arcebispo Rajoy, a dicir de historiadores, foi:

> *(...) fundador do Seminario de Confesores e do Hospital de Carretas, do que abriu escolas e asilos, do que levantou e restaurou igrexas e enriqueceunas con preciosos ornamentos e alfaias, do mecenas xenerosísimo dos artistas, do home, en fin, que empregou sumas inmensas en conxurar a fame que aflixía a todos os pobos da súa diocese*[13].

10. COUCEIRO FEIJOMIL, Antonio, *Historia de Puentedeume y su comarca*, Pontedeume, 1971, (2ª ed.) pp. 445 e ss.

11. Na historia cronolóxica dos ilustrísimos bispos de Iria e arcebispos composteláns recollida na obra *Compendio de la vida, martirio, traslación e invención de glorioso cuerpo de Santiago el Mayor, Apóstol de J. C. Patrón de las Españas*, escrita por D. E. A. L. Imp. de Jacobo Souto e Fillo. Santiago, 1858, p. 266, di do prelado que mereceu polas súas virtudes o epíteto de xusto. Cualificativo erroneamente atribuído ao douto historiador D. Antonio López Ferreiro, *Historia de la S. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Santiago, Imprenta do Seminario Conciliar Central, 1898-1911, (XI tomos) t. X, (1908), caps. IV e V.

12. Véxase COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Dicionario Bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela MCMLVI, vol. III, p. 154 e 155, e os interesantes artigos en *Cátedra*, *Revista de estudios eumeses*, en DE CASTRO ÁLVAREZ, Carlos, "Rajoy ilustrado: Una asignatura pendiente", Pontedeume, 1994, nº 1; OTERO TÚÑEZ, Ramón, "Rajoy, construtor", 2001, nº 8; LÓPEZ CALVO, Xesús A., "O arcebispo Rajoy e a Ilustración", 2003, nº 10, con abundantes citas bibliográficas.
Como sinala DE CASTRO ÁLVAREZ, C., "Rajoy ilustrado...", *op. cit. "... coñecemos relativamente ben a súa carreira profesional, o seu labor social, construtor e de mecenado; pero moi pouco da súa vida privada, do seu pensamento, do que lle impulsa a actuar en cada encrucillada...", sorprendéndolle ao devandito autor "...a pouca atención que, por parte dos estudosos e especialistas, suscitara a figura de Rajoy, situación que contrasta coa importancia que Antonio López Ferreiro lle concedía...".*

13. FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, J. M. e FREIRE BARREIRO, F., *Santiago, Jerusalén, Roma, diario de una peregrinación*. Imprenta do Boletín eclesiástico, a cargo de D. Andrés Frailde y Pozo. Santiago, 1880. Entregas 8 e 9, pp. 88 e 89.
Os aludidos autores, á sazón catedráticos da Universidade de Santiago, manifestan non ocultar que houbo un tempo en que tiveron unha crenza errónea que lles facía moi pouco simpática a memoria de D. Bartolomé de Rajoy, xerada polas "relacións adulteradas de certos chamados historiadores da Compañía de Xesús, parcialísimos inimigos seus, aínda que escribían con calorosas e mentidas protestas de sinceros e imparciais".
Os autores din saír do seu erro publicando unha carta do prelado traducida do francés da obra *Clément XIII et Clément XIV par le P. Ravignan de la Compagnie de Jesús,* t. II, p. 141, París, 1856, que contradí o publicado por LAFUENTE, Modesto, Historia general de España, t. XX, Parte III, lib. VIII, cap. VIII, p. 267, nota, e en FERRER DO RÍO, Antonio, *Historia del reinado de Carlos III en España*, t. II, lib. III, cap. III, p. 315, nota.

Cremos que a importancia desta fonte estriba na súa contemporaneidade ao ser escrito pouco tempo despois da morte do arcebispo e pertencer a un arquivo particular[14] cuxos posuidores estiveron no seu momento estreitamente relacionados con D. Bartolomé Rajoy, prestándolle axuda económica na realización dos seus estudos, como o foi D. Gregorio Antonio Pose[15], durante a súa estancia no Colexio de San Xerónimo de Santiago, e os irmáns de D. Gregorio durante a súa permanencia na universidade[16] até alcanzar o grao de bacharel en Leis. Posteriormente na Real Audiencia da Coruña recibiu os auxilios de varios condiscípulos, entre os que de novo se atopaba o Dr. D. Gregorio Antonio Pose, que na súa carreira acadara e desempeñara os cargos de: cóengo arcediago de Reyna, dignidade da santa igrexa de Santiago, do Gremio e Claustros da Real Universidade da mesma cidade, decano na Facultade de Canons. Fiscal eclesiástico deste arcebispado e avogado da Real Audiencia deste reino e dos reais consellos e Chancelería de Granada. Consultor do Santo Oficio da Inquisición do Reyno de Galicia, provisor vicario xeral que fora daquel arcebispado, xuíz e examinador sinodal del. Xuíz conservador da relixión de Santo Domingo, consellario, e tres veces reitor da propia universidade. Electo inquisidor de Toledo, cargo este último que non aceptou[17].

O documento en cuestión áchase encarpetado baixo o título *Documentos Generales y Honoríficos* e refírese a un discurso ou compendio de noticias dos estudos dos irmáns frei Fernando e D. José Benito Montenegro[18]...

A primeira parte centra o seu contido no primoxénito desta Casa, que pasado o tempo chegaría a alcanzar o máximo grao dentro da orde beneditina, como abade do mos-

14. É farto coñecido que na biografía do arcebispo Rajoy se utilizaron até o presente fontes exclusivamente eclesiásticas.

15. Un dos catro irmáns de D.ª María Ignacia, muller de D. Pedro Montenegro, señor de Don Freán. Faleceu en 1755. ARQUIVO CATEDRAL DE SANTIAGO. Informaciones de limpieza de sangre, t. XXVIII, leg. 757, exped. 6. Libro de Posesiones y Vacantes, ss. XVII e XVIII.

16. Os outros irmáns eran:
-Dr. D. Manuel Antonio Pose de Soto e Gesto, cóengo da santa igrexa catedral de Santiago.
-D. José Benito, doutor teólogo do Gremio e Claustro da Real Universidade. Reitor dúas veces dela e do Colexio de San Clemente desta cidade de Santiago. Xuíz subdelegado da Santa Cruzada e administrador xeral das rendas do voto de Granada. Deputado xeral da súa igrexa na Corte e da Santa Primada de Toledo. Bispo de la Puebla de los Ángeles na Nova España, cargo que non aceptou. Falecido en 1744 (A C. S., Libro de Posesiones y Vacantes siglos XVII e XVII).
-Dr. D. Pedro Antonio, cóengo arcediago de raíña na S.M.A. Igrexa de Santiago e reitor da súa insigne universidade. Administrador dos votos de Granada da catedral de Santiago. Falecido en 1735 (A. C. S., Ídem). Sobriños todos eles do cóengo lectoral de decreto da igrexa de Santiago e consultor do Santo Oficio Dr. D. Lorenzo Pérez de Lamas, cuxa lápida mortuoria brasonada se acha no claustro da mencionada catedral, que foi debuxada en 1930 por MAYER MÉNDEZ, Enrique, e recentemente publicada por TAÍN GUZMÁN, Miguel en *Dibujos históricos, epigrafitos y heráldicos del Archivo de la Catedral de Santiago.* Deputación Provincial da Coruña, 2005, p. 267 e 268, (a cuxo autor pertencen as referencias citadas do A. C. S.)

17. Fora nomeado secretario do sínodo diocesano de 1746 polo señor arcebispo Gil Taboada. APD. D*ocumentos Generales y Honoríficos.*

18. Lamentabelmente o documento se acha incompleto faltándolle os seis primeiros folios que foron cortados do cartapacio a un centímetro do bordo a coitela, podendo apreciarse que se achan unidos pola mesma costura e que a calidade de tinta e letra é a mesma que nos restantes. A cuberta e rotulo é da man de D. Federico Montenegro y Mosquera, licenciado en Xurisprudencia pola Universidade de Santiago -bisneto de D. Francisco Tomás Montenegro- que foi sucesor no vínculo e morgado deste pazo.

teiro de San Salvador de Celanova en Ourense[19] e xeneral da orde beneditina da Congregación de Valladolid[20].

Debendo herdar os vínculos D. Fernando, por pertencer á orde sacra, pasaron a D. José Benito Montenegro y Mosquera[21] (1731-1790), personaxe ao que está dedicada a segunda parte deste discurso, que entre outros cargos fora rexedor perpetuo por S.M. de Santiago, do Gremio e Claustro da súa universidade. Doutor en ambos os dous dereitos[22], decano e o máis antigo na Facultade de Leis, teólogo eminentísimo. Señor nuncio de España. Consultor e examinador perpetuo do Tribunal da Nunciatura que reside en Madrid.

D. José Benito Montenegro morreu célibe[23], recaendo o vínculo no seu irmán menor D. Francisco Tomás Montenegro y Pose (1744-1822), colexial de Fonseca[24]. Rexedor perpetuo de Santiago.

Chegados a este punto, pasamos do prefacio sen máis dilación á exposición do documento, facendo a pequena advertencia de que 1751 foi un ano crítico para a Universidade de Santiago, por acontecer a morte longamente sentida do arcebispo D. Cayetano Gil Taboada, natural da ilustre casa de Barcia[25], antecesor de D. Bartolomé Rajoy, do que se gardou memorábel memoria[26].

19. Pode consultarse para máis información do personaxe o estudo publicado por este autor *Fray Fernando Montenegro, Abad de...*, *op. cit.*

20. Ao final deste apartado reza:
"... continua, despues de haver concluido su carrera escolástica aora 17 de noviembre de 1782, a los cincuenta años de su edad " . Dato que nos serve para fixar a data do discurso que damos á luz pública, inserido no cartapacio *Documentos Generales y Honoríficos.*

21. D. José Benito Montenegro y Mosquera, Ojea y Taboada, Bermúdez de Castro, Suárez de Figueroa, y Sotomayor naceu en Santiago sendo bautizado na igrexa parroquial de Santa María Salomé polo cóengo Dr. D. Manuel Antonio Pose actuando como padriño o Dr. D. Pedro Antonio Pose, arcediago de Reyna Dignidade. Reitor moitas veces da universidade e decano da Facultade de Sagrada Teoloxía, ambos os dous irmáns de D.ª María Ignacia Pose.
Foi dono e señor da Casa forte de Don Freán e o seu xulgado, da casa, torre e pazo de Tras Fontao (non Arcos Fontao, corriximos) coas súas respectivas xurisdicións civil e criminal, de San Xurxo de Cristimil, Porreiros e do couto de San Martiño de Maceira e outras. PÉREZ COSTANTI, P., *Linajes..., op. cit.* 163.

22. En 1751 rematou os graos de bacharel en Canons e Leis pola Real Universidade de Santiago, *"... saíndo aprobado coa mención discrepante..."*, sendo reitor da universidade o seu tío D. Gregorio Pose. APD. *Ídem*.

23. Outorgou testamento en 1789 e finou en Santiago. Os seus restos mortais áchanse enterrados na capela da Nosa Señora do Rosario, no convento de Santo Domingo.

24. FRAGUAS Y FRAGUAS, A., *Op. cit*. Tomou beca o día 24 de xuño de 1779. Os colexiais de Fonseca pertencentes á liñaxe Montenegro do pazo de Don Freán, recollidos na mencionada obra foron: Montenegro Mosquera, Francisco José (471) -Montenegro y Ojea, Carlos Ignacio (378) -Montenegro y Ojea, Jacinto (360) -Montenegro y Pose, Francisco Tomás (476)

25. Situada na parroquia de Santo Estevo de Barcia municipio de Lalín, Pontevedra.

26. *"... Príncipe el más amable, el más benigno, el más pacífico que tubo la Silla Compostelana, de muchos años, y aún de algunos siglos a esta parte: Su caridad ferviente para con los pobres, su zelo por la paz entre las familias de sus feligreses, su amor a la literatura, su genio indulgente, su xustificación, su clemencia y su inalterable mansedumbre, fueron las delicias de sus súbditos, la admiración de los extraños, la veneración de los demás prelados, el modelo de los buenos sacerdotes, el ejemplo de los seglares, el Santo temor, y amable reverencia de todos: Hacia compatibles con sus honrrados pensamientos tan propios de su ilustre cuna, como de su crianza en las dos Nobilísimas comunidades de Colegios y Cavildos, con los sentimientos de la religión, con las máximas de la virtud, con las [...] de una perfecta provedad; fue sin duda aquel obis-*

APARTADO DOCUMENTAL[27]

1782 novembro 17

Sucinta biografía de Don Bartolomé Rajoy e Losada, dende os seus primeiros estudos até o exercicio do seu longo pontificado en Santiago de Compostela. As axudas recibidas, os preitos do cabido perdidos como xurista na Real Audiencia da Coruña, o seu talante dominante e polémica relación cos xesuítas, a particular guerra contra a relaxación de costumes no clero e contra o Colexio Maior de Fonseca, son algunhas das noticias aquí recollidas.

APD. *Documentos Generales y Honoríficos*

En este mismo año, (1751) y por el mes de junio, fue presentado para suceder al Señor Gil Taboada; el Licenciado Don Bartholomé de Rajoy y Losada; que se hallaba entonces Comisario General de la Santa Cruzada en la Corte; este sujeto fue verdadero el monstruo de la fortuna; desde mui niño la encontró, y como por juguete, se entretubo con ella, aprovechándosse de las bueltas de su inconstante rueda para escalar a las grandes Dignidades; a las quales ni le podía jamás proporcionar su nacimiento, su mérito, ni su literatura; fue un hombre verdaderamente de farssa, que supo acomodarse a representar varias scenas en el Theatro del mundo, sin violentar mucho su genio, ni sus inclinaciones.

Nació humildemente en la villa de Puentes de Eume en el Arzobispado de Santiago, que es propia de los Condes de Lemus, y Andrade; su padre era un pobre oficial de botica, y tan miserable, que jamás pudo tener caudal suficiente para comprar los precisos utensilios para su oficio; su madre era de mui obscuro nacimiento, y así para las precisas asistencias en la escuela, y Gramática, que estudió en la dicha villa su patria, le contribuían con limosnas los Cavalleros Maldonados, ilustre familia del Reyno de Galicia, que tiene Casa en aquel pueblo, entre las que constituien su pingüe y quantioso Maiorazgo:

po y prelado perfecto, según la descripción de San Pablo, hecho forma de su rebaño, fue sobrio, prudente, limosnero, consciente, sabio, Doctor afable, y en una a palabra irreprehensible; el vulgo que siempre es el censor más rígido de todas las aciones, aún de los Príncipes, por ajustadas que sean, no hallaba otro lunar en la conducta deste perfecto Prelado, que la suma afición a sus parientes; pero a la verdad tenían poca razón, estos detractores, pues en la distribución de los premios, y provisiones eclesiásticas, tuvieron siempre más parte los extraños, que los propios, y siempre atendió al mérito del sujeto, y prescindió enteramente de las osexiones de la carne, y sangre; murió este señor a manos de la ignorancia de los médicos, pues con una tensísima constipación, que se hubiera disipado a breves días que se abriese la transpiración; le hicieron sufrir con eméticos, los vejigatorios, y otros violentos remedios, con que irritada más la calentura, le hizo sucumbir al común habuso, a los sessenta, y quatro años (no cumplidos) de edad".
APD. *Documentos Generales y Honoríficos.*

27. Na transcrición seguíronse os criterios actuais.
Os signos ortográficos en materia de puntuación indicativos de divisións e subdivisións da cláusula son os orixinais.
O signo [...] significa falta de texto por rotura do soporte.

En el Convento de San Agustín recivió algunos emolumentos, con el pretexto de asistir en la sacristía los días de fiesta a aiudar a las misas, y a otros ministerios en servicio de aquellos religiosos: Fenecida la Gramática tubo proporción de que por los buenos oficios de los Señores Maldonados se le diese una Beca Artista en el Colegio-Seminario de San Jerónimo de la ciudad de Santiago; a donde logró la compañía, y trató con Don Gregorio Pose, que estaba en el mismo Colegio, y sus abundantes socorros, como quien podía repartirlos que le sobraban de sus asistencias; hecho Philósofo, emprendió el estudio de las Leyes, el que concluido en la misma Universidad de Santiago, a expensas de los hermanos de Don Gregorio recivió el Grado de Bachiller en Leyes, para pasar al estudio práctico de la facultad en la Real Audiencia de la Coruña; allí estuvo quatro años, a expensas de varios condiscípulos, que lo eran el ya dicho Don Gregorio Posse; Don Benito Estévez de Castro, de quien así mismo hablamos, quienes por sus conveniencias, y caudales contribuían con lo sobrante a la manutención de Don Bartolomé de todas secretarías, especialmente con el Padre confesor que era [enton] ces el P. Jayme Lefevvre, jesuita francés, y de la provincia de Tolosa, y con el Governador del Consejo, el Cardenal de Molina q [uien] de religioso Augustino, havía subido a aquella dignidad por los Grados de Obispo de Barcelona, y Málaga, Comisarío General de Cruzada, y otras particulares comisiones: Pero el uno, y el otro, y aún también Don Joseph del Campillo, que entonces exercía las funciones de Secretario del Despacho Universal de las quatro Secretarías, no debieron hacer todo el concepto, que se prometía a Don Bartholomé de su ciencia, literatura y erudición, y así haviendo perdido cinco pleitos seguidos de su Iglesia, y consumido en sus pretensiones, de los caudales del Cavildo dos millones y medio de reales; le mandó retirar su Cavildo, con poco honor, y menos utilidad a mediado el año de 1743.

Pero haviendo dado una buelta, quasi absoluta el systema de la Corte; muerto el Señor Phelipe Quinto en 9 de julio de 1746, y entrando a reinar el Señor Don Fernando el Sexto; muerto el Cardenal de Molina, y Don Joseph del Campillo, restituido a Francia el P. Lefevvre, y reenplazado el Confesonario con el P. Francisco Rábago montañés, jesuita, de la provincia de Castilla, que estaba retirado en Pontevedra, más por las conveniencias de aquel hermoso Colegio, y país, que por desembarazarse de los negocios temporales, como el fingía; cambiaron enteramente de semblante las cosas de Don Bartholomé de Rajoy, y Losada.

Ello fue de suerte, que en el año de 1750, quando estaba en la apariencia más descuidado (pues en la realidad jamás lo estubo) de sus ascenssos y conveniencias fue llamado a la Corte para el empleo de Comissario General de Cruzada [en el qu] al, aunque estubo poco tiempo, fue el bastante para hacer ver [a to] dos, que era un esclavo comprado, y humilde de la ambición de los jesuitas, pues haviéndose suscitado entonces nuebas controversias, sobre la concesión que llaman excusado, y la administración de casas diezmeras por el Rey, conprehendiéndose en ella muchas posesiones de los mismos jesuitas, que

como acostumbrados a resistir la paga de diezmos de las Iglesias, llevavan amargamente esta contribución, fue preciso que el Comisario General informasse en este particular; el informe fue cometido de orden del sagaz Rábago con mucha reserva, y le insinuó que sus tareas, serían bien premiadas: Así correspondió Don Bartholomé en perjuicio del Rey y del Estado, y con poco respeto del Pontífice, a la confianza que havían hecho de él los jesuitas, pues por indemnizarlos de una contribución tan justa, no solo vertió expresiones poco conformes al ministerio, (que a nombre del Rey era el postulador de esta gracia) sino también intempestivamente llenó de elogios a los jesuitas llenos todos de adulación, lisonja, y cobardía: Este hecho tubo por condigna satisfación el Arzobispado de Santiago después de ocho messes poco más de Comisario de Cruzada; y aunque en aquella Constitución se le huviera ofrecido el Gobierno al Consejo de Castilla, es constante, lo habría reusado, por penetrar mui bien su genio incompatible, con la condescendencia, con otros muchos otros por su intrepidez, ardimiento, y orgullo: Halló la ocasión más oportuna de desenvolver todas las ideas, que havía concebido para contenerlo, apresurando su marcha a Santiago, y empezando una especie de visita, por las Vicarías de Alva, y Aliste en tierra de Zamora, a donde tiene la Dignidad Arzobispal Jurisdición, en ella manifestó bien su genio ardiente, e impe [tuoso] aprisionó clérigos, privó de beneficios, arrestó otros a las carce [les] de Santiago; suspendió de celebrar a confesar a varios, y en fin hizo sentir todo el peso de su inclinación: Llegado a Santiago presentó cruda guerra a la relaxación de costumbres del clero, empezó por su Cavildo, que hasta entonces se havía tenido por inexpugnable; pues sorprendió la persona de Don Vicente de Neyra, Canónigo, y Arcediano de aquella Iglesia, y con buena escolta lo hizo transportar al Monasterio de Moreruela cerca de Benavente, del orden Cisterciensse, a donde le mantubo dos años en clausura, sin que los ruegos de parientes amigos y personas de la maior distinción, pudiesen ablandar el genio, y tessón, de este inflexible Prelado. Llenó su Palacio de gente somera, y de pocas circunstancias, a excepción del Secretario, y Provisor, todos o los más de sus familiares eran hijos de mercaderes, escribanos, notarios, carpinteros y sastres; por que decía que el servicio de la Dignidad no exigía sujetos nobles, sino virtuosos; pero el vulgo murmuraba que sus dependientes, ni eran lo uno, ni lo otro; y aún añadía, que por deprimir a la Nobleza havía puesto estos instrumentos, en manos de los enemigos en as capitales del honor; Procuraba saberlo todo, estudiarlo todo, manejarlo todo; hasta las cosas más tribiales de Secretaría havían de pasar por su inspección, con lo qual los subalternos, nada tenían que hacer, más que autorizar lo que decía, o dictaba el Arzobispo; era remiso en ciertos asunptos, y enemigo de hacer gracia a ninguno, cuia pretensión no viniese dirigida por aquellos conductos despre [ciables] que en su Casa tenían el nombre de favoriotos, sin re [com] endación extrínseca, que pudiese hacerlos dignos de aquel honor; era inexorable en castigar los vicios de incontinencia, porque en este punto, se observó siempre en el Arzobispo desde su niñez una conducta irreprehensible; y así el clérigo, que tuviese semejante reta, experimentaba todo el rigor de la Ley: Sin embargo se le notaba alguna indulgencia en sus prepcios familiares, que en su tiempo tubieron los más de ellos

la fama de poco continentes: Es verdad, que podía ignorarlo el Arzobispo, pero muchos aupaban (sic) en su sagacidad, esta omisión en especular la vida y conducta de sus dependientes: entre ellos hubo uno digno de especial recomendación, por su entereza, justificación, y desinterés; qual era el Licenciado Don Antonio Ventura de los Ríos y Navamuel, natural del Arzobispado de Burgos, Colegial en el maior de San Bartholomé de la Universidad de Salamanca, Doctoral que havía sido de la Santa Iglesia de Palencia, y Canónigo de la de Santiago, Inquisidor del Tribunal de Galicia, Provisor, y Vicario General de él; no era compatible su genio con el del Arzobispo, pues su firmeza, aspereza, integridad, y severa condición, no daba partido al genio dominante, absoluto, y despótico del Prelado, por cuia razón tubieron varias desazones, las unas publicas, y las otras reservadas, y la cosa llegó al extremo, de que haciéndosele al Provisor insoportable la intrépida, y violenta condición del Señor Rajoy, tubo que dexar el campo libre, para que corriese con más libertad por él, pidiendo, y consiguiendo se le removiese a la Inquisición de Granada, dexando la plaza de Galicia, y el empleo de Provisor, con sentimiento de los hombres honrados, y con mucha complacencia del Arzobispo, por ver quitad [o] [de de] lante, un hombre, que servía de barrera a sus ideas, y d [espo] tismo: era el Arzobispo, opuesto exdiametro a todas las Jurisdi [ciones] privilegiadas; y así era ofenssísimo a los Ministros titulares del Santo Oficio de Inquisición; a los dependientes del Tribunal de la Cruzada; del Grande, y Real Hospital de Santiago, a la Abadía del Monasterio de Benedictinos, que llaman San Martín, por que todos estos cuerpos estaban exentos de la Jurisdición Ordinaria, todos quería estubiesen sujetos a la Mitra, y así jamás (p) erdonaba ocasión de oprimirlos, y vexarlos, en quanto podía: Esta saña implacable contra los que no podía hacer subditos de la Dignidad, la explicó más contra el Colegio maior de Fonseca, cuios individuos, persiguió hasta el extremo; nada omitió que pudiese conducir al total extermineo, a que anhelaba, deste Cuerpo respetable y lustroso para la Nación; quería introducir una especie de dominio indirecto, por medio de una visita, así en el colegio, como en sus efectos, rentas, e individuos; representó varias veces al Consejo, contra los mismos Colegiales; hacía informes contra su mérito, y literatura, con los quales lograba más de una vez el privarles de las Cáthedras, que por razón y por derecho les pertenecían; Jamás se dio por satisfecho de la conducta de aquellos jóvenes nobles, y lucidos, y así procuraba siempre humillarlos, pero no corregirlos: en estos y otros hechos, de ninguna utilidad para el Rey, para el Reyno, ni para el Estado, consumió Don Bartholomé de Rajoy, y Losada el tiempo largo de su Pontificado, y las opulentas rentas de su Dignidad.

NOTICIA DE MACARIO GALLEGO, PINTOR DE PONTEDEUME EN OURENSE

Miguel Ángel González García
Canónigo Archivero. Ourense

Siempre tiene interés el completar el diccionario de artistas gallegos, que con mayor o menor calidad, tejieron con su quehacer el rico panorama de nuestro patrimonio artístico y monumental.

Pablo Pérez Costanti[1] y Couselo Bouzas[2] fueron los pioneros en sistematizar el elenco de artistas gallegos y otros los han ido enriqueciendo con particulares aportaciones todas siempre de valiosas.

No encuentro citado en ninguno de estos repertorios el maestro pintor del que ofrezco una sencilla nota, siempre con el deseo de que pueda completar otros estudios o pueda suscitar el comienzo de alguna investigación.

Se trata de un pintor de Pontedeume que hemos documentado trabajando en la parroquia de San Eusebio da Peroxa, concello de Coles, provincia y Diócesis de Ourense y normalmente conocida como San Eusebio.

Posee una importante iglesia románica que en el siglo XIX renovó la fachada y torre con gran empeño.

Pues en esta parroquia es donde documentamos trabajando a Mario Gallego, pintor de Pontedeume como él mismo declara en uno de los recibos.

Pintor al menos de retablos, quizá también dorador que ambos oficios solían ir unidos en el pasado y no es infrecuente que estos pintores también con mayor o menor for-

1. PÉREZ CONSTANTÍ, P., *Diccionario de artistas que florecieron en Galicia durante los s. XVI y XVII*, Santiago de Compostela 1930.

2. COUSELO BOUZAS, José "Galicia artística". Santiago 1932.

tuna se dedicasen a realizar obras de pincel, aunque de esa actividad en este caso no documentamos nada.

La noticia proviene de 4 recibos que se conservan en el Archivo Histórico Diocesano de Ourense caja 3782 y que nos parece oportuno transcribir ordenados por orden cronológico.

1861 agosto 24

Digo yo D. Macario Gallego, maestro pintor de cómo he recibido de manos del Sr. Abad de San Eusebio la cantidad de trescientos setenta reales, por haber retocado de pintura el Retablo Mayor de su Iglesia y dos handas con más otros varios reparos y para que así conste lo firmo en la rectoral a veinte y cuatro de agosto de 1861. Rubricado Macario Gallego.

1861 diciembre, 27

Digo yo Macario Gallego, vecino de Puente deume, que reciví de Manuel Sanchez de trasdorrio de San Eusebio como depositario de los fondos de la Iglesia de esta parroquia la cantidad de mil ochocientos reales cuya cantidad fue invertida en pinturas y pintar, el Altar del Santo Cristo de la Iglesia de esta parroquia y para seguridad del depositario doy el presente que firmo como Maestro de dicha obra en tras dorrio de San Eusebio a veinte y siete de diciembre de mil ochocientos sesenta y uno. (Rubricado) Macario Gallego.



Digo yo D. Macario Gallego, vecino de Puente deume, que Recivi de Manuel Sanchez de trasdorrio de San Eusebio como depositario delos fondos de la Yglesia de esta Parroquia, la Cantidad de mil ocho cientos Reales cuya Cantidad fué inbertida en pinturas y Pintar, el Altar del Sto Cristo de la Yglesia de esta Parroquia: Y para Seguridad del depositario doy el presente que firmo como Maestro de dha Obra en tras dorrio de San Eusebio á veinte y Siete de Diciembre de mil ochocientos sesenta y uno Macario Gallego

1861 diciembre, 25

Digo yo Manuel Sánchez, Depositario de los fondos de la Iglesia de esta parroquia que en el día de la fecha recibí del Sr Abad la cantidad de setenta y cinco reales para ayuda de pagar al pintor Macario Gallego la obra del altar del Ssmo Cristo. San Eusebio y diciembre 25 de a1861. Rubricado A ruego del depositario Juan Vázquez.

1862 noviembre 27

Digo yo D. Macario Gallego, maestro pintor de cómo recibí de manos del Sr. Abad de la Parroquia de San Eusebio la cantidad de cuarenta reales, los que se han invertido en componer en pintar la cara y manos de la imagen de San Antonio de dicha Iglesia y para que conste lo firmo. San Eusebio 27 de noviembre de 1862. (Rubricado) Macario Gallego.

De ellos se deduce lo siguiente:

1º. El nombre, Macario Gallego.

2º. La vecindad, Pontedeume, quizá un repaso de los libros sacramentales de la parroquia permita conocer si además de ser vecino era natural de la villa y otros detalles familiares.

3º. Está trabajando en Ourense los años 1861 y 1862. También pueden otras investigaciones alargar esta cronología y otros encargos en parroquias limítrofes a las de San Eusebio.

4º. La primera obra que realiza, en agosto de 1861 es la de hacer varios reparos en la policromía y dorado del Retablo mayor una magnífica obra debida al escultor del siglo XVIII Francisco de Castro Canseco y en otros objetos de menor importancia como dos andas y los que genéricamente se mencionan "más otros varios reparos".

7. Según unos autores 97, cf. M. FERNÁNDEZ ALMAGRO, *Orígenes del régimen constitucional en España,* Barcelona, 1976, 78; según otros 90 entre 291, cf. R. SOLÍS, *El Cádiz de las Cortes. La vida en la ciudad en los años 1810 a 1813,* Madrid, Instituto de Estudios Políticos, 1958, 250; y aún otros sostienen que eran 94 entre 303, cf. M. MORÁN MARTÍ, *Conciencia y revolución liberal: Actitudes políticas de los eclesiásticos en las Cortes de Cádiz*, en "Hispania Sacra", 42 (1990) 86, 487.

Católica, la supresión de la Inquisición, y la reforma del clero regular, entre otras decisiones, llevan esta impronta. En todo caso, el regalismo en su actuación responde a una postura de realismo y moderación política[8].

El grupo de los eclesiásticos destacaba en número, frente a 60 abogados, 55 funcionarios públicos, 16 profesores universitarios, 4 escritores y 2 médicos, es decir 137 que pueden englobarse entre las profesiones liberales y en la función pública. A ellos hay que añadirles 37 militares, 8 nobles con título y 9 marinos que pueden adscribirse al grupo de aristocráticos. Finalmente se reconocen 15 propietarios y 5 comerciantes[9].

Respecto a su vertiente profesional, una clasificación simplificada arroja el resultado de seis obispos, 46 canónigos dignidades y otros 42 presbíteros, gente sin duda perteneciente a un status más modesto, pero en todo caso altamente cualificado: adviértase que entre ellos se contaban catedráticos, capellanes, un bibliotecario y un secretario episcopal; 18 eran párrocos –en iglesias generalmente urbanas y de cierta importancia- y de 10 sólo conocemos su condición clerical[10].

4. EL CURA DE PONTEDEUME EN LAS CORTES DE CÁDIZ

Pedro Ribera y Pardo fue rector de la parroquia de Santiago de Pontedeume entre 1806 y 1820 y participó como diputado en representación de la provincia de Betanzos. Su perfil biográfico y su carrera eclesiástica serán objeto de posteriores estudios. De momento sólo nos interesa dejar constancia de su condición de diputado en Cádiz.

Jura como parlamentario el 24 de septiembre de 1810 y firma el acta de clausura el 14 de septiembre de 1813, habiendo pedido en el entretiempo cuatro meses de licencia para volver a su país a resolver diligencias propias. Se le conocen intervenciones en la comisión de escuelas.

Desconocemos, por el momento, su trayectoria ideológica pero creemos que con dificultad hubiera podido sustraerse a condicionamientos tales como una formación específicamente eclesiástica, o una mentalidad mediatizada por prejuicios (en el mejor sentido de la palabra) de raigambre local. Lo que sí es cierto es que fue de los parlamentarios eclesiásticos gallegos que más fielmente acudieron a las sesiones. En la sesión correspon-

8. Cf. L. HIGUERUELA DEL PINO, *La Iglesia y las Cortes de Cádiz*, en "Cuadernos de Historia Contemporánea", XXIV (2002) 61-80.

9. Cf. F. SUÁREZ VERDEGUER, *Las Cortes de Cádiz*, Madrid, Rialp 2002, 40-42.

10. Cf. M. MORÁN, *Los diputados eclesiásticos en las Cortes de Cádiz: revisión crítica*, en "Hispania Sacra" 42 (1990) 86, 35-60. *Ibíd*., 42.

diente al 28 de junio de 1813, el congreso gaditano se lamenta que sólo 9 de los 25 individuos que componían la representación gallega asistieran regularmente. Hermida estaba habitualmente indispuesto. Ros se hallaba procesado. Del resto, algunos habían fallecido, otros disfrutaban de licencias en sus pueblos (en ocasiones caducadas) y había incluso, quien rehuía el regreso[11].

5. CONCLUSIÓN

En Cádiz se establecieron las bases pragmáticas del liberalismo español hasta la revolución de 1868 y la Constitución que de allí salió sirvió de modelo para otras muchas constituciones iberoamericanas. De hecho, hay consenso entre los historiadores para determinar que, los principios del pensamiento liberal en España tienen su origen en: La Guerra de la Independencia (1808-1814); la paulatina emancipación americana y las reformas administrativas sugeridas por la primera Constitución liberal española promulgada en las Cortes de Cádiz en 1812.

Sin embargo, estos avances no durarían demasiado: el 4 de mayo de 1814, el rey Fernando VII, que había aceptado el texto: -"marchemos, y yo el primero, por la senda constitucional"- declaró nula la Constitución y todas las decisiones de las Cortes de Cádiz mediante decreto.

Es verdad que, en su actuación, los diputados gallegos tuvieron una muy gris participación y la mayor parte de ellos militaban en un cómodo centrismo del que salían para alistarse con alguno de los bandos (por lo general el absolutista) en las grandes decisiones (Ley de libertad de prensa y supresión de la Inquisición) pero, con todo, las Cortes de Cádiz crearon un cuerpo legislativo de carácter liberal y establecieron un nuevo orden en sustitución de la sociedad estamental que había dominado hasta entonces en España.

Es posible que existiese un comportamiento político homogéneo entre los diputados eclesiásticos. Cosa lógica a fin de cuentas, pues se trataba de representantes de la nación y no de un determinado estamento. También parece indudable que la actitud conservadora constituya el rasgo más característico del grupo al que pertenecía Ribera y Pardo, si bien en los primeros tiempos la mayor parte de estos hombres manifestó un talante aperturista que sólo se iría perdiendo de forma gradual. Nuevos datos nos sugerirán nuevos conocimientos sobre aquel protagonista eumés.

11. *Ibíd*., 42.

Casado del Alisal, "El juramento de las Cortes de Cádiz"

O DEPUTADO ANDRÉS ROJO DEL CAÑIZAL: TRAXECTORIA VITAL E COMPROMISO POLÍTICO (1783-1858)

Manuel Domínguez Ferro

Un pobo glorioso vibraba de novo / iluminando as nacións: a Liberdade /
de corazón a corazón, de torre a torre, sobre España / esparciendo un lume contaxioso no ceo / brillaba...

Percy Bysshe Shelley

Pouco coñecida ata a publicación dos traballos de Manuel Blanco Rey[1], a figura de Andrés Rojo ben merece figurar nas páxinas máis sobresaíntes da nosa historia. Testemuña directa dalgunhas das convulsións que sacudiron o noso país ao longo da primeira metade do século XIX, Andrés Rojo é un fiel expoñente da puxante burguesía responsable, en boa medida, do desenvolvemento económico de Galicia dende mediados do século anterior.

Amigo e colaborador de dous dos máis carismáticos xefes militares da guerra da Independencia, os xenerais Juan Díaz Porlier e Francisco Espoz y Mina, sufriu o cárcere e o exilio, desempeñou o cargo de Intendente en varias ocasións e foi deputado pola Coruña durante o Trienio Liberal (1820-1823).

Vinculado a esta terra por lazos familiares, Andrés Rojo encabeza unha saga que, ao longo de tres xeracións, exerceu unha notábel influencia na vida política da provincia ata a época da Restauración, sostendo, desde diferentes ámbitos do poder local e provincial, as posicións do liberalismo exaltado primeiro e do progresismo despóis.

A finalidade deste traballo non é outra que a de recompoñer os fragmentos dispersos dunha biografía apaixoante que está feita da mesma materia que inspirou unha parte importante da novela española do século XIX, desde as *"Memorias de un hombre de acción"* de Baroja ata os *"Episodios Nacionales"* de Galdós.

1. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Parlamentarios de Galicia Biografías de deputados e senadores (1810-2003),* Santiago de Compostela, 2003. A información recollida nesta obra sobre os Rojo procede fundamentalmente das aportacións de Manuel Blanco Rey.

OS ROJO DEL CAÑIZAL, UNHA SAGA DE COMERCIANTES CASTELÁNS NA CORUÑA

Andrés Rojo del Cañizal naceu en 1783 na localidade palentina de Cantoral. Fillo de Toribio Rojo e Gertrudis de los Ríos, varios membros da familia Rojo aparecen en Galicia desde mediados do século XVIII. Manuel Blanco, biógrafo dos Rojo, sitúaos na Coruña en 1752[2]. Dous irmáns de Toribio, Tomás e José, establecéronse na Coruña onde se adicaron ás actividades mercantís. Outro deles, Manuel, exerceu de párroco na Pastoriza, lugar onde edificou, en 1783, a Casa de Vilariza, que tan ligada está a historia familiar. Os pais de Andrés permaneceron en Cantoral a cargo do patrimonio familiar.

As expectativas comerciais xeradas pola apertura do porto da Coruña ao tráfico coas colonias americanas, tralos Decretos promulgados por Carlos III en 1764 e 1765, atraíron a un número importante de comerciantes de moi diversa orixe[3]: asturianos como Antonio Raimundo Ibáñez, o marqués de Sargadelos, casteláns como os Calleja, Rojo ou Hinojosa, vascos como os Llano, cataláns como os Marcó del Pont ou Ferrer y Albá, rioxanos -en particular cameranos (da comarca de Cameros)- como Adalid ou Torres, e incluso extranxeiros, como o francés Juan Francisco Barrié.

Ao lado desta burguesía foránea, instalada nas vilas costeiras, non faltan nomes galegos, como Juan de Vega, comerciante e industrial lugués que forxou a súa fortuna na emigración cubana. O predominio do sector comercial sobre o industrial é un dos rasgos de identidade desta burguesía e sinala unha das súas debilidades.

Cara a 1778 atopamos a José Rojo matriculado como comerciante no Real Consulado do Mar da Coruña. No censo de comerciantes coruñeses neste período distínguese unha élite composta polos grandes armadores e exportadores de Indias, entre os cales atopamos a Jerónimo Hinojosa e Pedro de Llano, e un grupo de pequenos e medianos mercaderes, con alto poder económico, onde figurarían Rojo de los Ríos, Barrié ou Adalid[4].

Os negocios familiares de Rojo relaciónanse co arrendo de arbitrios e abastos, sobre todo viños, aguardentes, grans e carnes[5]. En varias ocasións, ante a escasez de gra-

2. BLANCO REY, "Andrés Rojo, un personaje del siglo XIX vinculado a Arteixo". *El Ideal Gallego*, 3-6-1997. No artículo, M. Blanco rebate a Mª Victoria Fernández España que no seu libro *Los liberales coruñeses*, Concello da Coruña, 1996, despois de definir a Rojo como "hombre activo y de gran valor personal", sostén que non deixou descendencia.

3. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., "Os primeiros liberales galegos", en *Revista Grial*, T. 19, nº 74, 1981

4. BARREIRO, J.R., *Historia de la ciudad de la Coruña,* A Coruña, 1996

5. ALONSO, L., *Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia (1778-1818)*, Santiago, 1986. VILAR RODRÍGUEZ, M., *Éxito y ocaso de una saga de negociantes catalanes en Galicia: la casa de comercio Francisco Ferrer y Albá (1750-1860),* A Coruña, 2006: Os cataláns iniciaron as súas actividades no comercio cerealístico, posteriormente, e para rendabilizar as viaxes de volta, introduciron o pescado.

nos e fariñas, especialmente preocupante a finais de século (anos 1787 e 1802), José Rojo foi comisionado con Jerónimo Hinojosa, tamén tratante en granos, para atender ao abastecemento da cidade[6].

No ano 1789 constitúese a sociedade "José Rojo y Compañía SRC". Ademáis das actividades mercantís, enfocadas en gran parte ao mercado colonial, Rojo viuse atraído, como outros moitos burgueses da primeira xeración, por operacións de préstamo e adquisición de terras e rendas forais. Seis anos despóis, en 1795, reconstitúese como sociedade comandataria baixo o nome "Rojo y Morillo". Cun fondo de 500.000 reais, tiña como socios a José Rojo e a José Morillo.

A finais do século, as incertezas comerciais provocadas polos transtornos que sufría o tráfico colonial levan a esta burguesía a diversificar os seus intereses, investindo en negocios como os seguros marítimos, cuia importancia foi crecendo a medida que o facía a inseguridade xerada polos conflictos bélicos e as actividades de corso. Comerciantes como José de Llano, Francisco Ferrer y Albá ou Rojo entraron a formar parte en sociedades financieiras como "María Santísima de los Dolores y Apóstol Santiago", que dirixía Hinojosa, e "Purísima Concepción de Mª Santísima y Apóstol Santiago"[7] (1798).

Paralelo ao éxito comercial é o ascenso social da familia. O casamento de José Rojo con Gabriela Francisca Infante de Mella, procedente dunha opulenta familia de Pontedeume, atestíguao, así como a elección de José como mordomo fabriqueiro da parroquia coruñesa de San Nicolás[8].

En 1793 José Rojo figura entre algúns dos máis acaudalados homes de negocios da cidade (Genaro Fontenla, Jerónimo Hinojosa ou Fernando de Agar) que en 1793, fixeron importantes aportacións para sufragar a guerra contra a Convención. E de novo volveu a colaborar en 1797 con sumas importantes, en forma de préstamos sen interés, con motivo da guerra contra Gran Bretaña[9].

Andrés Rojo, xunto coas súas irmáns Andrea e Manuela, seguiu os pasos dos seus tíos ata Galicia, debendo chegar nun momento anterior a novembro de 1804, cando, participando xa no negocio familiar, contrae matrimonio coa súa curmá, Josefa Rojo de

6. TETTAMANCY GASTÓN, F., *Apuntes para a Historia Comercial de La Coruña*, A Coruña, 1994

7. ALONSO, L., *Comercio colonial y crisis,* op. cit.

8. LÓPEZ, A., *La imprenta en Galicia: siglos XV-XVIII,* Madrid, 1953, T. 1, pax. 255

9. TETTAMANCY GASTÓN, F., *Apuntes para la Historia Comercial de La Coruña,* op. cit. J. Hinojosa, con 10.000 reais, G. Fontela 8 000, F. Agar 3 000, José Rojo de los Ríos 3 000, Marcial Francisco del Adalid 1 500, Francisco Somoza de Monsoriu 1 000

Bouza, filla de José Rojo e Gabriela Infante. As irmáns de Andrés casarán tamén en Galicia: Andrea con Clemente Otero, comerciante de San Salvador de Bergondo, e Manuela con Manuel Ochoa, ámbolosdous asentados en Pontedeume. A partir dese momento os Rojo irán tecendo na vila eumesa unha rede de alianzas familiares con comerciantes de orixe foráneo, algúns deles de ascendencia maragata, como os Noboa, de Canalejas (León), ou os González, de La Riba (León).

O casamento de Andrés con Josefa –a cuia ceremonia acudiron destacados membros da oligarquía mercantil, como Juan Ceballos e Manuel de Llano-, consolida a súa posición na empresa familiar e uns meses despóis entra a formar parte como socio na compañía "Rojo e Hijos" -que supoñemos sucede á disolta "Rojo y Morillo"-, xunto a José e o seu fillo Juan de Dios Rojo. Este esquema familiar repítese con frecuencia nas sociedades mercantís establecidas durante a época[10], particularmente nas vilas da fachada marítima. Os fondos da compañía calcúlanse en torno aos 700.000 reais e, en 1813, nas postrimerías da guerra de Independencia, dispón dunha sede en Londres, que atende Juan de Dios Rojo.

En 1815 Andrés está domiciliado nunha vivenda (nº 15) do Cantón Grande, no barrio da Pescadería, o corazón mercantil da cidade. O seu ingreso no Real Consulado amosa unha desafogada situación económica, dada a elevada renda esixida para formar parte da institución, segundo establecía o seu regulamento[11]. O Consulado, unha das institucións máis vencelladas ás arelas reformistas do reinado de Carlos III, foi fundado en 1785 para *"fomentar el tráfico mercantil, protegiendo la industria y procurando el bienestar de la agricultura"*[12]. A aristocracia mercantil da cidade repartíase os cargos de prior (Marcial Francisco del Adalid), cónsul (Hinojosa) e consiliarios, entre eles Pedro de Llano, polo ramo de navieiros, e Andrés Rojo, polo de comercio. Lucas Labrada, unha das figuras máis sobresaíntes da Ilustración galega, autor da *"Descripción económica del Reino de Galicia"* (1804) foi o secretario da entidade durante case cincuenta anos.

A finais de século, desde 1787 en concreto, a crise ameaza a continuidade do comercio colonial, poñendo punto final ao "período monopolista", a época de esplendor do comercio ultramarino[13]. A causa estaría nos Decretos de libre comercio de 1778, que abriron a todos os demáis portos peninsulares os mercados ata entón monopolizados

10. VILAR, M., *Éxito y ocaso de una saga de negociantes.* op. cit.

11. TETTAMANCY, op. cit. *"El Consulado de la Coruña se ha de componer de Hacendados que posean ocho mil pesos sencillos o más en fincas (...), de comerciantes por mayor, y de Mercaderes que tengan por igual suma empleada en su giro, de Dueños del todo ó parte de fábricas considerables, y de Propietarios de embarcaciones capaces de navegar en los mares de Europa y América, cuyos caudales en ámbas clases sean á lo ménos de seis mil pesos"*

12. TETTAMANCY, op. cit.

13. ALONSO, L., *Comercio colonial y crisis* .op. cit.

polos comerciantes coruñeses. Entre 1807 e 1815 o censo de comerciantes galegos caeu un 60%[14]. Cando George Borrow, "Jorgito o Inglés", visita a cidade varios anos despois confirma a súa decadencia comercial[15].

A partir de 1814, co inicio da emancipación das colonias, prodúcese a ruptura definitiva do tráfico comercial. As solucións que adopta a burguesía fronte ao colapso comercial son variadas: desde a adquisición de propiedades inmobiliarias e foros, contrabando, ata a práctica do corso -que tivo en A Coruña o seu porto principal, con armadores como Salvador Fullós, Pedro de Llano, Marcial Francisco del Adalid ou Juan Bautista Larragoiti- e a trata de negros (Barrié, Adalid, Fullós).

Os traballos de Josep Fontana[16] suliñan a estreita relación entre a crise económica provocada pola debacle do comercio colonial e a conversión da burguesía ao credo liberal. Prodúcese deste xeito unha radicalización nas súas posturas, que lles distanciará das estratexias reformistas defendidas ata ese momento polos ilustrados, para apostar por unha vía revolucionaria. Intelectuais como Lucas Labrada ou Valentín de Foronda -que residiu un tempo na Coruña onde publicou as *"Ligeras observaciones sobre el proyecto de Nueva Constitución"* (1811) e *"Cartas sobre la obra de Rousseau titulada Contrato social"* (1814)- evolucionan desde esas posicións reformistas ata actitudes decididamente enfrontadas ao Antigo Réxime[17]. Neste contexto é como prende un novo pensamento político, que a Revolución Francesa primeriro e a guerra da Independencia despois contribuirán a espallar. E iso, a pesar do "cordón sanitario" disposto por Floridablanca para impermeabilizar a fronteira e evitar o contaxio ideolóxico con Francia.

Na cidade da Coruña, xunto ao influínte grupo burgués, móvese un activo núcleo de intelectuais no que destacan Labrada, Valentín de Foronda ou José Verea y Aguiar, responsables da difusión dun pensamento de contido netamente liberal. Prodúcese tamén o despertar da prensa, como a *"Gaceta Instructiva"*, editada por Antonio Pacheco -médico de artillería e cuñado do líder exaltado Evaristo San Miguel-, *"El Ciudadano por la Constitución"*, de Marcelino Calero, oficial da Fábrica de Tabacos, ou o "Diario de La Coruña", o segundo periódico impreso en Galicia (1808), cuio redactor era o agostiño secularizado Manuel Pardo de Andrade, autor, ademáis, dunha obra poética de temática patriótica, na que destaca *"Os rogos de un gallego establecido en Londres, dedicado ós seus paisanos para abrilles os ollos sobre certas iñorancias e o demais que verá o curio-*

14. VILAR, M., *Éxito y ocaso de una saga de negociantes*, op. cit.

15. BORROW, G., *La Biblia en España: los viajes, aventuras y prisiones de un inglés en su intento de difundir las Escrituras por la Península Ibérica*, Barcelona, 2001. *"A Coruña era en otros tiempos punto de gran movimiento comercial, que se ha ido desviando hacia Santander"*, p. 260

16. FONTANA, J., *La quiebra de la monarquía absoluta (1814-1820),* Barcelona, 1987

17. BARREIRO, X. R., *Liberales y absolutistas*, Vigo, 1982

so lector" (1813), fonda crítica contra a a Inquisición que lle mereceu a excomunión de mans do arcebispo de Santiago Rafael de Múzquiz[18]. A Manuel Pardo se lle deben tamén unhas *"Reflexiones sobre la mejor Constitución posible en España"* (1811).

Desde estas páxinas deféndense posicións contrarias ao Antigo Réxime e arrecian as críticas contra a Inquisición. Os ecos desa prensa deberon de chegar ata Frei Rafael de Vélez, arcebispo de Santiago desde 1824, que na súa polémica *"Apología del altar y el trono"* (1820-1825) clamou contra a liberdade de prensa, citando á cidade da Coruña como un dos focos emisores das novas ideas[19].

A guerra da Independencia (1808-1813) acelerou o proceso de cambio, plasmado nas reformas emprendidas polas Cortes de Cádiz entre 1810 e 1812. A burguesía escindiuse entón entre os colaboracionistas co réxime xosefino, o grupo dos afrancesados, e os que rexeitaban a ocupación francesa.

Unha parte sustancial dos fondos necesarios para financiar a guerra procedeu das contribucións directas asignadas ás rendas máis elevadas[20]. Á oligarquía comercial da Coruña, constituida por unhas 125 firmas, lle correspondeu o pago de 108.276 reais. Entre eles atoparíase a firma de "Rojo e Hijos". De feito, José Rojo foi nomeado, xunto con Fabián López, depositario dos fondos recaudados pola Xunta Suprema do Reino para costear ás necesidades das tropas galegas.

Algúns dos máis prominentes homes de negocios da cidade formaron parte do club liberal que se reunía no café de la Esperanza, na rúa Real, entre 1813 e 1814, coñecido como "Club de los Jacobinos", que foron procesados en xullo de 1815, tal e como consta no *"Real auto de la causa formada contra varios sujetos sobre las reuniones o club del café de la Esperanza"*, entre eles Marcelino Calero, *"editor del periódico más impío y revolucionario que hay en todo el Reino"*, Pedro de Llano, *"primera cabeza del Club"*, Valentín de la Foronda, *"corifeo de los jacobinos, ateistas, deistas"*, Marcial Francisco del Adalid, *"impío y republicano"*, Juan Antonio de la Vega, *"acérrimo demócrata y de los principales del Club"*, Manuel Pardo de Xas[21], *"impío y demócrata en sumo grado; autor de los folletos "Os rogos do gallego" y "El pueblo gallego no quiere la Inquisición"*[22].

18. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol III, Santiago, 1953

19. Na obra *Preservativo contra la irreligión* (1813) denunciaba *"este sistema de los filósofos, el más impío de cuantos jamás sugirió el Demonio"*. ELORZA, A. e LÓPEZ ALONSO, C., *Arcaísmo y modernidad: pensamiento político en España, siglos XIX-XX,* Madrid, 1989

20. VILLAR, M., *Éxito y ocaso,* op. cit.

21. Un dos seudónimos, xunto co de León de Parma, cos que firmaba os artículos Manuel Pardo de Andrade

22. BARREIRO, X. R., *Os primeiros liberales galegos,* op. cit.

Parece fora de toda dúbida a relación deste grupo coa Logia Constitucional de la Reunión Española (1814-1816), que Ferrer Benimelli considera unha das primeiras loxias fundadas en España despois do regreso de Fernando VII[23]. Entre os membros deste taller masónico, que celebraba as súas sesións ou *tenidas* no café de La Esperanza, a presencia da burguesía é moi significativa, pois dos 24 membros de que constaba, 10 eran comerciantes. Presidiuna Luis Lacy, capitán Xeral de Galicia, e nela figuraban, entre outros, José Fullós, un dos principais comerciantes adicados á trata de esclavos; Manuel de Santurio, auditor de guerra, o impresor Sebastián Iguereta –éstes dous últimos implicados no pronunciamento de Porlier- e Pedro Coumes-Gay. En 1815 foron investigados polo tribunal da Inquisición de Santiago[24]. Non existen evidencias documentais da filiación masónica de Andrés Rojo, pero as conexións que mantiña con ese grupo parecen evidentes[25].

PARTICIPACIÓN DE ANDRÉS ROJO NO PRONUNCIAMENTO DE PORLIER

Trala Guerra da Independencia, o retorno de Fernando VII deu paso, superadas as vacilacións iniciais, a unha persecución aberta contra os liberais (Decreto de Valencia de maio de 1814), favorecida polo respaldo dos deputados servís ("Manifesto dos Persas"), o apoio dun sector do Exército (pronunciamento do xeneral Elío[26]) e a indiferencia dunha gran masa da poboación que, ao grito de "vivan as caenas" celebraba a volta do "Desexado".

A represión cebouse nos liberais, especialmente con aqueles comprometidos coas novas institucións saídas das Cortes, que sufriron detencións, penas de cárcere e fortes multas. Moitos optaron polo exilio, seguindo os pasos dos afrancesados que, obrigados a partir en 1813, convertíronse nos primeiros exiliados políticos.

Na cidade da Coruña foron detidas 83 persoas entre maio e xuño, 26 delas pertencentes ao ramo do comercio. No Castelo de San Antón foron encarcerados Pedro de Llano, Juan Antonio de Vega, Juan Nepomuceno, e Antonio Pacheco. Algunhas delas constan na relación remitida polo inquisidor frei Nicolás de Castro. Unha elevada proporción deles pertencía ao Club de La Esperanza[27].

23. VALÍN A., *Galicia y la masonería en el siglo XIX,* Sada, 1991

24. VALÍN, op. cit.: *"sobre la averiguación de una logia francmasónica en La Coruña"*

25. VALÍN, op. cit. Sinala, seguindo a Alcalá Galiano, que unha das razóns polas cales non estea clara a adscripción masónica de moitas personalidades da época é a identificación entre masón e afrancesado. Hai indicios de que o ingreso de Rojo na Masonería poido producirse en Francia.

26. Pode considerarse o primeiro pronunciento militar do século.

27. BARREIRO, X. R., *Liberales y absolutistas,* op. cit. *Lista de los enemigos más furiosos de la Religión y del Rey que hay en La Coruña*

Pero a represión non alcanzou a todos por igual. Non nos consta que Andrés Rojo fora molestado. Algún como Juan de Vega[28] foi detido e obrigado a pagar unha forte suma, pero, segundo conta a súa filla Juana de Vega nas súas *"Memorias"*, as xestións da súa muller lle evitaron o cárcere e, tras deixar os negocios, poido retirarse discretamente á quinta que posuía en Carballeiros (San Pedro de Nós), onde viviu ata 1815, cando se viu obrigado a pasar a Portugal.

O reinado de Fernando VII supuxo o retorno pleno ao absolutismo e afogou, ao mesmo tempo, calquera esperanza de cambio. Tal proceder decepcionou incluso aqueles que, aínda que exhortaron ao monarca para que anulase a Constitución de Cádiz, eran conscientes da necesidade de reformas e da convocatoria dunhas Cortes estamentais. A grave situación económica de posguerra esixía, además, a posta en marcha de medidas que a camarilla de Fernando VII non soubo nin poido tomar. De ahí que pronto prendera o descontento en gran parte do país. No Exército –que pouco tiña xa que ver coa institución estamental do século anterior- maniféstanse os primeiros sinais.

O fenómeno decimonónico do pronunciamento mereceu extensos estudios que no pasado enfatizaban o elemento militar e que hoxe se analiza desde unha perspectiva máis ampla, valorando o posicionamento doutros actores sociais[29]. Ningún dos pronunciamentos militares do período poido triunfar sen un firme apoio popular e sen o repaldo económico e social da burguesía.

O primeiro dos levantamentos liberais que inaguran o reinado de Fernando VII é o protagonizado o 25 de setembro de 1814 en Navarra polo xeneral Francisco Espoz y Mina, un dos máis renobrados xefes guerrilleiros durante a guerra da Independencia. Unha mestura de ambición persoal e defensa do constitucionalismo está detrás do intento de apoderarse da praza de Pamplona. O fracaso do pronunciamento atribúese á escasa colaboración da poboación; nin sequera poido contar coas súas propias tropas. O xeneral emprende entón o camiño dun exilio que o levará a Francia, convertida na sede da conspiración no exterior.

En España proseguiron os plans conspirativos nos meses seguintes. Unha trama desarticulada en Madrid en maio de 1814 incriminou ao mariscal Juan Díaz Porlier. Condenado a catro anos de cadea, foi enviado a cumplir condena ao castelo de San Antón, na Coruña. Aquí "O Marquesito" atopou suficientes apoios para preparar un novo levantamento. Porlier frecuentara a cidade durante a guerra cando, a bordo da fragata

28. VEGA MARTÍNEZ, Juana de, Condesa de Espoz y Mina, (1805-1872), *Los Vega: memorias íntimas de Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (Coruña, 1805-1872)* / edición de José Antonio Durán, A Coruña, 2006. Juana afirma que o seu pai se lle impuxo unha multa de 6.000 pesos.

29. COMELLAS, L., *Los primeros pronunciamientos en España,* Madrid, 1958

"Aretusa", achegábase ata aquí coa finalidade de reclutar homes e repoñer material. A Coruña era o único porto libre do norte para o desembarco do material de guerra que suministraban os ingleses. Nunha daquelas visitas debeu coñecer o xove xeneral ao comerciante Andrés Rojo del Cañizal.

No cárcere Porlier coincidiu, e incluso chegou a confraternizar, co recentemente deposto ministro de Gracia e Xustiza Pedro Macanaz, autor do decreto do 4 de maio e o seu principal acusador, condenado por un delito de cohecho tras perder os favores da camarilla real.

Porlier logrou contactar con Sinforiano López Alía, o guarnicioneiro preso no Cárcere Real desde 1814 e un dos líderes do levantamento antifrancés de 1808. A través deste último, Porlier mantén comunicación co grupo liberal da cidade e con oficiais dos batallóns acantoados na Coruña. Os plans xa ían avanzados cando en abril de 1815 é detido e executado Sinforiano López. A pesar diso, a conxura seguiu adiante e Porlier non atopou dificultades para lograr un permiso do Capitán Xeral, Felipe de Saint Marq, para poder trasladarse, por motivos de saúde, a un balneario de Arteixo. Tras novas peticións, o recluso obtén o consentimento do Capitán Xeral para instalarse na vivenda que Andrés Rojo del Cañizal lle ofrecera na cercana parroquia de Pastoriza, a Casa de Vilariza, que o comerciante herdara do seu tío Manuel Rojo. O xeneral, acompañado da súa muller Josefa Queipo de Llano, filla dos Condes de Toreno, partiu da Coruña cunha escolta para instalarse na residencia de Rojo o 19 de agosto.

Nas semanas seguintes a casa foi o lugar de reunión dos organizadores do levantamento. Entre os concurrentes atopábanse os oficiais Fernando de Miranda, Antonio Peón e José María Peón, o ciruxán que atendía ao matrimonio, José de Lazcano, e, por suposto, Andrés Rojo. O interés pola seguridade do grupo levou a éste a despedir a unha criada *"al considerarle Rojo mui dada a los chismes y murmullos"*, segundo revela na Causa Porlier Bernarda Freire, a criada de Redes que serviu a Josefa Queipo[30].

Andrés Rojo foi acusado de ser un dos os organizadores do pronunciamento. A súa implicación na trama civil non ofrece lugar a dúbidas. Refiríndose ao seu pai, Juana de Vega revela nas *"Memorias"* que *"fue una de las personas que entraban en la conjura y dio una cantidad no insignificante para ella"*[31]. Xunto con Juan de Vega e Pedro de Llano, Andrés Rojo foi o principal apoio económico do pronunciamento. Él foi o encargado de

30. BARTHÉLEMY, R. G., *El "Marquesito" Juan Díaz Porlier, Gebneral que fue de los Ejércitos Nacionales (1788-1815)*, Santiago de Compostela, Vol. I e II, 1995. Viviu con ela ata a súa morte, compartindo momento tan penosos como a reclusión, ata 1820, no Colexio de Orfas en Betanzos, baixo a estreita vixiancia de Feliciano Vicente Faraldo, pai de Antolín Faraldo.

31. VEGA MARTÍNEZ, Juana de, Condesa de Espoz y Mina, (1805-1872), *Los Vega: memorias íntimas de Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina Vega*. op. cit.

entregar ás tropas movilizadas os 199.782 reais recadados entre os comerciantes, fondos que Porlier esperaba devolver co millón de reais que pediu ao Real Consulado. Éste, reacio, logrou rebaixar a cifra ata 500.000 reais que, finalmente, debido ao desenlace dos acontecementos, no chegou a pagarse[32]. Semella que foi o día 19 de setembro cando Rojo entregou as cantidades aos dous reximentos e tres batallóns que participaron no alzamento. Que además proporcionou víveres ás tropas atestíguao o capitán José Castañera, o oficial que dirixía a escolta que acompañou a Porlier ata Pastoriza, cando dí que o día 21 deu ordes a un sarxento para que recollera en casa de Andrés Rojo 18 sacos de arroz, 4 de galletas e 9 barriles de augardente.

> *"De la causa aparece que ademas de los suministros de arroz, aguardiente y zapatos dados á las tropas se suministraron á las mismas de orden de Porlier en dinero efectivo, y gasto en otros usos 199.782, S.V., los que pagó D. Andrés Rojo del Comercio de la Coruña quien también adelantó dichos suministros. Este comerciante se fugó, y se halla en el dia en Londres; se registraron sus papeles y libros, y nada pudo adelantarse sobre la providencia de aquel dinero. Porlier en su confesion para manifestar no había tenido parte en la sublevación dijo: "Que en la madrugada del 19, de Septiembre se dio a todas las tropas de la Guarnición una paga sin que se hubieses sacado para ello dinero de Tesorería, de que resulta que le sugeto que la dio D. Andres Rojo del Comercio de esta Ciudad debe saber las personas, que depositaron en el estas cantidades, y supuesto que estas existian ya dispuestas á la llegada del interrogado á la Coruña deben haber sido sin duda los disponedores de la sublevación" No ha sido posible apurar si efectivamente se depositó en Rojo este dinero, y por quien, y unicamente consta que el tesorero de los caudales de Propios D. Salvador Fullos entregó á Rojo por mandato del Ayuntamiento Constitucional de la Coruña dado á virtud de las órdenes de Porlier sesenta mil reales pertenecientes á los fondos comunes del Pueblo de Santa María de Oza"*[33].

Proclamada a Constitución e constituída a Xunta do Reino de Galicia, con Porlier como capitán Xeral, as forzas sublevadas diríxense hacia Santiago co obxectivo de sumala ao alzamento. As tropas reunidas polo arzobispo Rafael Múzquiz e o xeneral José Pesci, gobernador militar de Santiago, dirixíronse ata Sigüeiro ao mando do xeneral Imaz, pero antes de que chegara a producirse o enfrontamento, a noite do 21 de setembro Porlier foi

32. CARBALLAL LUGRÍS, J., *Economía y conflicto. La logística de la Guerrilla y el Pronunciamiento: Porlier, 1808-1815, 1995.* BARTHÉLEMY G. R., op. cit. Nun dos despachos enviados por Porlier á casa consular decíase: *"me veo en la dolorosa aunque indispensable necesidad de esigir el apronto del millón que tengo reclamado (...) advierto a V.SS. que (...) en el preciso término de 24 horas, dispongan de la recaudación (...), a disposición de D. Andrés Rojo del Cañizal"* (setembro de 1915, Actas do Consulado)

33. BARTHÉLEMY, R. G., op. cit.

traizoado por un grupo de sarxentos do reximento de infantería de Mariña e conducido a Santiago. A piques de rematar a aventura, no Mesón de Deus (Merelle-Ordes), o mariscal escribe tres cartas, unha destinada a Josefa, outra a Andrés Rojo e a terceira ao coronel Romay.

> *"(...) Querida mía: te supongo ya en la Coruña porque non deves estar un instante fuera de ella asta el resultado definitivo de estas cosas.*
> *Yo he llegado a este pueblo y mañana a mediodía me presentare delante de Santiago: espero hacer algo a un que no hay una completa seguridad lo que advierto si es mucha decisión en los Paisanos: las Tropas de Santiago están abriendo Sanjas en las calles para embarazar Nuestra entrada: allá veremos pero tu no creas que resultara nada malo, pues no me aventurare sin mucha probabilidad. Dile a Roxo que se obre ahora mi cuenta y la ponga en Relación como gastos que Yo hize antes de emprender el asunto presente para que tuviese buen efecto. También es preciso que cuando tenga dinero nos guarde un par de mil duros que dare Yo por Recividos para espionaje y comisiones reservadas: esto lo reciviras tu para que nos sirva en todos casos: aDios escríbeme a menudo pues deseo mecho saber como teallas*
> *La Orden (sic Ordes) y Septiembre 21 de 1815 a las 10 de la Noche.*
> *Porlier"*[34]

Fracasada a intentona, Porlier é conducido ata o cárcere do Tribunal da Inquisición en Santiago, desde onde foi conducido ata A Coruña para ser executado no Campo da Forca o día 23 de outubro de 1815.

A represión obrigou a moitos a fuxir. Pedro de Llano e Andrés Rojo marcharon a a Inglaterra (éste último o 23 de outubro). Foi o único civil, *"vecino y del comercio de esta Plaza"*, que aparece na *"Relación de reos fugados de esta Plaza antes de ser aprendidos"* e tamén o único condenado a *"ser pasado por las armas por la espalda y confiscación de bienes"*, ademáis de serlle embargados os bens[35].

> *"Certifico que a consequencia de la Sentencia pronunciada por el Real y Supremo Consejo de la Guerra en nuebe de... Se ha dado auto en el seis del corriente con Audiencia Fiscal por lo que repecta al expediente formado de Balance del comerciante D. Andrés Roxo, por el que se manda se haga el Embargo y Deposito de la Casa de Pastoriza, y mas Vienes que*

34. BARTHÉLEMY, R. G., op. cit.

35. AGM, Causa Porlier, en BARTHÉLEMY, R., *El Marquesito*... "comisionando para esta operación a Pedro Antonio Moreno, pax. 639

tanto en dicho sitio, como en otro cualesquiera correspondan al Roxo: Que se haga saber a su muger Dª. Josefa Roxo, ponga de manifiesto la Escritura de compañía de diez y nuebe de Agosto de ochocientos trece, Libros y asientos relatibos al Comercio, los de Rentas y Escrituras de adquisiciones, comisionando para esta operación á D. Pedro Antonio Moreno del mismo Comercio de esta Plaza á efecto de que previa su aceptación y jura se proceda á la investigación de uno y otro, (...): en consecuencia de lo qual se ha formalizado el Embargo de la citada Casa de Pastoriza, una huerta y Pinar: Se notificó á la misma Dª. Josefa la indicada providencia (...). Coruña veinte de Octubre de mil ochocientos diez y nuebe"[36].

Mellor sorte correu o seu amigo Juan de Vega, cuias vivencias son relatadas por Juana de Vega[37]. Tras unha estancia en Portugal, regresou á Coruña para instalarse na quinta da Carballeira (San Pedro de Nós), onde foi obxecto de vixiancia pola policía.

Na Causa son citados catorce comerciantes, entre os que destacan Pedro de Llano e Marcial Francisco del Adalid. Outros civís implicados na trama foron o zapateiro Manuel Álvarez e os impresores Soto e Iguereta, de cuios talleres saíron os bandos e proclamas que circularon con profusión eses días. Sebastián Iguereta pertenceu, además, á Logia Constitucional de la Reunión Española[38] e tamén tomou parte nos sucesos de 1820 na Coruña. Pero unha gran parte da poboación mostrouse pouco afecta co movemento. Aínda así, este pronunciamento foi o primeiro dos numerosos que tiveron lugar no reinado de Fenando VII en contar cun importante respaldo civil[39].

O EXILIO

Da longa etapa do exilio español, que se extende desde o final da guerra de Independencia ata a amnistía de 1832, apenas interrumpido polo breve paréntese do Trienio Liberal (1820-1823), a primeira parte, a que comeza coa marcha dos afrancesados en 1813 e conclúe co movemento revolucionario de 1820, é a menos coñecida[40].

Despois de 1813, cando os afrancesados emprenden o camiño do desterro, comeza un novo éxodo con motivo dos Decretos de Valencia (maio de 1814) e o restablecemen-

36. BARTHÉLEMY, R., *El Marquesito*... A.G.M. Causa de Porlier. Sentencia de ramificaciones, op. cit.

37. VEGA MARTÍNEZ, Juana de, Condesa de Espoz y Mina, (1805-1872), *Los Vega: memorias íntimas de Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina (Coruña, 1805-1872),* op. cit.

38. VALÍN, A., *Galicia y la masonería en el siglo XIX*, op. cit.

39. GÓNZÁLEZ LÓPEZ, E., *Entre el Antiguo y el Nuevo Régimen: Absolutistas y Liberales. El reinado de Fernando XII en Galicia.* Sada, 1981, segundo (p. 55) Comellas foron 25 os comerciantes encausados

40. LLORÉNS, V., *Liberales y románticos. Una emigración española en Inglaterra, 1823-1834*, Madrid, 1968

to do absolutismo. Os pronunciamentos fracasados que sucederon nos anos seguintes (Mina, Porlier, Lacy, Van Halen, Vidal) alimentaron o fluxo de refuxiados.

Londres e Paris son os dous centros sobre os que gravitou a emigración española. O novo escenario europeo tralo do Congreso de Viena, logo da derrota definitiva de Napoleón en Waterloo, ven marcado polo desexo das grandes potencias de inmunizar a Europa fronte á ameaza dunha nova revolución.

Nestas circunstancias Inglaterra, reacia polo demáis á política da Santa Alianza, mostrouse disposta a acoller aos liberais españois, como demostra a protección que figuras de primeira fila como Lord Wellington ou Lord Holland dispensaron aos seus antigos aliados. Esta actitude diplomática do goberno inglés tornouse en franca simpatía en amplos sectores da sociedade inglesa: desde intelectuais como Shelley, Southey ou Tennyson ata líderes radicais como John Cartwright, situados na á esquerda do partido *whig*[41].

Peiraos de Londres a principios do século XIX

Andrés Rojo alternou as súas estancias no exilio entre Londres e Paris. A elección de Londres veu determinada, fundamentalmente, pola presencia do seu curmán Juan de Dios Rojo, que desde 1813 está ao fronte da filial inglesa da firma familiar.

41. O político inglés mantivo correspondencia co xeneral Mina e Juana de la Vega durante o seu exilio en Inglaterra.

En Inglaterra Andrés Rojo non debeu padecer os rigores do desterro que sofriron moitos dos seus compatriotas, na súa maioría concentrados no barrio londinense de Somers Town[42], humilde arrabal do norte da cidade, no entorno da igrexa de San Pancracio, que no pasado fora ocupado polos refuxiados franceses que fuxían da Revolución e que a partir deste momento comezará a poboarse de españois que sobrevivían das máis curiosas ocupacións[43].

Na época do exilio londinense[44] Andrés Rojo seguiu adicándose, como Pedro del Llano, a actividades comerciais. Houbo un pequeno grupo de emigrados, como Istúriz, Bertrán de Lis ou Mendizábal que proseguiron cos seus negocios durante o exilio e que viviron cómodamente gracias aos fondos depositados en bancos británicos[45] cos que financiaron as aventuras políticas dos emigrados, como as expedicións frustradas de Mina ou Torrijos.

Andrés Rojo chega a París en 1819, segundo se desprende da Causa Porlier[46]. Alí frecuenta a casa do conde de Toreno, con quen poido coincidir en Londres. José María Queipo de Llano y Ruiz de Saravia, VII Conde de Toreno, era o irmán de Josefa Queipo. Exiliado desde 1814 en Londres, foi perseguido por complicidade no pronunciamento do seu cuñado Porlier, razón pola cal tamén sufriu o embargo do seus bens e estivo dous meses preso en Francia. Toreno, que ocupou a presidencia das Cortes de Cádiz, xa estivera en Londres en 1808 en representación da Xunta Xeral do Principado de Asturias para conseguir o apoio británico na guerra contra os franceses. No desterro, familiarizado co modelo parlamentario británico e as novas correntes do liberalismo representadas por Jeremías Bentham e Benjamin Constant, Toreno foi evolucionando desde un liberalismo radical ata posicións máis moderadas.

Posteriormente trasladouse a Francia. A súa residencia en Paris reunía aos máis ilustres exiliados españoles en Francia. Por aquí pasou Manuel Pardo de Andrade, cuia soledade no exilio debeu atenuar a aventura romática coa cantante Theresa de Hardy[47], e o xeneral Francisco Espoz y Mina, que vivía na Champagne desde o frustado levantamento de 1814 e que en Francia, coincidindo co fugaz regreso de Napoleón da illa de Elba, pretendeu

42. LLORÉNS, V., *Románticos e liberales*, op. cit. Blanco White describe as penosas condicións nas que viviron os emigrados: *"vivían como gitanos en Somers Town, en casas medio derruidas, sin más que los indispensables utensilios de cocina, casi sin sillas..."*

43. LLORÉNS, V., op. cit.

44. BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *O liberalismo coruñés: a segunda xeración (1823-1846), Discurso lido na recepción pública do 14 de febreiro de 1997 e resposta de Don Xesús Alonso Montero.* Erróneamente Barreiro volve a situar a Andrés Rojo en Londres despois de 1820, cando éste estaba preso en Cádiz.

45. LLORÉNS, V., op. cit.

46. BARTHÉLEMY, R., op. cit. *"Este comerciante se fugó, y se halla en el dia en Londres"*

47. COUCEIRO FREIJOMIL, A., *Diccionario bio-bibliográfico de escritores,* op. cit.

recabar o apoio do emperador para reclutar un exército e restablecer en España a Constitución, repoñendo no trono ao monarca Carlos IV. Fracasadas as súas esperanzas trala derrota de Napoleón en Waterloo, Mina pasou a Suiza e a Bélxica para volver novamente a Francia onde, no círculo de emigrados que se movían en torno a Toreno, coñece a Andrés Rojo[48]. O feito de que tanto o conde de Toreno como Francisco Espoz fosen sinalados por Alcalá Galiano como masóns, reforza aínda máis a conexión de Rojo coa Masonería[49].

Mentres en España se desenvolvían sen éxito diversas tramas conspirativas, en Francia o xeneral Mina intenta coordenar os esforzos dos emigrados contra o réxime e pon en marcha un servizo de información para manterse en permanente contacto coa resistencia interior. Pero as súas actividades non pasaban desapercibidas aos ollos da policía francesa e os axentes españois, que eran informados a través de consulados e embaixadas.

> *"Muy solícitas andaban en este tiempo las policías española y francesa para averiguar la trama que en su concepto se urdía para revolucionar la España, y estaban en continuas comunicaciones muy reservadas, y recíprocamente se transmitían noticias el embajador español en París, conde de Peralada, y el cónsul en Bayona, don José Antonio de Iparraguirre"*[50].

Que Andrés Rojo se asociou cos plans de Mina sabémolo polas memorias do xeneral, onde aparece incluído na lista de sospeitosos elaborada pola policía, xunto a Juan Manuel Regato, o coronel Asura, Manuel Castrillo –colaborador de Porlier-, o mariscal de campo Virués, un tal Martínez, antigo expatriado en 1793 por xacobino, Alberto Lista e outros.

> *"Me suponían a la cabeza de la conspiración, me asociaban en ella sugetos que ni conocía siquiera; otros sí que estaban en mi cuerda. Véase los nombres y notas de algunas de las personas que marcaban en sus correspondencias todos los dichos señores, y de las cuales desconocía algunas"*[51].

O movemento revolucionario iniciado en xaneiro de 1820 por las tropas acantonadas en Cabezas de San Juan (Sevilla), baixo a dirección do coronel Riego e o xeneral

48. VEGA MARTÍNEZ, Juana de, Condesa de Espoz y Mina, (1805-1872), *Los Vega: memorias íntimas de Juana de Vega, Condesa de Espoz y Mina,* op. cit. *"En esta última capital y en casa del conde de Toreno lo había conocido Mina, y sus relaciones eran, desde aquella época, de intimidad y confianza",* pax. 36

49. ARTOLA, M., *La España de Fernando VII. Historia de España dirigida porR. Menéndez Pidal,* vol. XXVI, Madrid, 1968. Alcalá Galiano refírese a Toreno como un dos membros mais conspicuos da masonería nos meses anteriores á reunión de Cortes

50. *Memorias del General D. Francisco Espoz y Mina,* T.II., Madrid, 1851 pax. 228. As memorias foron moi probablemente escritas pola súa muller, Juana de Vega.

51. *Memorias del General D. Francisco Espoz y Mina*, op.cit, pax. 229

Quiroga, acelerou os preparativos de Mina en Francia e o día 23 de febreiro atravesou a fronteira para apoiar o pronunciamento de Riego desde o norte. Dadas as escasas forzas coas que contaba, experto estratega formado na guerra de guerrillas, Mina mantívose á espera da chegada de reforzos nos caseríos da montaña. Entre aqueles que se atoparon con él naquelas xornadas estaban os militares Jose María Peón e Antonio Peón, que cinco anos antes apoiaran a intentona de Porlier, e Andrés Rojo[52]. O 9 de marzo, un día antes de que Fernando VII fixera público o famoso manifesto ("Marchemos francamente…") o xeneral proclamaba a Constitución na vila de Santiesteban.

Na Coruña, o coronel Féliz Álvarez Acevedo encabeza a sublevación que o 21 de febreiro destitúe ao Capitán Xeral, o marqués de la Reunión. En poucos días o movemento espállase polas máis importantes cidades da orla marítima. Non ocurriu o mesmo nas cidades episcopais[53]. O levantamento contou co financiamento de sectores da burguesía coruñesa e o respaldo popular nas rúas. Entre os nove membros da Xunta Superior de Goberno instituída nas xornadas seguintes figuran dous burgueses: o comerciante Pedro Agar, que a presidiu, e Juan Antonio de Vega.

A ESTANCIA DE ROJO EN MADRID

A caída do réxime absolutista convertiu a capital nun fervedoiro político. A axitación que se vivían nas rúas, que tan ben soubo recoller Alcalá Galiano nas páxinas das súas *"Memorias"*[54], era animada por unha prensa política, en ocasións tremendamente mordaz, que tivo en *"El Zurriago"*, portavoz do liberalismo exaltado, o seu mellor expoñente. Frecuentaban as animadas tertulias madrileñas os Muñoz Torrero –preso ata hai pouco no mosteiro padronés de Herbón, de onde saiu para incorporarse á Xunta de Goberno de Galicia-, Flórez Estrada, Calatrava, Alcalá Galiano, Martínez de la Rosa, o Conde de Toreno, Romero Alpuente, etc.

Es una torre de planta cuadrada de sillería, con aljibe, coronada por un parapeto almenado con matacanes. Constituía el núcleo domestico y defensivo de gran altura, que a la vez servía de vigía -desde donde se domina un extenso territorio-, puesto de mando y último reducto defensivo. Era pieza clave y llave para reforzar su aislamiento con independencia logística y táctica, de una defensa compartimentada, tan usada en las fortificaciones medievales. Con robustos muros de sillería de dos metros de espesor, diez de lado y veinte de altura, abre una única entrada de acceso a la altura del primer piso. Para acce-

10. De MORA Y FIGUEROA, Luis, *Glosario de Arquitectura Defensiva Medieval*. Universidad de Cádiz.

der a ella se empleaban varios métodos, como el puente levadizo, que es el más probable en este caso, que permitía o impedía el paso desde el adarve de la muralla. Era habitual la escalera retráctil y puerta, que se retiraba y cerraba, respectivamente una vez entraban los defensores en la torre, desde donde se podía mantener a raya por largo tiempo a los atacantes que lograran penetrar en el recinto.

La coronación con parapeto que en su día tuvo, está en su mayor parte desmochada[11], aunque por suerte queda en pie una pequeña parte que sirve como testigo de su antigua figura. El deterioro producido por las inclemencias del tiempo[12] o fruto de las revueltas Irmandiñas[13], tal como nos cuenta Don Andrés Avelino Comerma y Batalla en la página 13 de *"Los Castillos feudales de Moeche, Narahío y Andrade" (...): "los hermandinos, armados con palos, chuzos y hoces, iniciaron su movimiento revolucionario en el mismo año de 1432 dirigiéndose al castillo de Moeche, donde con su familia y su mesnada se hallaba Don Nuño. A la noticia de la aproximación de tantos hombres resuelto a todo, se apresuró a abandonar su morada, no tardando los hermandinos en llegar y ocuparlo. Al encontrar la jaula vacía y después de destruir cuanto pudieron, continuaron persiguiendo al tirano hasta desalojarlo del castillo de Andrade, en Puentedeume, que también fue incendiado y arruinado en parte"*.

La torre con su patio están rodeados de un grueso muro de sillería, que los cierra a modo de barbacana adaptándose al terreno y los defiende, en especial el acceso a la torre del homenaje. Este muro, está cortado por ventanas en la parte habitable, saeteras y puerta de entrada al patio, dotado por torres cuadradas más altas que dominan el flanqueo de las cortinas y parapeto almenado para la defensa frontal del conjunto. Este muro hoy se encuentra sin parapeto y con muestras evidentes de su reparación en buena parte de él, en el año 1929[14] (en el año 1828, Miñano en su diccionario comenta de dicho muro "de la cual queda ya muy poco"). Por la parte interior de dicho muro, tenía adosadas varias construcciones de planta baja y alto. En la baja, se alojaban las caballerías junto con otros servicios y en la alta alojamientos para personal, sobretodo, en tiempo de paz, pues era más cómodo y funcional para habitar, que la torre.

11. Despeñado de su parapeto y matacanes.

12. El diccionario geográfico estadístico de España y Portugal, en la voz Puentedeume dice "(…) "dos rayos han causado algún destrozo en las almenas del Sur, y en el esquinazo del norte" [de la torre] (…)

13. Ver *Las fortalezas de la Mitra Compostelana y los Irmandiños. Pleito tabora – Fonseca*. Por Ángel RODRÍGUEZ GONZÁLEZ.

14. El Imparcial (periódico madrileño) edición del 27-2-1929, página 4 dice: En Puentedeume, bajo la dirección del arquitecto coruñes Sr. Tenreiro, se está reedificando el histórico castillo de Andrade, que actualmente es propiedad del duque de Alba.
El ayuntamiento gestionará que se construya una carretera hasta el lugar en que se halla emplazado el monumento para que pueda ser visitado por los turistas – Urias.



Foto 9: Dibujo ideal en 3D, de la distribución interior

El espacio dedicado a patio debía ser muy reducido, en él se reunía la fuerza, criados y se realizaban algunas labores domésticas.

Al estudiar la torre se puede ver, que cada una de sus esquinas coincide con un punto cardinal (N. S. E. O.), comentándolo con mi amigo Javier Montero, el llegó a la conclusión de que esta torre además de su función defensiva, también tenía la de reloj[15].



Foto 10: Plano de la torre, situando el sol en los meses de los equinoccios en el hemisferio Norte. Javier Montero

15. Javier Montero, en estos momentos está realizando un trabajo sobre el tema, que pronto veremos publicado.

SAETERA

Es un hueco alto y angosto, con abocinamiento interior, abierto en los muros para poder disparar con arcos y ballestas.

En este castillo, de gruesos muros en la torre del homenaje, se abría en el macizo este espacio abovedado, para la maniobra del tirador, a modo de nicho, encontrando dos tipos, en cuanto a la amplitud y comodidad de su parte interna: uno sencillo, con abocinamiento en el muro sin más; y la otra, más sofisticada, más amplia de espacio y bancos laterales, que permitía largas estancias de vigilancia, con cierta comodidad, (como puede verse en las fotografías Nº 11 y 12) desde donde el arquero o ballestero podía descubrir la proximidad de un enemigo, y acercarse al paramento exterior para dar más campo de tiro a la saetera y más comodidad al tirador, dando una ambivalencia doméstica y defensiva, ventana/saetera.

Foto 11: Aspillera con bancos. Foto José López Hermida.

Foto 12: Aspillera sin bancos. Foto José López Hermida.



Fig. 69.- Restitución de una cámara de tiro neurobalístico hacia 1400, parcialmente basada en las existentes en la planta alta de la torre de Lopera (Utrera, Sevilla).

Foto 13: Ballestero vigilando. De MORA Y FIGUEROA Luis. *Glosario de Arquitectura Defensiva Medieval*. Universidad de Cádiz

MATACÁN

Es una especie de balcón saliente y volado en lo más alto de la torre o muralla, que deja un espacio libre y protegido a la altura del suelo, que le permite ver el pié de la muralla y dominar, vigilar y batir al enemigo que se aproxime con cualquier propósito hostil, sin peligro para el defensor. En este castillo se pueden ver en el lado Oeste de la torre del homenaje, foto Nº 14.

Foto 14: Matacanes que se conservan en el castillo. Foto José López Hermida

ALJIBE

Es un depósito subterráneo donde se recoge el agua de lluvia o de manantial. Se le llama también cisterna.

En la planta baja de la torre del homenaje se solía colocar la cisterna. Este castillo además contaba con cisterna-pozo en el patio de armas y en la actualidad se puede ver un mal conservado brocal. Exteriormente, a la altura del primer piso, tiene la torre una especie de cordón que la rodea por tres caras, este cordón contiene una canal con cierta incli-

nación hacia un caño que comunica con el interior del aljibe; este canal recoge el agua de lluvia que resbala por la pared de la torre, conduciéndola al aljibe Al tapar este caño, se desvía el agua a la cisterna-pozo del patio, conducida por una tubería labrada en la piedra.

Foto 15: Conducción del agua y boca de la cisterna. Foto J.L.H.

Foto 16: Canal por donde se recogía el agua. Foto J.L.H

PUERTA

En este caso era la principal y única para acceder al interior del castillo, encima de ella se conserva el escudo de armas de los Andrade. Este era el punto más vulnerable para la defensa del castillo. Teóricamente debía de estar precedida de antepuerta, foso, salvado por puente levadizo, rastrillo, puerta de madera interiormente reforzada con alamudes y blindada por su exterior, dominada por torres desde sus costados y buzones matafuegos, etc., en su parte superior.

No siempre aparecen todos los elementos citados, en este caso no podemos asegurar que el castillo de Nogueirosa contase con: puente levadizo, antepuerta y puerta blindada, unos por falta de un estudio arqueológico y otros por estar desaparecidos; pero si podemos decir que contó en su día con rastrillo y dos alamudes[16], pues se conservan los canales por donde se desplazaban o guiaban.

16. Viga de madera o hierro que cruzada y encastrada en la cara interna de la puerta, aumenta su resistencia al forzamiento.

Foto 17: Puerta vista desde fuera. Foto J.L.H

Foto 18: Puerta vista desde dentro. Foto J.L.H



Fig. 31.- Castillo de Arcos de la Frontera (Cádiz). Puertas en el acceso oriental, labrada hacia 1485, y que se bloqueaba con dos alamudes superpuestos.

Foto 19: Puerta vista desde el interior, con dos alamudes, como este castillo. Sacado de De MORA Y FIGUEROA, Luis, *Glosario de Arquitectura Defensiva Medieval.* Universidad de Cádiz.

Foto 20: Alojamientos por donde corren los alamares, que impiden la apertura de la puerta por el ariete. Foto J.L.H

PEINE O RASTRILLO

Compuerta formada por una pesada reja de hierro o madera, de fuerte resistencia, para reforzar la puerta bloqueando la entrada del castillo en caso de un asalto de la puerta por sorpresa.

Foto 21: Canal por donde corría el rastrillo. Foto J.L.H.



Fig. 201.- Restitución del esquema de funcionamiento de un rastrillo, con torno y contrapeso para su elevación y frenado en el descenso.

Foto 22: Rastrillo sacado De MORA Y FIGUEROA Luis. *Glosario de Arquitectura Defensiva Medieval*. Universidad de Cádiz.

Se deslizaba por las ranuras o mortajas practicada en los muros laterales y se recogía subiéndola por medio de cuerdas o cadenas, que permitían su izado para franquear el paso o dejarlo caer para cerrarlo. En la parte inferior terminaba en puntas, en forma de rastrillo, de ahí su nombre.

TORRES O CUBOS

Cuando los muros tenían cierta altura, a su frente había un espacio (ángulo muerto), en el que la defensa era poco eficaz; esta observación produjo la necesidad de flanquear todo el perímetro, lo que se consiguió con la torre, que se eleva sobre la muralla y la domina.

Foto 23: Torres defensivas para flanqueo de la puerta y cortina. Foto J.L.H.

El abandono de la fortaleza como tal, fue propiciado por el final de las guerras feudales y el aumento del poder real, que da paso de la fortaleza militar a la comodidad de la mansión residencial del señor.

FOSO

Es una excavación profunda que rodea una fortificación. También se le llama cárcava y cava. Es una disposición defensiva u obstáculo de los más primitivos. Podía estar lleno de agua o seco, el último caso es el de este castillo, en algunos puntos se conserva la contra escarpa revestida de muro.

Foto 24: Foso del castillo. Foto J.L.H.

Foto 25: Vista del castillo desde el S. Foto J.L.H.

NOTA: Tanto en la documentación consultada, como en conversaciones mantenidas con cierto número de personas, el nombre del castillo varia: Castillo de Nogueirosa, Castillo de Andrade, etc. y sobre todo, cuando se dice castillo de Andrade, se confunde con el torreón, situado en la zona urbana de Puentedeume.

O CÓLERA DE 1854-55 EN PONTEDEUME*

Juan Carlos Vázquez Arias

INTRODUCIÓN

1.1 Definición

O cólera é unha enfermidade diarreica aguda producida por un bacilo gramnegativo, o *vibrio cholerae*, que produce un cadro de deshidratación gravísimo, o cal, se non é corrixido, pode levar á morte o paciente en cuestión de horas.

A enfermidade preséntase en forma de epidemias locais ou pandemias mundiais das que, dende 1817, se contabilizaron sete, catro delas afectando a Europa no século XIX.

A transmisión prodúcese a través da contaminación fecal da auga a partir dunha persoa infectada, aínda que está documentada a transmisión directa man-boca a través de vestidos, alimentos, dexeccións de enfermos, etc.

O tratamento actual está baseado na reposición rápida, por vía intravenosa, de líquidos e electrólitos; e en canto á prevención, recoméndase o abastecemento de auga potábel, as instalacións hixiénico-sanitarias para o manexo de enfermos e a eliminación das feces e o estabelecemento de normas hixiénicas para os alimentos[1].

1.2 Investigación médica

Dende a primeira epidemia colérica (1831-32), existiu unha grande influencia en contra das medidas contaxionistas. Non esquezamos que a causa da enfermidade era descoñecida até o descubrimento do microorganismo colérico por Roberto Koch en 1884. Até entón, a opinión de maior certeza acerca da etioloxía do cólera era a do profesor

* Este traballo terá unha continuación que abordará a asistencia sanitaria e a beneficencia desenvolvidas en Pontedeume para combatir a epidemia.

1. Ver: SORIANO PALAO, J.: *Sanidad, salud y cambio demográfico en Yecla 1852-1930*, (2000).

alemán Max Pettenkofer, quen dicía que este padecemento non era contaxioso nin miasmático, aducindo que debía existir unha *"predisposición individual xunto con malos hábitos alimenticios"*.

Intentar caracterizar o cólera como un problema epidémico-contaxioso foi duramente criticado, xa que as leis das enfermidades epidémicas e as contaxiosas eran diferentes. Os conceptos "epidemia" e "contaxio" válidos nesa época eran os seguintes:

Epidemia significaba que a atmosfera do lugar podía cargarse dunha miasma mórbida pola cal enfermidades específicas chegaban ao home san; *Contaxio (ou infección)* referíase a unha enfermidade que podía ser comunicada dunha persoa enferma a outra sa polo contacto entre elas.

A pregunta crucial para os estudos do problema era decidir en que termo encaixaba o cólera, ou se se podía considerar unha enfermidade epidémico-contaxiosa[2].

1.3 O cólera no mundo

Cada época, podemos dicir, tivo a súa epidemia. Se dende a Antigüidade e até o século XVIII a calamidade máis mortífera foi a peste negra, nesta centuria será a varíola a que tome o relevo, e no XIX será substituída polo cólera.

O avance das comunicacións e o incremento dos desprazamentos a longas distancias que o colonialismo decimonónico produciu (tropas, comerciantes, viaxeiros), facilitou a expansión mundial, por primeira vez, dunha enfermidade (pandemia)[3]. Estas foron as principais:

2. Dentro dos numerosos intentos por comprender a causa desta enfermidade, chama a atención polo orixinal o caso do Dr. Nicasio Landa, médico oficial da epidemia do cólera de 1854-55 en Navarra, o cal móstrase como un adiantado nos estudos epidemiolóxicos en España ao trazar a topografía médica ou patoloxía xeográfica do cólera por provincias. Para iso, calcula as taxas de incidencia (*"proporción milesimal de invadidos"*) e as taxas de letalidade (*"proporción milesimal de mortos"*), utilizando os datos oficiais de enfermos e falecidos na citada epidemia.
   Ademais de trazar o mapa epidemiolóxico, e dentro dunha concepción infeccionista, formula unha asociación do cólera coa constitución xeolóxica do terreo, para poder explicar a anómala distribución da enfermidade (a cal, por certo, se repetiu nas epidemias de 1885 e de 1971). O seu estudo titúlase *Memoria sobre la relación que ha existido entre la constitución geológica del terreno y el desarrollo del cólera morbo en España*, e foi feito público en 1861.
   Na devandita obra, o Dr. Landa chega á seguinte conclusión: *"En la mayor parte de las provincias de España ha estado la malignidad (letalidad) del cólera en razón inversa de la intensidad* (nº de casos de enfermos). (...) *Los puntos donde más se ha ensañado el cólera corresponden a aquellos en que fue menor su extensión, como es el caso de Galicia"* (asociado, por certo, á abundancia de rochas plutónicas).

3. O *Vibrio cholerae* pode vivir varios días en tanques de auga como os que se levan a bordo dun buque ou transporte ferroviario, e até dúas semanas na auga morna da xiba dun camelo que transporta mercancías, por exemplo, de Afganistán a Rusia, ou ben a Persia e Iraq. Esta foi a ruta que seguiu o cólera cando saíu da India cara a puntos do norte na década de 1820, como veremos a seguir. Durante períodos variábeis de tempo o vibrión tamén pode vivir no intestino dun portador humano asintomático pero que excreta feces infectadas. Así se explica a existencia actual de zonas endémicas desta enfermidade, como a India.O movemento do cólera explícase porque segue liñas terrestres de comunicacións humanas (estradas e sendeiros). Tamén segue canles de auga que se poden usar como fontes de auga potábel e conteñen excrementos humanos. Estas fontes inclúen canles, gabias de desaugadoiro, ríos e portos, canalizacións de auga, estanques e pozos. WATTS, S., *Epidemias y poder* (2000), p. 235.

+ Primeira pandemia. Entre 1817 e 1838. Dende a súa aparición na India, no delta do Ganxes (de aí a denominación de c. morbo *asiático*), o cólera avanzou de oriente a occidente, para se estender ao resto do mundo. Na súa diseminación inicial, os ríos servíronlle de condutos propagadores e as súas características foron a progresión e mudanza de lugar.

No seu lugar de orixe, o *cólera morbo* cobrouse en menos dunha semana 20.000 vidas. Dende 1819, expándese por Birmania e Siam, e ao ano seguinte ataca o sueste asiático e China, alcanzando Xapón en 1822. Por medio do desprazamento de militares británicos, chega a Arabia, Irán, Iraq e Siria nese mesmo ano.

+ A segunda pandemia. Parece ser que se orixinou en China en 1826, para despois internarse en Mongolia e, de alí, atravesar Rusia e chegar até Moscova en 1829; dous anos despois afectaba varios países de Europa: Finlandia, Polonia, Austria, Hungría, ...

En 1832 chegou a Irlanda, Francia, Bélxica e Holanda. Atravesou o Atlántico, alcanzando América por primeira vez (Canadá, EE.UU. e México en 1833).

En Europa, afectou ao Mediterráneo: Portugal, España e países limítrofes de África. Aínda que diminuíu en 1834, un ano despois rexorde, afectando até 1837 o norte de África e Centroeuropa.

Nos anos seguintes non haberá máis epidemias pero si casos esporádicos, como en 1848, en España, Inglaterra, Exipto, EE.UU., Colombia e Ecuador, entre outros.

+ A terceira pandemia. Tivo a súa orixe nun brote acontecido na India en 1852, dende onde se dirixiu a Persia e Mesopotamia, afectando a China, Xapón e leste de África o 54, alcanzando mesmo ao continente americano. De Europa, só a Península Ibérica se verá afectada en 1854-55, como veremos con detalle, ao ser o obxecto central deste traballo.

+ A cuarta pandemia. Iníciase en 1863 e dura até 1875. Dende a India é transportada por peregrinos até Arabia (A Meca), e de alí a outros puntos de Oriente Próximo. Polo Mediterráneo chega a España e a case toda Europa Occidental, así como a Rusia.

Durante o período 1865-1870, o cólera presentouse en todo o continente americano.

+ A quinta pandemia. Fixo a súa aparición en 1881 e rematou en 1896, aínda que fixo menos estragos que as súas predecesoras. Tivo unha orixe e difusión idéntica á anterior. En Europa permaneceu confinada a Francia, Italia e España. En 1887 chega a América e en 1892 volve afectar a Europa, África e sueste asiático.

+ A sexta pandemia. Iniciouse en 1899 outra vez na India, chegando a Oriente Próximo en 1903 e ao Mar Negro. Durante a I Guerra Mundial o cólera presentouse de novo, recruándose en 1921. Pero a partir de 1923, retirouse ao seu lugar de orixe: o delta do Ganxes, agás un rebrote nos anos corenta en China, Indonesia e Exipto.

+ A sétima pandemia. Deu inicio en 1961 en Indonesia, estendéndose ao subcontinente indio e a Oriente Próximo. Chegou en 1970 a África (Nixeria) e de alí trasladouse aos países do Mediterráneo, co que Europa padeceu novas epidemias, aínda que limitadas a dous países: España en 1971 e Italia en 1973.

+ Últimas epidemias.

En 1991, en Latinoamérica, tendo a súa orixe en Perú.

En 1992, volveu aparecer na India e Bangladesh, e de alí a outras partes do sueste asiático.

1.4 O cólera en España

Ao longo do século XIX en catro ocasións visitaría esta praga o territorio español.

+ Primeira *invasión*: 1833-1835

Co resultado de preto de 500.000 *atacados* e máis de 100.000 mortos, segundo estimacións da época[4], aínda que a maioría dos autores cren que o número real foi bastante superior. A enfermidade entrou en 1833 na península a través de Portugal e estendeuse por Galicia (dende Vigo) e Estremadura[5]. Dende alí estendeuse por toda España o ano seguinte polas tropas isabelinas que foron sufocar a insurrección carlista de Vascongadas e Navarra[6].

+ Segunda *invasión*: 1853-1856

Outra vez Vigo é a porta de entrada da enfermidade, cun segundo foco en 1854 dende Marsella a Barcelona, con difusión posterior ao longo do litoral mediterráneo. Como sucedera vinte anos antes, os desprazamentos de tropas contribuíron a difundir o cólera: nesta ocasión foi o pronunciamento de O´Donnell de 1854 (que abre o Bienio

4. GONZÁLEZ DE SAMANO, M., na súa *Monografía histórica del cólera morbo asiático* (1860), ofrece os datos seguintes:
-Pobos invadidos: 1.394
-1ª provincia: Huelva (9-VIII-1833)
-Duración: 1 ano, 5 meses, 22 días
-Acometidos: 449.264
-Falecidos: 102.511

5. NADAL, J.: *La población española, siglos XVI a XX* (1983).

6. Unha anécdota tráxica desta enfermidade é que se chegou a acusar os relixiosos de envelenar as augas, provocando matanzas de frades como a acontecida en Madrid o 17 de xullo de 1834, perecendo 65 xesuítas en dous conventos atacados polas masas. As persecucións de monxes estendéronse por Cataluña, Valencia e outras localidades, como se fai eco Benito Pérez Galdós en *Un faccioso más y algunos friles menos* (1893). Recollido por M. e J. L. Peset en *Muerte en España*, (1972).

Progresista) o que aumentou o ritmo veloz da epidemia, ao concentrar un exército en Andalucía a finais de setembro.

Os datos oficiais falan de 829.189 *invadidos* e 236.744 mortos, o que supuxo unha letalidade do 28% dos enfermos e unhas perdas do 15‰ da poboación española da época[7]. En opinión de Pérez Moreda, esta segunda invasión é a única do século en que, dada a súa gravidade, pode falarse dunha crise xeral de mortalidade, xa que se elevou nun 50% a taxa de mortalidade media de eses anos[8].

O centro-norte da península foi a área máis castigada, sen que se librase ningunha provincia española en 1855[9]. O ano seguinte aínda persistiu o mal en Andalucía[10].

Houbo outro brote de menor intensidade en 1859-60 (17.000 invadidos e case 7.000 mortos: o 39%) e afectou só a Andalucía, Valencia, Murcia e Castela-A Mancha.

+ Terceira *invasión*: 1865. Foi a menos mortífera do século, pois *só* se contabilizaron 59.000 mortos, que supoñían unha letalidade do 3% da poboación. Chegou a Valencia procedente de Marsella (outra vez), afectando sobre todo aquela provincia, pero tamén a 30 máis.

+ A última grande epidemia de 1884-85. Saldouse con 120.254 falecidos, dun total de 340.000 *invadidos* (35% de letalidade), co que a poboación do país diminuíu nun 7‰. Nesta ocasión, a enfermidade concentrouse en dúas zonas a ambos os dous lados do Sistema Ibérico: Navarra, Aragón, Murcia, Granada e Valencia, sendo nesta provincia onde houbo maior mortaldade (20.000)[11].

7. GONZÁLEZ DE SAMANO, M., op. cit., resume o efecto da enfermidade así:
   -Pobos invadidos: 4.373
   -1ª provincia: Pontevedra, 19-II-1853
   -Última Prov.: Palencia
   -Duración: 2 anos, 3 meses, 20 días
   -Acometidos: 769.667
   -Falecidos: 194.792

8. PÉREZ MOREDA,V. (1980).

9. Será a incidencia desta epidemia en Pontedeume o obxecto principal deste traballo.

10. PESET, M. e J.L. (1972).

11. J. NADAL na súa obra clásica *La población española del siglo XVI al XX* realiza a seguinte estatística:
   Afectados do cólera durante o século XIX:

Anos	*Atacados*	Mortos	Letalidade
1833-35	449.264	102.511	22%
1853-56	829.189	236.744	28%
1865	-	59.612	-
1885	340.000	120.254	35%
TOTAL	-	519.121	-

   Para as dúas primeiras epidemias, baséase nos datos de GLEZ. DE SAMANO, M. (op. cit.), e para a de 1865 utiliza os cálculos de SÁNCHEZ ALBORNOZ, N. (1963). De 1885 xa existen fiábeis estatísticas oficiais.

1.5 O cólera en Galicia[12]

+Epidemia de 1833-34

A súa propagación foi descrita polo médico de Vigo, D. Nicolás *Taboada Leal* no seu "Informe sobre el cólera morbo asiático" *na Revista Médica, Períodico de la Emulación* de Santiago, no nº 25 correspondente ao ano 1849: *"Llegó de Asia Central (1831) a Europa y a Galicia, a partir de Portugal (Oporto) por un barco inglés con soldados belgas contagiados en 1833. Ese mismo año, ese barco llega a las Cíes, contagiando a la población costera gallega. El primer caso aparece en Vigo el 19 de enero. En 1834 entra en Lugo, aunque parece ser que procede de Castilla. Se construyen lazaretos en As Nogais, Salvaterra y en los puertos de Vigo y Marín"*[13]

+ Epidemia de 1853-55

Como xa temos visto nun traballo anterior[14], era constante no chamado "ciclo demográfico antigo" a sucesión: malas colleitas - fame - epidemia.

Así, primeiro foi a fame (a partir de 1852, pola perda das colleitas[15]), logo viñeron as febres tifoides no verán de 1853[16] e finalmente, no inverno dese mesmo ano, o cólera. Esta será, con diferenza, a epidemia máis grave de todas.

No mes de novembro, un barco de guerra chamado *Isabel a Católica* chega a Vigo. Tres mariñeiros enfermos son conducidos ao lazareto da Illa de San Simón. O cólera propagouse con rapidez e en decembro chega a Tui e Pontevedra.

Durante o inverno de 1854 tranquilizouse, pero o 6 de maio unha fragata con enfermos debeu ser ancorada novamente no lazareto, o cal volveu a mostrarse ineficaz, provocando o contaxio á zona[17].

12. Ver: BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Galicia*, Edicións Hércules, S.A., (1991).

13. Xa nesta ocasión destacará a actuación do eminente Dr. D. José Varela de Montes, como veremos en 1854.

14. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Análise demográfica de Pontedeume a través do seu arquivo municipal (1835-1870)", en revista *Cátedra*, nº 13, (2006).

15. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "A fame de 1853 en Pontedeume", en revista *Cátedra*, nº 15, 2008.

16. Ver: CARRO OUTEIRO, J. e FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., "A epidemia de "tifo", de 1853, en Betanzos", en *Anuario Brigantino*, nº 12 (1989).

17. Despois de sufrir A Coruña a epidemia de cólera en novembro de 1854 (como veremos máis adiante), a Xunta municipal de Sanidade e Beneficencia desta pregara á corporación *"que poniéndose de acuerdo con los ayuntamientos de las capitales de provincia de Galicia solicite del Gobierno Supremo de la Nación la supresión del lazareto de San Simón o de Vigo como origen de la fatal invasión del cólera morbo"*. Posteriormente, recíbense as adhesións dos concellos de Ferrol, Avilés e Pontedeume. Todo iso consta nas actas de sesións do Arquivo Municipal da Coruña, e é recollido por Mª. X. Rodriguez Galdo e F. Dopico en "Pensamiento médico y actitudes sociales ante el cólera de 1853-56", en *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX*, (1981).

Non obstante, as autoridades de Vigo negan a orixe colérica da doenza para non prexudicar a cidade. Intereses políticos e localistas actuaron en forma moi negativa, ocasionando unha dura e agre polémica sobre a enfermidade que un amplo sector médico se negaba a admitir que se tratase do cólera, alegando que se trataba dunha *"enfermidade das ostras"*, debido á inxesta de alimentos de mala calidade[18].

Ás autoridades políticas non lles agradaba recoñecer o seu carácter colérico debido ás consecuencias políticas que implicaba: desatención sanitaria e hixiénica, necesidade de recursos para o cuidado e hospitalización e, sobre todo, declarar en corentena portos e zonas de Galicia. Mentres tanto, a epidemia progresaba día a día, sen que se actuase coa puntualidade e presteza necesarias.

Por riba, a cuestión complícase dende o punto de vista técnico, ao se introducir a cuestión entre os partidarios de se o cólera era ou non contaxiábel[19]. A polémica contaxionista-anticontaxionista xa aparecera con ocasión do cólera de 1833, pero agora a estes últimos serviralles de argumento para impedir o peche ao tráfico do porto de Vigo, co fin de defender os intereses económicos en perigo pola corentena.

Na liña contaxionista é de destacar a publicación, dende o 11 de maio de 1854, en Santiago, do *Boletín del Cólera, periódico de circunstancias*, dirixido polo médico e catedrático compostelán D. José Varela de Montes (1796-1868), que será subdelegado de Sanidade da cidade[20].

O xornal, deixando á marxe a discusión teórica, dedícase preferentemente a axudar a saír da situación, mediante a publicación de receitas e consellos, froitos máis que do estudo (aínda sen perfeccionar) da práctica e uso clínico.

Cunha cadencia de tres veces á semana, máis extraordinarios, sumaron 24 números, e o último foi o 1 de setembro dese mesmo ano. Unha sección fixa será a lista de localidades afectadas e o número de enfermos do cólera, día a día.

As revistas médicas serán, pois, unha fonte de información fidedigna do estado da epidemia. *El Siglo médico, Boletín de medicina y gaceta médica*, será o xornal oficial da Real Academia de Medicina de Madrid. No seu nº 50, correspondente ao 11-XII de 1854,

18. A inxestión de bivalvos, mariscos, froitas, verduras ou outros comestibles onde as moscas botaran feces humanas infectadas tamén pode levar o vibrión ao organismo da vítima potencial. WATTS, S., op. cit., p. 232.

19. Ver: RODRÍGUEZ GALDO, Mª. X. e DOPICO, F., op. cit.

20. Do cal farase eco o escritor D. Ramón Otero Pedrayo no seu artigo "El cólera en Galicia en el siglo XIX", revista *Asclepio*, nº 21 (1969); tamén, é estudado por Mª Xosé Rodríguez Galdo na mesma revista médica no nº 29 (1977), no artigo "Hambre y enfermedad en Galicia a mediados del siglo XIX".

informa que *"La Coruña quedó reducida, cuando más, a 10.000 almas* (debido á fuxida da poboación, escapando da peste); *sólo duró la fuerza de la epidemia 20 días, y en ellos murieron 2.026 personas, siendo el máximo por día, 180*[21]. *En esta ciudad hubo tres veces más defunciones que en ningún otro punto de España, excepto Badajoz. Faltaban facultativos, la miseria no se atendía, las tiendas cerradas, nadie trabajaba, porque ninguno podía llegarse a un establecimiento de Beneficencia donde comer una sopa".*

Explica, a seguir, a providencial chegada de cinco médicos de Santiago, que socorreron a desgraciada poboación[22].

Do risco que corrían os facultativos dá idea o feito de que tres deles morreron contaxiados durante a epidemia, sendo recompensadas as súas familias con 1.000 reais pola raíña Isabel II en 1855.

M. González de Samano na súa citada obra achega os seguintes datos estatísticos, por provincias, sobre a epidemia destes anos:

PROVINCIAS	ANOS	POBOS AFECTADOS	DURACIÓN	*ACOMETIDOS*	MORT0S
A Coruña	1855[23]	16	tres meses	3.360	1.035
Lugo	1854	21	12-VIII/20-I	5.294	1.125
	1855	22	19-V/15-X	4.209	1.345
Ourense	1855	16	tres meses	3.360	1.035
Pontevedra	1853-55	16	13-XI-1853/ 23-IX-1855	4.313	1.199
Galicia	1853-55	-	idem anterior	18.802	5.338

O exposto até aquí indícanos a falta de infraestrutura sanitaria en Galicia, a ausencia da máis elemental hixiene pública ou a imposibilidade de articular eficazmente uns socorros ante o feito consumado dunha invasión epidémica.

21. Barcelona, con 150.000 habitantes, tivo un máximo de 234 mortos nun día. (Ver: NADAL, J., op. cit.)

22. O Dr. M. Parrilla Hermida, de Sanidade Militar, no seu artigo "Apuntes históricos sobre la Sanidad de La Coruña" na revista Galicia Clínica, nº 1, (1974), di: *"Al comenzar en 1854 a presentarse casos de cólera en algunas poblaciones, se adoptaron por el municipio coruñés las medidas pertinentes para la época: además del Hospital Municipal de Caridad, se montaron hospitalillos para el aislamiento de los posibles coléricos, utilizándose desde el mes de mayo los locales de las escuelas públicas, obligando a suspender las clases; también en el cuartel de Artillería, para el personal castrense.*
En los ocho primeros meses la mortalidad fue reducida, con una media de 58 casos por mes. Comenzó en el mes de septiembre, con 104 muertos. En octubre será mucho peor (948 muertos) apreciándose una diferencia por barrios, siendo mayor la mortandad en los más populares. Disminuye en noviembre (163), casi desapareciendo en diciembre. De septiembre a noviembre hubo 1.215 defunciones, de las cuales hay 675 diagnósticos de cólera."
O autor calcula un 40% de mortalidade e máis de 2.500 casos de enfermos, o que supón un 10% da poboación total coruñesa.

23. Non constan datos do ano 1854, cos cales o resultado sería maior.

A enfermidade estivo, pois, fortemente condicionada polo contexto ideolóxico da época e polas actitudes de persoas e institucións que subordinan os obxectivos sanitarios aos intereses económicos. A burguesía viguesa, vímolo, aparece como paradigma do comportamento da defensa dos intereses comerciais ante as medidas de illamento dos focos infecciosos. Non obstante, tamén puidemos comprobar como outras persoas, e entre elas un bo número de médicos, eran conscientes dos condicionamentos que impedían unha política sanitaria eficaz[24].

En Ferrol tamén temos testemuños do paso da enfermidade. *"Un suceso lamentable vino después a atormentar al pueblo. El estado sanitario de la ciudad de La Coruña y los casos de cólera que ya habían ocurrido en la inmediata villa de* ***Puentedeume*** *y sus parroquias limítrofes en octubre del referido año principiaron a producir en Ferrol la intranquilidad inevitable a la vista del cruel azote que tan de cerca le amenazaba.*(...) *Los estragos que entonces estaba haciendo en la ciudad de La Coruña obligaron a las autoridades a cerrar toda comunicación con aquel vecino puerto.(...) Felizmente El Ferrol, por su ventajosa situación y por sus condiciones higiénicas no tuvo que llorar tanto como otros las desgracias de aquella terrible epidemia. Fuera de las muertes que produjeron las enfermedades propias de la estación, y de algunas indisposiciones, hijas quizá del terror y del cambio de temperatura, muy pocos casos de cólera tuvo que lamentar, y aun se dudó bastante sobre el carácter verdadero de la enfermedad.*

La Providencia había salvado al Ferrol de aquel cruel azote, y el Ayuntamiento, rodeado del vecindario y de todas las autoridades y corporaciones, se postró al pie de los altares el 3 de diciembre, cantándose un Te Deum en el templo parroquial de San Julián.(...)"[25].

Outras fontes[26] infórmannos do curso da enfermidade en Ferrol: *"Los primeros casos de enfermos de cólera se registran en La Graña. (...) Los barrios ferrolanos afectados son los habitados por las clases bajas y proletarias, debido a su mayor hacinamiento y a la alimentación deficiente. Hubo varios muertos en Ferrol Vello, Esteiro y Canido."*

Para atender os enfermos coléricos utilizarase o Hospital de Caridade (até entón dedicado a hospicio municipal). *"También se habilitó un pequeño hospitalillo en la Casa del Colegio Naval, que el Capitán General del Departamento puso a disposición del Ayuntamiento."*

24. RODRIGUEZ GALDO, Mª. X. e DOPICO, F., op. cit.

25. MONTERO ARÓSTEGUI, J., *Historia del Ferrol* (1858).

26. Ver: PIÑEIRO DE SAN MIGUEL, E. e GÓMEZ BRANCO, A.: "Prevención de Ferrol ante las epidemias", en *Ferrol Análisis*, nº 18 (2003).

+ Epidemia de 1885

A invasión de 1865 non afectou a Galicia, pero a seguinte si, aínda que en moito menor grao que a de mediados de século. Nadal[27] obtén das estatísticas oficiais contemporáneas os seguintes datos, por provincias:

-Ourense: 39 mortos.
-Lugo: 16 mortos
-Pontevedra: 9 mortos
-A Coruña: 0 mortos

A partir dese momento Galicia parece libre das epidemias, aínda que hai que lembrar que ao rematar a Primeira Guerra Mundial experimentará o acoso da gripe (que produciu miles de mortos en España e millóns en Europa), se ben ningún estudo, que saibamos, nos permite aproximarnos ao coñecemento desta nova epidemia.

1.6 Repercusións das epidemias de cólera do século XIX[28]

A xeito de colofón deste capítulo, abonde salientar as seguintes:

a) Demográficas

Sirvan de exemplo as referidas ás vítimas mortais en España:

ANOS	MORTOS
1834	300.000
1855	236.744
1865	119.000
1885	120.254
Total	775.998[29]

Tendo en conta que a poboación española de 1800 era de 11 millóns e medio de habitantes, e que un século máis tarde, en 1900, era de 18 millóns e medio, Fernández García chega á conclusión de que as epidemias de cólera foron un freo no crecemento demográfico español[30].

b) Sociais

Un dos trazos do cólera é a súa *selectividade social e urbanística*, ao preferir entre as súas vítimas as clases baixas, de hixiene precaria e alimentación deficiente, observán-

27. NADAL, J.: op.

28. Ver: FERNÁNDEZ GARCIA, A.: "Repercusiones sociales de las epidemias de cólera del siglo XIX", revista *Asclepio*, nº 29, (1997).

29. É evidente a disparidade cos cálculos de Nadal (ver nota 10).

30. Da mesma opinión é Nadal (op. cit.).

dose a "desigualdade ante a morte" típica das enfermidades *"sociais"*[31]; e de xeito especial entre os oficios relacionados coa auga ou con tarefas de limpeza, máis intensamente expostos ao ataque do vibrión: referímonos ás mulleres.

Mais non só é un índice de grupos; os mapas urbanos das epidemias demarcan certos barrios, nos que con sorprendente insistencia o embate é máis violento. Os distritos de rúas estreitas, escasamente aireadas e soleadas, presentan uns índices superiores de mortalidade. As vivendas insalubres das familias modestas son o ambiente propicio do cólera.

c) Económicas

-Gastos. Para afrontalos acódese a: partidas excepcionais dos orzamentos estatais e municipais, derramas, contribucións especiais, mobilizacións cidadás e das institucións de caridade.

-Perturba o abastecemento debido ás medidas de corentena (cuxos inconvenientes adoitan inclinar as autoridades, tras moitos titubeos, á prohibición do illamento dos pobos)[32].

-As dificultades do abastecemento provocan escaseza e perdas da industria e do comercio, así como elevacións dos prezos dos artigos alimenticios, especialmente dos considerados como máis idóneos ou menos perigosos para o consumo. E non debemos esquecer que o punto frecuente de partida adoita ser unha colleita deficitaria que ocasiona unha carestía (fame) que desemboca na enfermidade: os indicadores do prezo do pan, como artigo fundamental da dieta decimonónica, sono tamén das enfermidades: suba do prezo do trigo = incremento das enfermidades (léase en ambas as dúas direccións)[33].

d) Psicolóxicas

Son explicábeis na conxuntura dunha crise de tal envergadura a modificación dos comportamentos e as actitudes, o ambiente de temor -prohibición de repiques de campás, enterros nocturnos, suspensión de espectáculos públicos, rumores e conversacións obsesivas- e o alivio dos *Te Deum*, anticipados ás veces para reforzar a moral do pobo.

e) Políticas

As acusacións sobre as posturas das autoridades proceden ás veces de sectores da oposición, co que a enfermidade se converte nun detonante das tensións políticas. Que o

31. O cólera dependía do estado xeral de saúde. Parece que o estómago e o intestino das persoas robustas e saudábeis segregan ácidos e álcalis que combaten o Vibrio cholerae e impiden que o hóspede enferme. A capacidade para segregar estas substancias protectoras redúcese se o paciente sofre de inanición, como en épocas de moita fame (como veremos en Pontedeume na epidemia de 1854-55, tras a "Fame de 1853"), se ten lombrigas no intestino (frecuente na poboación infantil), está enfermo e abatido ou padece unha grave depresión mental. WATTS, S., op. cit., p. 233.

32. A normativa legal coa que se pretende articular, xa dende 1853, a loita contra o avance inminente da enfermidade insiste na conveniencia da liberdade de comunicacións (R.O. 25-8-1854, reiterada na R.O. 10-8-1855), ao considerar que os prexuízos do "illamento dos pobos son superiores aos provocados pola mesma enfermidade".

33. Ver nota 14.

cólera se converta nunha arma política explícase porque se considera que é a imprevisión ou ineficacia das autoridades un dos elementos agravantes da situación.

Por outra banda, propáganse contos e acusacións que obrigan aos responsables das medidas sanitarias a replicar con bandos e desmentidos. Un exemplo dramático foi a matanza de frades no cólera de 1834 en Madrid e Barcelona[34].

2. O CÓLERA DE 1854-55 EN PONTEDEUME. DESENVOLVEMENTO DA ENFERMIDADE

2.1 Ameazas de cólera de 1832

Aínda que este primeiro xermolo non alcanzou Pontedeume, no Arquivo Municipal (AMP) consérvase un documento que é indicador das "medidas" coas que as autoridades pretendían previr a chegada da epidemia de cólera aos pobos de España. Está asinado polo propio rei Fernando VII e dirixido ao seu ministro Calomarde, supoñemos sería difundido por toda a nación "*para que se hagan rogativas por el Cólera morbo*", e está datado o 3 de maio de 1832.

> *"El Rey N. S. se ha servido expedir el Real Decreto siguiente, de ocho de abril de 1832:*
>
> *Los rápidos y temibles progresos que ha hecho por varias naciones de Europa la enfermedad conocida con el nombre de cólera morbo y su repentina aparición en la capital de Francia, ponen aquí a mis Reinos en peligro de sufrir la misma calamidad.*
>
> *Y como el natural y primer impulso de los corazones católicos (...) sea levantar los ojos al cielo, adorar la mano omnipotente que por fines inescrutables reparte los males y los bienes, y colocarse con fe viva bajo su divino amparo; siempre fiel a estos sentimientos de religioso consuelo, que lo son de todos mis pueblos, he venido en resolver que, sin perjuicio de adoptar todas las medidas y precauciones de policía y salubridad de que ocupan mi paternal solicitud, se implore la inagotable misericordia divina, haciéndose en todas las yglesias de mis dominios por los cabildos (...) rogativas públicas y privadas por que cese el azote. Tendréis entendido y dispondréis lo necesario a su cumplimiento. (...)*
>
> *En Aranjuez a 10 de abril de 1832.*
>
> *A Don Francisco Tadeo Calomarde."*[35]

34. Ver nota 5.

35. AMP, Caixa 282, f. c.

Compárese o espazo dedicado ás medidas "*de salubridade pública"* coas que buscan a axuda divina, o cal pode explicar que, como xa sabemos, a enfermidade acabase chegando a España en 1833 (e entrando precisamente por Galicia -Vigo-).

2.2 Epidemia de 1854-55

2.2.1 Prevención da epidemia

O temor á chegada da enfermidade porá en garda as autoridades locais, arbitrando unha serie de medidas para evitalo, aínda que todo será inútil.

Como acabamos de ver na anterior invasión, a ameaza da epidemia colérica levaba os concelleiros a buscar o amparo divino, acudindo ao santo valedor do pobo. En data do 13 de agosto de 1853, *"Siguiendo la Corporación municipal la piadosa costumbre de las que la precedieron y atendiendo a las muchas enfermedades peligrosas y mortales que infestan las ciudades de Betanzos, Coruña, Santiago y otros varios pueblos inmediatos, para pedir a Dios libre a éste de semejante azote por intervención del Glorioso San Roque, se acordó: Se le haga el día próximo de su festividad la función solemne de costumbre, satisfaciéndose sus gastos de fondos extraordinarios".*

E, efectivamente, nesta ocasión librarase Pontedeume da epidemia (non así da gran fame que xa comentamos). Pero, ao ano seguinte, como veremos, non haberá tanta fortuna.

O gobernador da provincia da Coruña envía unha circular ao alcalde de Pontedeume con data de 8 de maio de 1854 na que lle recorda as medidas hixiénicas para previr a inminente invasión da epidemia do cólera (chegara xa á provincia de Pontevedra), autorizando o alcalde a ditar todas as ordes canalizadas para este fin, incluídas as visitas domiciliarias preventivas dos membros da Xunta de Sanidade.

Efectivamente, o Concello publica un bando tres días despois, onde se contemplan as principais medidas de prevención da enfermidade[36].

A condición de Pontedeume de poboación portuaria incrementaba o risco de contaxio, pois as comunicacións de persoas e mercadorías eran moi frecuentes por vía marítima, podendo chegar así a infección dende lugares moi afastados. Ademais, o seu control non era nada doado. De aí as medidas de vixilancia que as autoridades porán en marcha no porto local:

36. Como veremos no capítulo Hixiene Pública. AMP, Caixa 285, f. c.

"Según lo acordado por esta Junta en el día de ayer y a fin de precaver los males que puede causar la importación de artículos malsanos, el Cabo Principal de mar de esta villa hará saber a todos los patrones de la misma (...) el que por ningún pretexto desembarquen ni permitan desembarcar en sus muelles frutos, líquidos, carnes ni otro género de comestibles, sin que antes sea reconocido y declarado admisible por esta Junta, a cuyo fin me darán parte de la llegada de las lanchas al puerto (...)."[37]

2.2.2 O cólera en 1854

Pero estes esforzos foron infrutuosos. En setembro aparecerán os primeiros casos. Recóllenos os informes que os médicos locais enviaban á autoridade provincial[38] e que nos describirán o avance da epidemia. O primeiro deles, fuxindo de calquera relación co cólera, di así:

"Sr. Gobernador de la provincia de La Coruña:

El estado de salud pública en este partido durante la última quincena presentó algunas alteraciones que la diferenciaron de la anterior; abundaron las disenterías, cólicos viliosos, calenturas gástricas y por lo general reinaron las enfermedades que tienen su asiento en el canal intestinal causando algunas defunciones pero sin mostrarse síntoma alguno de epidemia ni contagio.

Septiembre, 20 de 1854.
Fdo.: Licenciado Francisco Ramón Capriles.
Subdelegación de Sanidad del partido de Pontedeume."[39]

Non obstante, a realidade imponse e o seguinte *parte* chama as cousas polo seu nome, utilizando a palabra temíbel, cólera, cando o pánico xa se estendeu pola bisbarra.

"Sr. Gobernador de esta Provincia de La Coruña:
Después del último parte que dirigí a V.S. (...) se presentaron alteraciones en la salud pública que me obligan a ponerlas en conocimiento de V. S.
En la parroquia de S. Martín do Porto, distrito municipal de Cabañas, se

37. AMP, *Caixa* 283, f. c., 24.V-1854.

38. *"En cumplimiento de la R. O. de 6 de enero del presente año en que se señalan los síntomas del cólera, (cuide) V. de que en el instante de creerse alguno atacado de él, se llame al facultativo del distrito (...) que reconozca al enfermo, dando enseguida parte con la certificación y el diagnóstico de la enfermedad. Concluyo previniendo a V. que semanalmente o todos los días si el caso lo exige me de parte circunstanciada de cuanto se haga en ese pueblo para precaverse del mal que aflige a la provincia de Pontevedra."* AMP, Caixa 285, f. c., Circular do gobernador provincial ao alcalde de Pontedeume. 8-V-1854.

39. AMP, *Caixa* 289, f. c.

presentaron los días 4, 8, 9, 11 y 12 del corriente seis enfermos acometidos de fiebres gástricas, dos de calenturas tifoideas y tres con los síntomas siguientes: disentería de un color blanco, frío a la piel, dolores cólicos, fisonomía desfigurada, ojos hundidos y cianosis. Este cuadro sintomatológico no deja duda ninguna que la enfermedad que padecían los tres últimos enfermos era desgraciadamente el cólera morbo asiático. De estos tres atacados, dos fallecieron a las pocas horas y el tercero se halla muy grave. En dicha parroquia reyna una consternación general, pues además de las víctimas que hizo y aún puede hacer tan terrible plaga, aumenta bastante el número de defunciones por enfermedades comunes.

Y para tranquilizar los ánimos desde el día 10 del corriente visito todos los enfermos existentes en dicha parroquia en compañía del cirujano de 3ª clase D. Juan García Sueyro de esta vecindad (...)y debido a esto se van tranquilizando algunos, tanto y cuanto les administro los medicamentos que su estado requiere.

En este distrito y primeros quince días de este mes se presentaron varios casos de colerina de mediana intensidad, que recayendo en sugetos ***pobres***[40]*, mal alimentados, sin aseo doméstico ni personal, aumentan el nº de defunciones más de lo que ordinariamente acontece en la presente estación. El día 9 se presentó en esta villa un caso de verdadero cólera morbo asiático, cuyo paciente se ha salvado por haber sido convatida en tiempo la enfermedad.*

En fin, la salud pública está enteramente alterada de un modo extraño, tanto aquí cuanto en los Distritos inmediatos, según V. S. se dignará ver más por extenso en el parte del Subdelegado de Cirugía y Medicina que acompaña a este, cuyo mal estado tiene en una completa consternación a los habitantes, aumentándose con las noticias abultadas que reciben de esa ciudad y otros puntos.(...)

Puentedeume, 15 de octubre de 1854.
Fdo.: Lcdo. Francisco Capriles.
Subdelegación de Sanidad del partido de Puentedeume."[41]

Como era habitual, acódese inmediatamente para efectuar as correspondentes rogativas, buscando a intercesión divina: "*(...) una novena a la Virgen Santísima de los Dolores y al Glorioso San Roque (...) por la peste (...)"*[42].

40. Lembremos que a comarca de Pontedeume se ve inmersa nunha crise económica provocada pola perda das colleitas, especialmente das abundantes viñas, como consecuencia da praga do oídio. A carestía ocasiona mala alimentación e, polo tanto, abre as portas ás enfermidades. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Epidemioloxía histórica...", op. cit. e "A fame de 1853...", op. cit..

41. AMP, *Caixa* 289, f. c.

42. AMP, *Caixa* 397, f. c., Comunicación do párroco da vila, 14-X-1854.

O citado doutor Capriles será quen comunique na xa citada revista *El Siglo Médico* os efectos do cólera en Pontedeume, así como os tratamentos empregados.

> *"Puentedeume. El digno profesor D. Francisco R. Capriles nos escribe con fecha de 31 de diciembre:*
> *<A principios de octubre del año que finaliza fue invadida esta población por el cólera morbo asiático, permaneciendo en ella hasta el 20 de noviembre (...). Esta enfermedad, desconocida en el país, (...) presentó en la mayor parte de los acometidos la cianosis a las pocas horas de ser atacados, y todos los demás síntomas que le son propios.*
> *Dado que hace poco más de un año el titulado lazareto de San Simón importó en las playas de la ría de Vigo el terrible huésped, vivió Galicia agitada, temblando ante su aparición. El vulgo, que la denomina "enfermedad nueva", no se equivoca con tal distintivo y significativo nombre, pues no se conservaba idea alguna ni siquiera tradicionalmente de su semejanza con ninguna de las dolencias que afligen al género humano, y naturalmente preguntaba: ¿qué enfermedad es ésta que en pocos momentos hace sucumbir al hombre más sano y robusto, sin que los desvelos del médico alcancen a salvarlo? ¿cómo apareció? ¿de dónde vino, y quién lo trajo?*
> *El cólera asiático, de dónde vino y quién lo trajo demasiado sabido es, y al tocar estas cuestiones, naturalmente la imaginación de todo hombre razonable se fija en el lazareto de Vigo*[43]*, y allí marca el punto de partida de una calamidad que vino a aumentar los males que devora este desgraciado suelo, tan digno por más de un concepto de mejor suerte.>*[44]

Ante o desespero provocado pola enfermidade, a poboación volve acudir á protección divina: o párroco da vila invita á Corporación municipal a participar nunha"*novena a la Vírgen Santísima de los Dolores y al Glorioso San Roque, que tendrá lugar el próximo domingo con misa solemne y procesión, implorando que Dios nos libre de la peste de que estamos amenazados"*[45]. Os edís, por suposto, aceptan.

Por fin, en novembro a epidemia remite, e así testemúñano os facultativos nun informe sobre o estado sanitario de Pontedeume, no que falan de *"melloría xeral"*[46]. O día

43. Ver nota 17.

44. Ver nota 40. A continuación, detalla a terapia efectuada para a curación dos seus pacientes, a cal reproducimos no ANEXO I. Revista *El Siglo Médico* (Boletín de Medicina y Gaceta médica), nº 53, 7-I-1855.

45. AMP, *Caixa* 397, f. c. Sesión de 14 de octubre de 1854.

46. AMP, *Caixa* 282, f. c. Informe asinado polo Dr. Romaos o 11-XI-1854.

anterior, o alcalde publica un bando polo cal prohibe que, en vista desta tranquilizadora situación, volvan os escapados e, con eles, a enfermidade. Di así:

> *"Desde el día de hoy y hasta transcurridos veinte días desde el que se declare este pueblo en estado de sanidad, se prohibe regresar a sus casas y su entrada en el pueblo a todas las personas que las abandonaron y marcharon a otros puntos, desde el principio de la enfermedad colérica. La salud pública y la propia conservación de la vida de los ausentes exigen esta medida y, por lo tanto, el que se introduzca en la población, intentando burlar la vigilancia de la Autoridad, sufrirá una multa arreglado a sus circunstancias y será transportado al local que al efecto está designado por la Junta de Sanidad por el tiempo que los médicos tengan por conveniente (...). "*[47]

A finais dese mes declárase oficialmente o final da enfermidade (malia que aínda haberá algún morto máis no mes seguinte, como veremos no capítulo dedicado ás estatísticas). O Concello, en agradecemento, diríxese outra vez cara ao Altísimo:

> *"Habiendo hecho presente a la Corporación el Señor Presidente en acuerdo de la Junta de Sanidad de este partido declarando este pueblo y puerto libre de la epidemia colérica, se acordó (...) rendir un humilde voto de gracias al Todo Poderoso por tan grande beneficio: que al efecto se oficie al señor cura párroco de esta villa (...) se cante un solemne Te Deum en la iglesia parroquial, con la asistencia del Clero de esta villa y la magestuosidad que requiere tan piadoso acto, que para su asistencia se invita y convida a las autoridades de todas clases y lo mismo por medio de un bando a este religioso vecindario (...).*[48]

2.3 O cólera en 1855

Non tardará cinco meses en volver presentarse a temida epidemia nos municipios limítrofes.

O 15 de abril, o doutor Portal pon en coñecemento do alcalde de Pontedeume que apareceu en Perbes un veciño da Coruña sospeitoso de padecer a enfermidade.

47. AMP, *Caixa* 288, f. c., Bando do Alcalde –Presidente das Xuntas de Sanidade e Bª, 10-XI-1854. É coincidencia que no ano siguiente se publique un bando similar xusto un día despois: 11-XI-1855.

48. AMP, *Caixa* 397, f. c. Sesión de 26-XI-1854.

A reacción será rápida. Dous días despois, o alcalde comunícao, como era preceptivo, ao gobernador provincial[49]. E ese mesmo día, seguindo as ordes desta autoridade (circular nº 171, B.O.P. de 11-IV-1854), publícase un bando municipal coas acostumadas medidas de prevención do cólera, entre as cales destacan as seguintes:

- Limpeza e ventilación das casas.
- Branqueadura interior das vivendas.
- Vixilancia da boa calidade dos alimentos que se expenden ao público (pan, carne, peixe).
- Ameazas de castigo aos contraventores[50].

O día 19, o alcalde de Vilarmaior comunica á Subdelegación de Sanidade de Pontedeume a morte de tres persoas por unha enfermidade "sospeitosa", habendo dous casos máis.

O pedáneo de Grandal informa de que na súa parroquia apareceu a mesma enfermidade, da que faleceron tres persoas e existen outros sete atacados.

O día 22, o doutor Romaos advirte da chegada a Pontedeume doutro enfermo sospeitoso, un mariñeiro procedente tamén da Coruña[51].

Non obstante, non será até o mes de xullo cando a epidemia dea comezo en Pontedeume. En agosto, os casos multiplícanse en diversas parroquias. O doutor Portal, subdelegado de Sanidade, escúsase ante o Concello por non acudir a inspeccionar un

49. AMP, *Caixa* 285, f c. Informes da Subdelegación de Sanidade.

50. AMP, *Caixa* 285, f. c., Bando do Concello de 17-IV-1855. . Nesta liña previsora enténdese o temor que o Concello ten polos vagabundos e mendigos. A fame de 1853 e a epidemia do ano seguinte botaran a multitude de labradores na miseria sobre os pobos, a intentar vivir da caridade pública. Non obstante, o amoreamento, a sucidade e os desprazamentos destas xentes eran un perigoso medio para propagar a enfermidade. Así, e tras a experiencia de 1854, non é de estrañar que as autoridades municipais non os queiran ver na vila:
"Habiendo llegado a noticia de la Corporación que algunas personas procedentes de otros puntos de diferentes sesos y edades concurren en este pueblo y especialmente a sus barrios y se establecen en ellos, a pretesto de pordioseros, sustrayéndose de la vigilancia de la autoridad (...), acuerda por medida de buen gobierno (...) tomar todas las medidas precisas (...) para trasladar de este pueblo y su distrito para los de su naturaleza a toda persona no solo sospechosa y sin modo de vivir conocido, sino también a todo pordiosero de otros distritos, que invadan la población y puedan por su triste y lamentable hediondez ser causa de reproducir entre nosotros la epidemia que acabamos de sufrir u otra semejante. Que con el mismo fin se oficie al Comandante de la Guardia Civil de este punto para que no permita entrar en el pueblo y su comprensión personas que no traigan documento que les garantice, especialmente de la clase mendiga y proletaria".AMP, Caixa 397, f. c., Sesión de 7-IV-1855.
O Concello, en efecto, fará unha relación destas persoas, ás cales se lles obrigará a saír inmediatamente, "con excepción de aquellos que puedan calificarse de buena conducta". Chegará mesmo a publicar un bando no que se "imponga una multa de cuatro ducados a todos los vecinos de este pueblo, sus cercanías y radio municipal, que alberguen y admitan en su casa familia ni personas que no sean natural del mismo pueblo o respectiva parroquia, sin primero dar parte a la Alcaldía (...) y obtener el correspondiente permiso de la autoridad , y formación de causa por desobediencia a la misma a los contraventores que incurran en reincidencia, con igual conminación a los dueños o inquilinos de las casas en que se hallaban los expulsos si volviesen a admitirlos en las mismas". AMP, *Caixa* 397, f. c., Sesión de 28-IV-1855. Chaman a atención estas medidas, tan radicais, que case parecen unha corentena "do exterior", pola súa pretensión de illar o termo municipal do ámbito ameazante.

51. AMP, *Caixa* 285, f. c. Informes da Subdelegación de Sanidade.

cadáver achado en Cabalar (Monfero)[52], como foi requirido, *"por hallarse asistiendo a los coléricos de la parroquia de Hombre"*[53].

Ante a impotencia e o desespero de ver repetirse a cruel enfermidade, de novo suplícase a axuda relixiosa: *"Se dio cuenta de un oficio del Sr. Cura párroco de esta villa, fecha de ayer, manifestando tener determinado se hagan tres rogativas los días domingo diez y nueve del corriente, lunes y martes para pedir al Señor suspenda el azote de su divina ira a los pueblos afligidos con la epidemia del cólera morbo y que a nosotros nos libre de igual calamidad, cumpliendo así con lo mandado por el Sr. Arzobispo, recordando los deseos de S. M. la Reyna* (Isabel II) *(q. D. g.); (...) El Ayuntamiento acordó asistir a tan piadosas y cristianas funciones; (...) y publicó ya bando en la mañana de hoy, invitando al vecindario para igual concurrencia al templo"*[54].

Pero a epidemia continúa: o doutor Capriles comunica o día 26 que na parroquia de Andrade *"hace días apareció una enfermedad sospechosa que acomete generalmente a los pobres, habiendo fallecido hoy una mujer, estando enfermas su madre y su hija, del lugar de Barreiro. Espero que pase V. a dicho punto en unión con el médico D. Ramón Portal y cirujano D. Manuel Romaos a reconocer dichos enfermos y calificar su enfermedad(...)."*[55]

É sorprendente que en setembro o Dr. Portal aínda fale dunha *"enfermedad sospechosa que reina bajo forma epidémica",* na parroquia de Boebre, aínda que rapidamente chega á conclusión de que *"la enfermedad sospechosa que dije padecían es el cólera morbo epidémico"*[56].

Días despois, a Xunta Municipal de Sanidade avisa os párrocos do distrito sobre as normas hixiénicas nos templos e especialmente *"la prohibición del toque de campanas"*[57].

A principios de outubro xa non hai dúbidas: unha carta conxunta dos tres médicos (Portal, Romaos e Sueyro) ao alcalde-presidente da Xunta de Sanidade informa que foron recoñecidos varios veciños en distintas parroquias, incluídos *"dos jóvenes y un niño en la cárcel pública"*. Engaden que *"la enfermedad que padecen es la peste fría o cólera morbo*

52. Como xa vimos, este concello sufría xa a epidemia "desde el el 1º del corriente mes, falleciéndose 2, 4 y 6 diarios y atacándose mayor nº (...)". AMP, Caixa 285, f. c., Carta do alcalde de Monfero do 18-VIII-1854 ao Goberno Civil da Coruña.

53. AMP, *Caixa* 397, f. c., Sesión de 18-VIII-1855.

54. AMP, *Caixa* 397, f. c., Sesión de 18-VIII-1855.

55. AMP, *Caixa* 282, f. c., Parte do doutor Capriles ao Concello, 26-VIII-1855.

56. AMP, *Caixa* 282, f. c., Partes do doutor Portal dos días 13 e 14 de setembro.

57. AMP, *Caixa* 282, Oficio de 27-IX-1855. Esta prohibición xa se efectuara en 1854, por cuxa infracción fora multado o párroco da vila.

asiático, en su período álgido", alertando do perigo dun *"nuevo azote del fantasma epidémico"*[58].

Como o mal non remite, en outubro acódese novamente á axuda sobrenatural: *"El párroco de Puentedeume invita a la Corporación municipal a una solemne función al glorioso San Roque para que interponga su valimiento con el Todo Poderoso y se digne preservarnos del azote del cólera que tanto aflige a estos pueblos"*[59]. O alcalde contéstalle, aceptando o convite.

E parece ser que a rogativa foi eficaz, porque o día 28 dese mesmo mes o alcalde dá por finalizada a epidemia, e así llo comunica ao gobernador provincial:

> *"Habiendo hecho presente a esta Junta de Sanidad en sesión del día de hoy el Subdelegado de Sanidad, D. Ramón Portal, que de 4 días hasta el de hoy no se presentó ningún caso de cólera morbo asiático en este pueblo (...) acordó la Junta declarar desde este día, libre a este pueblo y su puerto de la epidemia que hasta aquí la afligió (...)"*[60].

O Concello, agradecido, ofrece o típico *Te Deum* por cesar a epidemia. Cinco días despois *"se levanta la prohibición sobre el toque de campanas fúnebre, habiendo declarado la Junta Municipal de Sanidad libre este partido de la epidemia colérica."*[61]

Non obstante, o perigo non pasou, pois a epidemia continúa noutras localidades, polo que se prohibe, de momento, que volvan aqueles que abandonaron o distrito e que agora poden traer de novo a infección. É polo que o día 11 de novembro se publica un *"Bando prohibiendo su regreso a este pueblo de las personas que lo abandonaron y marcharon a otros puntos desde el principio de la enfermedad colérica,(...) quedando encargada de su cumplimiento la fuerza de la Guardia Civil para arrestar a aquellos que contravengan este bando*."[62]

Efectivamente, a Benemérita cumpre co seu labor:

> *"Parte del comandante de la Guardia Civil en este pueblo:*
> *Con el objeto de que se cumpla el bando publicado de que habiendo prohi-*

58. AMP, *Caixa* 288, f. c., Carta da Subdelegación de Sanidade, 5-X-1855.

59. AMP, *Caixa* 282, f. c., Carta do párroco de Pontedeume ao alcalde, 13-X-1855.

60. AMP, *Caixa* 285, f. c., Carta ao Sr. gobernador civil, 28-X-1855.

61. AMP, *Caixa* 282, f. c., Oficios dos días 11 e 16-XI-1855.

62. Moi similar ao realizado con motivo da epidemia do ano anterior. AMP, Caixa 288, f. c., Bando de 10-XI-1855.

bido su regreso a este pueblo a las personas que marcharon a otros puntos desde el principio de la enfermedad colérica, mientras no transcurra el tiempo fijado al efecto de 20 días desde el 26 inclusive de dicho mes último (noviembre) en que se declaró este pueblo y puerto en estado de sanidad (...), vigilen si estas personas se hallan en el pueblo, y si es así, dicten las medidas oportunas, conforme a lo acordado por esta Junta de Sanidad". Veñen a continuación seis nomes.[63]

Para previr un aumento da infección tomaranse as últimas medidas sanitarias: no mesmo bando anterior, o Concello *"previene a todos los dueños de las casas donde hubo atacados que laven en lejía o colada todas las ropas de las camas de los enfermos hayan o no sucumbido. Se desharán también de colchones y almohadas, secando dichos objetos en puntos ventilados fuera de la población, bajo pena pecuniaria y la de reducir a cenizas los expresados objetos que se hallen en las visitas domiciliarias que al efecto se harán".*

En decembro, ao tempo que se confirma que non hai ningún caso da enfermidade, publícase unha lista das viúvas e orfos que quedaron por efecto do cólera neste distrito municipal, contabilizándose por parroquias, do seguinte xeito:

- Andrade: 2 viúvas e 18 orfos
- Boebre: 3 viúvas e 5 orfos
- Centroña: 1 viúva e 2 orfos
- Ombe: 2 viúvas e 8 orfos
- Nogueirosa: 16 orfos
- Vilar e Breamo: 0
- Vila: Non consta ningún.[64]

Dise tamén que abundan os *"pobres de solemnidade".* O peor pasou, pero queda por diante un penoso labor de recuperación tras a dramática situación vivida.

3. EFECTOS DEMOGRÁFICOS DO CÓLERA

3.1. Estatísticas de 1854

Xa a propia Xunta Municipal de Sanidade calculaba a principios de novembro dese ano que os mortos ocasionados pola epidemia eran moi abundantes. En concreto, dicía

63. AMP, *Caixa* 283, f. c., Parte da Garda Civil, novembro de 1855.

64. Non é moi abundante a nómina de viúvas posto que as mulleres foron as vítimas máis numerosas da epidemia, como xa se explicou, polo seu maior contacto cos enfermos e as roupas. AMP, *Caixa* 282, f. c., 9-XII.

deste modo dramático: *"La situación no puede ser más lamentable, cerca de **200 víctimas** aún no fueron suficientes para saciar un enemigo tan voraz. Aún quiere más".*[65]

O doutor Capriles, subdelegado de Sanidade, ofrécenos os primeiros datos sobre esta: *"A principios de octubre del año que finaliza fue invadida esta población por el cólera morbo asiático, permaneciendo en ella hasta el 20 de noviembre del mismo, ocasionando el movimiento siguiente:*

	ATACADOS	MORTOS	CURADOS
Hombres	170	64	106
Mugeres	310	148	162
Niños <10 a.	105	49	56
TOTAL	585	261	324[66]

Analizando estes datos, podemos chegar ás seguintes conclusións:
-Un índice de letalidade do 44,6%, diferente se o estudamos por sexos: para os homes é só un 37%, mentres que para as mulleres ascende a un 47,7%. Para os *nenos* (sen especificar sexo) supón un 46,6%.
-A proporción de enfermos é tamén maior entre as mulleres, un 64,5%, é dicir, case dous terzos; fronte a un 35,4 dos homes. A da poboación infantil é dun 17,9% do total.
-A proporción dos falecidos é aínda peor para as mulleres: un 69,8%, fronte a un 30,2 de homes. A mortalidade infantil foi un 18,7% do total.
-O número total de afectados (enfermos + mortos) é de 585 persoas. Os adultos son 480 (82%) e os nenos, 105 (18%). As mulleres supoñen o 53%, mentres os homes, o 47%.

Se consideramos que Pontedeume tiña en 1853, segundo o AMP, 3.741 habitantes[67], atopámonos con que un 15,6% da poboación se viu afectada, (índice de morbilidade); case un 7% faleceu da epidemia (índice de mortalidade dun 44,8%); e un 8,6%, enfermou e curou.

Buscando máis información sobre os efectos demográficos desta epidemia, investigamos no AMP, o cal foi xeneroso en datos, se ben estes moitas veces eran caóticos, desordenados e até contraditorios. A fonte principal foi, como no citado estudo anterior, os partes que os párrocos de cada parroquia do concello enviaban a este cada mes, extractos dos libros sacramentais, contendo información sobre os bautizados (nacementos), vodas e

65. AMP, *Caixa* 285, f. c., Oficio pedindo axuda á Deputación polo cólera, 5-XI-1854.

66. Revista *El Siglo Médico*, op. cit. É moi interesante esta información, pois é a única na que consta o número de enfermos (atacados) e tamén a única que achega uns datos globais. Compararémola coas cifras obtidas do AMP. Para o ano seguinte de 1855, por desgraza, carecemos dunha fonte directa semellante.

67. Non hai censo do ano 1854. Véxase VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Análise demográfica de Pontedeume..." op. cit.

enterramentos (defuncións), proporcionando un rudimentario "Rexistro civil" antes da súa creación en 1870. Os certificados de defunción incluían a causa desta, asinada por un médico titular, o que nos permite saber aqueles que o foran polo cólera.

As lagoas (abundantes) foron corrixidas visitando o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela (AHDS), onde se atopan centralizados os citados libros sacramentais orixinais. Como veremos, non sempre coinciden os datos do AMP cos do AHDS.

Tamén son importantes os informes dos médicos á Xunta de Sanidade e Beneficencia e outros comunicados e oficios que o Concello almacenou até hoxe.

Así, dispoñemos dos seguintes datos sobre a epidemia de 1854[68]:

-Movemento natural:
-Nacementos: 155; -Vodas: 55.
-Defuncións: {· 252 (segundo o AMP)
{· 246 (segundo o AHDS): 86 homes e 160 mulleres; de eles, 60 nenos-as.
-Esperanza de vida: 33 anos.

-Epidemia de cólera:
-Duración: de setembro a decembro.
-Primeiros casos: en setembro: unha parella en Andrade e unha muller en Nogueirosa.
-Último caso: día 6 de decembro, unha nena na vila.
-Meses con máis mortos {-outubro (191 en todo o concello, dos que 124 só na vila)
{-novembro (54 e 35, respectivamente).
-Perfil dos falecidos: muller, de entre 40 e 64 anos.
-Esperanza de vida: 28 anos.
-Mortos de cólera pobres[69]: 48, dun total de 160 (só na vila), o que supón o 30%.
-***Atacados*** **(enfermos):** 111 Homes.....35,8 % (dos adultos)
199 Mulleres..... .....64,2 % (" ")
16 Nenos.....4,9 %
326 Total .....8,7 %[70]

68. AMP, *Caixa* 283, f. c., Expedientes sobre o cólera de 1854.

69. As partidas de defunción informan do tipo de enterro realizado. As do AHD da parroquia da vila acompañan notas de *"pobre"*, ao cal se lle facía un enterro"*de caridade"*. É evidente a categoría de enfermidade "social" do cólera. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Epidemioloxía histórica...", op. cit. Cómpre recordar un parte do Dr. Capriles sobre os primeiros casos en 1855 en Andrade, que di: *"Hace días apareció una enfermedad sospechosa que acomete generalmente a los pobres"*. AMP, *Caixa* 282, f. c.

70. Con respecto ao censo de 1853: 3.741 habitantes. Ver nota 67.

-MORTOS POR PARROQUIAS**:**

*VILA (Parroquia de Santiago):

·Segundo o AMP[71]:

-Mortos por meses: {+Outubro: 146
{+Novembro: 22
{**+Total: 168** (dos cales: 44 V., 98 M., 26 N.)

·Segundo o AHDS[72]:

-Mortos polo cólera(4º trimestre)**: 160 (56 V., 104 M).....79,6 %**
-Mortos até o 3º trimestre (non cólera): 30 (14 V., 16 M.)
-mortos durante o 4ª trimestre (non cólera): 11 (4 V., 7 M.)
-mortos non polo cólera: 41 (18 V., 23 M.).....20,4 %
-Mortos en total: 201 (72 V., 120 M.)
-Mortalidade Infantil (<14 anos) {-cólera: 35.....17,4 %[73]
{-non cólera: 12
{-total: 47
-M. I. (<1 año) {-cólera: 6.....3,75 % (do total, polo cólera)
{-non cólera: 8
{-total: 14

-Mortos do cuarto trimestre, por meses:

	OUTUBRO					NOVEMBRO					DECEMBRO				
MORTOS	**%**[74]	**total**	**H**	**M**	**%**	**%**	**total**	**H**	**M**	**%**	**%**	**total**	**H**	**M**	**%**
cólera	**77,5**	**124**	**44**	**80**	**98,4**	**21,8**	**35**	**12**	**23**	**87,5**	**0,6**	**1**	**0**	**1**	**20**
non cólera		**2**	**1**	**1**	**1,6**		**5**	**2**	**3**	**2,5**		**4**	**1**	**3**	**80**
total		**126**	**45**	**81**	**-**		**40**	**14**	**26**	**-**		**5**	**1**	**4**	**-**
M.I. <14 a.		**26**			**20,6**		**11**			**22,8**		**2**			**50**
M.I. cólera		**-**					**8**	**-**	**-**			**1**			
M.I. non cólera		**-**					**3**	**-**	**-**			**1**			

71,. AMP, *Caixa* 283, f. c., Lista nominal de finados, dende o 1-10 até o 17-11 /1854.

72. AHDS, *Libro 8º de Mortos (1851-1866)*, signatura nº 27. Como é evidente, os datos non coinciden.

73. Non se suman aos adultos, pois van incluídos dentro do apartado por sexos; tampouco a súa porcentaxe.

74. Sobre o total de mortos por cólera nese trimestre.

*DEMAIS PARROQUIAS[75]:

PARROQUIAS	NON C.	%	H	M	N	CO	%	H	%	M	%	N	%	TO	H	M	N
Vilar e Breamo	12	21	1	11	6	45	79	16	35,5	29	64,4	16	35,5	57	17	40	22
Nogueirosa	3	15	2	2	1	17	85	6	35,3	11	64,7	4	23,5	20	8	12	5
Andrade	5	26,3	4	1	0	14	73,6	4	28,5	10	79	3	21,4	19	8	11	3
Ombre	3	75	2	1	0	1	25	0	0	1	100	0	0	4	2	2	2
Centroña	3	30	1	2	1	7	70	2	28,5	5	71,4	1	14,2	10	3	7	2
Boebre	3	100	1	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0	3	1	2	0
Demáis parroquias	29	27,7	11	19	8	84	74,3	28	33,3	66,6	66,6	24	28,6	113	39	74	34
Vila (Santiago)	41	20,4	18	23	12	160	79,6	56	35	65	65	35	21,9	201	72	120	47
TOTAL CONCELLO[76]	70	22,3	29	42	20	244	77,7	84	34,4	65,6	65,6	59	24,2	314	111	194	81

Observamos como a epidemia trastorna por completo os índices de mortalidade, sendo responsábel de preto do 80% dos falecementos do ano, fronte a todas as demais causas de defunción. Afecta moito máis ás mulleres (os dous terzos) e non tanto aos nenos (a cuarta parte) como aos adultos.

*DISTRIBUCIÓN DAS VÍTIMAS:

-Por parroquias:

Se consideramos a distribución da poboación de Pontedeume por parroquias e relacionamos o número de habitantes de cada unha co número de vítimas que sufriron, obteremos o grao en que foron afectadas pola epidemia.

PARROQUIAS	Vila	Andrade	Boebre	Vilar e Breamo	Centroña	Ombre	Nogueirosa	TOTAL
Poboación[77]	1.743	187	231	323/318 541	238	386	415	3.741
Víctimas	160	14	0	45	7	1	17	244
%	9,18	7,49	0	8,32	2,94	0,26	4,1	MEDIA 6,52

75. NON C.: Mortos non polo cólera, até o terceiro trimestre; %: do total de mortos por parroquia; H: homes; M: mulleres; N: nenos (non se suman aos adultos, pois van incluídos na separación por sexos: H/M). Tampouco o seu %; CO: mortos polo cólera durante o 4º trimestre; TO: total de mortos do ano. AMP, Caixa 283, f. c.

76. O total por parroquias (314) non coincide co total por sexos (sería 305) pola disparidade das fontes.

77. Tomamos o censo de 1853, por non existir datos do ano 1854. Ver notas 67 e 70.

Unha primeira aproximación ao cadro anterior permítenos tirar as seguintes conclusións:

-Grande desigualdade na mortalidade por parroquias: fronte a tres que se sitúan preto do 10%, (a Vila, Vilar-Breamo e Andrade), tres non pasan do 4% (Nogueirosa, Centroña e Ombre), mentres que só unha (Boebre) se viu libre da enfermidade.

-Non se aprecia unha relación entre o tamaño demográfico da parroquia e o número de vítimas (salvo no caso da vila). Tampouco a consideración costa/interior parece que influíra.

-A vila levou a peor parte: posuíndo o 46,6% dos veciños do concello sufriu o 65,6% das vítimas, é dicir, un 19% máis do que lle correspondería. É de supoñer que o maior número de habitantes, a maior proximidade e relación, así como ser lugar de paso de transeúntes e refuxio de pobres e enfermos (o hospital), son as razóns que explican esta desproporción. O seu maior peso no conxunto é o que eleva a media do índice de mortalidade até ese 6,5%.

-As características da epidemia deste ano van variar con respecto ás do ano próximo.

Gráfico 1: Vítimas do cólera de 1854 por parroquias



-Por meses:

Gráfico 2: Vítimas do cólera de 1854 por meses



Vemos como a epidemia tivo o seu punto álxido no mes de outubro, diminuíndo lentamente no seguinte, para rematar a primeiros de decembro. A estacionalidade da vaga do ano seguinte será semellante, desaparecendo co inverno. Como xa vimos anteriormente, a última semana de outubro foi a peor, concentrando, só na vila, 72 falecementos en cinco xornadas. Os días 25, 26 e 28, as baixas chegaron ás dúas decenas por día.

Gráfico 3: Días con máis vítimas do mes de outubro de 1854 (vila)

Existe unha relación nominal de *"Finados en Pontedeume dende o 1º de outubro de 1854"*[78], asinada polo párroco da parroquia da vila, Domingo Ferraces, o 18 de novembro, na que constan día a día as defuncións por cólera nese período (**168**); pódese representar así:

FALECEMENTOS (TOTAIS) NO MES DE OUTUBRO DE 1854:

DÍA	6	7	14	16	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31	TOT.
Nº F.	1	1	1	2	2	3	6	7	4	3	6	19	20	10	19	7	10	7	127

FALECEMENTOS (TOTAIS) NO MES DE NOVEMBRO DE 1854:

DÍA	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	17	TOT.
Nº F.	4	5	6	5	6	1	2	2	1	1	3	1	2	1	1	41

A evolución da enfermidade nestes dous meses é evidente: un lento crecemento a comezos de outubro que se incrementa de xeito brusco o día 25, en que, xunto cos tres días seguintes, se aproximan e alcanzan os 20 mortos diarios. Despois, baixa sensibelmente a virulencia e o mes de novembro só perece a cuarta parte das vítimas, rematando a epidemia a mediados deste[79].

A información nominal achéganos a súa repartición por sexos, que é o seguinte: 60 homes e 108 mulleres, que reflicte a desproporción habitual en contra das vítimas femininas, propia do cólera.

Tamén indica o (limitado) número de nenos: 26 (18 en outubro e 8 en novembro).

-Por idades:

Na seguinte táboa detállanse os falecidos do cólera de 1854 por tramos de idades, tal e como consta no AMP, expresado en grupos de cinco anos[80]:

IDADE DOS FALECIDOS	<1	1-4	5-9	10-14	15-19	20-24	25-29	30-34	35-39	40-44	45-49	50-54	55-59	60-64	65-69	70-74	75-79	80-84	>84
Nº mortos	6	26	19	6	16	7	4	19	10	25	6	24	5	25	10	10	4	5	0

E podemos tirar as seguintes conclusións:

-A mortalidade infantil é máis abundante no tramo de 1 a 9 anos (con 45 casos, case o 20%).

78. AMP, *Caixa 283,* f. c. Nº. F.: Número de falecidos.

79. No ano seguinte repetirase este fenómeno de breve pero forte intensidade da enfermidade, e no mesmo mes.

80. É necesario sinalar o redondeo que nos datos orixinais se fai de certas idades, por exemplo: 60 anos: 16; 40 anos: 15; 50 anos: 14; 70 anos: 10.

-A poboación falecida a máis avanzada idade (>60 anos) son 52 casos, un 22,5%.
-A esperanza de vida redúcese de 33 anos (do total de falecidos) aos 28 dos coléricos.

-Cos datos apuntados, dispoñemos do perfil da vítima do cólera:
·Muller (en total, 104, é dicir, un 65%).
·Idade: 40-64 anos (suman 85, un 36,8%).

(A explicación é sinxela: as mulleres son as que se dedican, maioritariamente, ao coidado dos enfermos e ao lavado das roupas, etc., polo que o risco de contaxio é maior que nos homes; e precisamente nese tramo de idade, por ser máis activa que as etapas infantil ou senil.)

Gráfico 4: Vítimas do cólera de 1854 por tramos de idades



3.2. Estatísticas de 1855

*Movemento de poboación: -Nacementos: 126 (68 Homes, 58 mulleres)
-Vodas: 29
-Defuncións { +Rexistro por trimestres: 237
{ +Rexistro por idades: 240
{ +Rexistro por parroquias: 226[81]
-Esperanza de vida: 43 anos.

81. Como se pode apreciar, existe certa disparidade segundo as fontes.

*MORTOS POLO CÓLERA[82]:

+Por parroquias e sexo:

PARROQUIAS	Total	Cólera	Homes	Mulleres	Nenos	% cólera	% cólera nenos	Non cólera
Vila	49	14	5	9	1	28,5	10	35
Ombre	46	26	16	10	3	56,5	37,5	20
Nogueirosa	11	4	1	3	0	36,3	0	7
Andrade	24	13	5	8	0	54,1	0	11
Vilar e Breamo	56	18	9	9	5	32,1	27,7	38
Centroña	13	5	1	4	0	38,4	0	8
Boebre	27	12	5	7	1	44,4	1	20
Concello	226	92	42	50	10	40,7	22,2	134
%	100	40,7	45,6	54,3	22,2	"	"	59,3

-Observamos unha incidencia da enfermidade menor que no ano precedente (77,7%), cunha menor diferenza por sexos (8,7% fronte a un 30% do ano anterior) e unha situación infantil semellante a 1854.
-Unha razón pola cal o cólera non provocou tantos mortos é que tivo que competir con outra epidemia, para desolación dos eumeses: as febres tifoides. Esta infección levou 28 persoas (case un terzo das do cólera, moitas delas, nenos). A súa duración foi moi semellante: de xullo a outubro. Entre as dúas enfermidades morreron 120 individuos, o que supón máis da metade das causas de defunción[83].
-Por parroquias, as máis castigadas nesta ocasión son as de Ombre e Andrade, con máis da metade dos mortos debidos á enfermidade; en segundo lugar, atópanse as demais parroquias rurais, entre o 32% de Vilar-Breamo e o 44 de Boebre.
-Chama a atención as escasas vítimas da vila, a diferenza do ano pasado, que é a que ten un menor grao de afectación, sendo a única que está por debaixo do 30%.

-Perfil do colérico: muller (54,3%), de 30-60 anos de idade.

+Por meses:
-Primeiros casos: mes de xullo. Parroquias: Andrade, Ombre e Nogueirosa.
-Últimos casos: mes de novembro en Nogueirosa; o resto: mes de outubro.

82. Todos os datos pertencen ao AMP, se ben non coinciden exactamente nos balances por parroquias e por meses.

83. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Epidemioloxía histórica..." Tamén a cidade de Betanzos se vira afectada por unha epidemia similar dous anos antes: CARRO OUTEIRO, J. E FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C., "La epidemia de "*tifus*", de 1853, en Betanzos", en *Anuario Brigantino*, nº 12 (1989). Sobre o cólera nesta poboación, ver VEIGA FERREIRA, X.M., "O cólera en Betanzos", na mesma revista, nº 11 (1988).



Observamos que máis da metade dos falecidos se concentran no mes de outubro, sendo tamén ese mes o último, coa única excepción dun morto no mes seguinte. En 1854 tamén fora outubro o de maior mortaldade. Consérvase un cadro-esquema, moi significativo do curso da enfermidade en todo o concello neste mes, asinado polo doutor Portal, e que, simplificado, é o seguinte[84]:

VÍTIMAS DO CÓLERA NO MES DE **OUTUBRO DE 1855**, DÍA A DÍA:

DÍA	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27
E.A.	12	11	12	13	17	22	22	18	22	19	17	19	17	15	14	10	8	6	7	5	4	0
E.H.	1	3	3	6	6	2	0	9	1	8	11	1	4	2	2	2	1	2	1	0	0	0
F.H.	2	2	2	2	1	2	3	2	2	2	6	1	2	0	4	1	1	1	1	0	0	0
C.H.	1	0	0	0	0	0	1	3	2	4	7	2	4	3	2	2	2	0	2	2	4	0
Q.E.	11	12	13	17	22	22	18	22	19	21	19	17	15	14	10	8	6	7	5	4	0	0

Observamos a evolución ascendente dos enfermos durante os días 9 ao 17, nos que se concentra o maior número de casos, chegando a haber 11 novos no día 16, totalizando 22 casos durante cada un das cinco xornadas do 10 ao 14, ("epicentro" da epidemia)[85].

84. Só constan os datos posteriores ao día 6 de outubro. E.A.: *Enfermos anteriores* (refírese ao de cada data); E. H. : *Enfermos hoxe*; F. H.: *Falecidos hoxe*; C. H.: *Curados hoxe*; Q. E.: *Quedan enfermos*. AMP, *Caixa* 282, f. c. Informe dirixido polo doutor Portal, subdelegado da Xunta de Sanidade municipal, ao Concello de Pontedeume, outubro de 1855.

85. Este pico brusco pero breve é similar ao producido no mesmo mes do ano pasado. Ver Estatísticas de 1854.

O número de falecidos mostra unha regularidade maior, non superando os 6 do día 16.

En canto ás curacións, vemos que a primeira tarda en producirse toda unha semana.

A partir do día 18 a evolución da enfermidade tende a diminuír, tanto en novos casos coma en falecidos; a partir do día 25 cesan as mortes e, o que é máis importante, non hai ningún colérico máis, polo que o 27 se dá por rematada a epidemia ao curaren o día anterior os 4 que quedaban[86].

O total de enfermos durante estes 22 días é de 77 (3,5 ao día). O de falecidos, 37 (1,68 ao día). E o de curados, 40. Morre o 48%, salvándose, polo tanto, o 52%. É dicir, case metade e metade.

+Por parroquias:

Gráfico 6: Vítimas do cólera de 1855 por parroquias



86. *"En el día de ayer ningún enfermo colérico existió en este distrito, y hoy a Dios gracias, nos vemos libres de tan terrible plaga".*

A difusión xeográfica da enfermidade é errática, pois as diferenzas coa vaga do ano anterior son grandes:
-Ao contrario que en 1854, a vila sofre, comparativamente, menos que as parroquias rurais (14 casos, un exiguo 15,2%).
-Chama a atención o castigo da parroquia de Ombre, que acumula 26 casos, máis dun 28 %. O ano pasado tivera unha soa vítima.
-Nesta ocasión, ningunha parroquia se libra, aínda que Centroña (5) e Nogueirosa (4) saen mellor paradas.

+Por parroquias e meses:

PARROQUIAS / MES	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	TOTAL
Ombre	5	9	6	6	0	26
Nogueirosa	1	0	1	1	1	4
Andrade	1	1	3	8	0	15
Centroña	0	0	3	8	0	11
Vilar e Breamo	0	0	5	13	0	18
Boebre	0	3	9	0	0	12
Vila	0	0	0	14	0	14
Concello	7	13	27	50	1	98

A enfermidade comeza con forza na parroquia de Ombre, a máis afectada. No mes de xullo, poucos serán os casos e só en tres parroquias. En setembro, todas as parroquias a sufrirán, coa excepción da vila, que concentra as súas 14 vítimas no mes fatídico, outubro, no que perecerán a metade de todos os coléricos. Pero aí rematou todo: só Nogueirosa prolongará a novembro o triste censo, co último caso.

3.3. Balance total de mortos 1854-1855[87].

+ Estatísticas globais[88].

Ano	Mortos	Homes	%	Mulleres	%	M.I.	%	ID. ME	PERFIL	DURACIÓN
1854	246	86	35	160	65	60	24	28	M. 40-64 a.	setembro-decembro
1855	92	42	46	50	54	10	11	43	M. 30-60 a.	xullo-novembro
TOTAL	338	128	38	210	62	70	21	35	-	-

87. Outros autores estudaron os efectos demográficos desta epidemia de Pontedeume. Ver: RODRÍGUEZ GALDO, M. X. e DOPICO, F., "Comportamiento demográfico y enfermedad. Contribución a un modelo gallego para mediados del siglo XIX", en: *Crisis agrarias y crecemiento económico en Galicia en el siglo XIX,* Edicións do Castro, 1981. Hai unha reprodución facsímile na revista Cátedra, nº 12 (2005).

88. M. I.: Mortalidade infantil referida a menores de 14 anos. ID. ME.: Idade media dos defuntos. PERFIL: M.: muller.

+ Por meses:

MESES	1854	1855	TOTAL
Xullo	0	7	7
Agosto	0	13	13
Setembro	0	16	16
Outubro	126	46	172
Novembro	10	1	41
Decembro	5	0	5

Gráfico 7: Vítimas do cólera de 1854-55 por meses



+Por parroquias.



	Vila	Vilar	Breamo	Andrade	Ombre	Nogueirosa	Centroña	Boebre	TOTAL
Mortos 1854	160	45		14	1	17	7	0	244
Mortos 1855	14	18		13	26	4	5	12	92
TOTAL	164	63		27	27	21	12	12	336
Censo 1853	1.743	223	318	187	386	415	238	231	3.741
M. % censo	9,2	11,6		14,4	7	5	5	9,5	8,6
Censo 1856	1.618	175	196	201	256	358	220	200	3.224
DIF. 1853-1856	-125	-48	-122	14	-130	-57	-18	-31	-517
%	-7,17	-21,5	-38,3	7,48	-33,67	-13,7	-7,56	-13,4	-13,8

+Diferenzas de mortalidade:

-Parroquias máis afectadas pola epidemia (>11 %): Andrade, Vilar e Breamo.
-Parroquias menos afectadas (<8%): Centroña, Nogueirosa e Ombre.
-A vila sofre case a metade das baixas, pero proporcionalmente se atopa situada nun lugar intermedio, xunto con Boebre.

+Repercusión demográfica:

-Parroquias con maior retroceso no censo de 1856 (>-20%): Breamo, Ombre e Vilar.
-Parroquias con menor perda demográfica en 1856 (<-8%): Vila, Andrade e Centroña. (Chama a atención o caso de Andrade, única parroquia que gañou poboación malia o castigo recibido).

No seu conxunto, o concello tivo un retroceso demográfico importante neste trienio (máis de 500 persoas, case un 14%), non só atribuíbel á mortaldade en si, senón tamén a outros factores provocados pola epidemia como a caída da natalidade, a fuxida sen retorno, a penuria económica, o incremento das demais enfermidades[89], etc. Enmárcase dentro dun ciclo demográfico negativo correspondente á crise de mediados de século, presente dende a década anterior e que rematará nos anos sesenta[90].

+O cólera produciu un evidente incremento na Mortalidade xeral, representada nesta táboa[91]:

ANOS	Vila	Andrade	Boebre	Vilar e Breamo	Centroña	Ombre	Nogueirosa	TOTAL	I.M.A.	I.M.%
1854	192	19	3	57	10	4	20	305	176	57,7
1855	49	24	27	56	13	46	11	226	97	43,3
TOTAL	241	43	30	113	23	50	31	531	273	51,4

Comprobamos que a sobremortalidade foi superior ao 50%, e como apuntamos, debido á epidemia pero tamén á maior incidencia doutras enfermidades sobre todo de tipo social relacionadas coa crise económica.

+ Por grupos de idades:

ANOS	<1	1/ 5	5/ 10	10/ 15	15/ 20	20/ 25	25/ 30	30/ 35	35/ 40	40/ 45	45/ 50	50/ 55	55/ 60	60/ 65	65/ 70	70/ 75	75/ 80	80/ 85	85/ 90	> 90	TOTAL
1852	9	11	7	0	4	6	5	5	4	3	9	8	4	15	9	10	3	3	2	1	128
1855	11	15	12	7	8	7	7	17	9	14	16	18	19	28	13	12	9	14	2	2	240
1855-52	2	4	5	7	4	1	2	12	5	11	7	10	15	13	4	2	6	11	0	1	112
%	18,2	26,6	41,6	100	50	14,3	28,5	70,6	55,5	78,6	43,7	55,5	79	46,4	30,7	16,6	66,6	78,6	0	50	46,6

As idades máis afectadas pola epidemia foron tres grupos: os nenos de 10-15 anos; os adultos de 30 a 55; e os maiores de 75. O grupo de mediana idade é o máis numeroso e corresponde maioritariamente a mulleres, encargadas da limpeza e ao coidado dos enfermos, co que estaban máis expostas ao contaxio. A poboación infantil, máis vulnerábel en xeral, non o será nesta ocasión.

89. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Epidemioloxía histórica...", op. cit., referido ás febres tifoides e outras enfermidades infecciosas.

90. Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Análise demográfica...", op. cit. Rodríguez Galdo realiza un estudo sobre esta crise pero referido á Galicia costeira, e conclúe que a bisbarra das Mariñas, na que se inclúe Pontedeume, sufriu unha crise demográfica maior en 1854 (magnitude 4) e unha *crise media* en 1855 (magnitude 2), dentro dun abano de 1 a 6. Recordemos que en 1853 (ano da fame), a crise foi *menor* (magnitude 1). Ver: RODRÍGUEZ GALDO, M. X., "Fame, epidemia e crise demográfica na Galicia litoral a mediados do século XIX". Revista *Asclepio*, nº 35, 1983.

91. A media de referencia é a correspondente ao período anterior con datos (Ver VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Análise demográfica...", op. cit.). Trátase dos anos 1838-1850, e son 129 mortos ao ano. I.M.A.: Incremento da mortalidade en cifras absolutas. I. M. %: Incremento da mortalidade en %.

3.4 Repercusión no Movemento de poboación.

+Natalidade

Non só a mortalidade, senón tamén a Natalidade viuse afectada, e como é lóxico, para menos:

ANOS	Vila	Andrade	Boebre	Vilar e Breamo	Centroña	Ombre	Nogueirosa	TOTAL
1854	63	12	8	36	5	17	14	155
1856	44	10	5	22	8	8	12	109
Saldo 1854/ 1856	-10	-2	-3	-14	3	-9	-2	-46
Difª %	-30	-16,6	-37,5	-38,9	37,5	-53	-14,2	-29,6

Observamos unha diminución da natalidade próxima a un terzo do total, sendo especialmente grave na parroquia de Ombre, así como en Boebre, Centroña e Vilar-Breamo. Centroña, ao ser a menos afectada, é a única que ten un saldo positivo.

+ Taxas de Natalidade, Mortalidade e Crecemento Natural.

[92]	T.N.	T.M.	C.N.
1855	38,7	72,8	-3,41
M. 1838-1850	37,4	30,9	0,64
DIFERENZA	1,31	41,9	-2,77

-Escaso aumento da taxa de natalidade, notábel incremento da de mortalidade, polo tanto, saldo de crecemento vexetativo negativo. Como xa dixemos, forma parte da crise económica e demográfica de mediados do século XIX en Pontedeume. Non será 1855 o único con C.N. negativo. Tamén o fora 1853 (ano da fame), con -1,93%; E antes, 1840 e 1842, aínda que con valores inferiores.

Se posuísemos os datos de poboación de 1854, a bo seguro que este ano botaría un saldo aínda peor.

+ Nupcialidade

O Índice de Nupcialidade de 1855 foi de 9º/º º, fronte ao do período de referencia (1838-1850), que foi de 6,5º/º º. O porqué desta aparente contradición é a celebración

92. T.N.: Taxa de Natalidade, expresada en º/º º. T.M.: Taxa de Mortalidade, expresada en º/º º. C.N.: Crecemento Natural, en %. M. 1838-1850: Media dese período, como referencia comparativa. DIFERENZA: entre o ano 1855 e o anterior período. Carecemos do censo do ano 1854. Ver: VÁZQUEZ ARIAS, J. C., "Análise demográfica...", op. cit.

neste ano das vodas pospostas pola crise dos dous anos anteriores: 1853 (fame) e 1854 (cólera máis mortífero). De feito, en 1853 o I. de nupcialidade caeu a un 3,2º/º º, o máis baixo dos 16 rexistrados entre 1835 e 1858.

+ Movemento de poboación.
Números índices:

[93]	NACEMENTOS	VODAS	DEFUNCIÓNS
1854	101,7	94,9	238,2
1855	82	105,8	172
INDICE 1846-52	100	100	100
MEDIA 1854-55	91,85	100,35	205
DIFERENZA (%)	-8,15	0,35	105

Obtemos un descenso da natalidade e un importante incremento das mortes, que se duplican con respecto ao período de referencia, signos inequívocos da crise demográfica. Os casamentos, como vimos, mantéñense.

4. A AMEAZA DE CÓLERA DE 1884 E 1885

Trinta anos máis tarde, o fantasma da epidemia volve pender sobre Pontedeume. A anterior acometida de 1865 non afectou a Galicia, pero agora a virulencia é moito maior, sobre todo no leste de España. Xa en 1884, o Concello eumés realiza un censo de pobres para a asistencia médica e botica gratuíta en caso de que a enfermidade volva outra vez. A relación por parroquias é a seguinte:

PARROQUIAS	Nº FAMILIAS POBRES
Andrade	27
Boebre	45
Centroña	39
Ombre	32
Nogueirosa	19
Vila	192
Vilar	21
TOTAL	375[94]

Un expediente dese ano da Xunta de Beneficencia e Sanidade foi *"instruido sobre la adopción de medidas sanitarias con motivo de la invasión colérica en la costa de Levante de la península"*[95].

93. Tomamos como referencia o período 1846-1852, que será o índice 100, para comparar cos datos dos anos 1854 e 1855. A diferenza entre a media destes dous anos e o período de referencia expresaranos o alcance da epidemia.

94. AMP, Caixa 290, *Padrón de pobres e solicitudes de inclusión na Beneficencia (1855-1940)*, 5-XI-1884.

95. AMP, Caixa 282, *f. c.*

Inclúese un exemplar do B.O.P. da Coruña de 4 de setembro, onde se dá conta desta epidemia en Alacante, ademais de Francia e Italia, así como unha circular do gobernador provincial sobre as medidas que se deben tomar para atallar a enfermidade.

Entre outras, ordénase a creación dunha Xunta Municipal de Sanidade, baixo a presidencia do alcalde, D. Juan Antonio Sardiña Barceló, e formada por: D. Ramón Portal Montenegro, médico titular interino do distrito e subdelegado de Sanidade; D. Juan M. Punín Paz, farmacéutico; D. Manuel Romaos, facultativo habilitado en Medicina e Cirurxía, e outros dous veciños máis[96].

A continuación, hai unha serie de partes dos médicos locais dende o 20 de novembro de 1884 até o 9 de febreiro de 1885 nos que comunican as novidades do estado sanitario do distrito, por certo, sen novidades: non houbo ningún caso de cólera. Dáse por rematado o expediente o 11 de febreiro dese ano.

O 10 de agosto de 1885, o gobernador provincial publica unha circular no B.O.P. pola cal insta ás autoridades municipais e forzas da orde pública *"co fin de extremar as medidas hixiénicas recomendadas e de prepararse a combater o mal, se por desgraza invadise este territorio".* E é que a epidemia, que pronto chegará a Galicia, se estendía xa por 18 provincias españolas.

O 24 de xullo de 1885 vólvese mobilizar o Concello, presidido por outro alcalde, D. José Fernández Goyas: "*Se convoca la Junta Municipal de Sanidad a fin de que acuerde las medidas higiénicas (...) conducentes a paliar el mal"*[97].

Cinco días máis tarde, reúnese a citada xunta, formada polos seguintes vogais: D. Leonardo Rosado, médico titular; D. Manuel Punín Paz, subdelegado de Farmacia; D. Benigno Vizoso Punín, médico titular, e tres veciños máis. Non acudiu o subdelegado, o doutor Portal, *"por estar indispuesto".*

Acordouse que por bando se preveña os habitantes do distrito a *"estricta observancia"* dunha serie de regras, relativas á limpeza de rúas e lugares especiais do pobo, como o mercado, o cemiterio, etc[98].

96. Recordamos estes dous doutores que ocupaban similares cargos na epidemia de 1854-55.

97. AMP, *Caixa* 282, f. c., Expediente sobre a adopción de medidas sanitarias para precaverse do cólera morbo. Concello de Pontedeume, Ano de 1885.

98. O bando, de data 7 de agosto, polo seu interese sociolóxico, consta íntegro no ANEXO II. AMP, *Caixa* 282, f. c. Como adoitaba ser frecuente, non se cumpre, polo que a Xunta Municipal de Sanidade acorda prorrogar o dito bando oito días máis, transcorridos os cales se realizarán as anunciadas visitas domiciliarias polas comisións para vixiar o seu cumprimento. Dous días despois publícase o oportuno bando, recordando as medidas hixiénicas que se deben observar. AMP, Caixa 282, f. c., Sesión do 20 de agosto.

Acordouse tamén *"que una Comisión estudie y proponga el local con el fin de establecer un* ***hospitalillo provisional*** *con capacidad para 24 camas por lo menos, y servicio sanitario"*[99].

Decidiuse agregar á Xunta, como vogal, o farmacéutico D. Antonio Díaz Zamorano, e organizar no pobo e nas parroquias ou barrios rurais c*omisións permanentes de salubridade pública.* Fórmanse 16 comisións, unha por parroquia, agás a vila, que se divide en tres barrios (S. Roque, rúa Real e Conde), cada unha de tres membros, presididas polos curas párrocos no rural e os alcaldes de barrio nas da vila.

Dentro destas medidas preventivas, o alcalde comunica ao cura párroco da vila unhas instrucións sobre como se han de desenvolver as inhumacións dos cadáveres, para evitar a pestilencia. Xa en data anterior (día oito), prohibira as exequias de corpo presente. Agora, ordena que se fagan os funerais dentro das 36 horas despois do falecemento do posíbel enfermo de cólera, debendo ser conducido ao cemiterio nunha caixa herméticamente pechada, *"con paso moderado para terminar pronto el tránsito"*[100].

O 16 de setembro notifícase a realización das visitas de inspección por parte das comisións de barrio mencionadas. O informe é desalentador, e se a epidemia non se repite, non será polo bo estado de limpeza do pobo (a provincia da Coruña será a única galega que se vexa libre da enfermidade)[101].

Para empezar, comunícase o achado dunha importante cantidade de esterco nunha casa na rúa de Santo Agostiño (que será retirada e subhastada). Fai constar a existencia de varios lugares sucios que poden ser focos de infección do cólera e nomea os veciños responsábeis.

A esperanza e a procura da salvación son o espírito de base do libro. E non polas connotacións autobiográficas que se lle supoñen, pois, a pesar do anuncio da enfermidade, Ramiro non mudou unha miga os temas e presupostos formais cos que partía. O pouso esperanzado e positivo está determinado polo tempo da infancia. En primeiro lugar, porque é unha obra que se fundamenta nunhas felices lembranzas de neno. Doutra banda, porque vai dirixido a un tipo de lectores aos que o poeta non quere dirixir unha ollada escéptica sobre o mundo, unha determinación que guiou os seus versos dende *Luz do mediodía* e que aquí se fai máis evidente.

A REPRESENTACIÓN POÉTICA DA INFANCIA

Entendo que este é tamén un libro de memorias de infancia. Un libro de memorias de infancia formulado ao xeito do poeta. Esa memoria comprende, de vez, o espazo mítico do neno, a xeira das descubertas, e o abeiro para a salvación do adulto que foi aquel neno. Noutras palabras, a memoria enxérgase como afirmación da identidade nun presente, que, á súa vez, se ha de proxectar ao futuro como base dun ideal que nos salve como individuos. E así hai nas súas páxinas unha comunicación constante, un intercambio, entre un tempo pretérito e un tempo inmediato.

Ten un punto cero, de partida, e un espazo de culminación espacial e temporal. Entre eses dous puntos, o tempo, aínda que semella esvaecer, estaría ditaminado polos

acontecementos que os recordos ditan. Exposto como un paseo marabillado polos espazos que o poeta leva dentro, poderiamos dicir que establece unha especie de presente continuo. Pola vixencia que ten para cada un de nós, certo pasado, parece dicirnos Ramiro, viste, irremediablemente, o traxe do presente. Revélasenos coma un tempo vivo.

Nada mellor para confirmar esa subversión dos tempos que a última parte do libro, que el titula, moi conscientemente, «Vellas datas do futuro». E tal aserto ben pode ter dúas lecturas. Esa primeira, privativa de cada un: que nos anos sucesivos aquelas datas antigas acompañarán os nosos pasos. E unha segunda, que rexe os ciclos da vida: tempos semellantes, que para nós son pasado, serán presente para outros no futuro.

Os tres primeiros poemas do volume trasládannos a idea antes mencionada da memoria infantil como espello da identidade de noso, e propoñen un panorama moral que se manifesta en todas as páxinas. Son unha singular declaración de intencións. Nomeadamente, o primeiro deles, «Xardín do pasatempo», tres décimas encadeadas nas que avisa da revisión deses anos iniciais, coas que consegue provocar o efecto dun paseo real: «Vou visitar o xardín / Do pasatempo este día, / Por se encontro a melodía / Deses versos que perdín / E que están dentro de min».

Na segunda décima accede ao xardín. A aparencia de visita física, o anuncio dunha realidade revelada («Nalgunha vida anterior / Estiven nese lugar / Ó que veño pasear») e a enumeración de certas especies (unha flor, unha araucaria, unha palmeira) converten de súpeto a tebra do pasado en luz do presente.

A terceira décima é unha constatación de que algunhas presenzas daquel período desapareceron, que están desterradas, e permite contextualizar o tempo de infancia do poeta, caso da alusión ao «marmóreo pedestal / que sostiña un xeneral». Proba desa idea de que a infancia nos acompaña toda a vida é a acertada imaxe que Ramiro utiliza para representar esa acumulación de lembranzas cun carrusel: «Pero xira un carrusel / E ti dás voltas con el, / Dás voltas a vida enteira». A propia identificación cun xardín terreal indica a transcendencia e o significado que o autor lle concede, isto é, un espazo sen corromper, de salvación.

O poema actúa, asemade, como limiar da lectura. Existe unha identificación evidente entre o libro e o xardín. O poeta pretende que o lector camiñe ao seu carón na visita a ese lugar sen perverter que a memoria lle vai ir revelando.

Pola aparente simplicidade do enunciado; pola súa potencia plástica, determinada pola enumeración de elementos cheos de vida, dun simbolismo tan elocuente coma connotado (é doado apreciar a tecla algareira do modernismo en presenzas como a araucaria

ou o dragón); pola enorme capacidade de evocación, sustentada nunha axilidade rítmica que suxire o compás deses pasos, considéroa unha das pezas de maior dimensión expresiva de toda a súa obra.

A segunda composición, «¿Para quen?», está formulada como continuación da primeira. O poeta segue coa exploración do xardín e pregúntase quen máis pode ter querenza dun lugar así, o que non deixa de ser un orixinal intento de identificación dese cómplice do autor, tan presente na lírica moderna dende o célebre verso de Baudelaire («meu igual, meu irmán»). E así refire unha serie de personalidades, varias das cales ben podería encarnar el: o cativo revello, un señor delicado, quen chega a amar líricos trebellos... E pecha a composición cunha interrogación retórica, onde vemos por primeira vez o xogo de alterar os tempos e coa que acepta, finalmente, a existencia do aliado: «¿O xardín de quen será / Onte e pasadomañá?».

«Así como vén» é o terceiro dos poemas, unha confesión cargada de significado simbólico. Nel relata todo aquilo que pensa cultivar no seu «quintaliño», que aquí alude ao terreo que o poeta labra no corazón. Nel agromarán a rosa, a sombra que o abriga, a fiestra, a bufarda ou a estrela, identificacións tácitas —que non precisan ser resoltas polos lectores destas idades— da amizade, da reflexión, do ideal e das arelas de perfección.

A MEMORIA POPULAR EUMESA NOS POEMAS DE XARDÍN DO PASATEMPO

En *Capitán Inverno*, Ramiro comezou a explorar a liña da memoria popular eumesa na súa obra lírica, abrindo as fiestras aos ambientes mariñeiros, vilegos ou aldeáns. Como un pintor impresionista, imaxe que a el lle prestaba moito utilizar cando se refería a estas composicións, deixounos naquelas páxinas un marabilloso feixe de estampas locais. Prescindiu delas no seu poemario posterior, *A rocha dos proscritos* (de escenarios londinienses e vigueses, nomeadamente), pero logo de retomar esa memoria coa escritura da triloxía Vidas de infancia, volve introducilas neste *Xardín do pasatempo* e consolídaas en *Reversos*, escrito con posterioridade a este.

Nas primeiras partes do volume podemos ver algunhas alusións aos seus anos cativos. No capítulo titulado «Grea de gatos», unha tirada de trinta cuartetas dedicadas a estes animais (no que é posible adiviñar unha homenaxe a *O libro dos gatos habelenciosos do vello Possum*, do seu admirado T.S. Eliot, en que estes animais son espello da especie humana), aparecen os gatos da súa rúa, un gato de barbería, aqueloutros que moran na «casa fantasmal / con mobles afidalgados», e dous michos domésticos, o gatiño *Brais* e a gata *Minusa*. Tamén entre as entradas do «Dicionario de símbolos», a segunda parte do

Grea de gatos

libro, aparece unha referencia moi nosa, a onomatopea «Ñoñoroñó», á que lle dedica o poema correspondente á letra eñe.

É na última división da obra, «Vellas datas do futuro», onde se fan máis explícitas as lembranzas e primeiras experiencias vivenciais, caso dos poemas consagrados aos catro últimos días da semana no capítulo «Días vellos». «Xoves, 15» describe un escenario doméstico, probablemente a casa de Euloxio Regueira, e outro público, o xardín municipal. En «Venres, 21» recrea a feira dese día e a actividade que xera entre diversos personaxes reais, entre elas as súas tías de Esteiro, personaxes con moitas liñas en *Os meus ollos*. O primeiro día das festas do ano 1957, día en que nace Ramiro, recréase no poema «Sábado, 7». E hai mesmo un último («Domingo, 17») en que fai remanecer un domingo chuvioso da infancia, coa misa matinal, un concerto da banda de música e a sesión vespertina do cine.

No capítulo «Meses novos» parecen revivir persoas como o avó de Víctor Garabana en «Febreiro», onde o carpinteiro de ribeira fala do seu oficio, ou en «Marzo», onde

Xoves 15



escoitamos a voz do paraugueiro. En «Xullo», a voz que dirixe os versos ben puidera ser a do barbeiro Uxío Cuiñas. «Agosto» retrata a un mariñeiro que, inspirado polo viño, sube cantando pola costa da rúa Real. En «Novembro» é protagonista un fotógrafo ambulante.

Finalmente, no capítulo «Catro estacións» volve aparecer o xardín no poema «Paraíso de inverno». É un híbrido entre un xardín ideal e o real da súa nenez. En «Auga de primavera» combínanse unha barbería e unha tasca mariñeira. Unha noite de San Xoán e o folión da praza do Convento, outro asunto recorrente na obra de Ramiro (dedícalle parte dun capítulo da novela *Os meus ollos* e o coñecido poema «Ritual das cinzas», do libro *Capitán Inverno*), figura descrito en «Lume de verán», onde tamén se recoñece a fachada do Coliseo:

Hoxe é noite de San Xoán.
O aire xa cheira a fume,
E vanse acendendo os lumes
Pola banda de acolá.
Arderán ata mañá.
Non fago aquí concesións
E achégome ó folión
Vilego, municipal,
Que na praza señorial
Vai comezar a función.

A fachada dun teatro
Contempla de preto a escena
Histórica. Vai ser pena
Que ninguén faga un retrato.

Resulta un litixio amable
Traer cousas inflamables.
Coma paxaros ós niños
Van e veñen os neniños.

¡Que sabio este folión
Que quece o meu corazón!
Arderá ata o futuro.
Ata un ano bo e puro.



Auga de primavera

Os poemas non son, abofé, privativos dun lector iniciado que sexa quen de recoñecer esas referencias. As alusións son xenéricas e poderían aludir, perfectamente, a cal-

quera escenario vilego. Constitúen, sen dúbida, polos asuntos abordados, a sección máis costumista do libro, e tamén aquela onde máis se detecta a ollada retrospectiva do adulto. O neno xa non aparece só cos seus pasatempos e predileccións, senón en sociedade co mundo dos maiores.

CARÁCTER E DISCURSO: CORRESPONDENCIA COA OBRA POÉTICA PREVIA DE RAMIRO FONTE

Non por ser o seu primeiro e único título para cativos, responde a unha estrutura diferente da que guiara outros anteriores. Como establecera Ramiro dende *Capitán Inverno*, esta é tamén unha obra conformada por outras obras. Apréciase no tratamento temporal e na disposición argumental. Neste senso, pola multiplicidade de universos e de emblemas, *Xardín do pasatempo* é un libro calidoscópico, fractal, onde figuran condensados todos os seus referentes: infancia e memoria, azar e destino, ciencia e arte, cultura ilustrada e cultura popular.

Precisamente esa virtude súa, a de integrar nun poema aspectos da tradición culta e ilustrada sen resultar críptico ou presuntuoso, tamén se detecta neste poemario. Esta veta explóraa, nomeadamente, no capítulo «Históricos, bisestos». Son poemas sobre algúns anos que el estima esenciais na súa vida: a morte de Mozart, a publicación de Cantares gallegos, o primeiro paso do cometa Halley no século XX, a aparición do jazz, aquel de 1957 en que el nace, o que dá título á película 2001: Unha odisea do espacio e, finalmente, o da publicación deste libro. Sen dúbida, polas limitacións do lector ao que vai dirixido, ese diálogo presenta máis obstáculos. Pero volve saír triunfante. Malia non «renunciar nunca a moverse no terreo das humanidades», como aprendeu en Murguía, Ramiro é un estilista que non deixa que o asunto embace a arquitectura do poema. A súa obra persegue sempre aquel propósito de Wittgenstein, que mantiña que todo o que pode ser pensado debe poder ser expresado con claridade. Polo traballo de experimentación poética —alterando a fórmula de certas estrofas clásicas— e pola escolla dos asuntos, insiste nesa dirección tan presente na súa poética: liñas temáticas que remexen na identidade de noso pero que tamén se abren a outras tradicións, a outras artes. A intención de quen respectando o clásico pode exercer de moderno. E mantendo acotío un diálogo co tempo, porque, como escribiu nun fermoso relatorio que leu en Arteixo no ano 2000 no congreso dedicado á figura de Manuel Murguía, «só é posible renovarse en poesía de xeito lúcido buscando navegar nas augas nas que se mesturan as augas dos nosos ríos cos ríos exteriores».

Con independencia da idade do lector, o poeta segue a buscar o lector ideal, o aliado que poida compartir as súas querenzas. Non é un libro para unha categoría da infancia, senón un libro sobre unha categoría da infancia. El sabía que tiña que escribir unha obra

para nenos, mais o modelo non podía ser outro que aquel neno que foi el: o neno con memoria e o neno con arelas; o neno que foi e o neno que seguía a habitar a casa do adulto.

A paridade entre as liñas mestras deste libro e as doutras obras anteriores apréciase mesmo no caso das composicións sobre cousas predilectas. Aquí achéganos algunhas máis. Trátase de variacións, algo máis breves, dese poema paradigmático que é «My favorite things», recollido n'*A rocha dos proscritos*; poemas enumerativos guiados por un mesmo modelo de estrofa (cuartetas ou quintillas de octosílabos) que se repite varias veces ou interpretacións diversas do esquema do soneto (con estrambote, con modificacións do estándar rítmico, con estrutura versal diferente...). Nos últimos anos, Ramiro sostiña que xa non lle tiña xeito facer un soneto común; que a modernización dese modelo clásico pasaba polo uso da ironía e da enumeración, ao estilo dalgunhas pezas de Borges, de Neruda ou de Blas de Otero.



Diccionario de símbolos

En *Xardín do pasatempo* reúne case unha ducia de poemas que cumpren con esa práctica. Son, posiblemente, quitado o «Dicionario de símbolos» (un mostrario dese tipo de cousas que provocan a emoción do neno cando as descobre), os máis próximos a un lector cativo. A enumeración imprímelle aos versos un ritmo activo e a diversidade das referencias produce un vizoso efecto sensorial. É o caso dos titulados «Así como vén», «Dobres parellas», «Un trío», «Unha folerpa», «Martes, 30», «Xaneiro», «Outubro», «Decembro», «Mar de outono» ou do que lle dedica ao mes de «Xuño»:

Sereas de pelo louro,
Un xigante calamar,
Un galeón cun tesouro,
Moran no fondo do mar.

Eu busco ouro de lei,
Pero son un buzo vello,
O escafandro empeñei.
E non me xogo o pelello.
Pero xa me consolei
Dando mergullos no espello.

E encontrei un tiburón,
Da sereíña un colar,
O enferruxado rizón,
Cousas que gardaba o mar.

RAMIRO FONTE E JACOBO MUÑIZ: O DIÁLOGO DA MEMORIA

O poemario aparecería nunha colección ilustrada. Había tempo que eu andaba detrás da pista dun ilustrador, Jacobo Muñiz. Lera nalgures que procedía de Pontedeume (souben logo que era neto de Pepe López Veira, Pepe o Xastre, que tamén ten protagonismo n'*Os ollos da ponte* porque é quen lle confecciona ao neno Ramiro o seu uniforme gris da Escola do Pescador). Xa que logo, podía ser a ocasión perfecta para empezar a traballar con el. Autor, ilustrador e editor podían falar o mesmo código, o que beneficiaría o labor de construción da obra. Pouco tiven que facer unha vez que contactei con Jacobo. Cando prendía o ordenador ao chegar á editorial, marabillábame cos debuxos que me ía enviando. Sei que lle emocionaron os poemas, e que cada mañá, durante o proceso de creación, pola fiestra do seu estudio en Córdoba entraba a mesma luz clara ou gris que a esa hora iluminaba a nosa vila.

«Xardín do pasatempo supón unha viaxe dende a memoria ata os tempos da infancia e xuventude do poeta —cóntame Jacobo nestes días que ando dando cabo a este texto—. Foi por iso polo que quixen salientar nos meus debuxos o carácter enigmático e bretemoso que moitas veces teñen as lembranzas, usando imaxes que, a xeito de adiviñas visuais, mantivesen un diálogo aberto cos exquisitos textos de Ramiro. A función das ilustracións non é, polo tanto, ornamentar de xeito simple os versos nin tampouco encerralos, facer unha interpretación pechada. Máis ben tratábase de acompañar ás palabras polas paisaxes que estas percorrían, polos carreiros que marcaban amodiño cos seus pasos, camiñando con elas da man, dende a discreción, falando ás veces, e outras calando».

Con esas creacións, o ilustrador axudou a reforzar a dimensión vivencial e a aspiración ideal do libro. O acento memorístico reafírmase coa representación dos elementos da paisaxe (a torre do consistorio, os caiucos, a continua ponte de pedra convertida no marco onde se suceden os sete episodios dedicados aos días da semana); a aspiración suprema encadéase na sucesión de elementos aéreos e telúricos: as nubes, os paxaros, o mar, os cantís... Asemade, avísanos o subconsciente, a vistosa técnica do tapizado floral das ilustracións, que se ha converter nunha marca de estilo deste ilustrador, consolida o carácter oníric do xardín.

Febreiro

Igual que o poeta, Jacobo Muñiz achegou a súa memoria ás páxinas. E degustou as reminiscencias obrigadas. O resultado final, a comuñón total dos versos e os debuxos, non podía ser outra, acaso por ese punto de fusión que se dá entre as vidas dun e doutro: ambos abandonaron a vila cos mesmos anos. Abonda con lembrar o comezo d'*Os meus ollos* para saber o significado que iso ten: «Tiña once anos acabados de cumprir cando marchamos da vila para irmos vivir á cidade. Entón aprendín que un nunca está preparado para ese momento en que o destino nos arrinca das mans as cousas queridas».

Vénme agora ao recordo o día en que lle levei a Ramiro os dous primeiros exemplares saídos do prelo. Foi a última semana de setembro de 2008, en Barcelona. Pasaba as follas de atrás para adiante e de adiante para atrás, asombrado. Lembro que, emocionado de telo nas mans, chegou a dicir que era o seu «mellor libro de poemas». Falaba fascinado das ilustracións de Jacobo. «É magnífico —dicía—. ¡Como monta un discurso paralelo...! ¡Os dous poemas peores do libro, el convérteos nos mellores con esta ilustración continua!». Referíase a unha dobre páxina formada por «Mariña» e «Un naufraxio». Asombroume como, ante uns debuxos que reforzaban os seus versos, era capaz de abaixar o seu propio traballo. Xa considerará o lector que eses dous non son, nin de lonxe, os poemas menos brillantes do libro.

Mariña, un naufraxio



Estas liñas non son máis que unha apresurada reflexión verbo dun libro que, agardo, haberá de xulgarse con outra medida á volta duns anos e que, mesmo dirixido a lectores cativos, vén confirmar que a obra literaria de Ramiro é un corpo ensamblado, unido por ducias de vasos comunicantes, como lle gustaba definila a el. Noutras palabras, constitúe unha mostra máis da integridade do seu enunciado estético: o individuo, incapaz de mudar o rumbo de deriva do seu tempo, busca a salvación no que lle é próximo, nos acontecementos diarios, na beleza das cousas humildes. Ningún panorama de miseria moral, parece dicirnos, pode afogar completamente as vidas domésticas, os actos e as ilusións de cada persoa.

El arelaba conformar con cada libro que escribía unha verdadeira biografía poética. *Xardín do pasatempo* dá fe tamén dese propósito e axuda a completar as páxinas que aínda puidesen estar en branco da identidade moral e estética do noso poeta máis senlleiro.

CÁTEDRA

Premio de Investigación Concello de Pontedeume 2008

ACTA DO XURADO DO PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

O Xurado do **XI Premio de Investigación Concello de Pontedeume** en temas etnográficos, composto por **D. José Mª Cardesín**, profesor de Historia dos Movementos Sociais na Facultade de Socioloxía na Universidade da Coruña; **Dona Begoña Bas López**, doutora en Xeografía e Historia e especialista en etnografía; **Dona Lucía Costas Fernández** e **Carola Macedo Cordal** gañadoras do premio no ano 2007 e actuando como presindente, **D. Gabriel Torrente Piñeiro**, Alcalde de Pontedeume; e como secretario do Xurado **D. Alexandre Caínzos**, Bibliotecario Municipal, decidiu por unanimidade conceder o premio ó traballo titulado **"Análise etnográfica e antropolóxica da obra do eumés Abelardo Miguel"** do que e autora **María Figaldo Casares**.

En Pontedeume, a 22 de setembro de 2008

ANÁLISE ETNOGRÁFICA E ANTROPOLÓXICA DA OBRA DO ARTISTA EUMÉS ABELARDO MIGUEL

María Fidalgo Casares
Doutora en Historia da Arte

In memoriam: Abelardo Miguel,
Manuel Luis Fidalgo y Ramiro Fonte,
existencialmente, almas eumesas

INTRODUCIÓN
Validez do legado Etnográfico e Antropolóxico da obra de Abelardo Miguel

A Historia da Arte está chea de artistas esquencidos e marxinados. En moitos deles existe un matiz tráxico na súa semblanza, o feito de que o seu recoñecemento sexa post-mortem. Abe-lardo Miguel, aínda espera que chegue o seu recoñecemento.

Abelardo Miguel 1964

Abelardo Miguel López Leira, (1918-1991) *"Abelardo Miguel"* artista singular, existencialmente galego e universal, fecundo en diversos planteamentos pictóricos e dotado da facultade de recrear imaxinativamente o seu universo, ofreceu ao mundo a interpretación lírica e romántica da Galicia do seu tempo.

Excepcional narrador de imaxes e un certeiro cronista pictórico dos homes e mulleres de Galicia, a súa tarefa de pintar converterase nun designio humano individual e solitario, e filtrará sempre a realidade a través da súa imaxinación eminentemente plástificada.

Esquencido durante décadas na Historia da Arte galega e ignorado pola actual crítica artística porque o seu espírito individualista non concibía a militancia en filas estéticas e por non acatar xamais disciplinas de grupo, se recluíu en Pontedeume, a súa vila natal, e rexeitou os mercados artísticos convencionais, desenvolvendo unha prolífica traxectoria que constitúe sen dúbida algunha, unha de mas interesantes e orixinais aportacións á

panorama artística galega do século XX e por lexítimo dereito ten que ser considerado figura senlleira da Arte galega.

A obra do pintor eumés Abelardo Miguel, é constatación da existencia dunha arte identitaria que está a ser debatida na actualidade. A súa obra trascende o valor artístico para ser documento testemuñal dun pobo con identidade propia.

Nunha breve achega á extensa obra do pintor Abelardo Miguel, a diferencia entre o pasado e o hoxe fica extensamente certificada, presenta unha panorama de imposíbel retroacción, e polo tanto de evidente validez etnográfica. Unha análise mais exhaustiva ratifica e confirma a valía antropolóxica do seu legado.

A revisión etimolóxica do termo Etnografía refire a *ethos* do grego *étnicos* que significa, etnia, todo grupo humano unido por vínculos de raza ou nacionalidade, do mesmo idioma e cultura, mentres grafía significa descrición. Neste sentido a Etnografía enténdese como descrición de agrupacións, persoas con lazos culturais, sociais ou de calquera outra índole, que comparten visións, valores e patróns, ben de tipo social, cultural, económico ou relixioso[1]. As obras do pintor eumés, mostran o valor intanxibel que as etiqueta como Patrimonio Etnográfico e Antropolóxico, por ser a plasmación dun mundo que debe preservarse para as xeracións vindeiras, xa que representan os valores que desde cronoloxías inmemoriais se nos foron transmitindo e permanecendo na memoria, aceptándoas como intemporais e representativas da nosa identidade cultural.

Neste traballo de investigación prescindiremos de analizar os inxentes e singulares valores da traxectoria artística de Abelardo Miguel e, tras unha breve achega á súa biografía e estilo, abordaremos o valor etno-antropolóxico e patrimonial do seu legado, a súa figura dentro das tendencias da Etnografía, a súa obra como obxecto e método antropolóxico e mesmo, anque sexa reiterativo, ratificaremos o seu valor patrimonial desde o punto de vista das leis autonómicas, estatais e internacionais.

Despois centrarémonos nas parcelas temáticas que cultivou mais ligadas ao substrato etno-antropolóxico de Galicia: o mundo mariñeiro, por ser Abelardo Miguel fiel voceiro da colectividade mariñeira do seu tempo, e o mundo campesiño, ao ser tamén o artista, testemuña e testemuño da sociedade labrega que plasma sobre todo nas súas feiras agrogandeiras.

O último epígrafe dedicarase á súa visión persoal da paisaxe, se cadra unha das facetas mais descoñecidas e interesantes do pintor, xa que é unha temática que está desde o Rexurdimento completamente imbricada na captación da identidade galega,

1. GALINDO, J.: *Técnicas de investigación en sociedad, cultura y comunicación* Addison Wesley Longman México 1998.

Cando o etnógrafo estudia unha cultura atende a xeitos concretos, a conducta, o coñecemento e os obxectos... e a recompilación de información dun estudio etnográfico esixe a observación do feito no seu ambiente natural, o que supón traballo e observación sobre o terreo[2]. O contexto e o xeito a ser observado non analízanse en forma separada senón que son estudiadas na súa interrelación espontánea e natural. O sitio onde acontece o fenómeno é o centro de actuación do investigador etnográfico. Abelardo Miguel, desde o seu observatorio de Pontedeume, vila mariñeira e bisbarra agrícola desde épocas ancestrais, actúa como un etnógrafo e plasma nos seus lenzos todos estes xeitos que concirnen a este ámbito etnográfico.

Todos os elementos atópanse entremisturados nas súas obras, xa que en todos os seus lenzos hai unha integración total co contexto, e as imaxes se completan no caso mariñeiro con unha descrición das paisaxes mariñeiras, fisionomías de homes e mulleres, embarcacións, indumentarias, instrumentos e aparellos de mariñeiría e produtos do mar, elementos que aparecen inseridos no espacio natural no que xorden e desenvolven, neste caso o mar de Galicia e os portos das súas vilas costeiras, en particular a vila de Pontedeume e a súa bisbarra.

No caso do mundo labrego, nas súas feiras e nas súas paisaxes agrarias, sempre animais e productos son tan protagonistas como o home, que aparece complementado cos apeiros, indumentarias e escenarios, tanto no espacio do troco, como no espacio de producción, neste caso a paisaxe agraria, tan patrimonial como o resto dos aspectos.

O escenario paisaxístico, mariñeiro e labrego é un paraxe omnipresente: a bisbarra de Pontedeume a principios do século XX, o seu entorno vital. A vila de Pontedeume era algo mais que medular para el, era o seu estratéxico observatorio de cara ao universo, todo un *sancta sanctorum* do seu templo creador, onde tiña o seu taller e onde se sentía feliz exercendo de pintor.*"Abelardo adentró no seu espírito a vital palpitación do seu Pontedeume natal, semente e impulso da súa manifestación artística"*[3].

Con todo, a universalidade de Abelardo fai que a representación puidese ter sido en calquera outro lugar de Galicia. Os personaxes perden a súa individualidade en beneficio dunha tipoloxía esencialmente galega.

Abelardo recorre así a efectos metafóricos, especialmente á sinécdoque, figura fundamental para entender a natureza do estereotipo. A sinécdoque é o tropo que consiste en aumentar a importancia dunha das partes do obxecto que quérese designar ate acabar

2. MORFOUX, LM.: *Diccionario de Ciencias Humanas* Grijalbo Barcelona 1985.

3. ALMAR: "Pintura de Abelardo Miguel" *El Ideal Gallego* 18 de Marzo de 1977

substituíndoo por aquela. Noutras palabras, a sinécdoque consiste en designar o todo facendo referencia a unha das partes.

Pontedeume é unha sinécdoque, é dicir, un modo de facer referencia a ese todo que é Galicia mediante as súas partes mais coñecidas. Abelardo Miguel permaneceu na súa vila natal como un acto profundamente reflexivo, dunha profunda autoprospección meditativa, e converteuna en esquema primordial da súa visión do mundo.

Vista do peirao 1974

II. BREVE ACHEGAMENTO Á FIGURA DE ABELARDO MIGUEL

1. Síntese biográfica

Abelardo Miguel López Leira, *"Abelardo Miguel",* naceu pintor en Pontedeume en febreiro de 1918 na céntrica rúa da Pescadería nunha humilde familia de pescadores, sendo o quinto de once irmáns.

Pontedeume era entón unha vila mariñeira como tantas outras da costa galega, coa estrutura socioeconómica propia do século XIX e principios do XX na que convivían a

Pescadería 28, Casa natal do pintor

emigración a ultramar, a maioritaria dedicación á pesca con actividades agropecuarias complementarias.

Excepcionalmente dotado para a Arte debuxou desde a súa mas tenra infancia. A súa afición artística... Abelardo nace con ela, as súas cualidades son innatas e o estilo sáelle desde dentro, é o claro resultado dun mundo propio marcado pola súa identidade galega. A súa vida ligouse á pintura sen esvaecemento algún na súa incesante actividade criadora, converténdose nunha paixón interior, case biolóxica, que fixo da pintura o seu acto vital por excelencia.

A valía do neno chama a atención dun parente: Jesito, profesor de Debuxo na Coruña que convence a familia das posibilidades do neno, e Abelardo abandona Pontedeume para perfecionar a súa técnica na Escola de Artes de A Coruña. A súa primeira exposición foi na súa vila natal aos dez anos, nunha tenda de tecidos, onde entre mercadorías varias expón meia ducia de lenzos de barcas e retratos de mariñeiros.

En 1934 gaña o 2º galardón do certame de pintura infantil na Asociación de Artistas de Ferrol e en 1935 obtén o 1º premio de Debuxo do Concello de A Coruña, que fará que lle dean unha bolsa nunha das escolas da arte mas prestixiosas de Europa: a Real Academia de Belas Artes de San Fernando. A concesión desta bolsa di moito do talento do humilde neno pintor[4], xa que non tiña padriños nin influencias e a Deputación da Coruña non era moi xenerosa con estas concesións[5].

Tras o paréntese da Guerra Civil, continuará os seus estudios en San Fernando, entón abrirase as portas do elitista círculo de Belas Artes de Madrid. Xa nestas datas comeza a diferenciarse dos seus compañeiros que escollen a vangarda ou o manifesto ideolóxico, mostrándose el como un retardatario, volvendo a esencia da arte cunha forte carga de academicismo.

4. De feito esta beca foi negada a artistas coma Imeldo Corral, Bello Piñeiro, Segura Torrella e o mesmo Laxeiro, que ante esta negativa tivo que recurrir a unha axuda do Concello de Lalín.

5. LÓPEZ MARINA: *Segura Torrella 1927-2000* Libro-Catálogo Coeditan Concello de Ferrol y Caixa Galicia 2003

Abelardo Miguel 1959

Viaxa a Italia pensionado na prestixiosa Escola Española de Arte de Roma e para completar a súa formación amplía os seus estudios, tamén bolsado en París e Países Baixos. Tras as súas viaxes ao estranxeiro, o pintor lanzarase a unha voráxine de exposicións e eventos.

Os anos 50 e 60 foron os seus anos mas prolíficos, en eles afianzouse o seu estilo e o seu repertorio iconográfico ficou fixado. Expuxo en todas as capitais galegas con un enorme éxito de público, pero excluíu da súa vida todo acento de vaidade ou figuración social. E aínda que refuxía as saídas de Galicia, tamén expuxo en León, Bilbao, Oviedo, Madrid, Salamanca e en cidades lusitanas como Porto e Lisboa. Os seus elevados prezos e as seguras vendas en todos os foros onde presentaba a súa obra, consolidaban a súa carreira como pintor, chegando en frecuentes ocasións a colgar o cartaz de vendido a todos os cadros ás poucas horas da inauguración.

Todas as súas exposicións levaban o título de *Xentes e Cousas de mar*. Independentemente onde as presentase, Galicia ou fora dela, sempre enfatizaba a súa identidade co nome en galego, algo moi pouco frecuente nos pintores desta época...

En 1959 acontecerá un feito moi soado. O Caudillo nunha das súas frecuentes visitas ao Eume, interesouse polo lenzo do pintor *O Patrón*. Este interese nesta época tiña que significar o regalo inmediato do artista, e Abelardo negouse, por o ter reservado ao seu mellor amigo Manuel Luís Fidalgo, o que di moito da independencia e a coherencia do pintor eumés[6].

Tamén nestas décadas gañará os encargos mas grandes da súa carreira. Mas de cincuenta cadros para o Centro Galego da Habana, unha grande venda de óleos de mariñeiros para o persoal norteamericano do estaleiro ferrolán, (existen en Estados Unidos por tanto un número elevado de obras do pintor), e a outra ocasión xurdiu da súa exposición no Centro Galego de Salamanca, onde un magnate da hostalería que construíu o mas avanzado complexo turístico de Castela, *Las Torres*, hoxe desaparecido, lle encarregou ducias de óleos para a decoración das súas estancias[7].

6. RODRIGUEZ, N: "Abelardo Miguel, un artista de entraña" *La opinión de A Coruña* 7 de Enero de 2007.

7. Estes lenzos están a ser localizados formando parte do proceso de catalogación das obras do pintor.

Abelardo ante un dos murais da Casa do Mar de Pontedeume

Asimesmo realizará unha das súas obras mais significativas: o gran proxecto mural da decoración da Cooperativa de Santa María de Castro, un traballo audaz e independente que será todo un fito na súa producción xa que abordará o tema mitolóxico. Este traballo mostrará a capacidade conceptual e intelectual de Abelardo como pintor. A cooperativa pechou poucos anos despois e os murais permaneceron ignotos durante décadas ate a súa recente descuberta tras arduas investigacións pola súa biógrafa María Fidalgo[8].

Anque rexeitaba a asistencia a certames e premios, en 1961 como motivo da celebración da Feira do Mar, obtivo o Primeiro Premio pola decoración mural do pavillón de Vigo, espectacular decoración onde deixa ver certa influencia cubista do seu mestre de mural Vázquez Díaz, e no mesmo certame tamén consegue unha Primeira Medalla co óleo *Os Rapaces*. En 1972 volve a obter a Primeira Medalla na exposición *Cara ao Mar* de Ferrol e en 1974 concederáselle o Premio da Sociedade artística ferrolán. En 1975 é electo por Chamoso Lamas Delegado de Belas Artes.

8. RICO, M.J.: "Las pesquisas de María Fidalgo sacan a la luz los murales perdidos de Abelardo Miguel". *Diario de Ferrol,* 7 de Enero 2006

Independente e sen cobizas sociais, nunca alternou nen gustou de ser ese tipo de pintor caricaturizado de faladoiros de salón con arroutos de divismo, era un home sinxelo e modesto que nunca ambicionou a fama[9]. Nunca deixou de estar obrigado a un público que mostraba a súa admiración cara el, adquirindo todo o que pintaba e soportou con impecábel dignidade a grande animadversión dos pintores coetáneos suscitada pola envexa que desataba o seu grande éxito comercial e o ostracismo ao que o someteron os intelectuais da época que nunca fixeron eco dos seus logros artísticos, agás nas noticias locais.

Abelardo 1972

A partir dos 70 recluese na súa vila natal e segue traballando á marxe dos circuítos artísticos e comerciais, pero non abandonará a pintura ate Marzo de 1991, data na que morre en Pontedeume. Desde a súa morte poucos actos lembran a súa memoria, malia que en 2003, o Concello da súa vila concédelle a Medalla de Ouro ao Mérito artístico.

Na actualidade a súa figura está a ser reivindicada e estudiada en profundidade[10]. En Maio de 2008 o Goberno Municipal de Pontedeume presentouno candidato ao Premio Nacional da Cultura Galega[11]. En Decembro do mesmo ano, María Fidalgo presenta na Universidade de Sevilla a Tese de Doutoramento sobre a vida e obra do artista.

2. Síntese estilística

Abelardo ostenta auténticos valores de coñecemento e creación. É posuidor incuestionábel do que os historiadores da arte chaman idiolecto estético: a pegada que todo artista estampa na súa obra, rasgos que distinguen un xenio criador. A súa pintura revela a primeira vista unha personalidade autónoma. Os lenzos, xorden como entidades obedientes a un orde intrínseco: o estilo de Abelardo, unha individualidade intransferíbel.

9. Na obra "Vidas de Infancia", na páxina 138 da primeira parte da triloxía, "Os meus ollos" Ramiro Fonte fai unha exquisita e certera descrición da personalidade do pintor.

10. Entre as publicacións do último ano poden citarse:" Abelardo Miguel y la identidad", na *Revista Galega de Historia* Murguía, revista da Asociación de Historiadores Galegos, donde o pintor da nome ao exemplar e o lenzo " O patrón" protagoniza a portada, " Abelardo Miguel, pintor de mariñeiros" na *Revista Raigame* Revista etnográfica da Deputación de Ourense e "Abelardo Miguel pintor dos Homes e Mulleres do Mar" na *Revista Ardentía*, revista da Federación Marítima de pesca

11. "Pontedeume presenta ó pintor Abelardo Miguel ós Premios Nacionais de Cultura Galega". *La Voz de Galicia* 29 de Abril de 2008

Neno con mazá 1949

Parte dunha concepción académica de poderosa forza debuxística e evoluciona cara un estilo vangardista de cuño impresionista. A creación do seu universo plástico persoal fórxase na súa infancia e estará marcado contundentemente pola súa identidade galega.

Indiferente ao acontecer estético que se desenvolvía ao seu o redor se centrou na espontánea e inmediata expresión das súas propias e íntimas razóns poéticas.Versátil como poucos, irá adaptando o seu estilo aos xéneros que cultivou, mostrándose mais académico nuns e mais vangardista en outros en aras da expresión. Reivindica en cada lenzo un espacio propio, unha opinión desde a concepción da pintura e asume unha entidade visual diferenciada.

Orixinalmente móstrase como un retardatario nun momento de ruptura xeral da figuración, xa que mostra grandes paralelismos coa escola galega de pintura do XIX, cuxos fitos serán Sotomayor e Llorens, na exaltación do autóctono, baseado nas xentes, as paisaxes e os acontecementos populares.

Abelardo mostra tamén intensas coincidencias con *Os Novos*, renovadores marcados polas tendencias de vangarda, hoxe redenominados primitivistas, como Laxeiro e Colmeiro, pero estes paralelismos son puramente estéticos e temáticos. O que revaloriza a obra do pintor é que Abelardo emprende o seu mesmo camiño, pero faino de maneira instintiva e espontánea, non como consecuencia dun planteamento teórico, é parte da súa condición vital.

A superior formación académica e o contacto coas vangardas permeabilizan os seus esquemas pictóricos, pero en modo algunha a súa conceizón da pintura. O maxistral dominio da técnica ao óleo, o sentido de monumentalidade e da construcción plástica, a lucidez coa que resolve os problemas de perspectiva, luz e espacio atestiguan unha intelixente asimilación das prácticas académicas de San Fernando. É indubidábel a súa

Caricolas 1958

admiración polos barrocos españois e holandeses, a inmersión nun luminismo case sorollesco e unha grande admiración por Cezanne, pero todo o aclimata ao seu universo persoal sen caer en amaños reproductores.

A gran flexión da obra de Abelardo producirase na década dos 50, cando a cor, incipiente e contida na época anterior gañe a partida ao debuxo e convértase en protagonista da composición, unha cor de paleta moi acendida e persoal, de gama intensa e moi matizada por atmosferas luminosas.

En 1960 a decantación pola espátula, que se irá facendo definitiva a medida que avance a década, engadirá á súa pintura unha compoñente de forza matérica desbordante que non chega nunca a descorporeizar as formas, achegándose puntualmente ao naif.



O neto 1982

Unha tendencia expresionista completamente inconsciente irá aparecendo intermitentemente ate facerse sólida na última etapa da súa vida, a intensificación da súa característica acentuación de tonalidades verdibermellas nas caras dos seus mariñeiros (*etapa das caras verdes*).

Este caos cromático sempre é reflicto dun enérxico drama interior e en Abelardo, pintor arquetípico, cadra con un grande aferramento á vida e un temor á morte debido ao agravamento da súa doenza pulmonar. A diacronía percorrerá o seu discurso artístico-existencial.

O seu repertorio iconográfico céntrase na temática mariñeira, bodegón, feirón agrogandeiro e paisaxe, cunha única pero máxica incursión no mundo mitolóxico no seu emblemático proxecto para a Cooperativa de Castro en Narón onde presenta unha Galicia de valores arcádicos, e demostran a súa valía conceptual no campo da teoría artística[12].

Abelardo foi un dos pintores que mellor retratou a esencia da Galicia mariñeira, mulleres e homes dignos que viven en comuñón espiritual coa terra, marcando sempre o binomio clásico da etnografía galega Terra-Pobo, un concepto de Aristocracia moral xestado no Rexurdimento.

Os seus bodegóns de terra e mar convértenlle sen lugar a dúbidas no mellor bodegonista galego do século XX. Sitúaos directamente a pe de praia, constituíndo posiblemente e sen caer en consideracións haxiográficas, os bodegóns galegos mas fermosos xamais pintados. Os feiróns agrogandeiros son dunha máxica captación ambiental.

Nas súas paisaxes recolle a antorcha dos paisaxistas coruñeses, LLorens e Abelenda decantándose por atmosferas de ceos luminosos que conxugan o seu colorido azul co verde das terras e augas das rías galegas. Fronte á tradicional estampa da gris Galicia chuviosa e monocorde, Abelardo atrévese a impregnar os seus pinceis na plenitude da luz e na radiante efusión dunhas cores que ninguén excepto el entre os pintores consagrados de Galicia acertaron a extraer das vellas terras galaicas.

O mas significativo é que desde que nace e desenvolve os seus planteamentos estéticos volverá a eles de forma recorrente e os mas emblemáticos non sufrirán grandes variacións. Os cimentos do seu universo plástico fórxanse na súa infancia, e os posteriores estudios académicos, a súa apertura de horizontes ao estranxeiro, o contacto coas vangardas, a súa admiración polos clásicos, non farán que varíen os seus conceptos iniciais, chegando a pintar os derradeiros días da súa vida apuntes e retratos moi semellantes conceptualmente aos que pintou sendo un neno.

Lenzo que deixou inconcluso pola súa morte 1991

12. "El programa iconográfico de Abelardo Miguel en la cooperativa de Santa María de Castro" *Revista Cátedra*, num 14.

Para Abelardo o punto de chegada e de partida sempre acontece sen solución de continuidade: Galicia.

III. ABELARDO MIGUEL E A ETNOGRAFÍA E ANTROPOLOXÍA

O eido etnográfico, segundo a dimensión metodolóxica, forma parte do tronco teorético-descritivo das ciencias históricas, e céntrase nun proceso multicasual de estudio descritivo e clasificatorio de costumes, crenzas, técnicas, estruturas económicas e sociais, e creacións estéticas. En relación co alcance da investigación etnográfica, algúns autores limítana a labor descritiva, pero hai que resaltar a flexibilidade inherente a un estudio etnográfico[13]. O investigador pode empregar distintas técnicas de recollida de información.

A teoría emerxe da propia realidade en forma espontánea. As obras de Abelardo constitúense como documentos valiosos de consulta e traballo e poden abordarse desde diferentes ópticas, tanto artística, como histórica, sociolóxica, xornalística, tecnolóxica... e o que agora nos ocupa, desde unha óptica etnográfica e antropolóxica, xa que a obra do artista eumés é fundamental como técnica de rexistro de información etno-antropolóxica do Pontedeume e da Galicia do seu tempo. Extrae xeralidades de significacións individuais e grupais, e as súas creacións estéticas son crónica gráfica dunha existencia popular de calidade documental extraordinaria, constatándose os signos diacríticos da identidade galega.

E dentro do desenvolvemento da Etnografía e Antropoloxía galega, e atendendo ás correntes clásicas e modernas, a obra do artista Abelardo Miguel, ten plena vixencia e validez en todas as tendencias da Ciencia Etnográfica, tal e como demostraremos neste epígrafe do traballo de investigación. Asimesmo ratificaremos o valor patrimonial das obras de Abelardo atendendo as distintas leis do Patrimonio Etnográfico. Por último faremos unha análise da obra de Abelardo como obxecto e método etno-antropolóxico.

1. Abelardo e as tendencias da Etnografía

Revisando as grandes tendencias intelectuais que circunscribirían unha etapa desde os precursores da Etnografía a mediados do XIX ate os nosos días, podemos considerar...

- A primeira corrente etnográfica xiraría en torno ao home universal, na liña dos pensadores da Ilustración. Abelardo Miguel, entroncaría con esta tendencia ao buscar as esencias do home para chegar a plasmar este home universal[14]. Este método lévanos a

13. GOETZ , J. P. y LECOMPTE , M. D. (1988). *Etnografía y diseño cualitativo en investigación* Morata Madrid 1988

14. GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: *Historia dos estudios antropolóxicos. Do nacemento do floclore aos nosos días*. A Coruña, Hércules Ediciones, 1997

Na marea

atopar o xeral no particular, mediante a captación esencial que é o universal. *"O universal non é aquilo que se repite moitas veces, senón o que pertence ao ser en que se acha por esencia e necesariamente"*[15].

- A segunda corrente, cuxa orixe estaría no Romanticismo e no marco dos movementos rexionalistas e nacionalistas que se desenvolven no século XIX e principios do XX, é denominada por Joan Prat como Folklórica, e non se centra tanto no home en xeral, se nón no home particular, étnico, e é representada polas tradicións catalá, vasca e galega[16].

Abelardo Miguel tamén podería adscribirse a esta corrente, con grandes paralelismos conceptuais e temáticos coas teorías do Rexurdimento, ao plasmar como poucos pintores ou fotógrafos do seu tempo o home galego de finais do século XIX e principios do XX, exemplarizado de forma particular no ámbito de Pontedeume.

Fisterra

15. FERRATER MORA: *Diccionario de Filosofía,* Ariel Barcelona 1994

16. PRAT, J.: "Ensayos de Antropología cultural" *Homenaje a Esteva Fabre Gat* Ariel Barcelona 1996

O material humano das corporacións mariñeiras, está formado por eumeses reais do seu tempo, homes e mulleres, vellos e maduros, nenos, patróns e grumetes con nomes e apelidos e aínda hoxe recoñecíbeis polos mais vellos do lugar. O material instrumental tamén é o propio de Pontedeume, coas embarcacións, aparellos e instrumentos de mariñeiría propios da zona e do seu tempo. Nas feiras agrogandeiras aparecen homes reais e a captación de acontecementos reais. Tan real é o mundo mariñeiro de Abelardo como que os seus pais, avós, e os avós dos seus avós dedicáronse á pesca, e o mundo das feiras agrogandeiras tan auténtico como que o propio Abelardo na sua infancia viviu estas feiras tanto como visitante, como participante, xa que axudaba á sua nai peixeira nas tarefas de venda en datas sinaladas como a feira do 21 de Pontedeume que exemplificaría calquera feira da época en calquera outro lugar de Galicia.

- Unha terceira corrente estaría ligada á política. Para o antropólogo X.Rodríguez Campos, a Antropoloxía lígase a un movemento rexionalista: planteamento mais político que se desenvolve o fin de século, exaltando as tradicións e costumes como señas de identidade. O substrato ideolóxico é a tradición romántica e a relación, home-natureza-pobo. O binomio Terra- Pobo da que tanto falaron os homes do Rexurdimento, é unha constante na obra do pintor, as señas de identidade están presentes en toda a súa obra[17]. A língua galega como rasgo de identidade é utilizada en todos os títulos e exposicións do pintor aínda nunha época en que era comprometido.

- A cuarta liña seria a Antropoloxía ecolóxica, cuxos máximos representantes son Alberto Galván Tudela[18] e José Pascal. Pretende este tipo de Antropoloxía mostrar como a actividade pesqueira mostra características socioculturais especificas, determinadas pola pluralidade de ecosistemas, así como as formas de apropiación dos mesmos e a distribución dos seus excedentes. Esperanza Piñeiro chega a definir o comportamento dos mariñeiros de Pontedeume da época de Abelardo de *"ecoloxistas e solidarios"*[19].

A Abelardo Miguel poderíamos circunscribirlle sen ningunha dúbida dentro desta órbita de antropoloxía ecolóxica, en canto a que fai fincapé na forma de apropiación, as diferentes artes de pesca, e en canto á distribución do seu excedente, merecen un interese excepcional por parte do artista o traballo das peixeiras e mulleres do mar.

A defensa dos recursos marítimos polas comunidades pesqueiras desde a Idade Meia é testemuño de que existía unha identidade mariñeira. Steffan Morling fai un alega-

17. FIDALGO, M., "Abelardo Miguel, a plástica como expresión da identidade" *Revista Galega de Historia* Murguía num 14 Decembro 2008

18. GALVÁN TUDELA "Antropología de la pesca, problemas, teorías y conceptos" *Coloquios de Etnografía marítima* Consellería de pesca Xunta de Galicia Santiago 1984 "Simposio de Antropoloxia Mariñeira. Galicia un Reencontro co Mar" Pontevedra 1997

19. PIÑEIRO SANMIGUEL E., "La pesca artesanal en Pontedeume los dos primeros tercios del siglo XX " *Revista Cátedra* num 11 Pontedeume 2004

Xentes de Mar 1º Premio Feira Cara ao Mar 1972

to identitario galego nas súas obras sobre as características desta identidade das corporacións mariñeiras,[20] idéntico alegato ao que realiza Abelardo cos seus pinceis.

2. A obra de Abelardo Miguel como Patrimonio Etnográfico

A propia definición que significa o concepto de Patrimonio Etnográfico resulta controvertida xa que existen diferentes puntos de vista e perspectivas sobre o contido e os xeitos que engloba. Ademais, o Patrimonio Etnográfico, é o menos valorado polas institucións en comparación aos outros patrimonios, o que redunda en menores axudas económicas para proxectos, un descoido na súa conservación e un escaso recoñecemento social. Esta falta de recoñecemento social sobre a importancia do Patrimonio Etnográfico, en tanto que forma parte do legado cultural e tradicional do pobo galego, entra en contradicción coa sensibilización social existente en outras materias como a identidade cultural, a língua, etc...

20. MORLING STEFFAN: *Lanchas y dornas: A estabilidade cultural e a morfología das embarcacións na costa occidental de Galicia.* Xunta de Galicia Santiago 2000

Por esta razón, anque o discurso resulte abondo reiterativo, procederemos a revisar as Leis sobre Patrimonio tanto as autonómicas, como estatais e internacionais, e podemos probar, sen lugar a dúbidas e de xeito absoluto, como a obra do pintor eumés tería que valorarse como patrimonial en calquera destes tres ámbitos.

Vellos no feirón 1982

1) A Lei de Patrimonio de Galicia considera que "*O Patrimonio Galego está constituído por bens materiais e inmateriais, e que deben preservarse as creacións do home e as producións do tempo que desde cronoloxías inmemoriais fóronsenos transmitindo ou pousando na memoria, aceptándoas como intemporais. Elementos que sempre estiveron aí e que estruturamos e etiquetamos como representativos da nosa peculiaridade cultural"*

As obras do pintor eumés mostran este valor intanxíbel que as etiqueta como patrimonio, deixan ver un coñocimento profundo, a percepción dos vestixios do pasado como elementos vinculados, tanto a un período histórico, como ao espírito humano que a

través do tempo se integran nun espacio, nunha xeografía e nunha cultura, neste caso o espacio é Galicia, e a cultura é a cultura mariñeira e labrega.

Nese senso, os elementos diversos do pasado son algo vivo ao longo da súa obra e teñen posibilidades de permanencia na medida en que ese espírito, esa cultura tamén permanezan vivas.

Segundo o Consello da Cultura Galega *"A identidade é un dos piares fundamentais da definición de Patrimonio, a identificación cun lugar". Considerando aos artistas, os que mellor dixiren e cuestionan conceptos identificados co patrimonio, unha peza digna de ser admirada, debe dar un servicio á sociedade".*

Abelardo Miguel posúe na súa obra estes importantes e demostrados valores identitarios e é reflicto dun mundo onde hai confluencia de valores e maneiras de memoria, de identidade.

2) Lei 16/1985, de 25 de Xuño, do Patrimonio Histórico Español. *"O Patrimonio Etnográfico esta constituído polos bens mobles e inmobles e os coñecementos e activi-*

Nenos e caricolas Concello de Pontedeume

dades que son ou foron expresión relevante da cultura tradicional nos seus aspectos materiais, sociais e espirituais. Aquí na obra do eumés volven a confluír todos os xeitos recollidos na lei española. Os lenzos son bens mobles que á vez son expresión relevante da cultura galega en todos nestes aspectos.

3) A Unesco estipula que *"O Patrimonio Cultural dun pobo comprende as obras dos seus artistas, arquitectos, músicos, escritores e sabios, así como as creacións anónimas, xurdidas da alma popular, e o conxunto de valores que dan sentido á vida, é dicir, as obras materiais e non materiais que expresan a creatividade do pobo; a língua, os ritos, as crenzas, os lugares e monumentos históricos, a literatura, as obras de arte e os arquivos e bibliotecas*[21].

A obra do pintor Abelardo Miguel, volve a englobar ambas facetas que recolle a UNESCO, xa que por unha parte é un artista, pero por outro lado a súa creación case anónima para as novas xeracións xurde da alma popular, e plasma esa mesma alma popular e o conxunto de valores da aldea galega.

3. A obra de Abelardo Miguel, como obxecto e método antropolóxico

A Etnografía, por estar ligada á Antropoloxía, considérase tamén un método de traballo antropolóxico, analiza o modo de vida dunha raza ou grupo de individuos, mediante a observación e descrición do que a xente fai, como se comporta e como interactúan entre si, para describir as súas crenzas, valores, motivacións, perspectivas..., poderíamos dicir que describe as múltiples formas de vida dos seres humanos.

A Antropoloxía pasou de ser unha ferramenta de obtención de información, a abranxar procesos mais amplos, enfoques distintos que buscan imaxes que mostren mais alá do evidente, procesos determinados pola actitude do indagador[22].

No ámbito antropolóxico os investigadores teñen que estar en contacto por longo tempo cos grupos humanos concretos para obter o seu coñecemento da vida cotiá[23]. Para facer este tipo de Antropoloxía é necesario infiltrarse no grupo, aprender a súa linguaxe e costumes, interpretacións e significados dos sucesos, non se trata de facer unha fotografía cos detalles externos, hai que ir mais atrás e analizar os puntos de vista dos suxeitos e as condicións histórico-sociais en que se dan.

21. Definición elaborada en la Conferencia Mundial de la UNESCO sobre el Patrimonio Cultural celebrada en México 1982

22. HURTADO DE BARRERA. (1998). *Metodología de la investigación holística.* Fundación Sypal Caracas: 1988

23. O prestixioso antropólogo Carmelo Lisón Tolosana, Doutor en Antropoloxía pola Universidade de Oxford na súa clásica *Antropología cultural de Galicia* relata que tivo que traballar varios anos en Galicia becado poa fundación Gubelkian para poder realizar a súa investigación.

O obxecto da Etnoantropoloxía, cadra completamente co obxecto da representación dos cadros de Abelardo: plasmar a determinada forma de vida dos homes do seu tempo. Na medida en que a Etnoantropoloxía trata de captar significados e regras de acción social nun contexto particular, o transcurso da investigación non depende só da vontade do etnógrafo, senón da súa interacción con persoas que, como el, interpretan de algún modo a realidade. Mais que en ningunha outra forma de investigación social, en Etnografía se depende dos informantes

Abelardo ten a vantaxe de que non ten que inserirse na vida do grupo, nin convivir cos seus membros por un tempo prolongado, nin a necesidade de ser aceptado no grupo, nin aprender a súa cultura, nin comprendela, pois naceu en ela, é un mas deles, e describe o que acontece mediante o uso do mesmo linguaxe dos participantes.

Abelardo aporta o seu privilexiado punto de vista, para construír a teoría da cultura que é particular ao grupo, capta a visión dos nativos, a súa perspectiva do mundo, así como a significado das accións e situacións sociais relacionadas coas persoas cuxas accións e pensamentos desexa comprender.

Unha segunda dimensión da Etnografía actual, mais recente, ligada á Socioloxía e Antropoloxía, é o método analítico que fala da dimensión do suxeito, do etnógrafo, como un observador, onde o suxeito obxecto da investigación se converte nun suxeito informante da sociedade do seu tempo.

A obra de Abelardo Miguel tería de novo este valor engadido ao documental e artístico, porque segundo este método analítico, Abelardo seria á vez pintor e etnógrafo. Abelardo actúa como un etnógrafo, se aproxima ao escenario, se deixa capturar e así busca construír a escena na cal configurará as súas primeiras aproximacións. Desta forma, ao pintar convértese case nun esteta, o corpo, a ollada, os xestos, as imaxes, os olores, os sons dos homes da colectividade, son as materias primas do sentimento que recrea nos seus lenzos e a súa cultura material sempre aparece reforzando e completando o valor etnográfico e antropolóxico das súas representacións.

Redeira de Mugardos 1968

Os críticos artísticos da época constataban e resaltaban a continua aparición de homes, aparellos mariñeiros e labregos en todos os lenzos de Abelardo, considerándoos unha orixinalidade e unha creación persoal. Esta aportación artística só pode entenderse desde o grande substrato etno-antropolóxico da pintura do eumés.

Xa comentamos a relación do pintor co grupo, aúña na súa persoa a dupla visión: por unha parte ser un deles, e por outro observálos desde fora para poder pintálos ... Non sen razón, a etapa posterior á descrición é a análise e a interpretación, o que intensifica o valor do seu testemuño.

O oficio do pintor- etnógrafo comeza na ollada dirixida cara o outro, permitindo que os lenzos rexistren as escenas (configuración dun momento específico) e o escenario (contexto) do suxeito-obxecto da investigación. O pintor, a través do proceso de execución artística agudiza a concentración no seu mundo interior para escoitar e observar, e entón, realizar unha viaxe ao mundo do outro, neste caso dos seus mariñeiros e os labradores de Galicia, e deste modo comprendelo e plasmalo para a posteridade. Relaciona, busca posíbeis nexos, comeza un proceso de extraer xeralidades (síntese), significacións individuais e grupais de valores, aptitudes, virtudes, imaxes, da sociedade na que Abelardo viviu á longa da súa historia.

Abelardo é testemuña non só do que ve senón do que escoita, dos discursos implícitos, do que hai latexante no manifesto, dos seus testemuños e dos seus actos e o describe nas imaxes que logrou configurar na súa traxectoria. Abelardo Miguel recolle o mundo interior do seu tempo onde os suxeitos representados falan, expresan os seus sentires, actualizan as súas vivencias e son escoitados polo pincel do artista para o plasmar nos seus lenzos en harmoniosa creación de imaxes, harmoniosa conxunción de testemuño e linguaxe pictórico, linguaxe non verbal que captura a escoita e a ollada do pintor...

A obra de Abelardo Miguel é non só un feito extraordinario desde o punto de vista artístico, é un feito narrativo, descritivo, antropolóxico, etnográfico, patrimonial, histórico, teorético e ideolóxico. A súa pintura non só é valida pola súa técnica, xeito compositivo e sensibilidade da visión, senón que debe ser valorada por ser e comprender a psicoloxía do ser, comprender vistas, personaxes, almas, ser testemuño dunha sociedade hoxe desaparecida e plasmar a integración dos homes coas paisaxes agrarias e mariñeiras na que se desenvolvía, recollendo o determinismo xeográfico.

Dános unha representación profunda, rica en significados do pasado. Unha imaxe da súa época e o seu mundo mais alá da anécdota e do cadro costumista. Representa un mundo de valores culturais profundamente sentidos, enfrontándose a eles con ollada moderna, e reflicto do profundo troco acaecido no mundo circundante, a radical mutación experimentada no ángulo contemplativo da Galicia da súa infancia.

A Historia deberá ver a Abelardo Miguel, non só como un artista xenial, senón como un excepcional narrador de imaxes e un certeiro cronista pictórico do Pontedeume e da Galicia do seu tempo. A alma dos seus seres ou dos acontecementos captados son magnificados nos seus lenzos... Ten o poder de que nas súas pinturas, as escenas cotiáns se convertan en entidades absolutas transmitindo por vía da repetición a conciencia da memoria.

Parafraseando á investigadora etnográfica Patricia Medina *"Se o observar é unha arte e o preguntar e analizar é un oficio, reconstruír e captar as expresións, os significados e comunicalos a outros é un traballo artesanal"*[24], traballo artesanal que sempre, desde o seu taller da eumesa rúa da Pescadería, reivindicou Abelardo Miguel.



Mariñeiros de Facio 1961

ACHEGA ETNOGRÁFICA E ANTROPOLÓXICA AOS XÉNEROS PICTÓRICOS DE ABELARDO MIGUEL:

V. LABREGOS E FEIRAS

1. Achegamento ao xénero

Abelardo Miguel abordou a temática labrega dende neno e dende diferentes enfoques, existen lenzos de paisaxes agrarias con xentes sementando, recollendo a colleita ou coidando o gando. Tamén para a Cooperativa de Castro desenvolveu un complexo progra-

24. MEDINA, P La *Etnografía. Panorama, prácticas y problemas* Rueda Beltrán México 1994

Feira do vinteún 1966

ma iconográfico de tema agrícola, pero as súas mais significativas representacións neste ámbito irán asociadas ás feiras agrogandeiras de Galicia. El sempre referirase a elas como *"feirons"*, palabra que empregaremos nesta investigación de agora en adiante.

A feira do 21 de Pontedeume, que celebrábase os 21 de cada mes no piñeiral de Cabanas, fascinara a Abelardo dende a súa infancia e será a orixe dunha das temáticas mais definitorias do seu estilo que cultivará ata o fin dos seus días.

A representación de feiras e mercados fora tratada con anterioridade por artistas de xeracións anteriores. As revistas ilustradas de fins do século XIX recollerán o facho do costumismo. En Galicia comeza a publicarse as últimas décadas do século XIX *"A Ilustración Galega e asturiana"*, a publicación ilustrada mais importante do seu tempo, onde compostas por representacións fotográficas, se realizaban segundo a técnica de estampación xilográfica a contrafibra, conseguindo imaxes de sorprendentes claroscuros, ou ben con procedementos químicos dando como resultado suxestivas holografías... e entre outras escenas costumistas estaban os mercados e feiras.

Un exemplo claro nesta liña é tamén o coleccionabel "*As Belezas de Galicia",* publicación de Gil Cáñellas de 1930, que formaba parte da serie España Monumental, que tivo unha enorme repercusión.

O costumismo, plasmárase con forza no debuxo e no gravado e con menor incidencia na pintura… y vai unido aos movementos nacionalistas que exaltan as tradicións, de feito a celebración de feiras e mercados segundo os etnógrafos galegos son un dos eventos mais categóricos da identidade galega, aínda que como é habitual en Abelardo nos seus achegamentos ao xénero, ningunha formulación teórica precede á execución destas obras, elas definen a especial actitude do artista fronte ao mundo.

O denominador común en todos os pintores costumistas é a captación dunha escena correspondente a un costume, modo de vida ou tipo, nun ambiente corista e festivo.

As escenas son sempre contemporáneas ao artista e aparentemente está véndoas cos seus propios ollos. Son persoas e lugares públicos que constitúen referencias inexcusabeis da vida cotián… mais o pintoresquismo nestas representacións entraña superficialidade, os lugares e ambientes descríbense con elegancia e graza, pero non hai penetración na trama do asunto, non descenden ao fondo do tema, están vistos "dende fora", son visións apaixonadas e idealizadas que renden culto ao pasado ou afastadas da realidade. *"Os Novos"* coa súa inmersión nas vangardas deron unha dimensión especial a este xénero.

Neno Labrego 1959

O pintor costumista representa a unha clase social culta, urbana e refinada que se sente atraída polo espectáculo que as clases populares poñen ante os seus ollos, pudendo caer en ocasións no desdén ou no paternalismo. No caso das obras de Sotomayor ou Juan Luis, se cadra en pintura, a cercaría mais plausíbel con Abelardo, captan uns costumes que pertencen mais aos ollos do artista que ao vivo retrato da realidade.

A creación e aportación de Abelardo ao xénero radica en que as escenas pintadas por Abelardo son a descrición dun feito rigorosamente real, de aí o seu grande valor etno-

gráfico e antropolóxico, axuntadas a unha particularísima visión persoal… Abelardo mediatízase coa composición e é un mais dos que participan na feira, porque o pintor é parte do pobo, sente e pensa como eles... O seu mundo toma forma plástica nos seus lenzos.

Nestas feiras atopamos mais sinceridade que nas representacións feitas por outros artistas porque traslada ao lenzo a súa realidade, e na realidade está o verdadeiro proceso creador capaz de superar o paso do tempo, rubricando así a eternidade destas obras, como unha extensión da súa personalidade. *"Abelardo traspasa ao lenzo emoción, inspiración, sinceridade"*[25].

A súa orixe humilde achégalle ao xénero, como ningún outro pintor, xa que temos constancia de que na súa infancia adoitaba acompañar á súa nai peixeira a vender o pescado nestas feiras, polo que pode dicirse que nas escenas que pinta hai un gran compoñente autobiográfico. De feito, acostuma incluír nenos entre os feirantes.

Queixeira de Castro 1960

A súa obra xorde da observación precisa, dunha captación inmediata, sempre dinámica e leal ao seu tempo, e nas exposicións que presentou estes lenzos foron moi eloxiados, en especial pola crítica portuguesa *"Abelardo Miguel se realiza poeta pintando, e plasma o que en Galicia é mais pintoresco e mais saboroso da súa historia e pobo"*[26]*,"Cega interpretando co espectáculo vivo, colorido e animado das ferías galegas onde todo é movemento e harmonía".*

Afirmamos claramente que o tratamento do xénero en Abelardo, é como o resto da súa producción, totalmente orixinal, onde o sólido coñecemento de oficio e as súas exce-

25. URBEL,C "Abelardo Miguel" *Revista Hierro* Bilbao 1959

26. AZEVEDO ARTUR. "Oleos de Abelardo Miguel no Coliseu Doporto" *Diario da Manhá*, 10 de Abril de 1962

lentes calidades técnicas están unidas á conciencia dun específico ámbito xeográfico, profundamente arraigado no seu ser.

2. Valor Etnoantropolóxico

Risco, Otero Pedrayo, Antón Losada... consideraron ao campesiñado como a auténtica reserva das esencias nacionais galegas, e as costumes rurais tradicionais como estas feiras as ideais e mais apropiadas ao territorio galaico… Formas de relación harmónica, profunda e respectuosa entre a sociedade e a natureza, trocos, equilibrios e compensacións entre o home e a terra nun sistema adaptado.

A representación destas feiras agrogandeiras teñen un infinito caudal de información, co valor engadido de ser testemuño e documento de grupos humanos moi caracterizados e identificábeis tanta nas súas formas de producción-consumo como na súa calidade de arquetipos laborais propios dunha sociedade artesán en transición e sobre todo pola formulación dunhas relacións específicas lúdico –laborais que se conservan e resgardan en toda a súa pureza nas obras do pintor.

Detalle do Tríptico da Cooperativa de Castro 1962

Abelardo Miguel utilizará os recursos da súa expresión artística, dotados de personalidade propia, pola necesidade de traducir estas emociones a creación convincente.

Son claramente a expresión dunha cultura que afunde as súas raíces en elementos telúricos e ancestrais, e malia o seu gran carácter narrativo, transcende o valor etnográfico para constituír obras de arte de primeira magnitude.

Estes feirións son testemuño palpábel de que na súa pintura responde á súa inserción medular na súa terra e a súa cultura. Evidenciará a súa visión dunha realidade transmutada dende a súa interioridade. Abelardo móstrase no xénero inmediatamente diferenciábel, coa definición rotunda que poucos artistas posúen.

O contundente destas manifestacións pictóricas débese mais que á individualizada dicción da súa pintura, ao feito de se mostrar como un ensimesmado, un home entregado á alienación da realidade, enchido de sentimentos e anécdotas, repletas de formas e comportamentos, esquemas vivos da súa realidade circundante. *"Abelardo sabe ver, interpretar en disposición innata*[27]*"*.

27. PATIÑO RAMON, "De Arte, Exposición de Abelardo Miguel L Leira" *El Correo Gallego*, 20 de Noviembre de 1954.

Malia a gran beleza das súas representacións e á compoñente romántica da personalidade do pintor, nunca entra na órbita dos románticos de idealización da realidade, os mercados son como eran, son como el os viu… *"Ten o cuño da verdade, facilmente recoñecíbel por quen sabe ver e sentir"*[28], mais nunca cae no anecdotismo reporteril *"Non fotografía os motivos, antes os interpreta e compón ao sabor da realidade revestíndoos de soño e poesía"*[29].

A regulamentación lexislativa de feiras e mercados de 1853 pola cal os concellos xa poden estabelecer, trasladar, ou suprimir estas xuntanzas económicas sen necesidade de concesións ou autorizacións superiores… dinamizou moito estes eventos.

A feira do 21, como tantas outras das feiras galegas, era unha feira ancestral na que facíase promoción dos productos agropecuarios e atendía non só a demanda da zona senón a de mercadores foráneos. Este evento supuña moito mais que un simple encontro de carácter mercantil no que trocar, mercar ou vender productos, en realidade era un día de festa maior en toda regra no que se reflectían os mais variados comportamentos sociais, do mercador ambulante ao rico gandeiro.

Na praza se daban cita as mais variopintas formas culturais de xentes de distinta procedencia, constituíndo unha posta en escena do contraste enriquecedor de diferentes formas de vestir, alimentos, expresións, negocios..., en suma, de convivir e entenderse...

Abelardo non pinta só o escenario da feira, senón tamén a vila de Pontedeume en día de feira. A celebración da feira non era só un evento en si mesmo, a vila se transformaba, os camiños que conducían á feira enchíanse de homes e mulleres portando mercancías ou guiando aos animais que ían vender, outros chegaban cabalgando, ocasionalmente os autobuses eran compartidos por persoas, vacas e cochos[30].

As mulleres de loito que non participaban nas feiras locais saían da súa reclusión para ir á feira... Centos de persoas van e veñen en atafego, curioseando de posto en posto.

Vendíase e mercábase todo o necesario para a vida da bisbarra e fora dela. Os paisanos levan a feirar ou mercar principalmente vacas, xatos, cochos ou bois. A negociación dos animais dá o ton mercantil á feira, pero ademais comérciase con outros animais vivos como coellos, cabras, ovellas, pitas, gando cabalar e mular. Aos produtos animais, ovos, xamóns, touciño, manteiga, queixos, hai que engadir verduras, froitas, pan,

28. TEIXEIRA, "Exposición de pintura de Abelardo Miguel " *Journal do Comercio de Porto*, 13 de Abril de 1962

29. THUNDA, "Triunfo de Abelardo Miguel en Portugal " *La Voz de Galicia*, 26 de Abril de 1962

30. Curiosamente Abelardo adoitaba pintar os autobuses nalgúns dos seus lenzos, mais non eran do gusto da súa clientela que laiábase e prefería aqueles donde non aparecían e tivo que deixar de pintalos

viño e licores. Atopamos tamén carros, arados, fouces, aixadas, gradas de madeira e demais apeiros de labranza, ferramentas e o peixe en salgadura o fresco que as peixeiras como a nai de Abelardo vendían procedentes dos barcos de pesca da vila.

A atmosfera feiral énchese de voces de mercadores e vendedores, exames minuciosos de obxectos e animais, apertóns de mans ao realizar os tratos xunto a venda de toda clase de tecidos, roupaxes e calzados, peites, bixutería, mantas, quincalla, cachairrería de cociña.., mesmo madeiras de castiñeiro, carballo, bidueiro e buxo.

Feira na miña vila 1955

Todos os personaxes dos cadros de Abelardo portan e plasman para a posteridade as indumentarias propias da época e da profesión. Atopamos oficios hoxe desaparecidos, ferreiros, quincalleiros, curtidores, zoqueiros, queixeiras, polbeiras...

Segundo fora de cotío ou de garda, de verán ou de inverno, mesmo a condición social ou o estado civil en caso das mulleres. Aparecen tecidos hoxe obsoletos, dende o liño feito na casa, como as súas variantes: estopa, lenzo, liño fino, como o algodón e as súas combinacións de liño e la (picote) e algodón e la (candil). No caso das indumentarias a estética ficaba un pouco á marxe, e recolle a funcionalidade e comodidade destas prendas, a vestimenta era sobre todo unha necesidade para escapar do rigor climático. Ademais de que sobre todo no caso das mulleres *"Tapar o corpo era algo obrigatorio nunha sociedade na que o pudor ocupaba un lugar importante na vida e pensamento das xentes"*[31].

O día da feira se despregan outras actividades, a xente aproveitaba para facer xestións na vila, o notario, farmacéutico e médico triplicaban a súa actividade... O notario se non tiña sede notarial na vila, se desprazaba alá os días feireados. Ao fondo de tabernas, bares e tendas ábrense os bufetes dos peritos ou contadores ou partilleiros, chamados en Pontedeume partixeiros, a eles recorren antes que ao avogado ou notario. Xunto aos médicos, están menciñeiros, compostores, atadores, carteiras, sabias e bruxas que atenden

31. ACUÑA X.E: "As imaxes do traxe en Galicia" Ir Indo Vigo 1992

toda gama de doenzas reais ou psicolóxicas, aconsellan, adiviñan e prognostican o futuro... con mais clientes que os médicos. Tamén aparecen mendigos e eivados (certos o figurados), charlatáns, timadores e xente de mal vivir... incluso romancistas, persoas que contaban sucesos reais[32] o ficticios de diversa índole.

A feira é tamén unha ocasión para que os rapaces dos contornos se coñezan e conciten citas posteriores..., a feira é unha xanela ao mundo, é a ponte de conexión co mundo exterior...

O enorme bulicio de persoas e o trasfego de mercancías e animais debía de ser un espectáculo de gran dinamismo e colorido digno de ver. Os ollos do neno xa pintor deberon ficar cegados de tal xeito que sempre permaneceu no seu universo plástico e sempre representou estas feiras transmitindo a mesma paixón que sentiu sendo neno. Sempre a presencia constante do mundo da súa infancia en toda a súa producción pictórica.



Rapazas 1962

32. Carlos Pedreira lembra que nos 60 un dos sucesos mais contados nas feiras galegas foi a traxedia de Ribadelago (1959), consecuencia da rotura da presa Vega de Tera no que se afogaron 144 persoas.

O escenario é un paraxe omnipresente e non muda. Sempre é o paradisíaco piñeiral da praia da Magdalena en Cabanas a principios do século XX, un dos lugares mais amados do seu entorno vital. Sen embargo a universalidade de Abelardo fai que a representación puidese ter sido en calquera outro lugar de Galicia ou do mundo. Os personaxes perden a súa individualidade en beneficio dunha tipoloxía universal.

3. Tratamento do tema

É un xénero no que o pintor séntese cómodo e moi realizado, e no que o seu maxisterio técnico e o seu peculiar estilo atinxen coutas elevadas de calidade, e de feito foi un dos temas que atinxiron mais éxito comercial.

Abelardo Miguel representaba os feiróns despois de tomar apuntes do natural, o que incluía un distanciamento temporal, un espazo de tempo que o artista gañaba a favor da análise, a crítica e a plasmación creativa do acontecemento, pero non por iso perden un chisco de espontaneidade.

As características deste dominio temático abelardesco serán a variedade e sabedoría compositiva, a esmagante modernidade de factura, a potencia do debuxo, un rico e vibrante cromatismo e un uso virtuosista da perspectiva con un maxistral dominio das masas no espacio.

Abelardo móstrase como un verdadeiro creador. O verdadeiro creador é a suma da facilidade innata e a dificultade autoprovocada, así Abelardo se achégase á representación abordando diferentes postas en escena e suxestivas variacións no tratamento do tema. Hai toda unha estructura orgánica no conxunto, e as diferentes partes que compoñen estes feiróns se coordinan con absoluta naturalidade. Malia á ausencia de decorativismo, a fórmula plástica que escolle para a representación é unha fórmula clara e comprensibel en todos os seus puntos.

Os feiróns teñen a marabillosa particularidade de situar ao espectador en medio da feira, facéndolle percibir as relacións lúdico-mercantis con toda nitidez. O espectador convértese nun ente activo do proceso criador, son imaxes que teñen un ritmo, o da vida fluíndo.

Xorde un indefiníbel valor emocional, algo íntimo ao que contribúen os homes e mulleres representados e que logran conducirnos ao círculo dos participantes.

O xogo especular que conforman as súas imaxes é totalmente escenográfico, a ollada do espectador é dirixida e transportada a escenarios do pasado, pero con referentes

visuais contemporáneos, planos xerais, planos medios e detalles que parecen dialogar e entroncar coa mellor pintura figurativa do século XX.

Atópanse lenzos con protagonistas moi destacados e concretos, belas rapazas campesiñas de frescas carnacións que ofrecen os seus produtos, vellos tratantes de gando, anciáns e nenos, vellas cos seus queixos, parellas de anciáns portando animais nos brazos… que aparecen como se pousasen para o pintor. Estas figuras poden chegar á ducia e sempre comparten o protagonismo con animais e cacharrería variada.

Camiño da feira 1989

O tratamento animalístico é prodixioso... pitas, bois, vacas, ovellas, cochos.. son dun naturalismo exacerbado. Algúns bois e vacas teñen mirada humana, dándolle o tratamento que adoitaban dar aos animais os mesmos labregos e gandeiros.

Ao fondo, pode aparecer unha paisaxe do camiño á feira e neste caso achégase ao paisaxismo sintético de Imeldo Corral, pero o mais habitual é que as figuras desenvolvan a súa actividade no mesmo feirón, plasmado en toda a súa plenitude, cunha linguaxe de formas e cores que traducen as emociones anímicas do artista, un ritmo musical feito de prolongacións, converxencias e diverxencias e intensidade coa liberdade e a espontaneidade que sempre caracterizaron ao pintor eumés.



Feirón Tupinamba 1964

Noutros lenzos o mesmo feirón é o protagonista, e Abelardo desprega os seus asombrosas facultades de forma mais intensa chegando á xenialidade. Non hai xerarquía de escenas, os seus protagonistas son masas anónimas en movemento, e logran a impresión dunha grande multitude con trazos apenas abocetados.

As siluetas aparecen abreviadas nos seus datos esenciais, rozando o *non finito* impresionista, e aínda que non chegan nunca a abandonar a figuración, a gran modernidade pode incidir no informal. A concepción pictórica basea o plástico no croma-

tismo e non na liña como determinante das formas e o espacio. "*Unha lixeira ollada anuncia unha minuciosidade excesiva, pero achegándose ao lenzo sorprende a parquidade dos elementos cuxa síntese produce esa impresión"*[33].

As figuriñas son pinceladas de cor, soltas e cargadas de pasta con variedade de tonalidades que amosan unha extraordinaria facilidade para suxerir os diversos detalles e converten a estas obras en pezas excelentes que suxiren á perfección o ambiente que o artista desexa expresar, vestiduras, carros, tenderedes, cesterías…

Pero tan admirábel ou mais que o valor narrativo, enxeño e observacións é a maneira de organizar para que todo non semelle apiñado e confuso.

O efecto dinámico xeral do conxunto responde ao desexo de plasmar o pasaxeiro e mutábel, cunha visión única tratada con grande celeridade sen a ralentización que toda composición preparada de antemán entraña.*"Hai animación viva, resolvida en planos múltiples, un pouco anárquicos pero ben estudiados. O movemento, atinxe ritmos danzantes"*[34].

4. Simbolismo e identidade

Cooperativa de Castro 1960



As súas creacións non se realizan no baleiro, senón co seguinte senso*: "Significar unha serie de prácticas, normalmente dirixidas por regras coñecidas e tacitamente aceptadas cunha natureza simbólica ou ritual que pretenden inculcar valores e normas de conduta mediante a repetición, e implicando continuidade co pasado"*[35].

O pintor está enfatizando a súa identidade a través da pintura e posicionándose de forma contundente como un etnógrafo e antropólogo.

O amor pola costume de Abelardo non pode mais que ser de enorme transcendencia para o coñecemento do pasado. Tras as súas obras áchase un infinito caudal de información no que pode ler todo aquel

33. BAUTISTA DE LOYOLA "Abelardo Miguel en el Palacio Municipal de Ferrol del Caudillo" *El Ideal Gallego,* 16 de Febrero de 1957

34. ALCÁNTARA J A.,"Exposición de Abelardo Miguel en Asociación de Artistas" *El Ideal Gallego*, 5 de Octubre de 1978

35. HOBSBAWN E y T. RANGER, "The invention of Tradition" *Cambridge University Press* 1983

que queira facelo. E tan importante o que di como o que suxire… as súas obras, ao non seguir a metodoloxía científica, son expresións artísticas por definición saídas da súa sensibilidade mais profunda e da súa fértil independencia. Soño e realidade fúndense para nos proporcionar un impoñente caudal de imaxes que moven a nosa reflexión.

A experiencia plástica nos feiróns é unha afirmación de humanidade, unha indagación no modo de ser individual ou colectivo na terra como despregue e en torno ao home.

Proust falaba do retorno á infancia como actitude cognoscitiva, como sendeiro escollido para aprehender a realidade, unha tendencia da alma cara o verdadeiro… porque na infancia se achan as esencias enxebres das cousas, e nas vivencias infantís de Abelardo estaban esas feiras tan profundamente imbricadas no espírito de Galicia y plásmaas coa ollada do neno de actitude enxebre e incontaminada exenta de todo convencionalismo.

En Abelardo Miguel latexan as voces do pasado, esta revisión volve a súa obra mais rica e sutil. Cada ollada do pintor ao mundo circundante, non só son un goce cromático e compositivo, enlaza con xeitos e tradicionalmente asociados á idiosincrasia de Galicia…, rexistros dunha realidade non idealizada, senón auténtica e potenciando a súa terrealidade polo seu rutilante cromatismo.

A actitude repetitiva nas feiras non se fundan na verosimilitude das escenas, senón na conciencia e experiencia da duración da vida, da eternidade do tempo… Na súa reiteración no seu incesante retorno ás tradicións do seu pobo, Galicia se contempla a si mesma transfigurada a imaxe da alma que a transfigura: Abelardo Miguel... E como dixo Castelao "*Só un pobo que posúe o sentido da tradición pode ser grande... o pobo que abandona a tradición non ten dereito á existencia'*'[36]... Abelardo na súa repetición constante acerca a realidade, a unha orde de valores en relación co mundo do espírito.

Os descoñecidos lenzos de feiróns de Abelardo Miguel merecen pola súa transcendencia atención e análise por parte da Etnografía de Galicia. Teñen a presencia inefábel dunha categoría manifestativa e vital, son valiosos pola orixe da creación e pola súa coherencia na capacidade receptiva do espectador.

Asimesmo posúen claros valores socio-históricos: carácter testemuñal, coherencia co tempo e resposta ao entorno, a súa mais íntima raíz, e expresada na súa aparencia mais familiar e cotiá, un humilde feirón agrogandeiro.

36. MÁIZ SUAREZ, R. *A idea de nación en Castelao.* Xerais. Vigo, 2000.

Feirón Fidalgo 1957

As feiras de Abelardo Miguel substitúen a vella consideración académica que considera as obras de arte fundadas na especialidade, composición, claroscuro, perspectiva... polo carácter de acontecemento.

Transcende o valor artístico para entrar no campo antropolóxico e histórico. As súas pinturas pertencen mais ao tempo que ao espacio, inclínase a balanza do lado da temporalidade… as súas obras significan non só unha revelación do espacio, senón a condensación do tempo.

VI. XENTES DE MAR

1. O mundo mariñeiro na temática do pintor

Mariñeiros 1967 Salamanca

Polo seu enclave privilexiado, a pesca foi dende sempre unha actividade vital para Pontedeume, con indicios da súa aplicación dende época castrexa. O Gremio de Mareantes de Pontedeume estivo sempre en constante puxanza económica cos mareantes das restantes confrarías de Ferrolterra.

A temática mariñeira é innata en Abelardo Miguel, descendente dunha antiga familia de mareantes que pérdese na noite dos tempos, *"Siente la emoción lúcida, la llamada de sirena en el antiguo resonar de las caracolas"*[37] é o seu xénero primixenio, polo

37. Crítica "Pintura de Abelardo Miguel" *La Voz de Galicia*, 10 de Octubre de 1972

que amosou sempre unha gran predilección: *"Pintar marineros es lo que mas me gusta porque lo vivo intensamente"*[38] e a partir desta raíz, realiza unha profunda reflexión sobre a condición humana.

Descendente dunha antiga familia de mareantes que pérdese na noite dos tempos, a súa herdanza sanguínea xorde con efervescencia nos seus pinceis dende a súa primeira exposición, na que presentou aos seus paisanos media ducia de lenzos de tema mariñeiro[39]. O seu amigo e crítico de Arte Manuel Fidalgo relatou en varias ocasións que "*Todo el pueblo acudió maravillado a esta pequeña exposición de apenas media docena de dibujos de temas marineros: apuntes de barcas, aparejos marineros y tres pequeños óleos de retratos de pescadores conocidos por todos los habitantes de la villa. El parecido era tan real que desconcertó a todos los que la contemplaron"*[40].

Mariñeiros de Leis 1935

A súa primeira grande obra *"Mariñeiros de Leis"*[41], feita en 1935, composición que supera os dous metros, constaba de tres figuras humanas de constitución case ciclópea que asoman con monumentalidade arquitectónica.

O grupo o compoñen un pescador adulto con pucha mariñeira, unha muller de idade indefinida cun pano que porta unha patela de peixes e un mozo imberbe. Están firmadas cunha

38. GALLEGO J.M.,"Ayer con Abelardo Miguel" *La Voz de Galicia*, 26 de Junio de 1962

39. FIDALGO MANUEL, "Abelardo Miguel, pintor de Galicia expone en el Ferrol" *El Correo Gallego*, Abril de 1957. "Arte en El Ferrol: Abelardo Miguel", El Correo Gallego 18 de Decembro de 1962 y " Abelardo Miguel aprendió a pintar en la Coruña", *El Correo Gallego* 7 de Outubro de 1965

40. Este episodio es comentado por el crítico Manuel Luis Fidalgo en varios artículos, entre outros: "Arte en El Ferrol :Abelardo Miguel" *El Correo Gallego* 18 de Decembro de 1962 y "Abelardo Miguel aprendió a pintar en la Coruña" *El Correo Gallego* 7 de Outubro de 1965.

41. Chamada así porque foi pintada no fallado da casa de Doña Concha Leis

primitiva firma infantil e datada con numeración romana. É unha obra cun estilo sen definir, propio dun artista que acaba de comezar a súa andadura, mais ao mesmo tempo avanza unha técnica de pintor de categoría, e xa os valores etnográficos que o acompañarán na súa traxectoria

A peixeira leva á cabeza unha patela de estilizas co produto da pesca: unha raia e unhas fanecas que máis parecen fodóns; o rapaz porta os remos e o mariñeiro un bote de pintura baleiro con asa (aproveitado dos da pintura de pintar o barco) que utilizábase para achicar a auga dos botes e dentro del van dous estrobos e varios toletes. Recollían todo isto e non o deixaban no barco para que non llos roubasen[42].

Sorprende pola súa vehemencia e seguridade, anque dificilmente terían sido identificables como do autor, agás que atopamos esa coherencia persoal tan manifesta, o tema de mariñeiros e *peixeiras*, cun parecido desconcertante coas que pintaría medio século despois.

Peixeiriñas.1967 Salamanca

A temática mariñeira seguiulle acompañando durante toda a súa traxectoria ata a súa morte, deixando inconcluso un lenzo de mariñeiros moi similar aos que pintaba sendo un neno, como se ese testamento vital fora o documento innato da súa vocación, do seu xenio criador e da vinculación coas súas xentes do mar.

Soubo por propio instinto creativo outorgar as súas pinturas de mariñeiros un sentido de sinxeleza e popularidade que conectou perfectamente co público do seu tempo, entendendo como público todo tipo de xente e condición e non só os habituais mercadores da arte.

A súa arte era moi atractiva para o público. A súa sensibilidade na súa esencia mais enxebre, reducida ás veces á extrema sinxeleza de dous vellos mariñeiros mariñeiros que

42. Aportación de Carlos Pedreira

parolan no peirao, o dunha peixeiriña que repara unha rede á beira da súa ría, a que emocionaba e facíase dona da capacidade perceptiva dunha clientela popular que apreciaba a naturalidade escapando de hermetismos artísticos ou complexidades formais.

É significativo que pese a súa escasísima concorrencia a certames e premios, os galardoes que gañou, sempre foron sobre a temática mariñeira. Este tema fixolle obter a Primeira Medalla pola Decoración do Pavillón de Vigo, mural de enormes dimensións onde aparecían mariñeiros fanando no Berbés. Co óleo *"Os Rapaces"*, onde dous nenos fillos de peixeiras xogan xunto a unha barca (hoxe en paradoiro descoñecido)[43] conseguiu o primeiro premio de pintura, ambos na Feira do Mar de 1961. A mestría de execución deste último lenzo faría escribir *"Abondaría para consagrar a un mestre e un estilo"*[44].

II Feria del Mar, en Ferrol

"El artista eumés, Abelardo Miguel, dando los últimos toques a un panel decorativo, correspondiente a uno de los "stands" de la II Feria do Mar, en El Ferrol del Caudillo, que será inaugurada mañana."
***La Voz de Galicia*, 1961.**

En 1972 na Feira Internacional de Mostras do Noroeste volve a obter o premio da Sociedade Artística de Ferrol con *"Xente de mar"*, tamén desaparecido[45]. Nas súas primeiras exposicións, os críticos adoitaban centrar os encomios á súa pintura nos bodegóns, fora da crítica portuguesa que si fixo moito fincapé nas xentes mariñeiras do autor, se cadra pola proverbial irmandade luso-galaica.*"Peixeiras e mariñeiros as principais fontes inspiradoras do artista", "Poeta -pintor da paisaxe humana de Galicia, todos os seus lenzos poboados de xentes da beira do mar, que viven do mar e para o mar", "As faces das mulleres do mar, a fisionomía dos rapaces, teñen carácter, estilo expresión, actitudes encadradas nunha ambiente espléndida","Ten o cuño da verdade, facilmente recoñecíbel por quen sabe ver e sentir"*[46].

Pode dicirse que é a temática na que se sentía mais realizado, e nas poucas veces que expresou o seu desexo de transcendencia dixo:*"Gustaríame ser lembrado polos meus*

43. Este lenzo debería atoparse no Concello de Ferrol, organizador del evento, pero non hai rastro de él en ningunha dependencia, colección ou almacén municipal.

44. Transcripción de emisións realizadas en 1961 en Radio Ferrol e Radio Nacional de España "Crítica de arte de Manuel Fidalgo: "Abelardo Miguel"

45. Ao igual que Os Rapaces , no Concello de Ferrol, organizador do evento, non hai rastro do lenzo en ningunha dependencia, colección ou almacén municipal

46. "Fragmentos da Galiza nas telas de Abelardo Miguel" en Journal Doporto, 10 de Abril de 1962, AZEVEDO ARTUR, "Oleos de Abelardo Miguel no Coliseu Doporto" Diario da Manhá, 10 de Abril de 1962. TEIXEIRA, " Exposición de pintura de Abelardo Miguel " *Journal do Comercio de Porto*, 13 de Abril de 1962

mariñeiros"[47]. En todas as exposicións, aínda que incluíse tamén bodegóns, paisaxes, e *feiróns,* as titulaba *"Xentes e cousas da mar"*. A partir dous anos 70, dedícase principalmente a esta temática e vai abandonando progresivamente os demais xéneros.

O esquema elemental do mundo mariñeiro de Abelardo entróncase na entraña da vida, na profundidade das súas raíces galegas e na perfección da arte. El apalpou vocacional e instintivamente a vida mariñeira e por vía da intuición vital logra a plasmación da colectividade mariñeira e os seus trazos corporativos. *"A obra de Abelardo é a paisaxe no que o home é o navegante, o calco e a expresión"*[48]. Traza unha obra exemplar no concerto da estética galega contemporánea.

A súa concepción humano–vital descobre o espírito da súa época, identificándose coa vella face do mariñeiro e o seu entorno, sen dilación, sen o concurso de proclamas nin manifestos ideolóxicos, fíxoo pintando e puxo o seu forte rigor plástico ao servicio dunha idea, no seu caso todo un ideal, pictórico, narrativo e testemuñal: a vida dos seus mariñeiros.

Pai e fillo 1988

Na recreación pictórica da temática de peixeiras e mariñeiros, o pintor atinxe a plenitude creadora. Advírtese nestas obras unha forte descarga emocional nas que en termos de abraiante paixón e imaxinación fervente, Abelardo desprega un relato realista de absoluta autenticidade e verdade humanas.

A súa inspiración por tanto presentase entre dúas inclinacións: a sentimental e a inclinación psicolóxica de captación e definición do carácter, e as súas obras móvense entre o realismo social etnográfico e o simbolismo de fin de século, pero a súa personalidade autónoma transcende calquera influencia.

47. BARCÓN CARLOS, "Presento lo mejor que puedo ofrecer: mis mariñeiros", *El Correo Gallego*, 4 de Marzo de 1977.
48. ALMAR: "Pintura de Abelardo Miguel", *El Ideal Gallego*, 18 de Marzo de 1977

Sen embargo, este xénero abórdao con modernidade artística, onde o presente se converte na auténtica fonte de orixinalidade, e o que expresa a modernidade é a imaxinación creativa, entrando no novo concepto artístico de tempo histórico, tempo presente concibido como unha reflexión sobre o seu entorno circundante e un compromiso coa actualidade, de aí o seu gran valor etnográfico.

Logrou con eficacia descritiva articular a complexa dialéctica individual, o que distingue a cada persoa como ser único e irrepetibel, con un prisma antropolóxico xenérico que busca no retratado que sexa o portaestandarte dunha colectividade, a mariñeira.

É un compromiso profundo da alma do artista coa súa estirpe e con facilidade executiva virtuosística atopa diferentes solucións compositivas, dende recios retratos individuais, parellas de avó e neto, muller e home, tríos de mariñeiros a ledas representacións colectivas de grupos numerosos.

Avóa e neto 1976

En todos estes lenzos, o artista conmove ao espectador porque el mesmo experimenta ante as escenas unha emoción intensa que o seu xeito transmite á tea. En todos e cada un dos cadros aflora mais que nunca a alma do pintor *"Dou o mellor de min, os meus mariñeiros"*[49], dirixindo sempre a ollada de fora adentro, da natureza ao espírito, conseguindo non só a narración cotiá, senón un mundo onírico e poético.

A identificación do mariñeiro con Galicia comeza cos homes do Rexurdimento. O tándem mariñeiro-labrego foi electo como prototipo do home galego auténtico, o preservador de valores e acenos de identidade ancestrais. Risco insiste na raza dos mariñeiros *"A Galicia*

49. BARCON CARLOS, "Al público ferrolano le presento lo mejor: mis mariñeiros. Mi vida es la pintura y a ella me dedico a todas horas", *El Ideal Gallego*, 14 de Marzo de 1977

verdadeira é a dos labregos e mariñeiros porque son os que gardan a esencia da raza"[50]. Abelardo tamén amosa concomitancias con eles á hora de se expresar, xa que acostuma falar de raza céltica, tipos raciais, galegos de raza. *"Os mariñeiros son a médula da nosa raza, idiosincrasia e costumes ancestrais"*[51].

2. O carácter antropolóxico

Todo o escrito sobre Abelardo, a súa propia vida e as poucas declaracións que o artista deu en vida, confirman a súa humildade, carencia de cobizas e sinxeleza sen concesións, tan pouco habituais nos artista con certa sona... En palabras de Ramiro Fonte á autora deste traballo, *"Abelardo representaba a ética do artesán fronte a ego do artista"*[52], non obstante a única declaración que se aparta desta liña é cando di *"Goya pintaba a sus majos, Teniers a sus tipos populares, y yo pinto a mis marineros de Galicia"*[53]. Aínda que este situarse á altura destes grandes da pintura, en ningún caso pode interpretarse como algo grandilocuente, senón como unha unión ética e estética, un emblema ou símbolo da súa pintura, unida indefectibelmente e para a posteridade con unha sociedade, a mariñeira.

En Abelardo Miguel o xénero mariñeiro é unha temática popular e social non intencional, é proposta dunha maneira espontánea e inmediata, plasmando a forma de vida mariñeira na que medrou cuxos valores resúltanlle irrenunciábeis. *"Artista populista recrea a vida da costa, dos seus homes e das súas mulleres e nenos no seu duro oficio de todos os días"*[54].

Outros pintores galegos achegáronse ao tema mariñeiro, mais comparados cos cadros de Abelardo, son artificiais, aproximándose a estética de cadros de postal como no caso do pintor Juan Luís que *"Pinta unhas pescantinas tan guapiñas e vestidas co seus traxes rexionais que nunca existiron"*[55]... Todos os personaxes das obras de Abelardo son tan reais como a vida mesma…, porque como dixemos o é parte dese colectivo, é un mais deles.

Afástase da vangarda que dá un valor moral inexacto á arte, outorgándolle un papel de denuncia social. Non hai mensaxe nin hai resaibos literarios, os tipos e as costumes non

50. BOBILLO, F., *Nacionalismo gallego: La ideología de Vicente Risco* Madrid Akal 1981

51. GRUEIRO M., "Punto crítico: Art: Óleos de Abelardo Miguel" *El Correo Gallego*, 4 de Agosto de 1982

52. Palabras de Ramiro Fonte á autora deste traballo de investigación. Fonte foi autor da Triloxía "Vidas de Infancia", onde o pintor é o seu irmán Miguel son personaxes moi imbricados na esencia dá vila

53. FERREIRO CELSO, "Díganos la verdad: Abelardo Miguel" *La Voz de Galicia,* Outubro de 1965

54. GRUEIRO M., "Punto crítico: Óleos de Abelardo Miguel" 4 de Agosto de 1982 *El Correo Gallego*

55. LÓPEZ VÁZQUEZ, J. M., "Do 98 á II República. A época do Rexionalismo", *Galicia Arte. Arte contemporánea,* tomo XV. Nova Galicia, 1993. "Pintura de Abelardo Miguel " *La Voz de Galicia*, 10 de Outubro de 1972

queren dicir mais que son en sí mesmos. O seu realismo está desprovisto de intención moralizadora. Está a seguir os principios da pintura pura, de aí o seu afastamento dos primitivistas galegos. O seu carácter de crónica testemuñal é inherente e non buscada polo autor, crónica que convertese en crítica sen que o artista propóñallo, non gravita o *fatum* nin a traxedia, aínda que ás veces o drama contido e a enteireza desconcerten e chegue a mostrarse cruelmente lucido. *"Os seus ollos, expresan unha realidade vivida intensamente sobre a crueldade e tiranía do mar"*[56].

É consciente da responsabilidade que incumbe ao artista de xenio, único capaz de facer oír por medio do pincel o berro de rebelión deste colectivo esmagado polas penalidades da vida mariñeira, o que delata a súa plena conciencia de historicidade. *"A xente mariñeira é a alma racial do meu pobo co seu dor e a súa esperanza."*[57]

Parella de Vellos 1980

Estes cadros son realistas, sen caer xamais no paternalismo nin en folklorismos impostados do xénero costumista...

Os seus personaxes en ningún caso son dignos de mágoa ou conmiseración, senón todo o contrario, aínda que trata de evitar a retórica do heroísmo, é o traballo cotián o que dignifica, *"Non lle interesa a figura do pescador como tal, senón o que está diariamente no seu torno: o traballo, a incerteza, a ilusión de horizontes e do retorno"*[58]. Hai un rotundo carácter épico, sendo neste caso o mais destacábel o tratamento da muller, de empaque comparábel ás heroínas clásicas do Olimpo.

56. Crítica "Pintura de Abelardo Miguel" *La Voz de Galicia*, 10 de Outubro de 1972.

57. DICA, "Pintar constitúe para mi un canto a la tierra y al mar" *El Correo Gallego*, 5 de Abril de 1976.

58. RODRIGUEZ VERGARA, "Óleos de Abelardo Miguel" *El Ideal Gallego*, 13 de Marzo de 1977.

Pontedeume 1970

Aquí de novo atoparíamos unha conexión cos primitivistas galegos que considerarán á muller como un emblema da cultura galega e da Terra Nai.

E mais que ningún outro artista na arte galega soubo plasmar a intensa identidade mariñeira, tan forte como a labrega, o pintor é fiel testemuña da pesca artesanal que se executaba entón.

Os lenzos de Abelardo neste eido son un compendio etnográfico, plasmando as específicas tipoloxías de embarcacións e aparellos. Ao pintor non lle gostaban as embarcacións do comercio marítimo, pintando sempre as dedicadas as capturas marítimas Anque o artista prefería representar os barcos de vela, aparecen a miúdo barcos a motor. Nas representacións dos peiraos pódense ver hélices nos barcos varados, chimineas dos vapores e as cabinas dos de gasóleo.

As denominacións de moitos destes lenzos levan a confusión, xa que o pintor como moitos mariñeiros da súa vila, adoitaba denominar os barcos co nome de algúns aparellos cos que faenaban por metonimia[59], por exemplo: a *tarrafa* é un tipo de aparello, mais as

59. Aportación de Carlos Pedreira

embarcacións que pescaban con este aparello denominábaselles tamén tarrafas, aún sendo entre elas diferentes, a veces tiña mais interés o tipo de aparello que se usaba que o tipo de nave con que se faenaba.

Así que anque sexan aparellos: a tarrafa, a baca, o bou, o xeito, a veces –repito– o pintor, denominaba así a certo tipo de embarcacións.

Tiña unha gran predilección polas dornas, e pinta incluso aquelas que non atopábanse na zona de Pontedeume, e embarcacións propias das Rías Baixas... tanto a dorna de tope, típica do Barbanza, a dorna polbeira, a tramalleira e a máis coñecida para el a dorna o lancha xeiteira, na que traballaba o seu pai, anque para algúns non pode considerarse dorna.

Tamén aparecen gabarras, traiñeiras, trincados... e están omnipresentes as pequenas chanelas, bucetas, gamelas, (chamadas en Pontedeume caiucos), botes, lanchas de remos, motoras o embarcacións auxiliares.



Vista da Vila 1980

Non faltan nunca os productos obtidos do mar dende o linguado, camarón, faneca ou pescadiña, carioca, fodóns, ollomois, congrios, robalizas, salmóns, raias, sollas, barbadas, xurelos, bocartes, xibas, chocos, luras… ata sardiñas.

Abelardo non se esquence dos mariscos selectos como centolas ou bois de mar, ou humildes cangrexos como patexos que se apañaban como abono para o campo.

Aparellos como trueiros, grandes troles que portaban os mariñeiros entre as barcas, a‘xávega’, o ‘cerco real’, anque deixase de utilizarse a principios do século, o ‘boliche’,

betas, palangres, rapetas e redes como as tarrafas e redes de xeiño, trasmallo e mais bireis ou boias de cristal e corcho, nasas... e plasma ou emprego de métodos como a 'xiongada', ou 'corricán', a 'salmoeira' ou a 'raeira'.

Todos os personaxes representados visten as indumentarias da profesión: roupas de auga enchoupadas en aceites de liñaza, suestes, zocas de madeira de bidueiro... pero tamén os obxectos que levaban nos barcos, botellas de cristal para a auga e mesmo os alimentos que ían consumir como pans de millo, patacas, cebolas ou aceite co que facían as caldeiradas, as iscas como os de tripa de sardiña.

Apunte de mariñeiro 1967

Abelardo é testemuña cos seus pinceis das relacións intersociais e as ocupacións subsidiarias. Hai escenas de pesca, descarga no porto, distribución do pescado entre as peixeiras, pero tamén hai outras de curación de redes tras a tinguidura do fío "encascadas" no piñeiral de Cabanas, varadoiros de barcas, secadoiros de velas e redes, carpinterías de ribeira ou os almacéns portuarios.

Pinta escenas nas tabernas cando á volta do mar, os mariñeiros ían tomar "as parvas", o como dicíase en Pontedeume "tomála mañá" que consistía en tomar unha copa de caña en xexún.

Mariscando 1980

Abelardo centra os seus lenzos no mundo pesqueiro, pero tamén na actividade marisqueira, tanto ou mais importante que a pesca, e que era na época unha profesión e un complemento aos baixos ingresos obtidos nos traballos agrícolas, artesáns ou industriais.

Nos lenzos inclúe dous tipos de marisqueo: a pé e a flote. O primeiro o realizaban principalmente as mulleres provistas de sachos, legóns e rastrelos. O segundo facíase dende as barcas e o realizaban xeralmente os homes xa que se necesitaba máis forza. Tiraban da vara de un raño (se tiña rede) o dun rastro (se non a tiña)... con todo tipo de cestos de vimbia e recipientes, así como os paxes ou patelas.

A diferencia entre os paxes e patelas era que os primeiros son máis fondos e as segundas apenas teñen bordes. A maioría das patelas de Pontedeume eran de madeira, mais tamén podían ser de estilizas e de vergas.

Aparecen as ameixas, berberechos, ostras e mexillóns que son recollidos pola colectividade mariñeira, con maioría feminina nas cercarías da ponte de ferro, baixo a ponte de pedra ou nas ribeiras da vila… No intermareal entre as pontes de pedra e de ferro era onde mariscábase o berberecho e a ameixa, o mexillón nas cepas da ponte de pedra. Utilizaban para esto unha rasqueta o un fouciño xa en malas condicións, tamén vellos coitelos. Os botes neste caso eran utilizados para acceder aos lugares de recollida.

Mariñeiros, peixeiras, carpinteiros de ribeira… son tipos humanos moi caracterizados e representativos do mundo pesqueiro galego nun tempo e nun espacio determinado, plasmando como ningún outro pintor na historia da pintura galega as duras condicións da vida no mar: *"Xentes de mar curtidas de vento, soles e golpes de mar, a xente mariñeira é a alma racial da miña pobo co seu dor e a súa esperanza"*[60].

Especialmente significativas son as súas representacións de peixeiras, onde as mulleres desenvolven as tarefas complementarias das actividades pesqueiras. Esta ocupación feminina, é un eido case inexplorado dentro do mundo da antropoloxía de Galicia e ao que a obra de Abelardo tería moito que aportar.

Estes cadros son totalmente reivindicativos do papel das mulleres na sociedade galega, neste caso no mundo mariñeiro. Estas mulleres, relegadas ao xénero masculino e na época consideradas seres inferiores sen dereito á palabra[61], polo seu duplo rol reprodutivo e produtivo non sabían o que significaban palabras como descanso ou lecer. É moi frecuente a aparición de mulleres dando de mamar aos seus fillos mentres que traballan.

Plasma o papel fundamental que as mulleres representaban no proceso de marisqueo, distribución do pescado, xa que en Pontedeume se encarregaban da venda de case todas as capturas dos pescadores de baixura, mantemento do utillaxe e reparación de apa-

60. DICA, "Pintar constitúe para mí un canto a la tierra y al mar" *El Correo Gallego*, 5 de Abril de 1976

61. Deben lembrarse as leis da época, que discriminaban á muller en todos os aspectos

rellos[62], labor imprescindíbel neste proceso económico e social no que se rastrexa o profundo amor que sentía pola súa nai Efigenia, peixeira que traballou duramente para sacar adiante aos seus once fillos.

Detalle de Pexeira amamantando ao seu fillo

Abelardo Miguel, sen embargo non pintará xamais as procesións mariñeiras, ni da súa vila (o Gremio de Mareantes de Pontedeume, nado baixo a advocación de San Roque e a Virxe dó Carme) nin de ningunhas outras[63].

Xa dixemos que as relacións corporativas mariñeiras teñen unha intensa escala de valores que son consideradas trazos fundamentais identitarios na cultura galega[64] e Abelardo extrae da súa infancia en Pontedeume o repertorio de acenos e actitudes da pobo que plasma nas súas obras. A caracterización de tipos se torna nunha exhaustiva análise antropolóxica. De novo, atopamos arquetipos laborais propios dunha sociedade mariñeira hoxe obsoleta, presentando unhas interrelacións laborais homes-mulleres no ámbito pesqueiro hoxe desaparecidas e que nos óleos de Abelardo consérvanse e resgardan en toda a súa pureza para xeracións vindeiras. A súa pintura convértese nunha dialéctica expresiva cunha grande capacidade de presentarse como prototipo dun pobo, da súa situación. Repetimos que amosa contundentemente que é un pintor existencialmente galego e universal.

Descarregando o peixe 1988

62. As redeiras,eran mulleres encargadas de reparar redes, foran estas, en función dá menor ou maior dimensión dá súa malla, sen embargo Gabriel Torrente afirma que as mulleres de Pontedeume desde o 60 adiante xa non reparaban as redes, como si o seguían facendo noutras vilas costeiras.

63. Na Tese de Doutoramento sobre o pintor, explícase a arrelixiosidade temática do artista.

64. MORLING STEFFAN, *Lanchas y dornas: A estabilidade cultural e a morfoloxía das embarcacións na costa occidental de Galicia.* Xunta de Galicia Santiago 2000

3. Os retratos mariñeiros de Abelardo Miguel

O retrato considerouse o xénero por antonomasia, cuxa esencia no século XV considerábase estar no poder máxico da pintura de facer presentes aos ausentes e vivos aos mortos. Neste caso, é Abelardo o que fai presente a un colectivo que nunca tivo voz: os mariñeiros

Estes retratos plasman por igual a mulleres e homes, a nenos e a anciáns. Perden o seu carácter de individuos para converterse en arquetipos. Son símbolos dunha identidade, dun pobo.

A fascinación polo retrato mariñeiro débese ao seu carácter de representación primordial, como impulso orixinario dende a infancia pola súa tendencia natural a imitar o parecido. Sen embargo, non hai restos de clichés, evita o naturalismo epidérmico e a exactitude superficial do parecido fotográfico, e os seus retratos, cales queira que foran os seus modelos, eran tan persoais, tan de autor como calquera outra das súas representacións.

Detalle de grupo 1958

O acto de retratar, establece unha comunicación básica entre os suxeitos enfrontados: a executante e as súas representados, aos que engarza entre o momento efémero e o seu legado intemporal, nunha ponte misteriosa entre a alma dos personaxes e o espectador.

Abelardo busca a singularidade de cada ser, o trazo mais característico da súa fisionomía, pero mais alá desa individualidade visíbel e material, dá conta do misterio da vida interior, da compilación psicolóxica e polivalencia de sentimentos. Mediante o retrato, a arte reconverteu a escala antropomorfa aos seus deuses e ideais, Abelardo Miguel tamén transformou en heroes aos mariñeiros de Pontedeume polas súas accións meritorias. Sempre subxace unha marcada sentida poética da antigüidade clásica, paralelismo arquetípico entre as moradoras do Olimpo e as peixeiras que pisan a marea.

"Pese ao seu idealismo de espírito, non idealizou nunca ás súas personaxes, non os viu como desexaba que foran, senón como realmente eran . Os rostros non eran só reflicto do carácter, senón da profesión."[65]

A elección dos modelos non era ao azar, era unha procura moi exhaustiva. O artista tiña a liberdade de escoller ao modelo e non ao revés… O pintor é o que fala e non o modelo, impoñendo a súa forma e o seu estilo sobre o retratado. Capta e fixa a intensidade da expresión *"Pintar retrato mariñeiro é a especialidade mais difícil porque teño que estudar a psicoloxía do modelo. O de menos é o parecido"*[66]. Ao penetrar na alma do personaxe resulta exaltado tanto na plenitude da súa humanidade como na súa dignidade de pescador.

Os retratos adoitan ser de medio corpo. O rostro e o torso dominan a composición. Recolle a codificación corporal da que fala Crego segundo a cal as partes da figura humana están codificadas segundo unha xerarquía. A cabeza e o peito representan a razón e o sentimento e no rostro os ollos nariz e boca representan a alma, a sensibilidade e a sensualidade[67]. De aí o importante das olladas nos retratos de Abelardo, que expresan de forma esencial e sutil a expresividade singular de cada individuo.

Adiviñamos que son su-xeitos con vida interior, alguén que vive a pesar dos confíns do marco. Nestes retratos xamais extrema os caracteres que se emprestan tanto á expresividade nin se pecha na anécdota, as figuras femininas, sobre todo as de idade avanzada, se cadra as mais logradas do artista, posúen unha monumentalidade case arquitectónica (Estrabón xa falaba da dureza da muller galega).

Dous mariñeiros 1967

65. FIDALGO, Manuel Luis: "Pinturas de Abelardo MIguel", *La Voz de Galicia*, 20 de marzo de 1964.
66. DICA, "Pintar constitúe para mí un canto a la tierra y al mar", *El Correo Gallego*, 5 de Abril de 1976
67. CREGO, Charo. *La representación del rostro en la pintura,* Abada Editores, Madrid, 2004

No caso dos nenos bascula entre representacións agarimosas, como representantes dun mundo enxebre e incontaminado, cun forte deixo de tenrura nas súas olladas, e duras representacións de nenos deformes e grotescos en relación coas imaxes barrocas de cegos, tolos, ananos...

Nestes lenzos atopamos un estilo de elegante trazo, cunha liña expresiva, definitoria, clasicista pero de vangarda. Son obras de excepcional beleza e aínda que levan o selo do clasicismo mais enxebre, non teñen as coaccións esterilizadoras do academicismo.

Aínda que tamén as pegadas das vangardas sexan claras, manterá a figuración e o realismo como modo de conectar co cotián. Os seus retratos son fieis á súa etimoloxía *re-traho*, quitar fora, recuperar a imaxe da realidade.

A singular incorporación da cor verde nos rostros dos mariñeiros é de moi difícil explicación, dado o gran compoñente naturalista do artista. Mais podemos construír dous hipótese:

1) Unha explicación desta estraña coloración viría da man do expresionismo. Sería un recurso de expresión que agudizarase ao final da súa vida... "*Manifestacións vitais e laborais. A expresión tra-*

Sardiñeira 1984

Dous en verde

duce o fondo existencial dos protagonistas. A súa pintura non suxire novas formas, senón novas expresións. Lección de serenidade. Home-terra.mar ... A modo de averno e ruta de Ulises, do que todo se espera, do que todo se teme" "O verde: unidade manifesta de expresión e sentimento mariñeiro"[68].

2) A outra explicación das cores verdes nos rostros sería unha transposición das cores da natureza, neste caso, o verde do mar e os seus montes galaicos, ao retrato, entidade esencialmente allea á calidade cromática da paisaxe, pero que o pintor consegue axuntar a través desta singular coloración: a paisaxe galega, o mar, e os seus homes amparados por unha mesma sinfonía cromática... *" O mar proxéctase nos rostros curtidos de soles e ventos", "Os verdes nos rostros son presencia anímica, simbiose físico- intelectual enmarcada nun espacio: Galicia"*[69].

Amosamos os grandes trazos identitarios da obra de Abelardo... e o verde foi a cor que representou e simbolizou Galicia... esta invasión do verde nos homes axuntaría dunha forma estética e visual a integración do home galego coa Natureza ou a Terra Nai que é Galicia.

Nos retratos de grupo, mais que retratos de grupo pode falarse dunha individualidade colectiva. Non é unha adición de retratos individuais, é unha creación dun ser múltiple e unánime, representativo da vida mariñeira da Galicia do seu tempo. Estes retratos de grupo aparecen como un desexo do artista de fixar unha acción realizada en común. De aí a súa reiteración na presencia dos distintos membros das tripulacións no mesmo lenzo, dende o patrón ao grumete.

Os personaxes aparecen instalados nunha natureza magnífica e veraz, en comuñón espiritual con ela, un tanto ensimesmados ou á maneira barroca ollando curiosos ao espectador que os contempla. As figuras, sempre de medio corpo, ocupan gran parte do espacio pictórico na que a paisaxe iluminada por unha luz intensa ou de serán serve de acompañamento e contrapunto. Diferentes instrumentos de mariñeiría completan a representación... Todo o que toca o pintor aparece envolvido nun aura poética, ata as sinxelas redes e aparellos, e xorde a poesía tanto no xeral como no miúdo, mostrando as súas calidades de artista verdadeiro.

A representación das diferentes idades é clásica do Renacemento italiano e entre os recios e curtidos rostros de mariñeiros veteranos acostumaba incluír a nota doce do

68. CARRACEDO, "Artes y letras Abelardo Miguel: Variaciones de un verde de un solo tema" *El Correo Gallego*, 15 de Outubro de 1978.

69. CARRACEDO, "Artes y letras Abelardo Miguel: Variaciones de un verde de un solo tema" *El Correo Gallego*, 15 de Outubro de 1978.

grumetiño imberbe, cunha reflexión sobre a condición humana. Homenaxea aos nenos que debían de traballar como adultos. Os nenos acostuman aparecer ante os seus ollos como fonte de expresión, aínda que algúns dos suxeitos escollidos aos ollos actuais presenten unha estética unha tanta estraña, as súas faccións groseiras están moi lonxe das canons de beleza. Ao pintor non lle doen prendas en retratar a miúdo a nenos demorados[70], ricos de expresión e tamén de carácter e humanidade ao igual que Velázquez cos seus ananos.

Transfigura o que é feo na vida, polo que é expresivo na arte, e é parte do seu pobo como todo o demais, sacrificando beleza en aras da verosimilitude, fuxindo de nenos agarimosos que suscitarían sentimentalismos. Os nenos son nenos reais que pululaban polo porto do Pontedeume do seu tempo.

Mozo da camisa vermella 1960

Mozas 1960

Os personaxes femininos atinxen grandes coutas de expresividade, poden aparecer con homes ou en grupos de dous, neste caso acostuman ser mulleres moi xoves case adolescentes, e envolve as súas aparencias corporais delicadas con unha sólida e férrea concepción do concepto de feminidade, no que sempre subxace a figura da súa nai e o emblema da nación galega.

Un capítulo importante tamén serán as representacións de anciáns no fin dos seus días, incidindo en moitas ocasións na combinación avó-neto, como as dúas paréntese do acontecer humano. Non hai significados simbólicos ou alegóricos, só reflexiones dun mundo ligado ao artista polo afecto e o costume.

Son grupos humanos moi caracterizados e identificábeis, seres individualizados únicos e irremplazabeis e a partir destas referencias concretas

70. Moi evidente no neno de Mariñeiros de Facio de 1958

atinxen valor universal. En todos eles subxace a súa concepción do mundo. É un problema de connotación, que nas súas obras se acentúa na denotación, ata ao extremo de que as súas pinturas son mais reais e verdadeiras que o que representan.

En moitos dos seus lenzos mariñeiros, é a colectividade a protagonista… aparecen como páxinas propias do seu intrínseco nacionalismo no que o traballo constitúe non só o medio de vida da familia mariñeira, habitualmente numerosa, senón tamén a base económica social dun pobo que loita orgulloso polo seu sustento, aínda que pobre en recursos e sometido a unhas estruturas anquilosadas. É unha Galicia corista e luminosa que sofre e goza ao mesmo tempo a súa propia condición socioeconómica con realismo e dignidade.*"Xentes captadas na mesma beira da auga salgada, onde todo semella rebosante de luz e beleza"*[71].

A amplitude de criterio do pintor dálle ductilidade para escoller o impresionismo como enfoque destas escenas, o linguaxe mais simple, sinxelo e mais inmediato, pero sen dúbida a versión mais adecuada para a súa concepción do espacio e da luz[72].

Nai e fillo 1966

71. FJA., "Arte y Artistas: Exposición de Abelardo Miguel" *El Ideal Gallego*, 6 de Julio 1971
72. ESTEVEZ, J. L.,"El pintor de la Galicia luminosa" *El País* Mayo 2008

Plasma a curiosidade do home na verdade cotián. Os personaxes son representados no momento mesmo da faena, captando o fuxitivo, o transitorio, con vigorosas deleitacións formais.

Nestes cadros colectivos a coloración de corte expresionista se tempeira, pero a paleta faise mais rutilante en fondos e ceos que adquiren unha especial relevancia, xa que as escenas sempre son ao aire libre. A representación a pleno sol, atípica nas representacións de Galicia, non é unha preferencia arbitraria ou formal, é un recurso que enfatiza o contido e proporciona un contacto mais directo coa realidade a través da inmediata concreción na obra da impresión sensorial.

A luz convértese en auténtico xerador da cor, vibrante en gamas verdiazuladas que outorga beleza e orixinalidade a figuras e obxectos, unha luz translúcida, etérea e clarificadora case mística, que tanxencia o luminismo sorollesco.

4. Representacións mariñeiras e paisaxe

Escea mariñeira

Nos cadros mariñeiros, a paisaxe adquire un gran protagonismo. Os fondos son tan importantes como o fronte. Hai unha simbiose retrato-paisaxe tan intensa que algunhas veces non sabemos se é unha figura con paisaxe ou unha paisaxe con figura. De novo, a interrelación omnipresente do home galego coa Natureza. Abelardo fala do sentido íntimo do home, a súa condición e circunstancias expresadas como unha profunda referencia cara unha comunidade e unha directa relación do personaxe coa terra na que se asenta... Como

unidade sempre o mar, como espacio pictórico, como paisaxe humana, no que a decisión e o traballo do home e a muller imprimen unha pegada indelébel. Ao fondo, Pontedeume adoita erguirse como porto seguro ante a voráxine da vida.

A relación do home co entorno estabelece todo un repertorio de relacións de reciprocidade onde o home explica a paisaxe á vez que o determina. Nas súas visións de grande amplitude acompañadas de figuración, a anécdota desaparece en beneficio da intemporalidade, para o artista conta a maxestade da panorama e o sentimento do pobo eumés. *"Xanelas abertas de pao a pao sobre a xente de Galicia, peixeiras, mariñeiros, barcos, redes, cunchas e os seus rostros magníficos de vigor expresivo, sen sofisticación"*[73].

En moitas das escenas mostra a súa eficacia perspectiva, aparecendo a figuración sobre o fondo grandioso das vilas costeiras e as rías. Harmoniza á perfección a expresión lumínica do melancólico sentimento suxerido pola hora de representación aparecendo a



O patrón 1959

73. AZEVEDO ARTUR, "Oleos de Abelardo Miguel no Coliseu Doporto" *Diario da Manhá,* 10 de Abril de 1962

paisaxe tamizada por unha luz case irreal, como un xogo rutilante de aparencias de ilusión óptica e sensorial.

Hoxe vénse con unha óptica romántica, unha morriña historicista impregna a contemplación destes lenzos. Nos óleos mariñeiros sintetiza a esencia do home, defendendo por si só a refutación substancial do pasado e ilumina unha idade antiga en que o aceno e ollar humanos cinguíanse ao mar, o confín do seu horizonte.

A labor de Abelardo Miguel, o mellor intérprete do colectivo mariñeiro da Historia da pintura galega, engarza ao artista e aos seus mariñeiros en artística comuñón espiritual, mais este engarce deixou un legado intemporal… unha realidade da presencia humana na natureza, mais alá das seus expresións efémeras.

VII. A PAISAXE

1. A Paisaxe e a identidade

A Etnografía clásica de Galicia céntrase fundamentalmente nos xeitos diferenciais que definen a identidade galega, por iso non podemos concluír esta análise da obra de Abelardo Miguel, sen abordar a paisaxe, xénero que aínda que nunha primeira visión, non semelle de valor etnográfico, en Galicia será unha das temáticas mais imbricadas no proceso de identidade nacional.

Ademais a paisaxe ten que ser obxecto de estudio do patrimonio etnográfico non só por ser un espacio humanizado e artificial produto da sociedade que ante unhas determinadas necesidades económicas e sociais, propostas ou impostas, víronse na obriga de modificar unha paisaxe natural nunha totalmente humanizada, senón tamén porque nela contamos cun rexistro material e inmaterial moi variado e valioso, suporte das actividades desenvolvidas

Paisaxe da Ría. Museo de Ourense 1957


Na marea 1970

polas comunidades usuarias desa paisaxe, que afunde as súas raíces nas Idades Media e Moderna.

As paisaxes agrarias, mariñeiras e urbanas representadas por Abelardo deben tamén considerarse un espacio patrimonial e documento ante a necesidade de estudiar a paisaxe tradicional, de contemplalo como elemento integrador do patrimonio etnográfico e consideración como parte do noso Patrimonio Cultural, malia a escasa atención que a paisaxe rural tradicional ten, no mundo da investigación en xeral, e na disciplina etnográfica en particular.

Nas paisaxes de Abelardo documéntanse as tipoloxías de construccións (vivendas, cami-ños,..) segundo a súa situación xeográfica, e os distintos tipos de materiais utilizados, pero tamén as paisaxes agrícolas, gandeiras, mariñeiras ou urbanas na que intégranse estes elementos, sendo esta é unha entidade moi valiosa e moi fráxil na época na que vivimos debido aos novos usos do solo non sempre xustificados.

O Rexionalismo e o Nacionalismo considerarán á paisaxe de Galicia o rostro visíbel do diferencialismo galaico: o énfase na Terra e a Cultura propias.

O retorno ao rural, a valoración da riqueza paisaxística e a volta á esencia non foi algo circunstancial, foi un proceso moi longo de construcción de identidade nacional, con unha duplo lectura: temática e formal[74].

Risco consideraba que Raza e Terra son elementos permanentes da nacionalidade fronte a outros elementos (políticos, económicos..) moito mais variábeis *"Galicia é un Pobo con unha unidade étnica que habita un territorio con unidade xeográfica"*[75].

74. López Vázquez distingue varias etapas no proceso. A primeira ligada entre outras á figura de Rosalía de Castro, exalta a beleza da paisaxe e utilízase como axente de reivindicación. A segunda estaría vinculada á Xeración Nós, onde hai relación directa entre Natureza e Nación, "A Natureza é a idea que dános a forma de sentir e ser e fainos distintos"... A terceira á protagonizarían Os Novos e o influxo das vangardas históricas que procuran a plasmación dunha paisaxe enxebremente galega.

75. GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: "Elementos de identidade nos historiadores e etnógrafos galegos da primeira metade do século XX", en *Identidade e territorio,* Centenario de Otero Pedrayo, Consello da Cultura Galega Santiago 1990.

En todas as paisaxes de Abelardo palpita o home e a súa imperativa relación co espacio, plasmando con expresión maxistral este binomio tan ponderado polos etnógrafos galegos Terra-Pobo, sempre coordinando as actividades humanas coa paisaxe que as determina.

A paisaxe para el, é un punto de partida e nunca un fin. *"Para mín a paisaxe é o acompañamento pictórico do hombre"*[76]. Co valor engadido de que nos seus lenzos aparecen sempre representacións de labregos e mariñeiros que son para Risco grupos humanos con un sentido da terra moi superior ás sociedades urbanas.

"Os Novos", dende mediados dos anos vinte encamíñanse cara unha renovación plástica apoiada polo manifesto *Máis Alá*, de 1922. Quíxose introducir na pintura o sentido universal, o linguaxe da vangarda. Procuraban un estilo esencialmente galego, en tema e en forma. O introductor do movemento foi Maside; seguíronlle entre outros, os tamén pintores Colmeiro, Laxeiro, Arturo Souto, Seoane... A todos eles a vangarda apartaralles, en maior ou menor medida, da paisaxe naturalista. No obstante, e isto é un dos seus

Serán en Sopazos 1966

grandes valores, Abelardo, nunca abandonará o naturalismo pola intensa presencia da súa identidade na pintura[77], aínda que como é habitual en el, esta decisión non responde a unha formulación teórica senón existencial... e enlazará como un retardatario cos paisaxistas da xeración anterior Bello Piñeiro, Corral, LLorens e Abelenda, cos que ten grandes paralelismos estilísticos chegando en algunha das súas obras a superarlles tanto na técnica,

76. BARCÓN CARLOS, "Presento lo mejor que puedo ofrecer: mis mariñeiros" *El Correo Gallego,* 4 de Marzo de 1977.

77. Segundo Victoria Carballo Calero " El concepto de identidad ha sido un obstáculo para el desarrollo de las vanguardias". Colección de Arte Caixa Galicia. Catálogo Estación Marítima. Fundación Caixa Galicia A Coruña 1996

como na transmisión de sentimentos, moi evidente na Paisaxe da Ría que conserva o Museo de Ourense.

A omnipresencia de paisaxes na totalidade das súas representacións, independente do xénero que escollese, cohesionan e dan sentido a unha conciencia de pertenencia colectiva…

Vista dende Centroña 1955

Os montes, mar, rías... son obxectos de identificación e emblema do seu pobo. Esta articulación da identidade a través da Natureza, adquire unha dimensión simbólica… Galicia aparece como un Edén primixenio, unha Natureza privilexiada portadora de valores espirituais. De feito, para o seu gran programa iconográfico da Cooperativa de Castro escolle o tema dunha Galicia Arcádica como principal leif motif.

Neste xénero aflora dunha forma excepcional, o estado anímico, o numen individual, irracional e por iso creativo do artista, porque a paisaxe transmite para el o sentimento de adhesión á súa identidade galega. Nunca sentiuse atraído pola plasmación de paisaxes foráneos. É representación dunha Natureza que sente como propia e á vez, reflicto dun imaxinario e memoria colectivos, a proxección da súa idea de pobo ou nación. E o mais singular é que o consegue dunha forma atípica, nunca mellor dito, sen recorrer aos tópicos.

As súas interpretacións rara vez transcenderon do marco da súa Galicia natal, sempre mantivo unha persistente fidelidade á súa querencia, sendo a súa vila, Pontedeume e a Ría de Ares, as paisaxes mas representadas. Plasma as porcións da paisaxe mais inme-

diatamente sentidas e mais intimamente asociadas á súa vida, o mar, a ría, o monte, o ceo, a vila.. Sen embargo, a inventiva do artista, con variantes pictóricas dos temas, revitalizaba as reproduccións. Con preferencia abrumadora do mar sobre a montaña, as entidades físicas van e veñen nos seus cadros, as terras do Eume, Breamo, Montefaro, Redes, Centroña, Cabanas e sempre cobran unha nova imaxe, unha diferente impresión... Hoxe son testemuño dunha paisaxe que evoluiu, con trocos intensos que han afectado ao mundo natural, hábitat existentes e condicións en que desenvolven a súa vida os seres vivos.

A paisaxe cultural, tamén está nas bases da identidade galega. Nas paisaxes urbanas, a maioría das composicións corresponden á vila de Pontedeume, sobre todo da zona do peirao onde, aparte de incluír a súa característica figuración de mariñeiros e peixeiras, engadía representacións fantásticas de arquitecturas porticadas de outras zonas da vila, ou mesmo de outras vilas mariñeiras. Tamén era a praza do Conde, marcada polo poderoso atractivo plástico da torre gótica do pazo de Andrade, un espléndido marco onde o pintor podía resaltar o carácter vitalista de tan atractivo espacio acompañándoo sempre de personaxes en tránsito que acometían unha ou outra tarefa cotián.

O seu realismo local transfórmase en realismo cósmico, onde o amor á Natureza fructifica no absoluto.

As vistas de Abelardo da Galicia do seu tempo hoxe cobran un valor etnográfico polo que supoñen de constatación dunha destrucción do patrimonio monumental sen volta atrás, dunha panorama única que aínda hoxe segue en perigo de extinción polos devastadores efectos do urbanismo moderno.

Praza do Conde 1959

2. A paisaxe e a Arte como medio diferencial

Castelao en 1919 comezou a perseguir con forza a constitución dunhas verdadeiras artes plásticas galegas, unhas artes que, ademais de se diferenciar polos seus asuntos, se diferenciasen polas súas formas[78].

As elites galeguistas, atoparon na *"identidade paisaxística galega"*[79], o mellor medio para fomentar a unidade sentimental do pobo galego, tanto na literatura como na pintura.

Para fomentar a identificación da imaxe do seu pobo a través da paisaxe subliñaron a diferencia mediante certos elementos de forte carga simbólica, elementos iconográficos que axudaron a definir a identidade nacional galega a través da paisaxe natural e cultural. Entre as paisaxes naturais plásmanse bosques mouros e espesos, vales con néboas, costas salvaxes e escarpadas, piñeiros, castiñeiros e carballos, a montaña e o páramo. Entre as paisaxes culturais destacan: a paisaxe rural de campos de labranza, hórreos, palleiros, cruceiros, ermidas románicas rodeadas de romeiros, a paisaxe celta presidida polo dolmen, as ruínas do medievo protagonizadas polos castelos, a Catedral de Santiago, a Galicia dos pazos... todo iso pululado de carros de labranza, gaiteiros, traxes rexionais, traballos de sega...

Abelardo Miguel enlaza cos pais do Nacionalismo galego que xa no século XIX alertaban de que a simplificación ou caracterización impedían constatar a auténtica esencia do pobo galego[80]..., xa que ningún destes iconos, visións simplificadas e tópicas da paisaxe, que chegan a un folklorismo caricaturesco ou epidérmi-

Piñeiral da praia de Cabanas 1962

78. GONZÁLEZ REBOREDO, X. M.: "Elementos de identidade nos historiadores e etnógrafos galegos da primeira metade do século XX", en *Identidade e territorio*, Centenario de Otero Pedrayo, Consello da Cultura Galega .Santiago 1990

79. Esto faise patente nos textos de Castelao do ideólogo Vicente Risco, do arqueólogo López Cuevillas, que puxeron conscientemente a arte á literatura ao servicio da causa política insistiendo nunha temática enxebre e unhas formas propias opuestas ás casteláns.

80. Os teóricos do Nacionalismo como Otero Pedrayo rexeitaron a visión tópica dos pobos e apelaron "a verdade da Terra". OTERO PEDRAYO, RAMÓN: "La estética del paisaje" *Guía de Galicia*, Vigo, Galaxia, 1980

co, atópanse nas paisaxes de Abelardo, agás os esveltos piñeiros da variedade atlántica e que tan enraizados están no sentimento de nación[81], e no seu sentimento de eumés por ser os que conforman o piñeiral da súa amada praia de Cabanas.

Contemplar unha paisaxe de Abelardo é contemplar a intensidade de Galicia e a mellor interpretación da súa Natureza, e a sinxela razón é que o manifesta co linguaxe poético. A gran singularidade de Abelardo é completamente intuitiva e vital, e é debida á profunda raíz telúrica, a súa indagación en torno á paisaxe que lle conduce a unha expresión cosmolóxica.

Un sentido máxico de inquietante lirismo remítenos a unha soneira de oníricas orixes, chegando ao panteísmo cósmico dos románticos, unha recíproca pertenza entre o pintor e a súa nación galega... e para iso rebate todos os tópicos con excepcións que confirman mais que nunca as regras...

Fronte á tradicional estampa da gris Galicia chuviosa, monocorde ou brumosa, Abelardo atrevese a impregnar os seus pinceis na plenitude da luz e na radiante efusión dunhas cores que ninguén agás el entre os pintores consagrados de Galicia acertaron a extraer das vellas terras galaicas[82].

A súa peculiar versión do impresionismo, chega en ocasións á modalidade estética do luminismo sorollesco mediterráneo fronte ao atlantismo etno-antropolóxico preconizado polos renovadores... cunha luz e un cromatismo, non por pouco habituais inexistentes en Galicia.

Fronte ás cores suaves magnificadas por Murguía[83]..., opta por unha paleta rutilante que roza o fauvismo. As súas mariñas tampouco son rochosos e agrestes acantilados onde rompe un intenso oleaxe, son augas tranquilas que mecen e bañan as vilas costeiras. Temos que constatar tamén a inexistencia absoluta de hórreos, gaiteiros, procesións, nun romarías, nin xamais traxes rexionais...

A outros o tópico e a caricatura afastáronlles da verdadeira complexidade da existencia. Abelardo rompendo cos tópicos chega a unha Galicia de valores universais, chega á esencia, ao enxebre concerto de identidade.

A paisaxe, como os seus outros xéneros, amosa paixón intimista, instinto certeiro, lirismo, personalidade tan manifesta e firme que sitúalle entre os mellores paisaxistas

81. Eduardo Pondal publica Rumores do pinos en 1877 e Queixumes dos pinos en 1886, estes últimos versos acabarán converténdose no Himno Galego

82. ESTEVEZ, J. L.,"Abelardo Miguel el pintor de la Galicia luminosa" . *El País* Mayo 2008

83. MURGUÍA, Manuel: "Galicia, Santiago" Ed. Sálvora, 1985.

galegos á hora de plasmar a alma da terra, coa pegada da súa verdadeira esencia intertemporal, reflicto dun imaxinario e memoria colectivos, o que foi Galicia antes da chegada do home e o que seguirá sendo na eternidade.

Vista da miña vila dende a Torre dos Andrade 1980

VII. DERRADEIRAS CONSIDERACIÓNS

Desde Risco a Bouza Brey insistiuse en que a reivindicación da unidade e identidade dun pobo non debe argumentarse só no valor filolóxico, ou paisaxístico, senón que debe transcender ás súas esencias culturais[84], e dentro destas esencias, o etnógrafo Taboada Chivite reivindica o valor relevante das creacións estéticas que posúan os trazos diacríticos que xeran unha identidade definida[85]. Isto aproxímanos á vertente etnográfica na Historiografía da Arte de Galicia e á existencia como imos demostrado neste traballo de investigación máis que evidente, destes trazos diacríticos de identidade no pintor eumés.

A súa obra cobra hoxe plena vixencia, xa que as últimas liñas de investigación da Arte galega céntranse na gran dificultade de estabelecer unha relación arte-identidade, intentando amosar a vinculación dos procesos de creación artística cunha identidade

84. BOUZA BREY, *Etnografía e folklore de Galicia* Vigo Edicións Xerais 1982

85. TABOADA CHIVITE, X. *Etnografía galega Galaxia* Vigo 1972

nacional, unhas características intrínsecas á arte galega dunha identidade e orixinalidade propias.

Dende os homes do Rexurdimento, a Castelao ata *"Os Novos"* chegáronse a deseñar claves identitarias puntuais a modo de follas de ruta. As bases que o sustentarían serían por unha banda o paisaxismo, do que xa falamos, por outra a tradición *"o eterno, o que vive acochado non instinto popular"*[86], moi presente nas súas feiras, mais tamén a Arte como sentimento, o enxebrismo, a muller como Terra Nai..., todas estas claves son consideradas ineludibles da considerada Arte galega..., e todos estes signos de identidade rastréxanse e plasman contundentemente na obra de Abelardo Miguel.

Abelardo, pintor de praxes e non de tese, dá respostas ofrecendo imaxes contundentes. Na obra de Abelardo hai un estigma que a orixe deixa no xeito de ser e obrar.

A arte identitaria galega é expresión dos sentimentos cara á terra. A Arte de Castelao adquire matices desgarradores produto dunha específica sociedade desigual e asoballada. Abelardo Miguel presenta unha Galicia arcádica e intemporal, unha Galicia eterna de mulleres e homes dignos e aguerridos que viven en comuñón espiritual coa terra.

E esta intensa identidade da Arte de Abelardo é un dous piares fundamentais da definición de Patrimonio, a identificación cun lugar, Pontedeume e Galicia. Abelardo Miguel e Pontedeume articulan una simbiose única e orixinal. Sin ela non se entende cómo xordiú a súa vocación, nen os aspectos da súa personalidade e do seu traballo no seu taller silendeiro da Calle Pescadería que fixeron del un artista tan singular, e ao mesmo tempo tan representativo, da memoria colectiva do Pontedeume do seu tempo.

Triste e paradóxico é comprobar que este fastuoso alarde de facultades e esta singular aportación de Abelardo Miguel que segue manteñendo o atractivo do seu impulso orixinal, non sexa valorado nen coñecido polas presentes xeneracións, tendo sido na Historia de Pontedeume o máis rico e variado intérprete plástico das vivencias do seu pobo e as súas xentes.

Expresar coas súas inmensas facultades de forma tan sinxela a unha temperatura estilística e sentimental de tan alto nivel, é un dos seus logros, mais tamén lo é como imos demostrado abarcar coa sua personalidade, aspectos hoxe desaparecidos da historia do seu pobo, revalorizándoos e vivificándoos ao contacto coa sua sensibilidade e dominio de todos os eidos, cunha poderosa carga de vitalidade e forte sacudida sensitiva.

86. LÓPEZ PAZ, M. P.; PEREIRA MENAUT, G., "La tierra y los hombres: paisaje político, paisaje histórico", *Stud. Hist., Historia Antigua* Salamanca 1995-1996

A fracción da realidade e a carga que o sentimento que na súa obra queda impresa reviven en cada ollada do espectador. Posúe unha obxectividade e solidez que a sinxela lembranza xamáis podería transmitir.

Abelardo é historia, mais historia viva.

Os que coñecen e sinten a obra do pintor saben que a obra de Abelardo é unha inmersión na densa corrente da eternidade, o valor máis enxebre e auténtico da obra de arte. Os seus cadros non pertencen ao espacio senón ao tempo, mostrando a la posteridade fracciones milagrosas dun tempo detido que xa non voluirá, pasando a formar parte da memoria intelectual e afectiva do seu pobo.

Tén o poder de que nas súas pinturas, as escenas cotiáns convértense en entidades absolutas transmitindo por vía da repetición a conciencia da memoria histórica.

O documento histórico artístico que representa a obra do pintor é testemuño por forza incompleto senón hai un recoñecemiento da terra que o viu nacer.

